GRIAL

134

ABRIL, MAIO, XUÑO

TOMO XXXV / 1997

LITERATURA E NACIÓN

CAMILO NOGUEIRA:
Para unha crítica do castelanismo.

XAVIER R. MADRIÑÁN:
Todos somos nacionalistas. A asunción acrítica da determinación cultural da política.

EMILIO GRANDÍO SEOANE:
Dereita e rexionalismo galego na II República: Carlos Ruíz del Castillo.

XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS / DANIEL BLANCH:
As nacións e os nacionalismos.
Conversa en Compostela con Miroslav Hroch.

THOMAS S. HARRINGTON:
Literatura e nación.

ARMANDO REQUEIXO:
Ánxel Fole e o relato fantástico.

DANIEL SOUTULLO:
Darwin, a euxénese e o darwinismo social.

GRIAL

134

ABRIL, MAIO, XUÑO

TOMO XXXV / 1997

Director:
CARLOS CASARES
Subdirector:
XAVIER CASTRO
Secretario de Redacción:
XOSÉ MANUEL SOUTULLO
Consello de Redacción:
XAN BOUZADA, CARLOS X. FERNÁNDEZ,
GUSTAVO ADOLFO GARRIDO, MODESTO LÓPEZ BOUZAS,
HENRIQUE MONTEAGUDO ROMERO,
MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, DAMIÁN VILLALAÍN
Deseño: M. JANEIRO
EDITORIAL GALAXIA, S. A.
Redacción, suscrición e distribución:
Reconquista, 1. 36201 VIGO. Telfs.: 43 21 00 - 43 32 38. Fax: 22 32 05
E-mail: galaxia@arrakis.es
Imprime: OBRADOIRO GRÁFICO, S. L., Avda. Rebullón, 49 - MOS

ISSN: 0017-4181 / DEPÓSITO LEGAL: VG-99-1963

Esta revista é membro de ARCE (Asociación de Revistas Culturales de España).

LITERATURA E NACIÓN

141 CAMILO NOGUEIRA: Para unha crítica do castelanismo.

165 XAVIER R. MADRIÑÁN: Todos somos nacionalistas. A asunción acrítica da determinación cultural da política.

185 EMILIO GRANDÍO SEOANE: Dereita e rexionalismo galego na II República: Carlos Ruíz del Castillo.

219 XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS / DANIEL BLANCH: As nacións e os nacionalismos. Conversa en Compostela con Miroslav Hroch.

239 THOMAS S. HARRINGTON: Literatura e nación.

253 ARMANDO REQUEIXO: Ánxel Fole e o relato fantástico.

263 DANIEL SOUTULLO: Darwin, a euxénese e o darwinismo social.

273 LIBROS:

XOSÉ RAMÓN PENA, HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HENRIQUE MONTEAGUDO, MOISÉS BARREIRO COMEDEIRO, IOLANDA OGANDO GONZÁLEZ, NOEMÍ PAZÓ, XAVIER CASTRO, CARLOS X. FERNÁNDEZ, XOSÉ LÓPEZ.

293 TEATRO:

DOLORES VILAVEDRA.

297 ÍNDICE DE COLABORADORES.

Para unha crítica do castelanismo

Camilo Nogueira

1. A FORMACIÓN DA IDEOLOXÍA: DE XIMÉNEZ DE RADA A MENÉNDEZ PIDAL

A ideoloxía estatal española ten orixe en tempos anteriores á formación do Estado, ficando nela pegadas de moi distintos momentos históricos. Respondendo a unha determinada visión da configuración territorial, política e cultural do Estado, no seu contido actual aparecen elementos referentes a tempos anteriores ó Medievo. Procura a xustificación da unidade estatal no reino visigodo e na *Reconquista* fronte a Al Andalus. Interpreta a loita dinástica peninsular dos séculos XIII e XV (co resultado da creación dos Estados español e portugués) segundo os intereses parciais de Castela. Na visión da Idade Moderna non só está condicionada polas posicións políticas e relixiosas hispánicas, senón tamén pola defensa do patrimonio familiar da dinastía imperial dos Habsburgo e, máis tarde, pola imitación subordinada da centralización política e cultural do Estado francés dos Borbón. As circunstancias da fin do Antigo Réxime e a perda das colonias americanas no século XIX xogaron un papel singular na súa configuración. En todo caso, como non podía ser doutra maneira, foi influída polos acontecementos universais de carácter relixioso, político e económico.

Constituíndo un principio básico da ideoloxía española, o castelanismo desenvolveuse especialmente en dous momentos extremos. Un fundacional, no século XIII, cando Castela se consolida por primeira vez como reino independente. Outro, xa contemporáneo, que corresponde ó período de entre dous séculos, XIX e XX, cando o Estado español se enfronta ás consecuencias da descolonización, vendo reducido o seu territorio ó espacio peninsular. As posicións historiográficas

formuladas en momentos tan distantes teñen coincidencias rechamantes que é preciso analizar.

O castelanismo nace a partir do reinado de Afonso VIII (1158-1214), o primeiro monarca independente duradeiro de Castela como reino separado de Gallaecia e de Navarra. Antes da decimoterceira centuria, Castela non existira como reino separado máis que en moi determinados e breves momentos[1]. Se o inicio da construcción da ideoloxía estatal española se pode situar no século XIII, a súa culminación corresponde ós historiógrafos da Xeración do Noventaeoito e os seus epígonos, que protagonizan un reencontro manifesto co castelanismo medieval orixinario, convertido despois de sete séculos na formulación nucleadora do pensamento político e da cultura oficial do Estado.

Na Idade Media construirase unha formulación política destinada a encher o vacio de Castela como reino nos séculos que van do VIII ó XII. No século XX as *virtudes históricas* de Castela servirían para xustificar a defensa dun Estado unitario e centralizado fronte ás aspiracións dos países e antigos reinos da Península con vontade nacional.

A ideoloxía castelanista parte principalmente da obra de Rodrigo Ximénez de Rada[2], *De Rebus Hispaniae*. Apoloxeta e inventor de reis de Castela, Rada, arcebispo de Toledo, "navarro castelanizado" segundo unha

1. Tivo un rei propio nos seguintes momentos. En territorio fronteirizo e en disputa coa Gallaecia do emperador Vermudo III durante dous anos, entre 1035 e 1037, con Fernando, o seu primeiro conde-rei por concesión do seu pai Sancho III de Navarra. Con Sancho II de forma problemática pola disputa entre os irmáns entre 1065 e 1072, que foi rei —sen gobernar as xurisdiccióǹs de Castela a Vella tradicional de Álava, Rioja, Bureba— á morte do seu pai Fernando, en 1065, vivindo a súa nai Sancha I, aínda como raíña e emperatriz de Gallaecia. Poucos meses, entre 1157 e 1158, con Sancho III, fillo do rei galaico Afonso VII. Xa entre os séculos XII e XIII, Afonso VIII foi rei entre 1158 e 1214. Aínda así, nos primeiros anos do seu reinado, durante a súa infancia era tutelado polo rei galego, o seu tío Fernando II. A Afonso VIII seguiuno o seu fillo Hènrique I, que gobernou pouco tempo, morrendo aínda neno accidentalmente, de maneira que foi sucedido por Berenguela, a súa irmá, e antiga muller do rei galaico Afonso IX —un rei este do que aínda está viva a pegada nas vilas e cidades galegas— antes de que Berenguela lle cedese a coroa ó seu fillo e de Afonso IX, Fernando, quen gobernou por este motivo en Castela entre os anos 1217 e 1230.

2. Ximénez de Rada, Rodrigo. *Historia de los hechos de España*. Introducción, traducción, notas e indice de Juan Fernandez Valverde. Alianza Editorial, Madrid, 1987. Rodrigo Ximénez de Rada naceu entre 1170 e1180, e morreu no Ródano en 1247. O seu pai estivo ó servicio do Rei Sancho de Navarra. Estudiou en Boloña e París. En 1208 foi elixido arcebispo de Toledo. Predicou a Cruzada das Navas de Tolosa, mesmo en Roma. Axudou a dirixila e historiouna, facendo que pasase a constituír un símbolo da Reconquista a pesar de non ter tido transcendencia no proceso de expansión por Al Andalus dos reinos cristiáns. Rada acompañaba a Afonso VIII na fronteira de Portugal cando o rei morreu. Entre os anos 1217-1218 está en Roma para conseguir a declaración da primacía da arquidiócese de Toledo, pero o Papa Honorio III "se vió precisado a diferirla por temor a males maiores en los reinos cristianos de España". Honorio III nomea a Rada "legado da Cruzada ocidental na Península"(1218). Estaba fóra cando foi proclamado rei de Castela Fernando III, despois da morte do rei neno Enrique I. Logrou o Primado para a súa diócese fronte ó Santiago de Afonso IX, enfrontado con Roma, aproveitando a súa amizade co Papa Inocencio III. "Procuró eficazmente la unión de Castilla y León a la muerte de Alfonso IX".

definición de Menéndez Pidal, foi primeiro chanceler do reino de Castela con Afonso VIII, continuando neste cargo con Fernando III. Rada perseguiu en Roma ata conseguila a primacía para Toledo fronte a Santiago. Serviu sempre á raíña Berenguela, filla de Afonso VIII e muller separada do galego Afonso IX (1188-1230). Estivo onda ela cando herdou en 1217 a coroa de Castela pola morte accidental do seu irmán pequeno Henrique I, cedéndolla —baixo a continua proteción e autoridade da nai— ó seu fillo Fernando. Serviu Rada especialmente a Berenguela en 1230 nas circunstancias que levaron a Fernando III a apropiarse do reino galaico contra a vontade de Afonso IX, quen nomeara herdeiras ás súas fillas Sancha e Aldonza, nacidas do primeiro matrimonio coa infanta Teresa de Portugal. O feito de Fernando III ter sido rei de Castela antes de apropiarse do reino de Gallaecia á morte de Afonso IX en 1230, condicionou o carácter do seu reinado, de maneira que foi obxecto da influencia da Castela de Afonso VIII e de Berenguela, interpretada por Ximénez de Rada a favor de intereses que negan o carácter principalmente galaico dos cinco séculos anteriores da vida política nos territorios cristiáns centro-occidentais. (Esta morea de circunstancias foi precedida de xeito crucial pola morte, xa en 1214, con vintedous anos, do herdeiro e primoxénito de Afonso IX, tamén chamado Fernando[3], fillo da infanta portuguesa e raíña galega Teresa, enterrado na catedral de Compostela onda os seus antepasados. Desta maneira a hipótese dun Fernando galaico-portugués como rei de Gallaecia, que respondía á vontade de Afonso IX, non tivo plasmación histórica, sendo substituída pola realidade doutro Fernando galaico-castelán, un irmán menor, que tomou Gallaecia cando xa era rei de Castela).

O precedente inmediato e base da obra de Rada, rematada no ano 1243, foi o *Chronicon Mundi* escrito por Lucas de Tui[4] —"diácono da igrexa de León, mais tarde bispo de Tui"[5]—, obra terminada en 1236 antes de este ser bispo da cidade galega. O tudense, respectando "as fontes utilizadas", aproveitara "toda a historiografía de tradición isidoriana pois nela incorpóranse as historias de San Isidoro (a *Historia Gothorum*"[6], escrita en Sevilla por San Isidoro a comezos do século VII, cando xa o reino suevo fora dominado polos visigodos), de San Xulián, de Afonso III, de Sampiro, de Pelayo Ovetense, e do Seminense"[7].

3. González, Julio. *Afonso IX*. CSIC. Instituto Jerónimo Zurita. Madrid, 1944, pp. 154-55.

4. Lucas de Tui negociou entre Berenguela de Castela e Teresa de Portugal a favor de Fernando III.

5. Menéndez Pidal, Ramón. *Los españoles en la historia*, pp. 27-30.

6. *La Estoria de España de Afonso X. Creación y evolución*. Diego Catalán Menendez-Pidal. Pon en dúbida a inclusión —feita por J. A. Maravall— de Lucas de Tui na historigrafía castelá: "non creo, sen embargo, aceptábel o asimilar o *Chronicon Mundi* á 'historiografía castelá'; aínda que dedique a obra á raíña Berenguela, o punto de vista de Lucas é sempre leonés, en manifesto contraste co adoptado logo por don Rodrigo Ximénez de Rada". Fundación Ramón Menéndez Pidal, Madrid, 1990, p. 29.

7. Pidal, M. *Op. cit.*, pp. 27-30.

Se o *Chronicon Mundi* é o antecedente da obra de Rada, *De Rebus Hispaniae* constitúe o fundamento da *Estoria de España* de Afonso X. José Antonio Maravall[8] remárcao así cando pon as orixes da historiografía española na "gran triloxía constituída" pola obra dos dous bispos e pola "Primera Crónica General o Historia de Espanna" mandada compoñer por Afonso X[9]. Afonso X "utiliza o arcebispo toledano como fonte principal da súa *Estoria de España*", na realidade un proxecto inacabado, con múltiples manuscritos en distintos estados de elaboración, que despois da morte do rei constituíron a base das diversas versións existentes.

Para Diego Catalán Menéndez-Pidal, "*De Rebus Hispaniae*, constitúe a *árbore* da *Estoria* de España alfonsí", sumándose a ela "toda unha serie de narracións de carácter particular: a historia poética (de orixe clerical) do conde Fernán González, a *Historia Roderici*, a historia árabe da destrucción de Valencia polo Cid (de Ibn Alqama), etc"[10]. Vén despois, segundo Catalán, "un proceso creativo que permite á historiografía alfonsí do último tercio do século XIII manterse culturalmente viva ata os primeiros tempos da imprenta e deixar unha pegada imborrable na "nación" española, inventada nos días do Concilio de Basilea por prelados de raigame hebraica e reformulada polos humanistas de España e Portugal no tránsito do século XV ó XVI"[11].

Como recoñece Diego Catalán Menéndez-Pidal, Rada *castelanizou*[12] a obra de Lucas de Tui, co obxectivo inequívoco de instrumentar a aspiración de Castela a ser "cabeça de reinado", de maneira que "no plano do contido, fixo posible a acomodación dos feitos narrados a unha nova concepción nacional da historia". A Historia escrita por Rada tiña como pretensión evidente o engrandecemento da Castela de Afonso VIII[13], rei ó que lle adica unha parte extraordinaria dunha obra que é considerada como referente a Hispania, cando Alfonso non era máis que rei de Castela, mentres o seu tío Fernando II, rei de Gallaecia, que xace en Santiago, se consideraba "Hispaniorum rex", seguindo a tradición galaico-leonesa distinta, allea e mesmo historicamente contradictoria coa castelá. Polo mesmo motivo, Berenguela é obxecto de

8. Maravall, José Antonio. *Estudios de historia del pensamiento español.* Ediciones Cultura Hispánica. Madrid, 1973. Do mesmo autor: *El concepto de España en la Edad Media.* Centro de Estudios Constitucionales. Madrid, 1981. (1ª edición en 1954).

9. Maravall, J. A. *Op. cit.*, 1981, p. 31.

10. Catalán, D. *Op. cit.*, p. 48

11. Catalán, D. *Ibidem,* Presentación.

12. Pidal, M. *Op. cit.*, p. 30

13. Ximénez de Rada, R. *Op. cit.*, p. 287. Para facer a apoloxía de Afonso VIII, "perseguido a muerte" polo seu tío Fernando II, describe as súas virtudes de neno, en termos tales como: "a non ser que se considere motivo de persecución que o que nesa idade subxacía como simple esperanza, iso xa comezaba a manifestarse no neno con claros síntomas de bondade"; "co paso do tempo íase conformando de maneira sorprendente unha prestancia real extraña á inconsciencia infantil. E o que noutros príncipes a duras penas conseguen os anos, neste dábao en abundancia a gracia".

loanzas extraordinarias. Preséntaa como artífice da consecución polo seu fillo Fernando da coroa de Castela, así como a de Gallaecia á morte de Afonso IX, segundo el mesmo o relata: "e nisto brillou a máis non poder a sagaz disposición da nobre raíña, que logrou este reino (a *Gallaecia de* Afonso IX) para o seu fillo con non menor acerto que o reino de Castela, que lle correspondía a ela por dereito de sucesión. Pois previu de tal xeito todas as cousas que, aínda que a unión dos reinos non convencía a ninguén, ela afanouse en dispoñelo de tal forma que a unión dos reinos se produciu sen derramamento de sangue, e un e outro reino gozaron de eterna paz"[14].

O carácter político-apoloxético dos escritos de Rada ten, pois, unha relación directa coas circunstancias que levaron a Gallaecia a perder no século XIII a súa condición de reino independente, sendo integrada como reino á coroa en diante denominada como de Castela e Toledo, León e Gallaecia. Unha coroa que, de todas formas, aínda na Idade Media habería de sufrir unha chea de sacudidas, algunhas destinadas á recuperación da independencia galaica ou ó reestablecemento das relacións entre os reinos de Gallaecia e de Portugal.

A interpretación do arcebispo de Toledo é asumida por Afonso X, de maneira que o real proxecto de *Estoria de España* está manifestamente ó servicio dunha concepción do poder político na Península herdada da Castela do tempo de Afonso VIII e Berenguela, a súa avoa e educadora. A liña histórica galaica é desvirtuada, ignorada ou agochada, de tal forma que, desde o punto de vista galego, non se pode compartir o alcance último das palabras de Diego Catalán cando considera que con Afonso X xorde nos reinos cristiáns unha "concepción historiográfica" que asumiría "toda a herdanza histórica do solar", de xeito que "o proxecto de *Estoria de España* concibido cara a 1270 polo rei Sabio" sería "dentro da historiografía cristiá revolucionario", por non discriminar a "ninguén" "dentro dese marco xeográfico". O mesmo Catalán proporciona elementos para a crítica do pensamento de Afonso X cando pon de manifesto que "Alfonso insiste, é certo, na tese tradicional da continuidade da monarquía gótica-astur-leonesa-castelá, favorable ó papel hexemónico do reino central entre os cinco de España", aínda engadindo que a pesar de todo "fronte ó arcebispo Rada considera o señorío dos romanos e o (parcial) dos árabes como parte integrante desa *Estoria de las Españas General*".

É de notar, por outra parte, que, de acordo coas palabras de Catalán, "a outra grande novidade da *Estoria de España* de Afonso X foi [...] claro está, o abandono do latín e a entronización do castelán como lingua do novo xénero cronístico. Coa aceptación das linguas vulgares

14. Ximénez de Rada, R. *Op. cit.*, p. 349.

como medio de expresión, a historia deixou de estar escrita por e para un público restrinxido e converteuse, a todo o ancho da Península *(sic)*, nunha das pólas máis vitais da nova cultura laica" [...] "Con isto —continua Catalán— a perspectiva política clerical-monárquica da historiografía neoisidoriana, viu ceder o paso a concepcións novas, dependentes, nuns casos, da ideoloxía dos novos servidores laicos da monarquía, ou representativas, noutros, do sistema de valores de nobreza"[15]. Mais a decisión concreta de Afonso X vai máis alá da substitución do latín por "linguas vulgares". Este rei, ó mesmo tempo que escribiu en galego —a lingua dos seus antepasados— as *Cantigas de Santa María*, tomou a decisión política de converter o castelán[16], unha das linguas romances, na lingua da coroa, opción que aínda non dando naquel tempo lugar ó uso do castelán en Galicia, si que causou a súa expansión desde o poder polos outros reinos que Afonso dominaba, motivando séculos máis adiante a súa conversión na lingua oficial do Estado español. Na mesma época, co rei Don Dinís, neto de Afonso X, o galego convertíase na lingua oficial do reino de Portugal.

Os historiógrafos do século XX, particularmente Ramón Menéndez Pidal, tendendo unha ponte histórica de sete séculos, asumen acriticamente a ideoloxía española de Ximénez de Rada. Fano, en primeiro lugar, situando no século XIII a formulación da idea da unidade de España, de maneira que, segundo Pidal, co "renacemento dos estudios históricos sobre España"[17] e "fronte ó localismo ocasional, o concepto unitario de España, primeramente expresado na vella crónica de

15. Menéndez Pidal, Ramón. *Los españoles en la Historia*. Introducción: Diego Catalán, Coleción Austral. Espasa. Madrid, 1947. 1ª ed. 1982, 3ª ed. 1991, pp. 37-39.

16. A aceptación da interpretación histórica do castelanismo fai especialmente incomprensible a hexemonía da lingua galega en todos os reinos centro occidentais da Península durante séculos na Idade Media. O propio Sánchez Albornoz —exaltando a língua castelá na súa polémica con Américo Castro, cando este adiantaba a hipótese do uso do castelán nas traduccións de Toledo no século XIII ser debido ó odio ó latín por parte dos xudeus traductores, o que os levara a utilizar o romance castelán— admírase do uso do galego en Castela, porque non pode encontrar unha explicación racional, isto é, acorde co seu prexuízo sobre a supremacía do castelán: "Quienes durante los siglos XII y XIII, en tierras castellanas se sintieron torturados por una vivacísima sensibilidade lírica escribieron en gallego. Nadie ha intentado aclararnos la misteriosa adopción de una lengua que no era la de un pueblo imperial *(sic)*, política o culturalmente, por los poetas de una Castilla con una tradición lírica remota: por poetas hijos de un pueblo cuyos villancicos populares tuvieron a la sazón larga y vigorosa historia". A cuestión é máis diáfana do que pensaba Sánchez Albornoz, quen adopta o punto de vista da identificación dos territorios dos reinos de Castela e León coa lingua castelá en séculos nos que esa identificación se producía, pola contra, basicamente co galego. Non só os casteláns, nin principalmente eles, chegaron ó val do Teixo. Tamén chegaron os galegos; entre estes últimos estaba o propio rei, Afonso VI, que falaba, loxicamente, galego, a lingua dominante nos reinos peninsulares centrais e occidentais nos séculos XI, XII e XIII.

17. Dentro do castelanismo carece especialmente de veracidade histórica a interpretación referente á *hexemonía* de Castela na Reconquista. A realidade histórica mostra como a expansión dos reinos cristiáns polos territorios da Hispania árabe se paralizou precisamente no momento en que Castela logrou a hexemonía na coroa común —Castela,

Afonso III, chega á súa perfección e á súa divulgación máxima nas páxinas latinas do arcebispo toledano [...] e na prosa romance de Afonso X. Estas dúas obras serviron de guía a todos os historiógrafos posteriores, o mesmo de Castela que de Aragón, Navarra ou Portugal, e foron lectura constante de doutos e de vulgo durante cinco séculos; nelas conformaba o seu espírito todo home que sentía o alento do pasado vivificador do presente"[18]. Esta identificación coa Castela daquel tempo é resaltada por Diego Catalán cando considera a *La Primera Crónica General de España* editada por Ramón Menéndez Pidal en 1906 como o "máis directo representante", "en liñas xerais", da *Estoria de España* de Afonso X[19].

Mais, os ideólogos do Noventaeoito non se limitan a destacar aquel momento inicial da formación da ideoloxía castelanista. Pola contra, van máis alá de Afonso X e os cortesáns casteláns do século XIII, reclamando unha maior atención a aspectos *ignorados* do ideal hispánico unitario arredor de Castela, ou dando por acontecementos históricos os relatos novelescos introducidos nas Crónicas aparecidas despois do século XIII, na tradición medieval que encontra continuación na obra de Rada e Afonso X. Fronte ás pretensións doutros países peninsulares que defenden o seu pasado cunha visión que Pidal denomina de fragmentación dos reinos medievais, el afirma que é "necesidade actual da Historia adicarse a remediar toda clase de descoidos e parcialismos anteriores, descubrindo e traendo á luz aquelas zonas pretéritas que están esquecidas por non caer baixo o ángulo visual dos intereses historiográficos acordados noutros tempos e noutros autores, zonas posuidoras dunha iluminación que proxecta reflexións do pasado sobre o presente", de maneira que "aínda que un arcebispo toledano ou Rei Sabio tiñan visión certeira do conxunto hispánico, era sempre con notoria deficiencia, ignorando por completo institucións e feitos moi significativos que non tiñan chamado a atención dos historiógrafos dos séculos anteriores; e ese peculiar descoido medieval prolóngase incorrixido ata hoxe, facendo

Toledo, León, Gallaecia. A Reconquista foi impulsada e feita maiormente polo reino de Gallaecia (galaico-astur-leonés). Portugal rematou a expansión cara ó sur, séculos antes de que o chamado pola historiografía oficial reino de Castela tomara Granada. Como reino separado, Castela tivo unha cativa participación na Reconquista. Reduciuse a súa participación á toma dunha parte suroriental da Península, praticamente o reino de Murcia, mentres que a Estremadura do reino de Badaxoz foino pola Gallaecia/León de Fernando II e Afonso IX, e o Algarve por Portugal. Toledo, nunha primeira vez, pola coroa predominantemente galaica de Afonso VI, e o reino de Sevilla, que dependía como sufragáneo da autoridade de Gallaecia, pola coroa común de Fernando III, o mesmo que Granada, dous séculos e medio despois. A liña Asturias-Galicia-León-Portugal-Algarve-Estremadura (e mesmo Toledo e Sevilla), non lle pertence a Castela, e supón no seu conxunto o groso da reconquista non catalano-aragonesa. Mesmo Almería foi tomada polo rei galaico Afonso VII.

18. Menéndez Pidal, R. *Op. cit.*, p. 179.

19. Catalán, Diego. *Op. cit.*, pp. 142, 143, 144.

posibles modernas interpretacións localistas de toda a historia española conformes coa limitación conceptual ou partidista do autor"[20].

Menéndez Pidal é o principal teorizador contemporáneo do destino unitario español, de maneira que despois da invasión musulmana a historia non sería outra cousa máis que o cumprimento dun destino profético, un longo camiño coñecido a percorrer na recuperación dunha unidade perdida, chegando a afirmar que na concepción da historia nos reinos cristiáns medievais mirábase "a división dos reinos como un dano pasaxeiro ó que Deus vai pondo remedio, pensamento político esencial para explicar a constante tendencia reintegradora que vai obrándose pacificamente *(sic)* a través de toda a Baixa Idade Media". Tal destino do que chama o "solo patrio", sería perseguido, segundo Pidal, ó longo da Idade Media, nunha aspiración territorial que se "sentiu cumprida no século XIII", por obra de Castela, país que califica como "novo *robur Hispaniae*"[21] —a nova *forza de España*—, de maneira que "tanto o pobo como os reis miran terminada a grande obra, sabendo que era a empresa unitiva da España total". Esta concepción profética da historia peninsular, que non contempla a realidade de procesos de concentración similares producidos noutros territorios europeos por razóns políticas, dinásticas, relixiosas ou económicas, atribúe absurdamente a Castela o protagonismo histórico incluso en tempos anteriores á súa propia existencia política como reino.

A realidade histórica galaica é fondamente contradictoria coa ideoloxía castelanista. Consecuentemente, para Pidal a Gallaecia medieval non existe. Nunha síntese expresiva dun pensamento español aínda hoxe vixente, este autor di que na alta Idade Media, "ó lado do primitivo asturiano neogótico, créanse o reino de Pamplona no ano 905, os de Castela e Aragón en 1035 e o de Portugal en 1143". Califica, así, de primitivo asturiano neogótico o que era o reino secular de Gallaecia, resalta o reino navarro na realidade restrinxido nese tempo a un territorio dos Pirineos, e pon en primeiro plano a Castela e Aragón, inicialmente territorios reducidos dados a título de rei ou conde por Sancho III de Navarra ós seus fillos Fernando e Ramiro, que perderon despois durante unha chea de anos o carácter de reinos independentes. Elude resaltar, por fin, a continuidade de Portugal en relación co territorio e as institucións internas de Gallaecia.

Pidal carga as tintas nos caracteres máis castelanistas das Crónicas dos séculos XIII e XIV. Así, recompuxo en 1898 ("El *Poema del Cid* y las Crónicas generales de España") a historia do Mio Cid[22], que fora

20. Menéndez Pidal, R. *Op. cit.*, pp. 79 , 164, 256.

21. *Ibidem*, pp. 169-178.

22. Menéndez Pidal, R. *Op. cit.*, pp. 99, 108. Pidal sitúa en 1140 a creación do Mio Cid, data discutida por outros autores, situándoa nos arredores de 1180, xa no tempo de Afonso VIII. "El Mio Cid conservado bien pudiera ser medio siglo más tardío de lo

obxecto de "continuada reelaboración xograresca desde mediados do século XII ata as postrimerías da Idade Media". Na "*Primera crónica general*, iniciada por Afonso X cara a 1270, o Mio Cid prosificado é xa unha refundición moi alterada do antigo poema do século XII, de Afonso X". Para cadrar as súas teses admitiu como orixinais os aspectos novelescos e fantasiosos referentes ó Cid que aparecen na *Crónica de Castilla*, escrita ó principio do século XIV, nun momento crítico para Castela, en plena confrontación dinástica peninsular entre a coroa centro-occidental e a portuguesa, nunha longa batalla que contou cunha singular intervención da nobreza e da Igrexa do reino galaico, institucións que mantiñan fondas relacións con Portugal.

2. O CASTELANISMO E A ORIXE DA CUESTIÓN NACIONAL GALEGA

A conexión que apuntamos entre os ideólogos do século XIII e do XX, manifféstase especialmente arredor de tres cuestións que afectan directamente ó pasado político galaico e, na medida que forman parte da ideoloxía do Estado español, á cuestión nacional galega actual. Referímonos primeiramente á *ignorancia* da diferencia galaico-sueva e do reino suevo de Gallaecia, tido por estranxeiro, en favor do reino visigodo, considerado como raíz do destino unitario español; en segundo lugar á *negación* de Gallaecia como o reino cristián, nunca ocupado, fronte a Al Andalus, nos séculos que van do VII ó XII; e por último á *substitución* historiográfica de Gallaecia por Castela nos séculos que van desde os anos 1037 e 1230, precisamente cando se produciu, con hexemonía galaica, a maior parte da expansión cristiá polo territorio peninsular do reino de Al Andalus.

a) *A ignorancia da diferencia galaico-sueva*

A ignorancia da diferencia galaico-sueva constitúe un dos elementos básicos da ideoloxía gótico-castelá. En *De Rebus Hispaniae*, Rada toma ós godos como o pobo liberador dos "hispanos", de maneira que reserva para os outros invasores da Península —incluídos os romanos e os suevos— a consideración de opresores. Desde a realidade galaica, este aspecto da ideoloxía española ten unha importancia histórica transcendente, pois nega precisamente ós pobos que sumados ós habitantes orixinarios, e creando institucións que permaneceron, supoñen a raíz antiga da personalidade social de Galicia.

A pesar de os suevos teren instituído un reino en Gallaecia xa no ano 413, pretendendo a súa expansión polo territorio peninsular occi-

supuesto por Menéndez Pidal", escribe Diego Catalán, citando a distintos autores, "aunque faltan argumentos probatorios".

dental, Rada considera que a historia española é a dos godos, chegados posteriormente e procedendo da Galia, e mesmo considera que son os visigodos os que "ensanchan España" no reinado de Leovixildo no ano 585 cando se impoñen ós suevos e instalan a súa capital en Toledo, cento setenta anos despois da fundación do reino galaico-suevo.

Relatando en *De Rebus Hispaniae* a entrada na Península do godo Teodorico (453-466) procedente da Galia, que se enfronta en terras galaicas e lusitanas ó rei suevo Rekhiario[23], Rada toma partido polos godos procedentes do norte dos Pirineos. A victoria momentánea de Teodorico, que non ficou na Península e volveu á "Galia Gótica" —segundo Rada "unha vez sometido o pobo suevo e os seus xefes"[24]— mentres que os suevos seguiron formando un reino independente peninsular, sérvelle ó arcebispo de Toledo para proclamar, nunha afirmación paradoxal, que "desde entón houbo xefes godos á fronte de España".

Así, para a historiografía do século XIII, os españois son os godos, mentres que os suevos e os árabes —e mesmo para Rada os romanos, aínda que xa non para Afonso X— son pobos estranxeiros, do mesmo xeito que a dinastía dos reis de España é a visigoda, aínda cando a capital do reino estaba en Tolouse ou Narbonne; mentres que a dinastía sueva, formada por "reyezuelos", é deitada fóra da historia. Prefigúrase deste xeito unha interpretación histórica que con distintas variantes ha de constituírse en norma nas interpretacións castelanistas dos feitos peninsulares.

Desde estas posicións de principio, Ramón Menéndez Pidal pretende mesmo encontrar nos comezos do século V unha orixe da idea nacional española nos escritos do galaico Paulo Orosio, a pesar de este pensador escribir cando nacía o reino suevo de Gallaecia, moitos anos antes de chegaren á Península os godos de Teodorico.

Sostén Pidal que "a España romana, pouco antes de disolverse o Imperio, aparece xa cun valor nacional preciso na primeira 'Historia Universal' que o cristianismo concibe, a de Paulo Orosio", de maneira que "este galaico, discípulo de San Agustín móstrase posuído dun particular espírito patrio, no que "a provincia se alza altaneira en oposición á urbe (romana), alegando xa un destino histórico propio dentro do Imperio", e "sinalando ós godos en España un papel restaurador da providencial unidade do orbe cristián"[25]. Para apoiar tamaña afirma-

23. Ximénez de Rada, R. *Op. cit.*, pp. 101, 102. O suevo Rekhiario, segundo Rada, "cría que podía facerse con case toda España", de maneira que o rei godo Teodorico "saíu desde a Galia Gótica", combatendo "entre Astorga e León, á beira do Órbigo", facendo máis adiante prisioneiro a Rekhiario en Porto. Aínda despois da morte de Rekhiario Teodorico saqueou Mérida, e as súas tropas "destrozaron ós suevos onda Lugo, con gran saña".

24. *Ibidem.*

25. Menéndez Pidal, R. *Op. cit.*, pp. 166, 167.

ción, cita á obra de Orosio *Historiarum adversus Paganus libri Septem*, escrita nos anos 416-417, despois de ter este visitado en África, en Hipona, a San Agustín. Menéndez Pidal sostén que Orosio inicia o concepto da "España romano-goda, unitaria". Paradoxalmente, atribúelle ó *suevo-galaico* Orosio un carácter de iniciador da ideoloxía *godo-castelá* que habería de informar séculos despois ó castelanismo, cando Orosio escribía nun momento no que os visigodos aínda se encontraban alén dos Pirineos e cando tiña que pasar século e medio para os godos trasladaren a súa capital desde Narbonne a Toledo.

Débese lembrar neste sentido, que o carácter distinto de Gallaecia mantívose sempre. Mesmo na época goda posterior á dominación do reino suevo no ano 585, o historiador Biclarense, "distingue a *provincia Galleciae* da *provincia Gothorum*", e aínda cando dá "noticia dun Concilio en Toledo", como nos sinala Maravall, di que "acodiron a el os bispos totius Hispaniae, Gallie et Gallecie"[26].

Na distinción do Biclarense encóntranse xa elementos de distinción entre os dous territorios, Hispania e Gallaecia, que habían de ser afectados de xeito diverxente pola presencia musulmana.

b) *A negación de Gallaecia como o reino cristián fronte a Al Andalus.*

En relación coa creación e expansión do reino cristián desde o século VIII despois da caída da monarquía visigoda, a historiografía española tanto das Crónicas do século XIII como do século XX fundaméntase na afirmación da ocupación musulmana da totalidade da Península, excepto un pequeno recanto cántabro. Desde ese curruncho montañento, os reis astures, considerados como continuadores da liña dos reis godos, terían estendido o seu reino ó sur da cordilleira por un territorio despoboado como consecuencia da agresión islámica, para despois faceren recuar ós árabes nun ininterrompido proceso de Reconquista, especialmente protagonizado, despois, segundo eles, por Castela.

Mais esta visión non se corresponde coa realidade. Gallaecia nunca foi ocupada[27]. A vida continuou nela con independencia da presencia

26. Maravall. J. A. EDEEM, p. 111.

27. Sánchez Albornoz, Claudio. EGTEM., pp. 165-166. Albornoz ofrece distintas probas ou argumentos da non ocupación de Gallaecia: a) a toponomía, b) "a supervivencia en Galicia da tradición fiscal do Imperio Romano serodio", c) a supervivencia do "sistema de explotación a agraria do mundo antigo testemuñada, por exemplo, pola abundancia na rexión *(sic)* de servos e libertos", d) a vixencia de institucións do dereito romano, como "fórmulas de emancipación de pura estirpe clásica", facendo ós servos cidadáns romanos *(sic)*, e) a persistencia das vellas diferencias raciais *(sic)*, como a existencia aínda no ano 975 dos "*populi romanorum* que en Galicia pagaban *tributa vel opus fiscalia*", g) a circulación aínda no século X de denarios romanos e soldos suevos; caracteres todos só posibles de non ter habido un "hiato duradeiro entre a Gallaetia premuslim e a Galicia dos primeiros séculos da Reconquista".

musulmana ó sur da Cordilleira Central e en todo o Leste ata o Mediterráneo. A expansión dunha autoridade real no territorio de Gallaecia, que seguía coa súa vida tradicional galaica-romana-sueva, resulta máis plausible que a argallada teoría do cumprimento dun destino histórico fronte ós invasores islámicos que se terían establecido en todo o territorio peninsular con excepción das montañas cántabras. O feito de que esa expansión da autoridade real se producise tamén mediante determinados desprazamentos de poboacións, mesmo con presuras realizadas por condes[28] relacionados coa dinastía real, forma parte de procesos propios da época na constitución de reinos, sen que nos primeiros séculos ese proceso se desenvolvese en territorios distintos dos amplos e libres da Gallaecia e parte da Lusitania.

A acción dos reis explícase por esa vontade de afirmar e estender a súa autoridade territorial, e non necesariamente como unha vontade *reconquistadora* fronte a Al Andalus do antigo territorio visigodo, territorio que por outra parte non se corresponde coa Península como pretende a ideoloxía española, dada a existencia simultánea do reino suevo entre os anos 413 e 585, do dominio de Bizancio no Mediterráneo peninsular ou da mesma presencia goda máis alá dos Pirineos.

A cerimonia de ocultamento do carácter do reino de Gallaecia é sistemática, sendo ignorado ou desvirtuado tanto na obra de Rada como nos manuscritos do tempo de Afonso X e posteriores. Os reis de Gallaecia son primeiro presentados como reis de *León,* mesmo antes do traslado da súa capital real por Ordoño II desde Santiago a León —tamén cidade galaica— no ano 914. Ordoño II fora rei en Compostela no período 910-914, en vida do seu pai Afonso III, como este tamén o fora en vida do seu pai Ordoño I. Despois, no período que transcorre entre os anos 1037 e 1157-1230, os reis galaicos son reconvertidos en *reis de Castela,* e mesmo en membros dunha *dinastía navarra* polo feito de un príncipe desta casar coa raíña e emperatriz galaica Sancha, herdeira dunha tradición real de séculos.

Resulta significativo, neste sentido, o cambio semántico progresivo ocorrido no relato do acceso á coroa de Ramiro I que, xunto con Afonso II, consolida a autoridade real dunha dinastía que se algo é é galaica. A noticia da *Crónica de Afonso III* [29] —dando conta da sucesión de Afonso II no ano 842 na que o sucesor, Ramiro I (842-850), debe acudir cun exército desde Lugo para recuperar o trono tomado polo conde da corte, Nepociano— sofre sucesivas transformacións castelanizantes que convén pór de manifesto. Na *Crónica* orixinaria citada, o autor di que Ramiro

28. *Ibidem,* pp. 192-193.

29. *Crónica de Alfonso III.* Edición de Antonio Ubieto Arteta. Universidade de Valencia, 1971, pp. 44-47. *Crónicas Asturianas. Crónica de Alfonso III. Crónica Albeldense.* Edición de Juán Gil Fernández Universidade de Oviedo. Oviedo, 1985, pp. 216-17.

estaba ausente en Vardulia para tomar esposa[30], tendo que regresar para reunir un exército galaico que partindo de Lugo en Gallaecia, entrou en Asturias, e derrotou a Nepociano, o cal xuntara un exército de asturianos e bascóns. Ramiro fíxose co trono que lle correspondía.

Pero, máis de trescentos anos despois de ter sido escrita a *Crónica de Afonso III*, na súa obra *De Rebus Hispaniae*[31] Rada somete este texto a transformacións ideoloxicamente significativas. Citando a ausencia de Ramiro en Vardulia, introduce unha aclaración *orientadora*: "que agora se chama Castela"; cando cita a Lugo trátaa como unha cidade allea ou descoñecida— "unha cidade de Galicia que se chama Lugo", expresión sen sentido tratándose dunha capital que fora mesmo sede da Metrópole de Braga durante séculos. Rada ademais parece tomar partido cando engade pola súa conta que "os astures eran partidarios de Nepociano".

Na *Crónica de Castilla*[32], de principios do século XIV, isto é, catro séculos despois do tempo de Afonso III, sen mediar razón documental obxectiva ningunha, o cambio é definitivamente castelanizador. Á cita sobre a ausencia de Ramiro en Vardulia engádeselle un texto —utilizamos a versión en galego— sobre Castela: "et terra de Bardulia he aquella que agora chamã Castella a Vella, eno rerreyno de Castella, ca este nume ouue primeyro"[33]. Máis adiante repítese o engadido: "El rrey dô Ramiro ouue nouas et sabedoria desto en Castella, hu estaua fazêdo casamẽto". Despois engádese o nome de León que non aparecía no texto atribuído a Afonso III: "tornouse para Leõ o mays agina que el pode", dándolle ó reino un nome que pertence a unha época moi posterior ós feitos narrados; para por fin aparecer Gallaecia, chamándolle terra, e Asturias, aplicándolle, por outra parte, a León o título de reino nun tempo no que Gallaecia aínda non tiña a capital nesa cidade: "et ajuntou suas companas muy grandes et seus poderes, asi como uijna; et outrosi fezo eno rreyno de Leõ ata que chegou aa çidade de Lugu, que he en terra de Galiza. E desque chegou alo et xe lle juntarõ seus poderes acordounos hi, et entrou logo per Asturas de Ovedo".

En coincidencia cos ideólogos do século XIII, Claudio Sánchez Albornoz Menduíña ten un papel sobranceiro na *xustificación* astur-leonesa-castelá do pasado peninsular. Mais, aínda sendo abandeirado desta ideoloxía, non pode evitar a formulación de dúbidas sobre o encaixe de

30. "Sed tunc temporis absens erat a propia sede, et in Barduliensem prouinciam ad accipiendam uxorem/Por aquel tempo atopábase ausente na provincia de Vardulia para tomar esposa"; "Lucensem ciuitatem Galleciae ingressus et, sibique exercitum totius prouinciae adgregauit. Post paucum uero temporis in Asturias irruptionem fecit, cui Nepotianus ocurrit ad pontem fluuii Narciae, adgregata manu Asturiensium et Vasconum".

31. Ximénez de Rada, R. *Op. cit.*, p.176

32. *La Traducción Gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición Crítica de Ramón de Lourenzo. Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijóo. Ourense, 1975.

33. *Ibidem*, pp. 3-4.

Gallaecia na teoría oficial. "Ignoro y creo que difícilmente sabremos nunca cual fué el curso de la vida histórica en Galicia durante parte del siglo VIII. Creo que no se alteró el ancestral vivir social y económico de la misma", di nunha aseveración que pon en cuestión toda a súa teoría sobre os primeiros séculos da vida medieval do reino cristián. Na súa obra *España, un enigma histórico* recoñece que "en Galicia no hubo solución de continuidad entre la Antigüedad y el Medioevo", afirmando que os seus habitantes continuaron co seu "existir tradicional", coas "tradiciones sociales, jurídicas y estatales del Imperio Romano"[34].

Albornoz, pois, non encontra apoios para aplicar a Galicia as súas teorías sobre España, ofrecendo especulacións para feitos que só fican clarexados desde a aceptación da realidade de Gallaecia non ter sido un país ocupado: "no sabemos cuando fué ocupada y colonizada Galiza: consta sí, que en la antigua Gallaetia fueron asentándose inmigrantes berberiscos. ¿Donde? Lo ignoramos. No me aventuraría a suponer que esas colonias se extendieran intensamente por todo el solar (*sic*) de la vieja provincia romana que abarcaba como queda dicho los territorios Lucense, Bracarense y Asturicense"[35]. "La dominación *(sic)* islámico-bereber en Galicia no pudo por tanto durar sino menos de veinticinco años. El plazo fué demasiado breve para que pudieran alterarse profundamente las estructuras socio-económicas y político-fiscales en Galicia, en la Galicia española (*sic*) naturalmente".

En todo caso, a posición que aquí mantemos está avalada polas propias fontes documentais utilizadas polos historiógrafos españois. Os autores desta corrente de pensamento manexan fontes que debuxan unha extensa Gallaecia independente. O mesmo Albornoz debe recoñecer a extensión do reino galaico cando utiliza referencias como a que corresponde ó tempo de Ordoño II, cando di que "aínda na época *asturiana* estendeuse *sen embargo* Galicia ata as terras de Porto", de maneira que "no ano 911 —lembremos que Ordoño reinou en Santiago entre os anos 910 e 914— se celebrou en Aliobrio, en terras de Porto, unha *congretatio magna* ante Ordoño II, *congregatio* á que concorreran "omnes episcopi, comites et capitanei territorio Galiciense" entre os que se mencionan prelados e magnates da *Galicia hispana e do Portugal de hoxe*".

34. Sánchez Albornoz, C. *Op. cit.*, p. 161.

35. *Ibidem.* pp. 163-164. "Cuanto sabemos de la huida a Galicia de los fugitivos de Mérida, de los rodriguistas y de gente de diversas ciudades del occidente peninsular inclina a suponer que la colonización bereber fué muy rala o que no se extendió a la zona galaica muy septentrional. En todo caso es notorio que hacia el año 740 los berberiscos establecidos en España secundaron la rebelión de sus hermanos en África y que en 741 los bereberes establecidos en las tierras a las que se extendía el topónimo regional (*sic*) Gallaetia abandonaron sus sedes para pelear en el Guadalete con los *baladies*, es decir con los árabes de antiguo (*sic*) asentados en España y con los sirios de Baly que desembarcaron en la península en Dulqa'da del 123 (septiembre-octubre del 741)".

Ó mesmo tempo que teoriza sobre o *ermamento* ou desertización das terras situadas ó sur da Cordilleira Cantábrica despois da invasión musulmana, Sánchez Albornoz ten que afirmar, apoiándose nun documento de Ramiro II que situaba o mosteiro de Lorbão, perto de Coimbra, "in finibus Gallecie", que "a antiga (*sic*) Galicia chegaba ata o Douro", pero a principios do século X ata o Mondego". Efectivamente, no ano 878 o conde Hermenexildo Guterres, avó de San Rosendo e parente do rei Afonso III, incorporara Coímbra ós dominios da autoridade real de Gallaecia.

A análise das estructuras políticas e administrativas de Al Andalus proporciona tamén argumentos favorables á tese que defendemos. Estas nunca foron establecidas polos musulmáns no amplo territorio de Gallaecia, nitidamente distinto do musulmán. Como ensina Levy Provençal, as Marcas de Al-Andalus fronteirizas co sur de Gallaecia protexían xustamente a fronteira da Cordilleira Central, coincidindo co que despois serían os reinos de taifas Toledo e Badaxoz, que séculos máis tarde haberían de ser incorporados a Gallaecia polos reis galaicos Afonso VI e Afonso IX. Na visión política árabe daquel tempo, Gallaecia era a outra *nación* peninsular[36]. As fontes musulmanas contemporáneas non dubidan do carácter do territorio galaico e da hexemonía galega entre os reinos cristiáns; describen así a invasión de Gallaecia por Almanzor no ano 997, en guerra co rei galego Vermudo II contando co apoio de condes galaicos: "Almançor impôs um tributo aos galegos e todos os cristãos reconheceram a sua autoridade de maneira que os seus príncipes pareciam governadores nomeados por ele, com excepção de Bermudo, filho de Ordoño, e de Menendo González, conde da Galiza, porque estes eram mais independentes que os outros"[37]. Cando Almanzor arrasa Santiago de Compostela no ano 997 —"a igreja de Santiago e para os cristãos como para nos Caaba"— di a fonte árabe, entra en Galicia por Coria; en Viseu "a capital da Galicia", reuníronselle gran numero de condes cristiáns. "Todos os formosos palácios, solidamente construidos, que se erguiam na 'orgulhosa cidade de Santiago' foram reducidos a pó", o dia 2 de Agosto". "Almaçor comecou a retirada depois de ter avançado mais longe que nenhum outro muçulmano". En Lamego fixo a "partilha

36. Sánchez Albornoz, Claudio. *L'Espagne Musulmane.* OPU Publisud. 1985, pp. 255-56. Tomado de Abdal- Monin Al Hinyari, con versión francesa de Levi-Provençal : "Abd ar-Rahman (III) b. Mohammad, o califa omeia de Al-Andalus, fixo no ano 327 (939) unha expedición á cabeza dun exército forte de máis de douscentos mil homes. Viu para asediar a capital dos galegos, é dicir Zamora, a cidade da que falamos. Entre as nacións coas que os habitantes de Al-Andalus estaban en hostilidades, a galega eran a máis poderosa; a pesar de os francos teren feito tamén a guerra ós musulmáns, os galegos constituían os máis temibles inimigos".

37. Borges Coelho, António. *Portugal na Espanha Árabe* Vol. 2. Editoria Caminho, Lisboa, 1989, p. 193. De Ibne Caldune, traducido de Dozy, "Recherches sur l'histoire et la littérature de l'Espagne pendant le Moyen Âge".

dos despojos" conquistados entre os condes cristiáns e musulmáns confederados. Viseu, Coimbra —"no mesmo ano, 876, Albarra ibne Málique penetrou na Galiza pola porta de Coímbra", sinala Borges Coelho noutra referencia— Braga, e mesmo Zamora, Astorga —"a capital da Galiza"[38]— e León eran para os musulmáns cidades galegas, como Tui, Lugo, Vigo, Santiago, tamén citadas como tales.

Jose Antonio Maravall, analizando a formación do pensamento español e o concepto de España na Idade Media, utiliza fontes que confirman o papel central de Gallaecia. Sinala "unha certa inclinación, que se dará tamén nos historiadores árabes, a dar o nome de Galicia á metade noroeste da Península, parecéndose reservar a denominación de España para a metade oriental". Maravall —aínda mantendo a teima do "rincón astur-galego"—, sorprendido, cita a García Gómez, manifestando que "contra toda lóxica (*sic*), os monarcas musulmáns non parecen terse proposto xamais atinxir a posesión de toda a Península"[39], de maneira que os que aínda sostiñan unha actitude expansionista, non a aplicaban sobre a "totalidade da área hispánica, tendo en conta que da posible unidade desta non se desprende para eles esixencia ningunha, posto que son alleos á idea desa unidade". Realmente, para os árabes Gallaecia era outro mundo tan alleo ó musulmán como o territorio da actual Francia[40].

Na mesma liña, a visión que caracteriza a historiografía española sobre a continuidade *godo-castelá* do *ser español* do século VIII en adiante, debe ser igualmente posta en cuestión desde unha interpretación galaica. Segundo a historiografía española, como lembra Diego Catalán Menéndez-Pidal, a historia dos godos como "modelo historiográfico", procede de San Isidoro (*ó servicio do poder da Igrexa Católica*) e non desaparecería coa invasión árabe, de maneira que "cando Alfonso II (791-842) consolida (e fai visible para a cristiandade transpirenaica de Carlomagno) "el reino ovetense o astur-galaico", este pequeno e apartado reino defínese a si mesmo como a monarquía goda toledana no exilio". Catalán[41] cita á Crónica Albeldense para apoiar esta posición facendo referencia ó texto no que o seu autor rioxano, describindo as igrexas construídas en Oviedo por Afonso II e a decoración dos palacios, fai constar, nunha anotación brevísima, que "todo o cerimonial dos godos, tal como tiña sido en Toledo, o restaurou por enteiro en Oviedo, tanto na Igrexa como no Palacio"[42].

38. *Ibidem*, p. 153.

39. Maravall, J. A. *Op. cit.*, 1981, pp. 206-207. Sinala a influencia dos galaicos sobre Al Andalus: "os musulmáns imitan ós galegos nas vestimentas", e a visión dos musulmáns sobre os mesmos, dicindo que entre os cristiáns, "os máis fortes e numerosos eran os de Galicia".

40. *Ibidem*, p. 235.

41. Menéndez Pidal, R. *Op. cit.*, p. 22. Cita á Crónica Albeldense (ou Epitome Ovetense) a partir de García Moreno, *Las Primeras Crónicas de la Reconquista. El ciclo de Alfonso II.*

42. Gil Fernández, Juan; Moralejo, José L. e Ruiz de la Peña, Juán I. *Crónicas Asturianas.* Universidade de Oviedo. Oviedo, 1985.

Desta noticia —que xa no mesmo parágrafo está acompañada doutras referentes a acontecementos en Galicia— e dalgunha outra, principalmente da *Crónica de Afonso III,* o castelanismo deduce toda unha visión do destino unitario español. Mais no caso de Afonso II e Afonso III, reis cos que se identifica pola historiografía española a tendencia goticista, existen outras fontes e acontecementos como os relacionados con Compostela, que non aparecen na Crónica, e serven de fundamento para a construcción de visións alternativas sobre o significado daquel tempo.

Máis aínda, as fontes da época, e moi especialmente as referencias exteriores ós reinos cristiáns peninsulares, consideran como reis galaicos a aqueles tomados, con tan cativos argumentos, como fundamentos da liña godo-castelá. Os anais carolinxios chaman a Afonso II "regis Asturiae atque Galleciae", "Galleciarum princeps", "rex Galleciae et Asturiae", sinalando que os seus enviados á Corte de Carlomagno deron noticia do sitio dos galaicos a Lisboa, "ultima Hispaniae civitate", situada daquela na Hispania musulmana, como lembra Catalán. As mesmas referencias a Asturias, que tivo un papel sobresaliente no nacemento da monarquía especialmente ata Ramiro I, deben ser lidas segundo a realidade da época, na que formaba parte de Gallaecia. Paulo Orosio, xa o denotaba así séculos antes: "Cantabria et Astures Gallaeciae provinciae portio sunt"[43]. Resulta neste senso singularmente significativo e mesmo sorprendente, que Sánchez Albornoz denomine un dos seus ensaios *"Sobre unha epístola del Papa Juan IX a Alfonso III de Asturias"*, cando na información analizada o que aparece é precisamente o título de Rex Galletiae[44] dado a Afonso III desde Roma con motivo da consagración da catedral de Santiago, cidade desde onde o propio Afonso gobernara a título de rei.

A mesma hipótese da recuperación da continuidade coa monarquía goda dos primeiros reis cristiáns dos séculos VIII e IX pode ser explicada en termos da necesidade da afirmación da súa autoridade sobre os territorios de Gallaecia, e mesmo sobre os de *Spania* musulmana e, en todo caso, non debe escurecer outras hipóteses obxectivas e procedentes de diversas fontes, nin estas deben ser agachadas, nin ser integradas na visión castelá de Rada, máis dirixida contra o resto dos reinos cristiáns, procurando a hexemonía de Toledo e de Castela, que contra a presencia musulmana na Península, xa naquel tempo en declive definitivo.

En relación cos primeiros tempos do reino cristián, da obra de Claudio Sánchez Albornoz *Estudios sobre Galicia en la temprana Edad Media*[45] tíranse elementos básicos para unha crítica galega á historio-

43. Maravall, J. A. *Op. cit.*, p. 111.
44. Sánchez Albornoz, C. *Op. cit.*, pp. 531-48.
45. Sánchez Albornoz, Claudio. *Estudios sobre Galicia en la temprana Edad Media.* Fundacion Barrié de la Maza, Galicia Histórica, A Coruña, 1981.

grafía española. Estructurada a partir de escritos concernentes á "rexión galaica" que formaron parte de obras anteriores, xa na introducción dos *Estudios sobre Galicia* expón unha teoría sobre a España oficial. Así, para definilos, di que os escritos se refiren ó período 722-1037, situado entre a "batalla de Covadonga" e a de Tamarón: "entre a a conquista musulmana e o establecemento da dinastía navarra, con Fernando I, no reino astur leonés", nas "remotas orixes da nación española".

Como vemos, chama *astur-leonés* ó reino de Gallaecia. Denomina como *dinastía navarra* a derivada do casamento da raíña e da emperatriz Sancha, criada en Betanzos, herdeira do trono dos reis galaicos, co consorte navarro Fernando. E considera a aquel tempo o da orixe da *nación española*, ignorando a Gallaecia, e deixando de paso fóra a Portugal.

Sánchez Albornoz toma a Gallaecia como obxecto necesario na transición dos reinos xermánicos ós cristiáns medievais, utilizando datos do acontecer económico, social, relixioso e institucional galaico, de maneira que sen as referencias á vida no territorio galego o conxunto da súas obras ficaría substancialmente mancado, para pola contra negarlle, fronte ás fontes que manexa, un carácter político institucional. "Durante o século IX na España musulmana e alén dos Pirineos adoitábase chamar reis de Galicia ós de Oviedo"[46], di Albornoz quitándolle importancia a unha evidencia de alcance enormemente significativa, cando sabemos que as referencias a Gallaecia como reino non só se producían en toda Europa, como Albornoz indica, senón no interior do propio reino cristián antes e despois do século IX que se cita. A lectura dos títulos das obras deste autor, ideólogo da concepción *astur-leonesa-castelá* do mundo medieval peninsular, é por si mesma esclarecedora. Nos títulos[47] das súas obras; que tratan extensamente de cuestións de Gallaecia, este nome nunca aparece.

46. *Ibidem*, p. 523.

47. Cita Sánchez Albornoz as seguintes obras da súa autoría: *Las Behetrías. La encomendación en Asturias, León y Castilla*, 1924. *Estampas de la vida en León hace mil años*, 1926. *Muchas páginas más sobre las Behetrías*, 1927. *La primitiva organización monetaria de León y Castilla*, 1928. *Divisiones tribales y administrativas del solar del reino de Asturias en la época romana*, 1929. *Un viaje a los archivos catedralicios del Noroeste*, 1929. *En torno a los orígenes del feudalismo I-II*, 1942. *Ruina y extinción del municipio romano en España e instituciones que lo reemplazan*, 1943. *Notas sobre los libros leídos en el reino de León hace mil años*, 1944. *¿Muza en Asturias?*, 1944. *Serie de documentos inéditos del reino de Asturias*, 1944. *El precio de la vida en el reino asturleonés hace un milenio*, 1944. *La sucesión al trono en los reinos de León y Castilla*, 1959. *Itinerario de la conquista de España por los musulmanes*, 1948. *Contratos de arrendamiento en el reino asturleonés*, 1948. *Los libertos en el reino asturleonés*, 1949. *De los Banu Alajmas a los fijosdalgo*, 1951. *España y el feudalismo carolingio*, 1954. *El precarium en Occidente durante los primeros siglos medievales*, 1959. *Tradición y derecho visigodos en León y Castilla*, 1959. *Moneda de cambio y moneda de cuenta en el reino asturleonés*, 1961. *La Ordinatio Principis en la España visigoda y postvisigoda*, 1962. *¿Burgueses en la curia regia de Fernando II de León?* 1964. *Pequeños propietarios libres en el reino asturleonés*, 1966. *Imperantes y potestantes en el reino asturleonés*, 1967. *El ejercito y la guerra en el*

Non aparece o nome dun reino que a realidade territorial e as fontes documentais sinalan como galaico. Os textos e as fontes da época insisten en denominar como Gallaecia e reis galaicos ó territorio e ós soberanos que corresponden ó espacio político que vai do Pisuerga ó Atlántico e do Cantábrico á Cordilleira Central. Sánchez Albornoz recoñece que "durante o século IX fóra (*sic*) da España (*sic*) cristiá dábase ó topónimo Galicia un amplo significado que chegaba a identificarse con toda a extensión das terras rexidas polos sucesores de Pelayo (*sic*). "Chamaron Galicia a todo o noroeste peninsular moi variados autores arábigos: Ibn al-Qutiya, Ibn al-Atir; Al-Maqqari" "inclúen en Galicia as cidades de León e Astorga, a mesma terra de Asturias e ata a Serra de Covadonga". "Ibn al-Atir chamou reis de Galicia a Afonso I, Aurelio, Silo e Ordoño I". "Ibn Idari, compositor eruditísimo que dispuxo dun gran caudal de fontes da España mora chama tamén rei de Galicia a Ordoño I". "De *Rex Galletiae* califícase a Afonso II nos *Annales Regni francorum*, nas súas noticias do ano 798 e na *Vita Karoli Magni*"[48]. Pero, a pesar da acumulación de datos, Albornoz, como todos os demais autores da historiografía oficial, non tiran as consecuencias debidas, chegando a corrixir as propias fontes históricas obxectivas.

c) *As* Crónicas *e a substitución de Gallaecia por Castela*

Chegamos así ó período da substitución historiográfica de Gallaecia por Castela. As Crónicas do século XIII, como outras que as precederon[49]

reino asturleonés, 1968. *Invasiones normandas a la España cristiana durante el siglo IX*, 1969. *Commisa, comitatus, mandationis*, 1972. *Homines mandationis y juniores*, 1973. *Repoblación del reino asturleonés. Proceso, dinámica y proyecciones*, 1973. *Documentos para el estudio del procedimiento judicial en el reino asturleonés*, 1975. *El palatium regis asturleonés*, 1976. *Los hombres libres en el reino asturleonés hace mil años*, 1976. *Los siervos en el Noroeste hispano hace un milenio*, 1977. *Los judíos en el reino asturleonés*, 1977. *El régimen de la tierra en el reino asturleonés hace mil años*, 1978. *De los filii primatum a los infanzones*, 1980. *Une societé de exception dans l'Europe féodale*, 1980. *El reino asturleonés (722-1037). Sociedad, economía, gobierno, cultura y vida*, 1980.

48. Sánchez Albornoz. *Op. cit.*, p. 159.

49. Menéndez Pidal, R. *Op. cit.*, pp. 26, 27. Cita á *Historia Silense*, ed. F. Santos Coco. Centro de Estudios Históricos, Madrid, 1921, pp. 7, 12, e ss., 62, 63.

O carácter das Crónicas do XIII como fundadoras dunha visión ideolóxica de Castela tivo precedentes ligados igualmente ás circunstancias políticas dese reino, en conflicto con Gallaecia. Diego Catalán analiza estes precedentes a través do *Liber Regum*, escrito en romance navarro entre 1196 e 1209, a *Crónica latina de los reyes de Castilla de 1236*, e o *Poema de Fernán González*, composto cara a 1250 por un monxe de San Pedro de Arlanza, textos todos eles escritos en Castela nos reinados de Afonso VIII e Fernando III.

Contrastan mesmo estas crónicas coa "Crónica Seminense" (segundo el "a mal chamada" *Silense*), escrita en territorio de *León* cara a 1118, cando Afonso VII era en Santiago rei de Galicia e Toledo, para cantar as xestas do rei galaico Alfonso VI "orthodoxi Yspani Imperatoris". Así, na descrición da orixe de Afonso VI, a "Crónica Seminense", di Catalán, resalta e dálle preferencia á súa "prosapia materna", isto é á liña da súa nai Sancha, a emperatriz galega, filla de Alfonso V e neta do conde Mendo Gonçalez, fronte á do seu pai, o príncipe Fernando, a quen desde a ideoloxía castelanista

e as do século XIV, como a *Crónica de Castilla*, que serven de fundamento principal ó pensamento político-histórico español, están construídas co obxectivo de *facer* unha historia de Castela nos séculos decisivos da expansión por Al Andalus iniciados a mediados do século XI e impulsados coa toma de Toledo en 1085 polo rei de Gallaecia Afonso VI.

Ximénez de Rada, para afirmar a unha Castela sen pasado como reino independente, dálle un carácter de dinastía *real* ós simples condes de Castela, resaltando sen tino a Fernán González: "a este distinguiuno Deus, por riba do seu pai e do seu avó, con tantas virtudes que, sen que el o pretendese, foi elixido conde non só polos poderosos senón tamén polos cabaleiros e o pobo de Castela en xeral, e todos se someteron ó seu poder. E tras ser elixido conde, velaba por toda Castela cun goberno tan cheo de paz que todos daban gracias a Deus porque mediante tal conde tiñan liberado ó seu pobo do peso da escravitude"[50]. Outórgalle un tratamento semellante a todo o referente á Castela anterior á súa constitución como reino, iniciando así un camiño culminado nos comezos do século XIV na *Crónica de Castilla* ou *de los reyes de Castilla.*

Esta *Crónica*, "é unha reelaboración da *Estoria de España* de Afonso X, que como o seu nome indica", "só abrangue desde o reinado de Fernando I, primeiro rei de Castela, ata que Fernando III accede ó reino de León e unifica definitivamente os dous reinos de Castela e León", di Catalán. "A súa personalidade estriba en ser a reelaboración da *Estoria de España* máis atenta a unha ideoloxía aristocrática da historia (tal vez como consecuencia da revolución nobiliaria que depuxo a Afonso *X*) e a máis inclinada a manipular a información histórica para acomodala ós seus propósitos doutrinais; non é pois de estrañar que sexa tamén a que acolle con menos reservas os relatos da épica tardía,

chega a considerar fundador dunha dinastía, a navarra, e mesmo a ser titulado como *Rei de Castela*, pretendendo con este título usurpar historicamente toda a autoridade da súa muller como raíña de Gallaecia.

Pola contra, seguindo a Catalán, "o xenealoxista navarro-rioxano do *Liber Regum*, dá por rematada con Afonso II a primeira dinastía dos reis cristiáns (lembremos que foi sucedido polo galaico Ramiro I, considerado por algún autor como de orixe sueva), de maneira que procura o punto de arranque da dinastía de Afonso VIII —neto de Afonso VII de Galicia— na elección "dos iudices por que's Cabdellasen, Nuño Rasuera e Laín Calbo". Do mesmo xeito "o monxe cantor de Fernán Gonzalez", "a pesar de que coñecía e manexaba a Lucas de Tui, negouse a seguir a súa versión, *típica leonesa*, da historia nacional, e, baseándose no *Liber Regum* defendeu as orixes castelás da monarquía", dicindo que "de toda Spaña Castiella es mejor porque fue de los otros el comiençio mayor"; "Castiella la Vieja al mi entendimiento mejor es lo que al, por que fue el çimiento".

Segundo Catalán, a *Crónica Latina de los Reyes de Castilla de 1236* fai remontar, "a dinastía de Fernando III" —fillo do galego Afonso IX— simplemente a Fernán González: "defunto Comite Fernando Gundissalui, qui primus tenu(it) comitatum tempore Roderici regis Goturum factam in Yspanis, sucessit ei filius eius comes Garsias Fernandi", facendo saltar directamente o relato desde "la pérdida de la cristiandad hispana hasta la creación del condado castellano". Un salto que deixa a Gallaecia fóra da historia.

50. Ximénez de Rada, R. *Op. cit.*, p. 193.

co sistema ideolóxico e coa concepción da narración histórica desta atopándose basicamente identificada" [51].

Na *Crónica*, prodúcese unha apropiación a favor de Castela da historia de Gallaecia[52] desde o tempo da raíña Sancha ó de Afonso IX, entre os anos 1037 e 1230, os anos decisivos na expansión dos reinos cristiáns pola Península. Catalán recoñece que "a *Crónica de Castilla*, aínda que fora concibida como como parte postreira da *Crónica General de España*, pretendeu desde un principio desembarazarse do pasado nacional remoto e naceu como historia particular do reino independente de Castilla"[53].

O nivel de fantasía incorporada á *Crónica de Castilla* resulta asombroso. Valla como unha proba, entre as abondosas posibles, a que fai aparecer ó Cid aconsellando a Fernando I que fose en romaría a Santiago solicitando ó Apóstolo axuda para gañar Coímbra (1064). Despois da toma da cidade, segundo a *Crónica*, agradecéndolle "quanto bem fezera en conquerer Coinbra et os outros lugares", o rei fíxoo cabaleiro na mesquita: "et, desque foy caualeiro, ouue nume de Rruy Diaz"[54]. Mal podía Rui Díaz aconsellar a Fernando e ser armado cabaleiro en 1064, cando era un neno de dez anos e vivía ben lonxe de Coímbra[55].

51. Catalán, D. *Op. cit.*, p. 165.

52. Fernando I, foi nomeado realmente polo seu pai o rei navarro Sancho III como primeiro rei de Castela, en territorios tomados ó rei galaico Vermudo III. Fernando é tido na historiografía castelanista, de xeito antihistórico, como o unificador de Castela e León, e mesmo como iniciador da *dinastía navarra en León* cando antes de devir rei consorte de Gallaecia non fora mais que dous anos dun novo e pequeno reino de Castela, nos termos antes ditos. En todo caso a dinastía continuou sendo a galaica por vía feminina, sendo Sancha a raíña e emperatriz de Gallaecia, como filla do emperador Afonso V, irmá de Vermudo III e neta do conde Mendo Gonçalves, sucedendo a este despois da súa morte na batalla contra o rei de Navarra e Fernando e a propia Sancha no val de Tamarón preto do Pisuerga, cando Vermudo intentaba recuperar terras que lle pertencían.

Afonso VI, (un rei que de xeito tan fantasioso é contraposto por Menéndez Pidal ó Cid, a quen considera a figura do heroe daquel tempo) era titulado como "rex Gallaeciae", como nos lembra José Antonio Maravall e é coherente co seu carácter de fillo da raíña e emperatriz Sancha, que fora criada en Santo Estevo de Piadela, parroquia situada preto de Betanzos, e membro como os seus antepasados da dinastía galaica. Afonso VI, consagrado no comezo do seu reinado en Santiago de Compostela, materializou en 1085 o anceio existente na dinastia galaica por facerse co poder en Toledo.

O seu neto Afonso VII foi antes de nada proclamado en Santiago rei de Galicia, en vida da súa nai Urraca; despois foi Emperador hispánico coa lexitimidade galaica; nunca foi "Rei de Castela", mais que en todo caso como un dos seus títulos —nin usado habitualmente nin título orixinario— a pesar de que a historiografía oficial e a rutina acrítica sitúa a este rei exclusivamente como tal "Rey de Castilla".

53. Catalán, D. *Op. cit.*, p. 165.

54. Lourenzo, R. *Op. cit.*, pp. 325-28.

55. Menéndez Pidal, R. *La España del Cid.* Espasa Calpe, Madrid, 7ª edición, 1967. O propio Pidal dá como ano de nacemento do Cid o de 1054 (p. 115); sitúa por outra parte o nacemento dos seus avós materno e paterno sobre o ano 1000 (Parte VIII, p. 682). En *La España del Cid* (p. 126) Pidal di que "dos primeiros anos do heroe non sabemos senón sucesos fabulosos". Menendez Pidal pon como exemplo destas fantasías historias "das que descubre o seu rastro cara a 1230 *(ano da toma da coroa de Gallaecia desde Castela por Fernando III)* e que se desenvolve nas Crónicas do XIV". (Lourenzo, R.

Polo demais, na consideración dos reis que van de 1037 a 1230 como reis de Castela coinciden os apoloxetas do século XIII e os historiógrafos do século XX, mesmo os máis rigorosos como Diego Catalán: "os tres primeiros reis da dinastía castelá, Fernando I, Sancho II e Afonso VI"[56], di este, compartindo unha posición semellante á de Rada non dando ó emperador Afonso VII o tratamento de rei de Gallaecia, a pesar de facer notar que foi "entronizado"[57] en 1111 mais sen deixar contancia de que foi coroado en Compostela ante Xelmírez. Diego Xelmírez nin sequera é mencionado na obra do arcebispo de Toledo, feito significativo nunha obra prolixa en nomes de personaxes de Castela ou de Navarra sen a significacion histórica do bispo e gobernante compostelán.

Nas análises sobre aquel tempo, a relación entre Galicia e Portugal aparece sempre mediatizada polas fronteiras modernas e pola ideoloxía dos Estados peninsulares actuais. Catalán, poñamos por caso, analiza as relacións entre a *Crónica geral de Espanha de 1344* do portugués conde de Barcelos e a galega *Crónica general de España de 1404*, estudiada por Ramón Lourenzo, e fica *sorprendido* de que ambas obras —sendo unha de "Portugal" e outra de "Castela e León"— recompuxeran a partir de manuscritos distintos unha anterior *Versão galego-portuguesa* que —como ocorre naquelas obras— comprendía orixinalmente tanto a *Crónica General* como a *Crónica de Castilla*. Para valorar ese feito, en lugar de procurar unha explicación na identidade cultural, social e de xurisdicción relixiosa entre os reinos de Gallaecia e Portugal, pretende facelo desde "as relacións entre Castela e Portugal a finais do século XIII e a primeira metade do século XIV". En Gallaeica nin sequera para mentes como tal. Afirma "que a vinculación destas varias obras historiográficas traducidas ó galego-portugués se mantivo viva durante máis de medio século, tal vez cen anos", en ámbitos situados a ambos lados da fronteira "que separaba os reinos de Portugal e de Castela e León", o que mostraría que "ó longo do século XIV e comezos do século XV as fronteiras culturais entre o centro e o occidente da Península Ibérica non estaban condicionadas pola divisoria política entre reinos"[58]. Catalán dálle máis importancia á *separa-*

Op. cit., pp. 339-42) nas que se "describe como o Cid persuadiu ó rei Fernando para que declarase a guerra ó emperador de Alemaña que, en unión do rei de Francia e do Papa Urbano, lle esixía un tributo ó rei". Segundo a *Crónica*, pasando a Francia, O Cid impoñeríalle ó rei de Francia e ó Papa o pleno recoñecemento da independencia do rei "español". Pidal advirte que "hoxe non podemos crer que existira esa campaña do Cid en Francia". Mais, a pesar deste recoñecemento do carácter fantástico de determinadas fontes, Menéndez usa habitualmente unha técnica historiográfica baseada na negación da obxectividade das mesmas, para despois utilizalas descaradamente como base do seu relato histórico ideolóxico. Incluso, como recoñece Diego Catalán (Catalán, D. *Op. cit.*, p. 53), Menéndez Pidal dá por boas "lendas cidianas enteiramente novelescas" "fabricadas —por intereses materiais— no mosteiro de Cardeña".

56. Catalán, D. *Op. cit.*, p. 53.

57. Ximénez de Rada, R. *Op. cit.*, p. 269.

58. Catalán, D. *Op. cit.*, pp. 186-96.

ción política que á evidente identidade existente naquel tempo entre os reinos galaico e portugués, realidade que serve para explicar sen maiores problemas a semellanza das solucións encontrada nas *Crónicas* consideradas. A súa analise sería máis simple e máis certeira, se recoñecese que aínda na fin do século XIV, ademais de compartiren cultura e lingua, eses dous reinos tiñan clases dirixentes comúns e metrópoles —Braga e Santiago— con dióceses entrecruzadas.

Digamos, por fin, que a pesar do seu carácter fantasioso e infiel, as *Crónicas* son tomadas como documentos básicos da historiografía estatal española. A *Estoria de los fechos de los godos* do século XIV, que continúa as do XIII, serviu de fonte estructural a Diego de Valera para construír a Crónica abreviada de España, redactada a petición de Isabel entre 1480-1481. A Crónica de Valera foi a "primeira historia xeral de España difundida pola imprenta", feito que ocorre en 1482, tendo "quince edicións sucesivas". Despois os episodios medievais desa obra "ennobrecidos, na obra latina das Historiae de rebus Hispaniae —editada en Toledo no ano 1592— do padre Juán de Mariana"[59], fican incorporados á "historia *nacional*". Unha historia na que Gallaecia non ten cabida.

C. N.

59. *Ibidem*, pp. 284-85.

Todos somos nacionalistas. A asunción acrítica da determinación cultural da política

Xavier R. Madriñán

Contra as doutrinas que desde o pasado século reservaban ós individuos ou ás clases sociais o papel político determinante nas sociedades modernas, as categorías de definición cultural creadas polo nacionalismo, as nacións, fóronse consolidando como a principal e, aparentemente, case única forma asociativa básica de significación política. Certamente, a nación e os seus concomitantes ideolóxicos e políticos demostraron unha resistencia inesperada para as previsións formuladas desde os máis variados métodos de análise e predicción da evolución social, coincidentes na súa maioría en adiantar, como corolario inevitable da modernización, a desaparición dos factores étnico-culturais como fontes de lexitimación política ou, cando menos, a mingua substancial da súa incidencia.

Hoxe parece amplamente espallada a cerna da doutrina nacionalista, a fundamentación étnica da política, aceptadas, máis alá do seu ámbito ideolóxico particular, a atribución dunha significación política engadida á circunstancia cultural e mesmo a necesidade da coherencia entre os dous elementos como garantía do bo goberno.

Así se deduce da conversión de grupos humanos de identidade cultural en suxeitos colectivos políticos. Ou da consideración dos Estados e doutras institucións de inferior rango como expresión política dunha comunidade definida segundo os trazos culturais compartidos polos seus membros. Anque sexa a custa de agachar que a confluencia do político e o cultural é resultado da integración de grupos antes diversos, en boa parte debida á acción do propio Estado, que a persegue cun carácter marcadamente intencional desde o século XIX. En

ambos os dous casos suponse como *natural* unha conexión entre a orde política e a orde cultural que se establece só en virtude dos principios propios do paradigma nacionalista.

En moitos aspectos, o mundo actual parece xustificar a consideración do nacionalismo como "deus da modernidade"[1]. Non só porque nunca antes da era moderna se considerara a posibilidade de establecer relación ningunha entre os polos cultural e político da realidade —e moito menos que o primeiro actuase como fonte e lexitimación do segundo—, senón porque a evidencia que deita dunha simple visión panorámica é inapelable. Hoxe, no mundo enteiro, incluídas as sociedades desenvolvidas, nin a identidade nin o sentimento nacionais parecen ameazados de desprazamento por formas substitutorias de consistencia semellante. E, desde logo, o nacionalismo, como forma de actuación política e como doutrina referida á organización do poder que toma a nación como o referente básico, tampouco non ten trazas de estar próximo a devalar como forza de primeira magnitude.

As liñas que seguen non pretenden compoñer unha explicación que dea conta das razóns desta realidade. Tampouco non tratan de argumentar a favor ou en contra do carácter regresivo das posicións nacionalistas, por outra parte tan variadas na súa concreción e a miúdo xustapostas con ideoloxías da traza máis diversa. Nin sequera pretenden debater sobre as posibilidades de supervivencia das identidades nacionais ou sobre a conveniencia de reforzalas. Máis ben, queren deixar constancia do grao de aceptación xeneralizada dos postulados peculiares do razoamento nacionalista nas sociedades contemporáneas, incorporados ó conxunto de conceptos e categorías comunmente utilizados na comprensión e na análise da realidade política. Intentan amosar cómo a difusión das premisas centrais desta doutrina, que establece a necesidade dunha congruencia entre a entidade nacional e a entidade política, reborda amplamente os límites teóricos impostos pola pertenza ó seu propio espacio ideolóxico. De tal modo que mesmo están solidamente ancoradas entre as posicións que proclaman de modo explícito un antinacionalismo militante.

Con ese obxectivo primordial, localízase, primeiro de todo, a presencia constante de criterios e categorías propios de concepcións nacionalistas en análises e actuacións políticas non caracterizadas como pertencentes a tal convicción doutrinal. Pero tamén interesa destacar, de seguido, a influencia decisiva que estes mesmos modos de interpretación e de acción teñen na consolidación dos propios principios de especificidade nacionalista subxacentes como asuncións acriticamente

1. R. Llobera, Josep. *El dios de la modernidad. El desarrollo del nacionalismo en Europa occidental.* Anagrama, Barcelona, 1996.

integradas na mentalidade contemporánea. Recórrese, a tales efectos, a tres clases de exemplos que pretenden cumprir a dobre esixencia de servir de mostra puramente descritiva e, ó tempo, de comprobación do funcionamento dalgúns dos mecanismos polos que se reproducen, reforzan e propagan máis alá do seu dominio hipotético os conceptos e categorías peculiares do sistema ideolóxico nacionalista. O primeiro tipo céntrase nas suposicións de orixe nacionalista que latexan baixo moitos modelos de enxuizamento de acontecementos da actualidade internacional, mentres os dous restantes aluden ó reforzamento desas pautas na mentalidade social por parte da acción do Estado, por un lado, e das elites non nacionalistas das entidades políticas subestatais definidas en función de criterios de delimitación cultural, por outro.

I. A UNIVERSALIZACIÓN DA DOUTRINA NACIONALISTA

O nacionalismo pode verse, por tanto, como a forma de acción política característica do mundo moderno, trátese da ideoloxía impulsora de actuacións a prol do mantemento ou da reforma fortalecedora do Estado, imaxinado como expresión política dunha comunidade nacional, trátese da doutrina inspiradora de movementos de reivindicación de autogoberno por parte dun grupo que, percibíndose como nación, aspira a dotarse da cobertura política que como tal cre que lle corresponde. Pero, como xa adiantamos, ademais de nas concrecións de acción política que adopta, o vigor da súa vixencia maniféstase tamén na incorporación dos seus fundamentos doutrinais e das súas categorías conceptuais ó discurso político xeral, onde gozan do restrinxido estatuto das presuncións de verdade, das crenzas non sometidas a escrutinio público.

O noutrora discutido *principio de nacionalidade* parece incuestionable xa para boa parte da humanidade, disposta a aceptar que os membros de cada unha das unidades grupais básicas en que se divide ós seres humanos, as nacións, definidas en función de trazos culturais compartidos, deben vivir xuntos e dirixir os seus asuntos por medio dunha estructura política que reflicta a existencia da comunidade á que pertencen. Segundo esta concepción propia do mundo moderno, a unidade política fundamental aparece derivada, por tanto, non de factores de clase ou status social, senón de lazos constitutivos determinados por elementos pre-políticos, habitualmente de carácter cultural. Mesmo cando se outorga o papel decisivo orixinario á *vontade* de vivir xuntos dos individuos que conforman a nación, introdúcese a miúdo como límite reductor da súa capacidade operativa a dispoñibilidade, como precondición dun marco obxectivo *dado,* establecido pola presencia

dos conectores culturais básicos que conforman o grupo ou nación en potencia. Admítese tamén así que trazos non políticos primarios, case naturais, sexan os que delimitan e constrúen os conxuntos coherentes e diferenciados que o nacionalismo converterá de modo automático en depositarios da lexitimidade política.

Por outro lado, as identidades nacionais, derivadas ben do agrupamento en torno a un Estado que actúa como referente central de lealdade compartida, ben da selección de marcadores culturais convertidos en determinantes dos criterios de inclusión/exclusión comunitaria, manteñen un lugar preferente entre as múltiples formas de identificación que adoptan os individuos. Tal é a intensidade da penetración social dos esquemas nacionalistas, que no noso mundo resulta difícil mesmo imaxinar a alguén carente de identidade nacional, como se esta lle fose inherente ó ser humano[2].

¿Que supón este convencemento senón o triunfo do piar básico sobre o que se ergue o edificio doutrinal nacionalista, é dicir, que a humanidade se divide *naturalmente* en nacións? As discrepancias poderán chegar á hora de concretalas, pero o grao de internalización social da categoría, máis alá da formulación expresamente nacionalista, parece de difícil discusión. Como tamén sucede cos puntos que completan a doutrina, o que propón como contido de tales modos de agrupamento os conxuntos de individuos relacionados por trazos de semellanza cultural supostamente obxectivos e o que conclúe a conseguinte consideración desas entidades como as formas básicas de ordenación política da humanidade. Poucos deixan de ver hoxe as nacións así concibidas como suxeitos de dereitos políticos *sagrados*. ¿Quen pon en dúbida, por demais, que gobernantes e gobernados deben formar parte da mesma nación e que resulta intolerable e ilexítimo un goberno exercido por *estranxeiros?*

Se neste marco da xeneralidade conceptual resulta innegable a propagación da doutrina nacionalista e a súa incorporación á *lóxica* política contemporánea, o fenómeno debe de ter tamén un reflexo nos comportamentos políticos concretos e no enxuizamento con que son valorados desde o exterior a eles, outorgándoselles unha presunción de, alomenos, certa racionalidade, aínda que non se compartan as súas formulacións específicas[3]. Suposición de racionalidade que resulta

2. Aínda que, en realidade, como recorda o historiador e antropólogo Ernest Gellner, é o nacionalismo o que dá aparencia de certeza á afirmación de que "Un home debe ter unha nacionalidade, como ten un nariz e dúas orellas: unha deficiencia en calquera destes particulares non é impensable, pero só como resultado dalgún desastre [...]". *Naciones y nacionalismo,* Alianza Universidad, Madrid, 1988, p. 19.

3. John Breuilly sinala a ambivalencia que a miúdo dificulta a correcta comprensión do nacionalismo. Como ideoloxía, este bebe nas fontes do irracionalismo, pero como forma de política, relacionada coa consecución ou o mantemento do poder mediante a utilización de argumentos baseados na proclamación da existencia dunha nación propia,

reforzada pola práctica dos movementos desta inspiración doutrinal, que repetidamente demostra a extraordinaria eficacia política do discurso nacionalista, a innegable capacidade de mobilización das súas argumentacións e a validez do verniz de lexitimación cara ó exterior que lle confire un sistema internacional que pretende estar configurado por Estados-nación[4].

Aparencia de racionalidade acentuada, á súa vez, pola incorporación dos problemas nacionais á axenda política corrente de varios Estados desenvolvidos, desde o rexurdimento dos nacionalismos de base étnica na Europa occidental e Canadá, a partir da década de 1960[5], tan sorprendente en principio para as teorías que sostiñan que a integración dos grupos de identidade cultural no Estado-nación, ligada ó avance do proceso de modernización, seguía unha vía de dirección única e irreversible[6]. Desde esta perspectiva, vaise estendendo o convencemento de que, alomenos nas sociedades avanzadas, o vigor das alternativas nacionalistas que se enfrontan ós Estados establecidos non pode atopar explicación na emerxencia inopinada de escuros impulsos de orixe irracional e misteriosa. Ademais, vólvese posible argumentar, desde un estricto pragmatismo, sobre as propostas dos etnonacionalismos minoritarios como resposta válida ós desafíos que se presentan ás sociedades postindustriais, onde medra unha sensación de desamparo ante forzas económicas incontrolables e calla certa insatisfacción cunhas estructuras políticas que os cidadáns perciben como demasiado afastadas das súas realidades cotiás. Mesmo dispón de boas fundamentacións a opinión que defende que é o propio desenvolvemento destas sociedades o que esixe unha flexibilización descentralizadora, á busca de fórmulas que traduzan a nova complexidade social en institucións políticas que acheguen ós cidadáns os órganos de toma de decisións[7].

Por outra parte, desde un enfoque semellante, tamén para os consolidados Estados industrializados pode construírse un marco explicativo

é profundamente racional; aínda que recorra á emoción, só pode ter impacto político cando se vincula a intereses sociais. Cf. *Nacionalismo y Estado,* Pomares-Corredor, Barcelona, 1990, pp. 389-90.

4. Non é estraño que a utilización política dos recursos culturais, elixidos á comenencia e convertidos en representación simbólica nacional, en definitiva, a mobilización étnica, sexa un dos métodos preferidos de que se serven o Estado e mais as elites na competencia polo poder. Cf. Paul R. Brass, *Ethnicity and nationalism. Theory and comparison,* Sage, Londres, 1991, pp. 13-17 e 247-99.

5. Sobre as distintas solucións para acomodar nalgúns destes Estados ás demandas de grupos nacionais, convertidas nun asunto máis do escenario político e, por tanto, en obxecto de transacción e negociación *racionais,* pódese ver Joseph R. Rudolph e Robert J. Thompson (eds.), *Política etnoterritorial,* Pomares-Corredor, Barcelona, 1992.

6. Birch, Anthony H. *Nationalism and National Integration.* Unwin Hyman, Londres, 1989, pp. 3-12.

7. Exemplo recente dunha valoración dos nacionalismos minoritarios afastada de prexuízos de descualificación sistemática é a de Michael Keating, *Naciones contra el Estado. El nacionalismo de Cataluña, Quebec y Escocia,* Ariel, Barcelona, 1996.

que dea conta racionalmente da fortaleza actual dos sentimentos de identidade nacional nas súas poboacións, así como das políticas de afirmación nacional promovidas desde os centros de poder político, certamente existentes, aínda que non precisen dunha proclamación continuada e sistemática. Mesmo é posible intentar resolver o paradoxo desa mestura de emoción, razón e intereses individuais e colectivos coa que opera a mentalidade nacional e da que nace a forza extraordinaria das construccións ideolóxicas e os sentimentos asociados á nación[8].

A lóxica do nacionalismo

É, sen embargo, o escurecemento dos procesos de producción do discurso nacionalista o que permite a xeneralización social, máis alá do ámbito ideolóxico específico, do seu principio primordial, o que considera o étnico/cultural como a base *natural* da política. De feito, a *lóxica* nacionalista volve invisible o proceso subxectivo desde o que se crea a nación, ocultando que é froito dunha relación non necesaria entre dous elementos de orde diversa. A calidade performativa do nacionalismo, a conversión en *realidade* do enunciado desde o momento mesmo en que se formula, esvaece o carácter de *construcción social* da nación e convértea en evidencia, en ser que non precisa demostración, presentando o que é *creado* como se fose algo *dado,* un ente existente en por si que só espera ser descuberto.

Sen entrar en enxuizamentos sobre os variados movementos que utilizan o argumento nacionalista na loita política, resulta admirable a capacidade da doutrina para disimular o dobre mecanismo por medio do cal se recobre de obxectividade o que, en verdade, responde a operacións de orixe plenamente subxectiva. En efecto, e en primeiro lugar, introdúcese desde o mesmo inicio un compoñente de clara intencionalidade que actúa como desencadeante do propio proceso. Se ben os trazos culturais que delimitan o grupo describen aspectos (parciais) da realidade, é a ideoloxía nacionalista a que selecciona algúns deles de entre un conxunto dispoñible, resaltando os que interesan en función do contexto (unhas veces será a lingua, outras será a relixión, a raza, a historia, os costumes...; mesmo pode alterarse no tempo a importancia que se lle atribúe a cada un) e conferíndolles unha significación simbólica que os transforma en representación dunha outra realidade que transcende a aparencia, facendo deles, en definitiva, os signos consti-

8. Hedetoft, Ulf. *Signs of nations. Studies in the Political Semiotics of Self and Other in Contemporary European Nationalism.* Darmouth, Aldershot, 1995. Este autor dinamarqués, con exemplos do presente europeo occidental, esmiúza os elementos da estructura da mentalidade nacional ("National Mentality Grid") e detalla a sublimación de intereses persoais e colectivos que realiza por medio dun revestimento de sentimentos emocionais *desinteresados.*

tutivos da nación. Subxectividade remarcada aínda máis no segundo paso, a decisión *non obrigada* de converter esta concreta forma asociativa na realidade política primordial.

O emparellamento de elementos pertencentes a dous planos diferentes en que consiste a lexitimación cultural das institucións políticas, característico do nacionalismo, pode merecer cualificacións absolutas positivas ou negativas, ou mesmo, desde un relativismo situacionista, ser considerado apropiado ou desaconsellable na súa aplicación segundo casos e circunstancias. Pero, desde logo, a nación que desa fusión resulta non goza do estatuto da naturalidade. Padece, máis ben, das limitacións propias do construído, do temporal, do ser sometido a continxencia. É no encubrimento desta circunstancia onde radica boa parte da fortaleza da ideoloxía nacionalista e do seu poder de penetración en esferas que non lle son propias.

II. A (INVISIBLE) CLAVE NACIONALISTA DA ACTUALIDADE

A asunción acrítica das concepcións nacionalistas baseadas na relación atribuída a cultura e política ten reflexo constante en actitudes políticas, interpretacións da actualidade e análises de todo tipo de situacións relacionadas, en xeral, cos modos de distribución e organización do poder e a súa concreción institucional. Abonda un simple repaso ás opinións dominantes acerca dos máis variados aconteceres do mundo para comprobar a fondura da penetración deses presupostos propios dos esquemas nacionalistas na mentalidade actual. É, xustamente, a falta de conciencia dos condicionantes desde os que se formulan estas visións xeneralizadas o máis patente indicador do alto grao da súa asimilación social, tanto maior canto máis desapercibida pase a orixe da súa presencia, canto máis *invisible* resulte.

A evolución dos acontecementos desenvolvidos na Europa oriental a partir de 1989 pon á nosa disposición un repertorio ben amplo de situacións ás que acudir. Parece claro, por exemplo, que está operando o razoamento nacionalista na análise que atopa *lóxico* que o desmoronamento político e ideolóxico dos réximes comunistas se acompañe da ruptura do Estado alí onde este adoptara a estructuración federal como fórmula con pretensións de superar, precisamente, a "cuestión nacional". Tómase así como xusta e previsible saída á crise na URSS, Iugoslavia ou Checoslovaquia a fragmentación de cada Estado en tantas entidades independentes como nacións de definición cultural contiña, supoñendo que estas se liberan, dese modo, dunha opresión exercida polo grupo nacional hexemónico ruso, serbio ou checo, a penas disimulada antes polo finximento federal.

Mesmo as análises que se queren limpas do enfoque nacionalista, aquelas que preconizan o mantemento das formas estatais previas, argumentan a súa conveniencia en función de criterios *neutrais* de estabilidade ou de (in)viabilidade dos novos Estados, pero seguen respectando a miúdo o agrupamento cultural/nacional como orixe e depositario dos dereitos políticos primarios. Deste teor son, por exemplo, as teses partidarias dunha reconstrucción territorial da antiga Unión Soviética sobre bases democráticas, para constituír, entón si, unha *verdadeira* federación de nacións, unha vez que estas, suxeitos políticos colectivos, así o decidisen. Igual que na proposta que supón o carácter ineludible da desagregación, pártese tamén nesta do prexuízo implícito de que no sistema soviético non só eran os individuos os sometidos, senón tamén as nacións, entes irreductibles á presión dun réxime que aspiraba á creación dunha nova identidade (o pobo soviético) que desprazase as vellas identificacións nacionais de orixe burguesa[9]. Pero todos os esforzos foron inútiles, adúcese desde a óptica da asunción nacionalista non confesa. Tras un período de *hibernación,* as nacións espertan e reclaman o seu dereito[10].

A mesma fundamentación sustenta as simplificacións que presentan o étnico como o factor condicionante decisivo en numerosos conflictos do presente, relegando a segundo termo, ou incluso ignorando, outros de palmar influencia real pero que non gozan da *claridade* inapelable dunha explicación nacionalista. Véxase o reduccionismo das interpretacións ó uso, mesmo desde instancias académicas, sobre a quebra da Federación Iugoslava, cheas de clichés de inspiración nacionalista en moitos casos[11]. Tanto as que xulgan inevitable a ruptura a causa das disfuncións dun sistema de reparto de poder entre grupos nacionais co que ningún deles sentía satisfeito o seu lexítimo dereito ó autogoberno e que só podía sosterse polo carácter totalitario do réxime titista, como as que se laian da súa desaparición por entender que, tinxida co verniz da democracia, podería derivar nun marco de convivencia *entre*

9. Unha visión completa das relacións entre nacionalismo e comunismo, tanto no aspecto teórico do marxismo-leninismo, como na práctica política seguida polos Estados comunistas para resolver a "cuestión nacional", pode atoparse en Walker Connor, *The National Question in Marxist-Leninist Theory and Strategy,* Princeton University Press, Princeton, 1984.

10. "O final do Imperio dos tsares deixara entrever xa daquela que chegara a hora das nacións. A revolución adiou a súa vinda case un século. [... Pero] non pode evitarse o renacemento dos pobos e o descubrimento da súa identidade". Hélène Carrère D'Encause. *El triunfo de las nacionalidades. El fin del imperio soviético,* Rialp, Madrid, 1991, pp. 323-4.

11. Un resumo das "erróneas e perigosas suposicións" frecuentes nas análises deste e doutros conflictos xurdidos en Estados multiétnicos, en Paul R. Brass, "Elite competition and the origins of ethnic nationalism", en J. G. Beramendi, R. Máiz e X. M. Núñez (eds.) *Nationalism in Europe. Past and Present,* Universidade de Santiago de Compostela, 1994, vol. I, pp. 111-26.

nacións ata hoxe supostamente condenadas ó enfrontamento[12]. Non son poucas as aproximacións analíticas, non necesariamente de confesión nacionalista, nas que aniña o prexuízo de sinalar as comunidades culturais/nacionais como eixe sobre o que debe repousar a configuración política, presentando o cumprimento das esixencias nacionais como única garantía da paz. Mesmo a solución (?) ó problema da Bosnia multicultural acordada en Dayton (novembro de 1995) asenta non sobre os dereitos dos individuos, senón sobre o recoñecemento *político* dos tres grupos étnicos do territorio, tal como conciben que está estructurada a poboación os extremistas que, en defensa dos seus intereses, desencadearon unha traxedia que de ningún modo foi espontánea nin determinada por odios nacionais irrefreables[13].

O mesmo tipo de fusión incontestada da comunidade cultural e da política subxace —e refórzase— en achegas interpretativas ós máis variados asuntos. Aplícase tal preconcepción, por exemplo, á cuestión xudeo-palestina, ó supoñer o dereito dos dous pobos/nacións a cadanseu Estado, rexeitando por *antinatural* calquera outra fórmula de convivencia entre *cidadáns,* entre individuos non caracterizados etnicamente. Ou cando se culpa en exclusiva do fracaso dos Estados *fallidos* africanos á herdanza colonial dunhas fronteiras que non respectan o mapa étnico, facendo imposible a coincidencia do cultural e o estatal e xerando, como efecto fatal, arrepiantes conflictos entre grupos presentados como secularmente incompatibles, vendo imposible todo intento de réxime democrático que non contemple un reparto de cotas de poder etnicamente asignadas. Cáese así no pesimismo da interpretación primordialista do nacionalismo, que considera a inmutabilidade de certos vínculos indisolubles predeterminados por lazos *primordiais* (sangue, lingua, raza, visión do mundo...) dos que o ser humano nunca poderá prescindir e que condicionarán, de modo inevitable, todas as súas formas de comportamento individual e de relación social.

A evidencia do espallamento dos principios constitutivos do nacionalismo na mentalidade contemporánea aflora nunha gran diversidade de casos, sen que sexa preciso acudir a conmocións sociais extraordinarias. Sirva a reunificación de Alemaña en 1990 como exemplo de resolución pacífica desde a aceptación xeneralizada dunha perspectiva

12. Hai quen aínda soña, certo que con pouca esperanza, con que "un tipo de asociación totalmente voluntaria de estados esencialmente soberanos, chámese como se chame, podería constituír unha *terceira* Iugoslavia", despois do fracaso da de entreguerras e da titista. Denitch, Bogdan. *Nacionalismo y etnicidad. La trágica muerte de Yugoslavia.* Siglo XXI, México-Madrid, 1995, p. 28.

13. Catherine Samary resume atinadamente as distintas teses sobre as causas do conflicto en *La fragmentación de Yugoslavia. Una visión en perspectiva,* Talasa, Madrid, 1993, pp. 58-70. Unha boa exposición xeral en Carlos Taibo / José Carlos Lechado, *Los conflictos yugoslavos,* Fundamentos, Madrid, 1994[2].

nacionalista non explícita. En realidade, xa o propio termo *reunificación* ten claras connotacións de "volta á normalidade", suxerindo que a nación alemana (comunidade de definición cultural), dividida *artificialmente* por azares históricos, recobra o seu estado *natural* de unidade baixo o amparo da estructura política que lle corresponde. Desde este punto de arrinque, encóntrase *lóxico* que a identidade étnica alemana sobrevivise a case medio século de acantoamento nos dous Estados en que a nación resultou dividida na posguerra.

Interesados ambos —e a propia sociedade— en evitar apelacións étnicas que evocasen os excesivos fervores nacionalistas do recente pasado nazi, o campo parecera axeitado, despois de 1945, para a medra de novas formas de identificación. Non podía ser así, sen embargo, para unha mirada que, con máis ou menos consciencia, asume o discurso nacionalista. A identidade nacional —sostén de modo implícito este enfoque dominante a penas cuestionado— soubo resistir as presións tanto na República Democrática (RDA) como na República Federal (RFA). Os gobernos comunistas da RDA non foron capaces de promover con éxito unha nova identidade erixida sobre a superación dos lazos étnicos tradicionais polos que derivaban da ideoloxía socialista inspiradora da nova sociedade en construcción[14]. Pero tampouco na RFA callarían —opínase— as propostas de desenvolver un sentimento de comunidade posnacional articulada arredor dun "patriotismo constitucional", referido ós valores universais da democracia liberal, que reemprazase o tradicional nacionalismo alemán. Pouco se discutiu, dentro e fóra do país, sobre se o resultado final tiña que ser, *a fortiori,* o restablecemento da congruencia entre a nación e o Estado, a pesar dos sacrificios económicos que supoñía para a rica poboación da parte occidental e das repercusións considerables que a dimensión política e económica da nova/vella Alemaña implicaba para a enteira Europa. Comprobamos de novo que é a *invisibilidade* do paradigma nacionalista, que fai de tal evolución a única *razoable,* a mellor mostra do seu fondo enraizamento, do seu éxito por disimular o que é pura *construcción* baixo a aparencia de *naturalidade.*

14. Na RDA defendeuse que, desde 1945, había dúas nacións no antigo espacio alemán, unha burguesa e outra socialista, fronte ás teses da RFA sobre a existencia de "dous Estados e unha nación". Cf. Walter Schmidt, "The nation in German History", en M. Teich e R. Porter (eds.), *The national question in Europe in historical context,* Cambridge University Press, Cambridge, 1993, pp. 148-80. O autor, un marxista que compartiu a "teoría das dúas nacións", confesa que a conciencia nacional alemana, formada durante séculos, "amosouse máis forte e estable que a embrionaria desintegración causada polo antagonismo social" (p. 171).

III. AXENTES DE DIFUSIÓN NON NACIONALISTAS

1. *O Estado moderno*

A politización dos trazos culturais, en canto son considerados como os factores básicos do agrupamento social, convertidos en marcadores identitarios e en símbolos dunha entidade nacional primordial, da que son manifestación ó tempo que elementos constitutivos, resulta continuamente reforzada nas sociedades contemporáneas. E, en consecuencia, experimentan un efecto de magnitude semellante as deducións nacionalistas correspondentes. O proceso ten un carácter intencional cando se orixina en forzas políticas que confesan a súa convicción nacionalista, pero tamén cabe que sexa resultado indirecto ou secundario de actuacións en principio alleas ou mesmo contrarias a tal caracterización ideolóxica. Calquera que sexa a clase da motivación de que se parte, a conclusión é, como tratamos de amosar anteriormente cunha selección de casos, unha progresiva implantación social das concepcións nacionalistas da realidade.

A difusión e consolidación de tales postulados é reflexo, en gran parte, dos modos de acción dos principais actores do escenario político, a saber, os Estados e as elites. O medio de propagación máis inmediato constitúeno as actividades realizadas polos Estados que proclaman de modo expreso a súa determinación nacional e polos movementos etnonacionais minoritarios que desafían a configuración política dos Estados pluriétnicos. Pouco cómpre dicir, para os fins con que se concibe este escrito, acerca da repercusión das iniciativas destes Estados e grupos que perseguen fins especificamente nacionalistas, como non sexa que a súa mesma proliferación produce un efecto circular que aparenta xustificar a propia doutrina da que nacen. Centrarémonos, polo tanto, na influencia que no afianzamento da caracterización nacionalista da política exercen Estados e movementos que non proclaman de forma manifesta unha intencionalidade semellante.

A contribución do Estado moderno ó espallamento das concepcións nacidas co nacionalismo parte da súa necesidade de estimular a aparición e o fortalecemento de lazos de cohesión e solidariedade entre os membros da sociedade sobre a que exerce a súa autoridade. Só o Estado que atine a presentarse como expresión política dun conxunto de individuos autoidentificado como comunidade ligada por trazos e intereses compartidos obterá a lexitimación necesaria para requirir deles as múltiples esixencias e sacrificios que precisa o mantemento dunha estructura política tan complexa. De aquí a necesidade de promover o Estado medidas destinadas a fomentar unha identidade nacional que lle asegure a lealdade dos cidadáns, que reforce a xustificación instrumental da propia institución con complementos que

apelen á esfera emocional da persoa e que sacralice a entidade política facéndoa corresponder coa vontade da nación. Canto máis *evidente* resulte para os cidadáns a correspondencia entre Estado e nación, máis inextricables serán as ligaduras que os atan e máis *natural* a satisfacción do esforzo solicitado[15].

Aínda que cómpre ter tino de non resaltar en exceso o papel do Estado, facendo del o determinante case único da integración social, nos tempos modernos, certamente, os efectos das súas accións son dunha gran fondura. A súa incidencia na promoción da idea da nación como entidade de aparencia *natural,* case eterna, resistente no seu contido nuclear ós avatares do tempo, é dificilmente cuestionable. A afirmación dunha identidade nacional constituída desde tempos remotos é unha arma ideolóxica á que adoitan recorrer os Estados modernos como xustificación das demandas de lealdade e prestacións que formulan ós cidadáns. Mesmo unha tradición como a republicana francesa, tan ligada ós valores universais nacidos dos dereitos inherentes ó ser humano, expresados no ámbito político en forma de nación configurada pola agrupación *voluntaria* de individuos, apelou á imaxe da *France éternelle* como reforzadora da lexitimidade da súa estructura política. Aínda que o novo réxime francés nacera da ruptura co pasado sinalada pola Revolución de 1789, o Estado republicano estableceu a ficción da continuidade nacional no tempo e pretendeu ser expresión política dunha nación irreductible e homoxénea no cultural, pese ó desmentido dunha realidade que foi ben diversa ata este mesmo século, en que o labor de trabazón do propio Estado a través da escolarización xeneralizada, o servicio militar e as redes de comunicación permitiu a formación dunha conciencia identitaria francesa ata entón pouco consistente.

Esta proxección da nación actual cara ó pasado —en realidade, retroproxección do *concepto,* pois o seu contido é ben diferente— corresponde á visión nacionalista da historia, concibida como o relato da persistencia dun ente nacional que traspasa inalterable o decorrer dos séculos. Neste marco de presentismo histórico, de xustificación do *hoxe* pola referencia ó *onte,* atopan o seu lugar as numerosas celebracións —comúns ó Estado e ó nacionalismo— de acontecementos pasados escolmados en función dunha memoria selectiva guiada polas ansias de *obxectivar* a comunidade política actual por medio da demostración da súa existencia inmemorial. É neste contexto onde caben as construccións

15. Ulf Hedetof (*Op. cit.*, p. 35) sostén que a mentalidade nacional converte en reflexo da *natureza* o que pertence propiamente ó terreo da subxectividade, fortalecendo o dobre eixe en que se articulan os lazos nacionais: no senso vertical, entre o Estado e o pobo/nación e, no senso horizontal, entre as diferentes partes constituíntes do pobo/nación.

históricas que buscan elaborar un relato do pasado que se quere *diferenciado,* a lembranza de momentos *decisivos* para a nación ou a conmemoración de supostas datas fundacionais, que tan activamente se promoven desde o Estado e outras instancias políticas ou sociais.

2. *A nacionalización das elites non nacionalistas*

Se o Estado unitario contribúe ó asentamento da definición nacional da política ó afianzar a idea da súa correspondencia cunha nación concreta, moito máis directas son aínda as implicacións que deitan da mesma existencia dun Estado descentralizado segundo pautas etnoculturais. A distribución territorial do poder en función de semellantes criterios pode responder a un esquema de aplicación xeral na propia concepción do Estado, como no caso da Confederación Helvética ou no de Bélxica, ou ben a unha resposta de ámbito parcial reservada á satisfacción de demandas específicas de grupos minoritarios ós que se trata de acomodar nunha estructura estatal máis ampla, como acontece en España coas chamadas "nacionalidades históricas", en Canadá cos francocanadenses de Quebec ou, en niveis inferiores, en Italia cos *südtirolesi* xermanófonos do Alto Adixio ou cos francófonos do Val de Aosta. Pero ós efectos que agora nos interesan, é dicir, a consolidación da fundamentación cultural da política, resulta irrelevante se o ordenamento do espacio estatal segundo pautas de agrupamento cultural segue un ou outro modelo. Igualmente, é de importancia relativa o nivel de poder de que gocen cada unha das subentidades político-administrativas. Incluso se volve indiferente o grao de autogoberno que desde estas se demande como obxectivo ideal último. O decisivo radica en que o producto final en todos estes casos, aínda que diferindo na claridade e inmediatez con que se percibe, vén ser o mesmo: a reafirmación xeral da pretensión nacionalista da deducción de dereitos políticos dunha identidade cultural convertida en fonte esencial de lexitimación.

Dado o primeiro paso de institucionalización do étnico, medrará de seguido a incidencia social do principio ideolóxico que quere a congruencia entre o cultural e o político. De feito, calquera que sexa o nivel de competencias que conteñan as estructuras políticas intraestatais que pretenden reflexar identidades culturais/nacionais, unha vez establecidas, a súa simple existencia reforza de maneira inevitable a percepción comunitaria —desde dentro e desde fóra do grupo— dos individuos cos que se relacionan. A maiores, o efecto resulta completado pola posterior utilización da institución como instrumento de representación de certos intereses, agora concibidos e formulados como grupais, e polo conseguinte esforzo de fortalecemento de tal plataforma política por parte das elites do territorio, incluídas as que proclaman

partir de posicións non nacionalistas, que a recoñecen como apropiado e valioso campo de actuación.

Esta acción política que busca o asentamento das institucións etnonacionais constitúe un dos modos máis eficaces de reafirmación do argumento nacionalista de atribución de significación política engadida ós grupos de definición cultural. A utilización do "potencial etnonacional"[16] dispoñible é obvia nos partidos e movementos de inspiración nacionalista que interveñen nas entidades subestatais etnonacionais, pois deita da propia natureza da súa ideoloxía fundacional. Máis interesante resulta comprobar cómo tamén acoden a tales recursos étnicos actores doutras concepcións doutrinais, mesmo de organizacións que forman parte de agrupacións políticas de ámbito estatal e que negan a condición nacional do grupo de referencia. A actuación neste senso das forzas non nacionalistas débese, por un lado, a que a propia estructuración de base étnica que adopta a distribución do poder converte, de modo automático, o cultural nun elemento ineludible no xogo político e, por outro, a que os actores políticos todos recorren a el como instrumento indicado para afirmar a solidez das súas posicións e orientar do xeito máis favorable posible o sistema, tanto en relación coas outras forzas que interveñen na unidade política rexional como en relación ó centro estatal.

A recente transformación de España nun Estado descentralizado ofrécenos un campo de observación ideal para a comprobación dun fenómeno que se manifesta aquí con intensidade varia. Aínda que non con carácter xeral, o proceso español de reestructuración política territorial presupuxo, en certos casos, a singularidade cultural como criterio de definición grupal e, indirectamente, determinante de lexitimidade política, establecendo unha distinción, alomenos inicial, entre as tres "nacionalidades históricas" e o resto das unidades territoriais ás que se transferiría poder desde o centro estatal[17]. Asumiuse así, cos matices que se queira, o principio da politización da comunidade cultural, convertendo os seus trazos definidores en instancia identitaria e política. Unha vez formalizada esta pauta na constitución dunha entidade de goberno propia do grupo culturalmente determinado, a utilización dos recursos étnico-culturais na actividade política iríase estendendo progresivamente a todos os axentes que participan nela, incluídos os de lealdade e obediencia política estatal.

Nun marco destas características, a instrumentalización do cultural pasa a un primeiro plano do escenario político, tanto máis canto

16. Llobera, J. R. *Op. cit.*, p. 13.

17. A Constitución de 1978 alude ás "nacionalidades e rexións" que integran a Nación española (art. 2). Aínda que non establece diferencia ningunha en canto ós niveis finais de autogoberno de cada unha delas, é evidente a vontade de distinguir certas unidades de definición cultural.

maiores sexan o vigor e a consistencia da penetración na sociedade dos grupos estrictamente nacionalistas. Se estes dispoñen dunha capacidade de influencia social suficiente como para determinar unha parte significativa da axenda política habitual, prodúcese como efecto un *corremento* do escenario político cara ó nacionalismo, de modo que as demais forzas que concorren nese marco, aínda que se organicen e operen en principio desde unha perspectiva estatal, vense abrigadas a asumir certos elementos propios do seu discurso nacionalitario. Nunha ampla escala que descende desde os chanzos máis elevados que ocupan os nacionalistas puros ata os usos esporádicos e á comenencia por parte das restantes forzas, estes argumentos e actitudes tenden a se converter en permanentes na vida política do etnoterritorio.

O desenvolvemento do proceso de *nacionalización* da clase política rexional non nacionalista ten lugar por medio de mecanismos diversos en orixe, motivación e intencionalidade, pero confluentes todos cara ó desenlace único final. Por mor da brevidade, reduciremos os camiños a unha tipoloxía de dobre entrada, distinguindo entre as actitudes que nacen dos condicionamentos impostos pola mesma realidade política de forma etnonacional, por unha banda, e as que derivan da comenencia interesada desas elites rexionais non nacionalistas, pola outra.

En primeiro lugar, son os requirimentos impostos pola propia configuración política os que determinan as reaccións tácticas inmediatas dos partidos e movementos de confesión non nacionalista, forzados a miúdo a construír unha imaxe propia que limite a posibilidade de ser considerados pola sociedade etnonacional como mantedores de intereses alleos ós do grupo propio. Dado que a actividade política vai compoñerse en boa parte de procesos de negociación entre a unidade rexional e o centro estatal, así como entre as diversas unidades nas que se fragmenta o espacio político do Estado, os actores etnonacionais dese xogo deben procurar ser percibidos polos seus concidadáns como defensores do colectivo que queren representar. Por tanto, o propio marco descentralizado esixe das forzas políticas estatais unha *reconversión* que as dote dunha aparencia territorial axeitada á nova paisaxe política. De igual modo, obrígaas á asunción dunha parte do discurso nacionalista, como a mellor, e quizais única, maneira de acadar o dobre obxectivo de desactivar a súa eficacia mobilizadora e de minguar a vulnerabilidade que padecerían nunha situación de maniqueísmo político na que, dividido o escenario en dous campos delimitados pola lealdade nacional, outros puidesen gozar en exclusiva dos *beneficios* políticos da explotación da insatisfacción económica ou social por medio dunha lectura da realidade en clave nacionalista.

En segundo lugar, xunto coa presión do nacionalismo e do propio sistema, empuxa no mesmo sentido de territorialización da política un

concreto interese da clase política rexional non nacionalista por afirmar estructuras institucionais que reforcen as súas posicións fronte ó centro —partidario e estatal—, permitíndolles dispoñer dunha base de poder de certa autonomía. Nesta mesma orde de motivación, tamén no interior da división rexional da organización política estatal serán cada vez máis utilizados os recursos étnicos, adoptando certos líderes ou correntes internas un verniz máis *nacionalista* en función das necesidades conxunturais da propia competencia intrapartidaria.

Prodúcese no espacio etnoterritorial, como resultado, unha situación de ambigüidade derivada dos comportamentos dunhas elites non nacionalistas que forman parte do sistema estatal central pero que asentan cada vez máis a súa forza sobre piares rexionais. En función desa dobre referencia, deben atopar un certo equilibrio que lles permita combinar a solidez do soporte inmediato do seu poder cunha relación fluída co centro estatal e partidario, mantendo abertas canles que permitan optar por resaltar unha ou outra conexión á comenencia. O seu discurso político debe ser capaz de cubrir as dúas frontes, podendo acentuar un ou outro polo en función do contexto político central e rexional.

Son razóns de variada orixe, por tanto, as que levan á clase política territorial non nacionalista a promover a identidade cultural diferenciada no seu ámbito de actuación. Se estas elites rexionais exercen o poder na instancia subestatal, traducen o seu discurso en políticas de afirmación das diversas manifestacións culturais que se considera que expresan a especificidade do grupo etnonacional. A asunción máis ou menos parcial de criterios en principio válidos só desde a óptica nacionalista concrétase nun amplo abano de actuacións. Caben aquí a inclusión na retórica oficial de apelacións á "autoidentificación" e ó esforzo comunitario, a potenciación dos trazos identitarios *obxectivos* propios, desde a lingua ó folclore, a difusión dunha historia particular composta de "milenarios", "terras únicas" e "feitos diferenciais", a utilización dos símbolos identitários de creación ou uso nacionalista (bandeiras, himnos, mitos e figuras históricas...), a recuperación de formas propias de dereito histórico, a promoción de especies forestais e gandeiras "autóctonas"... e, en xeral, todo canto contribúa a destacar os sinais seleccionados para conferir á comunidade a peculiaridade que a constitúe como tal.

Aínda que sexa unha opción tacticista, máis ca o convencemento ideolóxico, a que move a estas elites non nacionalistas a impulsar modos de actuación que non cadran coas súas concepcións políticas de partida, o resultado da súa obra, tanto desde o poder como desde a oposición, vén facer de confirmación das teses que sosteñen a pertinencia da cualificación de grupo cultural diferenciado para este conxunto de individuos e a lexitimidade da edificación política construída

sobre estes alicerces fundacionais. A conclusión obrigada é que, ademais dos movementos nacionalistas, a práctica das agrupacións políticas estatais nunha entidade etnonacional subestatal contribúe considerablemente a espallar e reafirmar os fundamentos sobre os que se ergue o entrabado da doutrina nacionalista. De modo intencional ou como efecto secundario non buscado, o resultado é o reforzamento na opinión pública da validez do proceso polo que se define culturalmente o grupo e se extraen derivacións políticas desta consideración. Só os nacionalistas chegarán á inferencia última da existencia dunha nación soberana alternativa á promovida desde a perspectiva estatal vixente, pero é inevitable que, de forma máis ou menos consciente, esta deducción vaia impregnando a enteira mentalidade social.

Boa parte da consistencia dos efectos desta modalidade do espallamento dos principios de orixe nacionalista provén, xustamente, de ser resultado dun proceso no que desempeñan un papel activo sectores que non confesan ter as pretensións propias dese credo ideolóxico, de modo que se debilitan os posibles mecanismos de defensa e as reticencias de certos segmentos sociais ante propostas que quizais serían recibidas con prevención se fosen de clara procedencia nacionalista.

Aínda que as elites non nacionalistas, sabedoras do grao de instrumentalismo do que xorden as súas posturas neste terreo, crean posible o mantemento da posibilidade de establecer unha disociación entre identidade cultural e identidade (política) nacional, é probable que, a medio prazo, a utilización recorrente do elemento cultural, a selección e potenciación de trazos diferenciadores, derive nun esvaecemento da liña que separa este ámbito do propiamente político, convertendo a proclamación da nación nunha evidencia social xeneralizada. Dado o primeiro paso, a definición cultural do grupo, quedan postas as bases para o segundo, a conclusión de dereitos políticos, en calquera dos tramos da escala posible.

Resulta así na mentalidade popular unha transferencia de campos que altera os obxectivos iniciais desa clase política e transcende a súa intencionalidade inmediata. O que era concibido como retórica de uso conxuntural e limitado, sen fundamentación ideolóxica expresa, incorpórase á visión social da política, reforzando a percepción de constituír un grupo con dereitos políticos derivados de caracteres identitarios culturais.

Ademais, por extensión, a maiores do que afecta ó grupo específico propio, este proceso dá como subproducto, como resultado non directamente buscado, a confirmación do concepto nacionalista de nación como a realidade política xeral fundamental, como a categoría necesaria da lexitimación política en todas as circunstancias, como a base sobre a que fundar a distribución de poder no mundo. Ocasiónase así un efecto

de propagación do ideario que divide a humanidade en pobos/nacións ós que debe corresponder o control dos seus asuntos por medio dunha estructura política *propia* establecida sobre o *seu* territorio.

IV. CONCLUSIÓN

O arraigamento do imaxinario nacionalista na mentalidade contemporánea parece fundado en bases ben sólidas, admitida a pertinencia do agrupamento en función de marcadores identitarios de carácter cultural *obxectivo* e da atribución de significación política ás formacións resultantes. Revestida coa *aparencia de verdade* a aseveración que fai das nacións entes *naturais*, estas reafírmanse como as unidades políticas básicas do mundo deste tempo. O establecemento de conexións determinantes entre o cultural e o político —que atopou a súa expresión máxima na correspondencia entre o Estado e a nación, aínda que contempla outras gradacións de menor perfección— forma parte das crenzas socialmente asumidas de modo acrítico. Tal argumentación volveuse evidencia política e social non só para os nacionalistas, senón para a xeneralidade da sociedade, mesmo para opinións que se proclaman contrarias á súa doutrina.

Os exemplos expostos constitúen unha mostra da amplitude da presencia dos postulados sobre os que se constrúe a propia categoría de nación. Pero son tamén algo máis ca o testemuño da penetración da doutrina que lles outorga a súa lóxica. Ó mesmo tempo, amosan un dos modos de consolidación da presencia social do paradigma nacionalista e do seu aparello conceptual desde o exterior do seu campo específico. Nunha especie de efecto de retroalimentación, a mesma imaxe da realidade que se constrúe á luz destes criterios actúa, á súa vez, como revalidación das pautas doutrinais das que nace. Confirmados pola aceptación xeral das categorías que eles mesmos producen, os fundamentos básicos do nacionalismo traspasan o limiar da propia doutrina e intégranse como parte do conxunto de crenzas e valores compartidos que configuran o patrimonio común das evidencias sociais, do excluído de enxuizamento e avaliación. A presunción de verdade de que gozan será tanto máis sólida canto máis oculto permaneza o mecanismo ideolóxico orixinario. De aí a transcendencia do proceso de espallamento do seu núcleo doutrinal a través de instancias políticas e sociais que non profesan a crenza nacionalista de modo declarado.

Cultura e política vólvense elementos complementarios por medio do reforzamento do concepto de nación como natureza arraigada no pasado, preservada pola continuidade dos seus compoñentes constitutivos e convertida en suxeito histórico colectivo. Cultura, pobo e terri-

torio quedan ligados na nación de modo *natural,* converténdose o resultante no criterio de ordenamento político xeral. Mesmo se dubida da lexitimidade da instancia política que non responda a ese vínculo esencial[18].

Son abondo coñecidos os posibles efectos perversos da conversión da institución política en puro reflexo dunha suposta división social natural. O máis dramático, sen dúbida, deriva da pretensión de forzar a realidade para adecuala ó concepto, co obxecto de acadar o ideal da coherencia absoluta entre as fronteiras culturais e as políticas. Pero tamén, nun plano moito menos espectacular, aínda que de fondo calado, o predominio na mentalidade actual desta forma de nación imaxinada na tradición organicista está producindo a exclusión progresiva na práctica política doutros modos posibles de organización e distribución institucional do poder. Cada vez máis, os desafíos ós Estados existentes só se conciben e comprenden desde a proclamación dunha proposta alternativa de nación que atribúa esa categoría a un grupo non recoñecido ata entón como tal no plano político. É unha mostra de que, esvaída a liñaxe nacionalista á que pertence, a fundamentación cultural da política vai adquirindo a solidez reservada ás presuncións de verdade, ás crenzas incuestionables que forman parte das afirmacións de sentido común.

X. R. M.

18. M. Guibernau, por exemplo, distingue entre Estado "lexítimo", o que "se corresponde coa nación", e Estado "ilexítimo", o que "inclúe no seu territorio nacións diferentes ou partes doutras nacións". Considérase a este como unha construcción "artificial", dado que "é deseñado arbitrariamente ignorando as identidades culturais e lingüísticas dos grupos que se atopan dentro das súas fronteiras". *Los nacionalismos,* Ariel, Barcelona, 1996, pp. 71-72 e 131.

Dereita e rexionalismo galego na II República: Carlos Ruíz del Castillo

Emilio Grandío Seoane

Non é doado falar do período republicano sen paixón. A situación política dos anos comprendidos entre 1931 e 1936 foi de tal intensidade que no remate deste período provocou unha fractura entre a sociedade galega. Aínda que a sublevación de xullo de 1936 en Galicia foi protagonizada polas gornicións militares das catro provincias, foi un feito histórico a participación de elementos da sociedade civil, co conseguinte deterioro da convivencia social. De tal xeito permaneceu a lembranza deste período nos seguintes anos que o referente ideolóxico do franquismo foi sempre a idea de *desorde* da II República[1].

Sen embargo a realidade —sempre poliédrica— foi ben distinta ó que marcaban aqueles libros de historia. Durante estes cinco anos en Galicia multiplicouse o número de asociacións, non só políticas senón tamén de carácter económico ou cultural; ademais, a sociedade galega comezaba a desprazarse do rural ó medio urbano, na atracción dun certo espacio industrializador. As distintas comunidades artellábanse de acordo ós seus intereses, nun contexto de franca liberdade. Entre 1931 e 1936 a sociedade galega experimentou un acelerado proceso de modernización dos seus comportamentos sociais e económicos, que continuaba o iniciado neste eido a comezos do século[2]. As liberdades que trouxo o cambio de réxime motivaron que boa parte da sociedade galega se involucrara no proceso de construcción política.

1. Esta idea encóntrase moi definida no libro de Paloma Aguilar, *Memoria y olvido de la Guerra Civil española*, Alianza, Madrid, 1996.

2. Unha boa descrición deste proceso de modernización no primeiro tercio de século atopámolo na obra de Lourenzo Fernández Prieto, *Labregos con ciencia: Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega, 1850-1939*, Xerais, Vigo, 1992.

Ben se pode dicir que os niveis de desenvolvemento económico-social de Galicia nos primeiros anos do século ían por riba do seu comportamento político. Aínda que os sectores máis involucrados nas cuestións políticas daban paso a grupos novos da burguesía urbana que tentaban dar un novo pulo á sociedade, previa a finalización da monarquía. Esta mobilización política foi acompañada en ocasións de fortes doses de polarización nun curto período de cinco anos. Por suposto que existían grupos sociais e elites políticas galegas que defendían o *statu quo* anterior, sobre todo no referente ó control das corporacións locais. Estes sectores sufriron un forte impacto cando se coñeceron os resultados favorables ás candidaturas republicanas na maioría das cidades españolas nas eleccións municipais do 12 de abril de 1931. Dous días despois desta data proclamábase a II República, no medio de grandes manifestacións de apoio, o que non foi ben visto polos grupos conservadores, ó non encaixar na súa concepción elitista da política.

O poder político en Galicia foi axiña controlado polas xestoras provinciais. É destacable o absoluto dominio das institucións polos membros da ORGA en Pontevedra e A Coruña, especialmente neste derradeiro caso, xa que en pouco menos dun mes o partido dirixido por Casares Quiroga converteuse non só no dono do Goberno Civil, Deputación e principais concellos, senón tamén das tres cuartas partes das corporacións municipais da provincia.

A dereita galega ficou nun proceso de franca desorganización ata os últimos meses de 1931, data na que comeza un primeiro achegamento entre grupos de dereita católica desde Santiago. Estes movementos son dirixidos e controlados pola xerarquía católica a través da ACNP, que remataran na formación do partido máis representativo do conservadorismo español na II República, a Confederación Española de Derechas Autónomas (CEDA), que terá como principais dirixentes a Ángel Herrera e Gil Robles[3]. Este último converterase no líder da dereita española ata as eleccións de febreiro de 1936, onde a considerada "derrota" nesta votación posibilitou o seu relevo pola figura combativa de José Calvo Sotelo.

Existe certa tendencia na historiografía e no debate político a relacionar os fenómenos nacionalistas ou rexionalistas exclusivamente a través das opcións de esquerda. Sen embargo, isto non é totalmente

3. Sobre o que representou a CEDA no contexto da II República *vid.* Montero Gibert, R. *La CEDA. El catolicismo social y político en la II República.* Ediciones de la Revista del Trabajo, Madrid, 1977, 2 vols.; Tusell, J. *Historia de la Democracia Cristiana en España.* Edicusa, Madrid, 1974, 2 vols.; Valls, R. *La Derecha Regional Valenciana (1930-1936).* Edicions Alfons El Magnànim, Valencia, 1992; Moreno Fernández, L. M. *Acción Popular Murciana. La derecha confesional en Murcia durante la II República.* Murcia, 1987; Preston, P. *Las derechas españolas en el siglo XX: Autoritarismo, fascismo y golpismo.* Sistema, Madrid, 1986.

certo. Evidentemente, os movementos conservadores defenden postulados máis achegados á defensa de determinados intereses económicos, e por regra xeral, non tentan transformar a orde establecida. Sen embargo, a conflictiva situación social da II República motivou que nos primeiros meses tivera lugar certo proceso de reflexión nos grupos da dereita, na procura dos erros que levaran á perda do poder.

Por todos os voceiros daqueles meses atopamos proxectos de "renovación da dereita", ben apelando á xuventude ou á explicita aceptación do novo réxime. Os diversos grupos tentan adaptarse ó seu xeito á nova situación. No caso concreto da dereita católica de CEDA buscarase, ademais da creación de organizacións de carácter xuvenil e feminino —e dunha confusa aceptación do réxime republicano—, solucións ás cuestións xurdidas no Estado respecto ó problema nacional.

Era inevitable que a concepción do Estado e a organización territorial do proxecto cedista xurdira desde aquí. Se analizamos os partidos votados pola dereita sociolóxica española, observamos que Galicia é a única *nacionalidade histórica* do Estado que non contaba cun partido nacionalista ou rexionalista que captara os votos da súa dereita, ó estilo da Lliga ou do PNV. De feito, existían dentro dos grupos nacionalistas galegos sectores moi conservadores que coincidían en boa medida coas propostas en materia social da dereita españolista da II República. Só hai que facer mención dun Risco, dun Otero Pedrayo ou, nos últimos meses, dos sectores que decidiron irse do Partido Galeguista ante o seu achegamento ó Frente Popular creando Dereita Galeguista[4].

De feito, aínda que nalgúns casos con certas dúbidas, os primeiros núcleos cedistas recibiron o nome de Unión Regional de Derechas (URD), inspirándose na denominación da outra agrupación rexional pertencente á CEDA con personalidade de seu, como era a Derecha Regional Valenciana (DRV)[5]. As diferencias entre unha e outra agrupación ó longo do período republicano eran importantes, xa que o grupo valenciano, moito máis organizado e estructurado como partido, tiña como prioridade a defensa dos intereses comerciais da burguesía agraria exportadora de cítricos, mentres o grupo galego tentou dotar ós seus potenciais votantes dun aparello ideolóxico novo ante o ascenso das demandas nacionalistas.

Este e non outro foi o verdadeiro motivo do nome desta agrupación. Por unha banda construír un proxecto que captara certa *intención de voto rexionalista*, moi ligado ás demandas do conservadorismo,

4. Beramendi, J. G. e Núñez Seixas, X. M. *O nacionalismo galego.* A Nosa Terra, Vigo, 1995, p. 163; tamén Castro, X. *O Galeguismo na encrucillada republicana.* Deputación Provincial de Ourense, 1985, Volume II, pp. 780-92.

5. Tamén en Valencia téntase artellar certo discurso neoforalista, procedente en boa parte das súas orixes carlistas, segundo Valls, R. *Op. cit.*, pp. 36-50.

sobre todo no rural, entre os niveis sociais acomodados das vilas e o pequeno campesiñado propietario. Por outro lado, continuar coa tradición do conservadorismo galego desde Brañas, apostando cando menos por certa renovación do seu discurso. A URD non se comportou nas súas demandas como un partido rexionalista, a non ser que queiramos entender como tal os discursos de defensa dos intereses galegos nas Cortes deste período, e que ademais só partiron dun dos seus deputados, Eugenio Vázquez Gundín, o cal chegou a rachar por ese motivo a disciplina de voto do seu partido[6].

O feito de que se configurara unha Minoría Galeguista de deputados cedistas na lexislatura de Cortes de 1933-1935 nunca deixou de ser máis que un feito unicamente nominal. A creación en 1932 dun denominado Grupo Galleguista de Derechas por sectores rexionalistas da URD compostelana, moi resaltado na prensa afín, foi unha tentativa abortada desde o principio e da que nunca máis se soubo. Tampouco houbo unha aplicación orixinal destes proxectos nos concellos galegos nos que a URD gobernara, en solitario ou en coalición co Partido Radical, tras os sucesos revolucionarios de outubro de 1934.

A transcendencia deste discurso hai que buscala, pois, fóra do ámbito galego, na importancia que a estructura e proxección da URD tiña en relación co aparello madrileño do partido. ¿Por que aparece en 1933 a palabra "confederación" cando en realidade ben podían denominarse "Derecha Española"? ¿Non foi isto o que se pensou ó fundarse Renovación Española, o Partido Agrario Español ou o Bloque Nacional? Dentro do abano de partidos de dereita española do momento só a CEDA pensa na articulación dunha estructura unitaria de partidos locais, con particularidades propias, rexionais ou provinciais, con claros recordos dun neoforalismo de raigame carlista.

Dentro da xeografía da influencia cedista o lugar idóneo era Galicia, coas súas individualidades como pobo pero tamén dotada dunha tradición conservadora. O encargado de realizar esta ensamblaxe foi o catedrático de Dereito Político da Facultade compostelana, Carlos Ruíz del Castillo, cunha ampla traxectoria dentro das agrupacións políticas católicas, ademais dun profundo prestixio e recoñecemento no eido científico. As súas aportacións neste eido foron fundamentais para entender

6. Na sesión do 15 de novembro de 1935 Vázquez Gundín abordou o tema da diferencia de trato ós pescadores respecto ós campesiños ou obreiros. O deputado cedista Piñán, representando á Comisión, pediulle que retirara a emenda. Vázquez Gundín, decidiu desoír as recomendacións de Piñán e criticou as súas argumentacións. Deste xeito a emenda foi votada nas Cortes e, como se pode supoñer, foi rexeitada por 73 votos contra 38. A maior parte dos deputados galegos votaron a favor da emenda de Vázquez Gundín, indistintamente de que pertenceran a partidos de esquerda ou de dereita: González López, Iglesias Corral, Miñones, Rodríguez de Viguri, López Pérez, Blanco Rajoy, Taboada, etc.; *Diario de Sesiones de las Cortes*, Arquivo do Congreso, Madrid.

a evolución ideolóxica da dereita española da República, aínda que o clima de polarización política imposibilitou a constatación na práctica destes presupostos teóricos.

A TRAXECTORIA PERSOAL DE RUÍZ DEL CASTILLO

Carlos Ruíz del Castillo foi o ideólogo da Unión Regional de Derechas. Nado en San Sebastián en 1896, licenciouse en Dereito en Madrid en 1917, conseguindo o grao de Doutor tres anos máis tarde[7]. Desde moi novo vinculouse a grupos social-católicos e foi profesor do Instituto Católico Complutense de 1918 a 1920. Ó ano seguinte acadou a Cátedra de Derecho Político Español Comparado na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela, posto que desempeñou ata o seu ingreso como vocal do Tribunal de Garantías Constitucionais, elixido polas Facultades de Dereito en 1933.

A partir das súas relacións cos círculos católicos converteuse nun dos principais integrantes do Grupo de la Democracia Cristiana, despois chamado Partido Social Popular (PSP). O PSP significou a tentativa duns grupos católicos de participaren na política da Restauración desde a súa confesionalidade, configurando nos últimos anos do sistema unha opción renovadora de carácter demócrata-cristián. Desde a súa posición privilexada na Universidade compostelana, Ruíz del Castillo foi o encargado de organizar o partido en Galicia. Ademais de ser o representante de Galicia no Comité Central, formaba parte, xunto con Gil Robles, da súa Comisión Política.

Ruíz del Castillo presentou o relatorio principal da Asemblea Fundacional do PSP en Madrid xunto a Luís de Onís, Giménez Fernández e Gil Robles, co título de *Régimen político y administrativo del Estado*[8], avanzando certas propostas de rexeneración do sistema político mediante unha maior representación das corporacións. Pero o máis relevante é o prestixio acadado polo profesor compostelán dentro dos círculos do catolicismo político nos últimos anos da Restauración, defendendo certas propostas modernizadoras.

Durante a etapa da Dictadura de Primo de Rivera, Ruíz del Castillo foi elixido deputado da Deputación coruñesa en 1925, sendo o encargado de visitar os establecementos provinciais benéfico-docentes e cul-

7. A súa actividade xurídica atópase resumida no volume feito na súa honra co título de *Homenaje a Ruíz del Castillo*, editado polo Instituto de Estudios de Administración Local, Madrid, 1985, pp. VII-IX.

8. Alzaga, O. *La primera democracia cristiana en España*. Barcelona, Ariel, 1974, pp. 171 e 230.

turais composteláns. Publicou numerosos artigos e libros nesta etapa[9]. Gran parte da súa actividade durante estes anos baseouse en asistir —pensionado pola Universidade compostelana— a varias Facultades de Dereito europeas.

Desde esta posición académica, e mediante os seus contactos políticos, Ruíz del Castillo foi quen de levar a cabo a reconstrucción da dereita católica galega da II República. Posteriormente, foi reclamado polo Consello Nacional da CEDA, primeiro como representante de Galicia, e despois coa súa elección como membro do Tribunal de Garantías Constitucionais. Malia que a súa residencia estaba en Santiago, Ruíz del Castillo encontrábase moi ben considerado dentro do Comité Central, sendo nomeado Presidente da Sección Política na Asemblea de Acción Popular de Outubro de 1932, reunión onde se decidiu a participación do partido no sistema republicano[10].

Ó catedrático compostelán sorprendeulle o levantamento militar das tropas de Marrocos en Madrid, sendo encarcerado e refuxiándose posteriormente nunha Embaixada ata que en 1938 se pasou á zona controlada polo Exército franquista. Puido reincorporarse en Santiago ó servicio activo do ensino universitario, sendo nomeado Rector da citada Universidade desde 1939 ata 1942. En 1940 toma posesión da Dirección do Instituto de Estudios de Administración Local, no que se formaron ata 1966 —data na que foi nomeado Director Honorario— grandes especialistas na materia, ó mesmo tempo que simultaneaba este cargo coa súa Cátedra de Ciencia Política en Madrid.

Precisamente a súa saída en 1942 do Rectorado compostelán veu precedida duns conflictos fronte á xerarquía local de Falange ante a súa intención de seguir mantendo certo grao de autonomía universitaria. Nos primeiros días deste ano o profesor compostelán mandou retirar da Universidade uns carteis con frases de Franco e Arrese, que foron colocados estando ausente co permiso do Rector interino, o Vicerrector e profesor de Química Batuecas[11]. Ruíz del Castillo quedou absolutamente des-

9. *Principios de Derecho público y constitucional*, de Maurice Hauriou, traducción, estudio preliminar, notas e adicións, Editorial Reus, 1927; "Integración de la Democracia en una doctrina corporativa del Estado", *Anales de la Universidad de Santiago de Compostela*, 1925; *De la vida política (Impresiones de un espectador)*, Santiago de Compostela, Editorial Diario de Galicia, 1926; "El concepto jurídico-social de la propiedad y de sus limitaciones", *Revista General de Legislación y Jurisprudencia*, Editorial Reus, Madrid, 1926; *El conflicto entre el comunismo y la reforma social*, Sociedad de Estudios Políticos, Económicos y Sociales, Madrid,1928; *El sentido de la cultura a través de la Edad Media, del Renacimiento y del Socialismo contemporáneo*, Editorial "El Eco Franciscano", Santiago de Compostela, 1928; "Un schéma de la doctrine de la personnalité de l'État", en *Mélanges Hauriou*, Recueilsirey, París, 1929; *El socialismo como sistema de reforma social*, Editorial Subirana, Barcelona, 1930.

10. Monge y Bernal, J. *Acción Popular (Estudios de Biología Política)*. Imprenta Hermanos Sáez, Madrid, 1936, pp. 192-93.

11. Unha comisión do SEU visita a raíz deste feito ó Rector e este coméntalles que ese feito é unha intromisión inaceptable nas súas atribucións, xa que "ellos representaban

prestixiado entre as altas xerarquías galegas, precisamente por defender a independencia de criterios nuns intres nos que non era moi beneficioso seguilos. Os Decanos de Medicina, Filosofía e Letras e o Vicerrector Batuecas expresaron daquela ó SEU a súa posición contraria ó Rector, e Salas Pombo solicitou o seu relevo por un membro do Movemento[12].

Ruíz del Castillo era moito máis apreciado fóra de Galicia. Na década dos corenta é considerado como o mellor catedrático de Dereito Político do Estado, soando en varias ocasións como futuro Ministro. Sen embargo, as xerarquías falanxistas compostelanas non compartían esta impresión[13].

A traxectoria persoal de Carlos Ruíz del Castillo amósanos unha figura que desde a independencia que lle facilita o seu prestixio intelectual, tenta mantela ata as súas últimas consecuencias. Todos os seus proxectos políticos, a excepción do período da Dictadura de Primo de Rivera —adicado a temas exclusivamente académicos—, caracterízanse pola súa oposición ós dogmas políticos: fronte á Restauración, fronte a II República e fronte ó predominio da FET nos primeiros anos do Franquismo. Pero o que máis nos interesa é a súa postura nos primeiros anos da República, cando se converte no referente intelectual da URD. A súa figura non foi loada só entre os círculos católicos galegos, senón que tamén recibía grandes eloxios da organización central cedista. Estes intensificáronse ante o relatorio que presentou nos

a las Jerarquías del Movimiento y él representaba al Estado". Os mandos do SEU, co permiso do seu Xefe Nacional, volven a colocar os carteis, montando vixilancia dos mesmos. Ruíz del Castillo chama á Policía e despois de que os do SEU entoaran cánticos falanxistas diante dos cartaces, estes son retirados. Salas Pombo, Xefe Provincial do Movemento, manda finalmente volver a colocalos, despois de botar unha "bronca" ó Gobernador Civil Emilio de Aspe, e 72 horas despois retíranse co propósito de non humillar ó Rector. Salas Pombo comunicou estes feitos ó Vicesecretario General-Jefe Nacional de Provincias en carta do 19 de febreiro de 1942, na que lle indicaba o seguinte:

"Pero por encima de todo quedará así sentado que por cima de los deseos caprichosos e infundados de intelectuales tan llenos de egolatría como de hostilidad al Movimiento (que bien claramente se demuestra con sus hechos palabras y gestos) está la Falange" (segundo documentación facilitada por Miguel Cabo e localizada no Archivo General de la Administración de Alcalá de Henares, Presidencia del Gobierno, Caixa 89).

12. Os conflictos de Ruíz del Castillo cos grupos de Falange respecto á independencia universitaria xa viñan de antes. Salas Pombo informou tamén de que nese mesmo curso 1941-1942 "reprendió severamente" ó seu axudante de Cátedra Luís García Arias, Secretario Comarcal de Falange de Santiago, por incluír no programa varias leccións sobre Falange. Ademais comentaba o seguinte:

"En su Cátedra de Derecho Político ha seguido prestando una extraordinaria atención a los regímenes liberales de los que se muestra ferviente admirador en sus explicaciones de Cátedra" (AGA, Presidencia Gobierno, Caixa 89).

13. Boa proba do seu antiintelectualismo é o seguinte texto final do Informe de Salas Pombo, no que se refire ó daquela Rector compostelano:

"Por su carácter ególatra, natural y desdichadamente muy frecuente entre los intelectuales, es una de esas personas que miran a la Falange y al SEU encastillados en su torre de marfil, por encima del hombro, considerándose como seres superiores a aquellos que con su sacrificio, con su dolor y con su sangre ganaron para España la dignidad, y para él su bienestar y la tranquilidad" (AGA, Presidencia Gobierno, Caixa 89).

primeiros meses de 1933, primeiro na Asemblea Rexional da URD, e despois na Asemblea Constituínte da CEDA, deseñando a fórmula federativa das dereitas españolas[14]. A súa particular visión integradora do rexionalismo co discurso católico impresionou na sede central cedista, e desde esta considerouse que tiña que estar máis preto dos órganos de poder do partido.

Ruíz del Castillo convértese, deste xeito, nun personaxe fundamental para comprender a orientación, non só dos membros e militantes da URD, senón tamén das pretensións de renovación dos grupos de dereita que se encontraban na CEDA. Por outra banda, unha cousa é a teoría política e outra a práctica real. A orixinalidade do pensamento de Ruíz del Castillo radica precisamente nesa adaptación do rexionalismo na linguaxe política da dereita católica española, como continuación dos presupostos tradicionalistas.

A CEDA E O SISTEMA REPUBLICANO

Democracia e parlamentarismo

O concepto de *democracia* dos sectores republicanos e de esquerdas era refugado pola dereita española[15]. Para esta o único obxectivo dun goberno era o control do poder. Desde este punto de vista, as primeiras intencións das institucións republicanas só podían ter como prioridade a chegada, e posteriormente, a permanencia do seu monopolio de poder[16].

A oposición realizada pola dereita nos debates da Constitución de 1931 foi practicamente inexistente, ó non acadar unha representación suficiente nas eleccións a Cortes Constituíntes do 28 de xuño dese ano. Agrupacións e sectores conservadores encontrábanse representados na Cámara, como se comprobou na discusión sobre os artigos relacio-

14. En "De la Asamblea de Santiago. Confederación o fórmula de inteligencia para federar las derechas españolas", pubricado no *El Ideal Gallego* o 8 de febreiro de 1933.

15. Jose Mª Pemán falaba do carácter democrático da "Unión Patriótica" nestes termos:

"No comprendo cómo los que se llaman demócratas son hóstiles a las Uniones Patrióticas... cuando ellas son precisamente unas gotas de democracia infiltradas en el régimen dictatorial" (Pemán, J. Mª., *El hecho y la idea de la Unión Patriótica*, Madrid, 1929, p. 19).

16. Respecto á postura dos católicos do momento respecto á política que levaban os partidos republicanos é un bo exemplo o seguinte texto:

"Entre los católicos, en efecto, la política no es un sistema de gobierno presto a adaptarse más o menos bien a las necesidades de la sociedad, sin otro interés que proveer a los amigos de buenos beneficios para asegurarse su abnegación y preparar de esta forma una larga posesión del poder, o un retorno próximo en el caso de estar alejado del mismo" (fragmento dun dos panexíricos que se publicaron nestes anos a modo de libro que ensalzaban a figura de Gil Robles; en Boissel, S. J. *Un jefe, Gil Robles*. San Sebastián, Libreria Internacional, 1934, pp. 37-38).

nados coa Igrexa, pero a súa forza en número de escanos era moi reducida se temos en consideración os acadados pola coalición gobernamental republicano-socialista. Deste xeito a dereita política centrouse en rexeitar, non só un sistema político, senón tamén unha regulamentación constitucional cunha idea de Estado que non fora consensuada polos seus representantes[17].

As críticas ó "parlamentarismo", considerado por Ruíz del Castillo como *una deformación del régimen parlamentario*, conformáronse ó cabo dos anos, xunto á Constitución e a Democracia, nun dos puntos fortes da oposición de dereitas ó sistema republicano[18]. Aínda que se aceptase a idea de que o Parlamento era a representación da vontade popular, o sistema encontrábase mal enfocado desde as súas orixes. Para os grupos conservadores a asociación política era un apartado máis dunha realidade social, e como tal debía estar incluído dentro, non como suma duns obxectivos individuais senón como unha agrupación espontánea que forma parte dun todo: o Estado[19].

Ruíz del Castillo defenderá sempre unha articulación corporativa do Estado, idea por outra banda común á práctica totalidade da dereita non republicana por aquel entón[20]. A constante crítica que os intelectuais cedistas realizaron contra a democracia liberal acabou por sobrepasar os reducidos sectores que desde posicións conservadoras aínda pensaban na colaboración coa República. A dificultade maior desta adaptación ó sistema político vixente centrouse na aplicación da representación parlamentaria[21]. No catolicismo social aceptábase como

17. As críticas da Constitución de 1931 centrábanse sobre todo na incompatibilidade entre as leis aprobadas "teoricamente" polos representantes populares en Cortes e a complicada capacidade de reforma da lexislación mediante a vontade popular:

"Siempre que una Constitución sustrae a la revisión determinados principios, o establece un plazo durante el cual es irreformable, u otorga, en el procedimiento de revisión, una 'prima' a los Parlamentos (constituidos) sobre el Cuerpo de ciudadanos (constituyente) se enquista en la naturaleza del Poder constituyente el concepto de los órganos constituidos. De esta suerte, la característica de dicho Poder no consiste en ser una 'Dictadura', pues sus formas y finalidades vienen determinadas por 'principios'" (en Ruíz del Castillo, Carlos. "Democracia y Constitución rígida", *Miscellana A. Vermeesch*, Roma, 1935, pp. 133-34).

18. Ruíz del Castillo, Carlos. "Integración de la democracia en una doctrina corporativa del Estado..." *Op. cit.*, p. 56.

19. Ruíz del Castillo, Carlos. *El derecho de asociación.* Aportación a la VII Semana Social, Madrid, 1934, Imprenta Minuesa de los Ríos, p. 7.

20. Cabe afirmar que todas las formas políticas están en crisis, como los principios mismos a que sirven de instrumento. Las formas del porvenir serán, según lo anuncia todo, estructura de una sociedad total, pero orgánica (Ruíz del Castillo, Carlos. *Manual de Derecho Político.* Editorial Reus, Madrid, 1933, p. 145).

21. "El triunfo electoral que eleva un partido hasta el Gobierno de una nación, se debe generalmente —allí donde la opinión es avisada y donde hay lucha leal de tendencias— a su posición con respecto a un sólo problema: el más candente. Pero, con la mayoría conquistada, el Gobierno de partido legislará acerca de todas las cuestiones, no sólo de las presentes sino de las que suscite el porvenir, y sólo habría un medio de armo-

un mal menor a participación no sistema republicano. A delegación da representación política noutras persoas realizábase cando se daba por suposto a superioridade destas cara a esta actividade.

Para os católicos a monarquía era o sistema de goberno por excelencia, xa que encarnaba a continuidade coa tradición. Continuando nas ideas difundidas entre outros por Menéndez y Pelayo, o sistema monárquico funcionara nos séculos XIX e XX como un perfecto axente unificador, conformándose como algo propio da nación española. Para a Igrexa era un dos baluartes ideolóxicos máis firmes que lle quedaban tras a conformación do Estado liberal. No mes de abril de 1931, sen decatarse, a monarquía desaparecera, ou mellor dito fuxira, e no seu lugar instalábase unha República.

Xa que logo, a visión da República nestes anos é a de *una negación de la Monarquía, su antítesis*[22]. A idea de permanencia e continuidade da monarquía, logo de máis de cento trinta años de presencia practicamente ininterrompida dos Borbóns, era unha idea sen posibilidade de crítica: era parte do propio sentir do país. Sen embargo, determinados grupos observaban vicios de orixe no funcionamento do sistema canovista, unicamente interesado en manter unha plataforma de intereses, incapaz de xerar ideais na sociedade[23]. Para a dereita intelectual, a vontade popular da maioría nas urnas actuaba na sociedade como un *dogma triste y frío*, dentro do que non tiña cabida nengún tipo de estímulo espontáneo da comunidade. A esta participación das masas uníanse sensacións de caos, de desorde, e mesmo dun certo catastrofismo ante a nova dirección que tomaba a política[24]. Aínda que non todos os

nizar la opinión parlamentaria con la electoral en cada momento: someter al 'referendum' popular cada ley aprobada por el Parlamento. Ganaría entonces la democracia, aunque perderían mucho otros intereses muy atendibles. Lo que puede asegurarse es que si menudearan estas consultas al Cuerpo electoral, los partidos acabarían por desarticularse" (Ruíz del Castillo, Carlos. *De la vida política*... Op. cit., p. 10.

22. Ruíz del Castillo, C. *Manual de Derecho Político*. Op. cit., p. 142.

23. "Los engranajes así constituidos, ni se derivaban de ninguna causa nacional, ni tenían tampoco por fin realizar ningún género de aspiraciones públicas. Lo prueba así el hecho de que las organizaciones de un mismo partido en distintas provincias no se sentían vinculadas en ninguna solidaridad. El cantonalismo o el clanato era la solución de gobierno adecuada a tal estado de cosas, pero cada organización —con su peculiar contraseña personal— convergía, a través de sus directores, en la jefatura de un conglomerado —partido político—, y el centralismo —no la comunidad— era corolario inevitable de esta organización, con lo cual la efectiva disgregación de voluntades se agravaba con la enorme ficción de la unidad, que no siendo sentida por nadie tenia que ser para todos extraña" (Ruíz del Castillo, Carlos. *De la vida política*... Op. cit., p. 17).

24. "Advinieron las masas con impulso desmandado, desbordaron el área de los Regímenes establecidos, proclamaron expresamente su aspiración revolucionaria, en forma de acción directa sindical o de Revolución socialista o comunista que no recataba su credo de violencia y su propósito de perpetuar los establecimientos de la fuerza mediante la Dictadura del Proletariado" (Ruíz del Castillo, Carlos. *En el confín de dos épocas (La repercusión de la crisis moderna del espíritu en la idea del Estado)*. Imprenta Paredes, Santiago de Compostela, 1939, p. 40).

social-católicos participaban desta idea —e aí temos os esforzos de adaptación levados a cabo por Luis Lucia e a Derecha Regional Valenciana antes da caída de Primo de Rivera—, o certo era que na mente destes existía aínda o recordo da profunda inestabilidade política da I República[25].

A RELIXIÓN E A PROPIEDADE

As medidas tomadas polos primeiros gobernos republicanos respecto ás disposicións de carácter relixioso foron consideradas como unha agresión ós valores tradicionais, o que fixo reflexionar ós grupos católicos sobre as súas pasadas actuacións[26]. Son as organizacións confesionais as que ó longo das primeiras décadas do século XX impulsan a intervención dos católicos na política diaria. Era moi difícil conseguir que a Igrexa e o Estado se ignoraran, xa que tiñan idéntico propósito: o control ideolóxico dos cidadáns. Para Ruíz del Castillo, entre as dúas institucións existían importantes diferencias, pero destacaba o carácter totalizador do Estado:

> La Iglesia, por ejemplo, tiene un poder legislativo, administrativo y jurisdiccional sobre sus fieles, y éstos vienen obligados a acatar las decisiones de la Jerarquía. Pero les cabe un supremo recurso para eludir la obediencia: abandonar la Iglesia. Mientras que el Estado persigue siempre a un súbdito, por lo cual ha podido decirse que al Poder del Estado no escapa hoy nadie[27].

A valoración positiva do pensamento social-cristián chegaba ata o punto de crer firmemente que a diferencia esencial entre socialistas e

25. A sensación de que a orde tradicional rompérase amosábaa o propio Ruíz del Castillo cunha visión catastrofista do tránsito dos sistemas políticos ó longo da historia:

"La ruptura de esa armonía en el seno de las instituciones adopta forma de derrumbamiento social. El desquiciamiento de la sociedad está precedido por un desmoronamiento de la armadura institucional. El orden orgánico que se resquebraja es sustituido por fuerzas obscuras, de origen revolucionario, que todo lo arrasan en su propio impulso de fugacidad" (Ruíz del Castillo, Carlos. *El derecho de asociación.* Op. cit., p. 11).

26. Gil Robles, nun discurso realizado en Madrid o 16 de xuño de 1932, manifestaba o seguinte respecto ó significado da relixión católica nos anos anteriores:

"La religión de España, la oficial, era poco más que esas manifestaciones profanas de la España oficial que no tenía savia vivificante, y así, poco a poco, por la distracción de los unos y la indiferencia de los otros, quedó reducido el catolicismo oficial en España a determinados actos oficiales. Era la misa oida en el patio del cuartel por los soldados formados, que oían quizá un pasodoble desde alzar hasta consumir, y que después se marchaban a blasfemar impíamente sin acordarse para nada de la misa que acababan de oir. Era el ciudadano que oía misa los domingos y que no tenía inconveniente con su publicidad, con sus acciones, con su dinero, en favorecer a la Prensa impía, que iba poco a poco disolviendo a la Nación. Eran los elementos oficiales, que acudían al lado de los obispos a la bendición de una primera piedra, pero que traían a Fernando de los Ríos, sin oposición, a una cátedra en Madrid" (Boissel, S. J. *Op. cit.*, pp. 119-20).

27. *Manual de Derecho Político.* Op. cit., p. 28.

católicos era o *prejuicio anticlerical, herencia del liberalismo burgués del siglo pasado*[28]. Cando os partidos de esquerda se atoparon co poder nas súas mans dispuxeron del dun xeito arbitrario, sen ter en conta os intereses dos seus gobernados. Unha das súas primeiras medidas foi socavar na conciencia ética da "nación", atacando unha das súas bases: a relixión católica. O mesmo Gil Robles expoñía a visión oficial da aínda Acción Popular respecto ás relacións Igrexa-Estado nun discurso pronunciado en Madrid o 16 de xuño de 1932:

> En pura doctrina, en tesis, el ideal nuestro ya sabemos cuál es: la Iglesia y el Estado son en sus órbitas respectivas dos sociedades completas y perfectas, que tienen que relacionarse según la superioridad e inferioridad respectivas de los fines que tienen que cumplir. El Estado tiene que cumplir fines meramente materiales, fines temporales. En la Iglesia hay que buscar el fin sobrenatural; el fin de la Iglesia es superior, por tanto, al del Estado. En pura tesis, la relación tiene que ser la subordinación de lo temporal a lo espiritual. ¿Quién puede dudar de esta teoría? Pero en hipótesis, dentro del momento actual, ¿quién se atreve a defender este concepto con garantía mínima de que puede llevarse a la Constitución cuando estamos en época persecutoria? Tenemos que amoldarnos al momento actual, y con arreglo a él tenemos que decir que los católicos quieren una libertad, que hasta ahora se les está negando: el reconocimiento de la independencia y de la personalidad de la Iglesia en su esencia, en sus medios, en sus fines y en su jerarquía[29].

Os representantes da relixión católica, deixando á marxe o seu carácter xerárquico na sociedade española, convertéranse andando o tempo non só nun sistema organizado que interesa á conciencia de cada individuo, senón que se converte en *un sistema de acciones y de instituciones, que tiene su trasunto en la vida social*[30]. O catolicismo formaba parte da identidade do Estado: España e o catolicismo eran imposibles de desligar. Eran partes dun mesmo todo, definido e indisoluble, precisamente porque os elementos forxadores da nación española foran a monarquía e a relixión católica.

Un dos principais argumentos do catolicismo social da República era a súa crítica a unha lexislación que recortaba os privilexos da relixión. A aplicación do artigo 235 do Código Penal que castigaba con arresto maior e multa de 500 a 5.000 pesetas a todo aquel que *escarneciere públicamente alguno de los dogmas o ceremonias de cualquiera Religión que tenga prosélitos en España*, non era suficiente perante a cantidade de leis aprobadas que restrinxían as competencias da Igrexa.

28. *El Socialismo...* Op. cit., p. 27.
29. Boissel, S. J. *Op. cit.*, pp. 121-22.
30. *Manual de Derecho Político.* Op. cit., p. 403.

As Cortes Constituíntes sancionaron na Constitución certos artigos relativos á Igrexa Católica que levantaron unha severa oposición da dereita, sobre tódo os 25, 26 e 27. Non casualmente polos meses finais de 1931, data da súa discusión na Cámara, comeza o proceso de reconstrucción da dereita por propagandistas católicos que conforman grupos de Acción Popular por todo o Estado. Apreciacións recollidas na Carta Magna dese ano como a consideración das confesións relixiosas como "Asociaciones sometidas a Ley especial", a disolución das Ordes que tiveran voto de obediencia a unha autoridade distinta da lexítima do Estado, ou o feito de que as manifestacións públicas do culto tiñan que ser autorizadas polo Goberno, fixeron o seu efecto nunha xerarquía moi beneficiada polo apoio das institucións oficiais no derradeiro tercio do século XIX e nos primeiros anos do XX.

Formaba parte deste paquete de medidas a incompatibilidade entre a condición de relixioso profeso e os cargos de Ministro ou Presidente da República[31]. Para Ruíz del Castillo, a intención última de todo este desarme da Igrexa era a substitución da institución eclesiástica pola fe nun Estado todopoderoso[32].

Outro dos argumentos máis utilizados pola dereita española destes anos era a defensa da propiedade ante o temor dunha nacionalización dos medios de producción, de xeito similiar ó acontecido na Rusia de 1917. As primeiras iniciativas dun partido de corte católico nos últimos anos da Restauración —o PSP— demostraran a imbricación entre confesionalidade e a defensa da propiedade[33]. Coa aprobación da Constitución de 1931, as posibilidades de nacionalización trascendían do nivel especulativo á realidade, xa que no seu artigo 44 deixaba aberta unha vía de socialización da propiedade, sempre que fora ó servicio dos intereses da economía nacional. Para a ACNP, estas disposi-

31. Aínda que non se aplicou na práctica, como proba o feito da elección de Alcalá Zamora como Presidente da República; no *Manual...* Op. cit., p. 224, Ruíz del Castillo argumentaba que a Constitución non fora apoiada nin por unha quinta parte das Cortes Constituintes; en "Democracia y Constitución rígida", *Op. cit.*, pp. 21-22.

32. "Es curioso asistir a esta misa negra del Estado laico, que pontifica en nombre de la libertad otorgando a votos de conciencia, que expresamente desconoce, una validez al revés, con efectos puramente prohibitivos. Desconocer el estado del religioso, como fundado en votos internos que no pueden alcanzar vigor ante el Derecho, y prohibir los votos que originan ese estado en nombre de los efectos civiles que no pueden producir, es un alarde de imaginación que sólo puede permitirse al refinamiento de los perseguidores, cuando además de perseguidores son juristas" (en Ruíz del Castillo, C. *El derecho de asociación.* Op. cit., pp. 16-17).

33. "Al Partido Social Popular pueden pertenecer cuantos ansíen la regeneración de España dentro de cauces cristianos, sin que tengan que abjurar de su credo político particular, si quieren aceptar el programa que está inspirado en las sanas y legítimas reivindicaciones sociales que en el régimen de la propiedad y el trabajo deben introducirse. Todo ello fundado en la más pura ortodoxia católica, porque sería inútil cuanto se intente para restaurar los órdenes económicos y políticos, si no se comienza por la restauración cristiana de la sociedad" (Boissel. *Op. cit.*, p. 26).

cións eran producto dunha errónea visión economicista da Historia, onde a "antigua convivencia y participación de las clases sociales ha sido sustituida por el absentismo y por la comercialización de la propiedad privada[34]". A defensa da propiedade individual debía ter a súa principal base na rendibilidade do sistema de producción capitalista, xa que ó eliminar a competencia —non necesaria no novo Estado socialista— desaparecía a motivación económica[35].

Desaparecido este estímulo individual, a falla de iniciativa converteríase en nota común, e as estructuras encargadas da súa xestión unicamente poderían manter a producción e o traballo mediante unha maior disciplina. Para Ruíz del Castillo o criterio das "necesidades" como modelo de distribución de bens era por riba de todo un concepto subxectivo, carente de calquera reflexión desde a práctica[36]. A acumulación da propiedade en certos grupos sociais repercutía positivamente nos demais sectores: se o patrono ía ben na súa empresa, os seus empregados tamén gañaban. Ademais a desaparición da propiedade rompería todo vencello coa terra ou cos seus bens.

En resumo, unha sociedade sen estímulo provocaría a falta de continuidade dos Estados, e a poboación converteríase en "masa", auténtico demo dos grupos conservadores. A creación dun número importante de pequenos propietarios fomentaría neles o sistema de valores desa sociedade, mentres pola súa contra, a existencia dunha clase numerosa privada de toda participación na riqueza, constituiría sempre un perigo latexante. Por riba de todo o que non se podía facer era caer nunha situación de desorde. A estabilidade do sistema político, froito tamén da conxunción dos distintos intereses da sociedade, era necesaria para un axeitado desenvolvemento económico[37].

O ESTADO

A nova realidade política

O discurso católico artella o seu mundo a partir dunha loita continua entre opostos, o Ben e o Mal. Non por casualidade, ó longo de toda esta exposición do pensamento de Ruíz del Castillo vemos apa-

34. *Manual de Derecho Político.* Op. cit., p. 247.

35. "El motor de la producción es el estímulo individual; la supresión de éste arruina la producción, con lo cual se perjudica la colectividad. El bien de la colectividad —el bien común— está, pues, presente en la justificación de la propiedad individual. Es decir, que en la propiedad privada no está en juego únicamente el provecho individual, sino la correlación, que se reputa necesaria, entre ese provecho y el interés público" (*Manual de Derecho Político.* Op. cit., p. 249).

36. Ruíz del Castillo, Carlos. "El concepto jurídico-social de la propiedad y de sus limitaciones". *Op. cit.*, pp. 16-17.

37. "El concepto jurídico-social..." *Op. cit.*, p. 31.

recer continuas referencias ás excelencias e bondades da Idade Media. Esta etapa histórica representaba o sentido ético da existencia fronte ó individualismo da época renacentista. Desta aplicación da nova concepción racionalista abrollarían todos os males do home, que ata ese intre se atopaba mergullado nun sentido relixioso da súa existencia[38].

Ruíz del Castillo, nun artigo da revista *Acción Española* en 1932, insistía nas teses medievalizantes de Berdiaev, autor moi apreciado polos sectores conservadores desta década pola súa proposta de que a Europa estaba a chegar unha "nova Idade Media":

> Toda Edad Media está labrada por una unidad moral y vigorosa. La dispersión del pensamiento aparece tan extraña como la de la energía vital. De la unidad moral se deriva la unidad social. De la comunidad de creencias brota el orden. Es un orden espontáneo, cuya raíz es suprasensible, íntimamente religiosa. A la luz de este orden, la jerarquía se concibe como función, y es antípoda de la fuerza. La vida social se articula a través de nexos orgánicos: la Iglesia, el Consejo, la Universidad, los Gremios, la Monarquía y las Cortes encarnan las energías duraderas... En la obra inmensa de Santo Tomás se refleja este poderoso sentido de unidad espiritual y de interna coherencia que caracteriza una Edad Media[39].

¿Que fora o que fallara nesa construcción teórica que desestabilizou todo un universo ideolóxico? A resposta era clara: a excesiva preponderancia que desde o Renacemento se lle concedeu ós contidos racionais. Desde as posicións máis tradicionais a "Razón" non pode considerarse

38. Ruíz del Castillo pronunciou as seguintes verbas nun curso organizado polo Grupo de la Democracia Cristiana o 29 de xaneiro de 1927 na Real Academia de Jurisprudencia de Madrid:

"Mas el Renacimiento es una medalla que tiene su reverso, como todas las medallas. Está en él la quiebra del sentido religioso de la vida; la larva de un espíritu individual opulento, pero que llega a perecer porque se desvincula de un sistema de garantías sociales; está la supeditación de la idea del género humano, es decir, de la comunidad fraterna de los hombres, a los fines de una competencia desenfrenada e ilícita; está el racionalismo llevado al límite, con la tendencia a sustituir la espontaneidad de las instituciones sociales por la rigidez de las construcciones jurídicas, y, por esto, brota al comienzo de la Edad Moderna el absolutismo, que será cesarista con el protestantismo y con la religión civil de Rousseau; y, en fin, en el orden económico, fue el Renacimiento, como ha advertido un ilustre Profesor de nuestro Grupo, el Sr. Minguijón, el reducto de la economía del salario, que se levanta sobre las ruinas de la economía de base familiar" (Ruíz del Castillo, Carlos. *El socialismo como sistema de reforma social.* Op. cit., pp. 22-23).

39. Ruíz del Castillo, Carlos "Liberalismo y época histórica", *Acción Española* 8 (1932), p. 124. Esta concepción en contra do individualismo racionalista fora utilizada tamén nos últimos anos do século XIX por boa parte dos pensadores conservadores daquel intre:

"Unha Idade Media 'ideal' funciona en Brañas como arquetipo mais tamén como programa sociopolítico enfrentado á nova orde social, política e ideolóxica do capitalismo...

Todo un sistema de contraposicións que edifica unha Idade Media como Idade de ouro, como Paraíso perdido coa chegada dos ventos de contemporaneidade e que é preciso recuperar a todo costo xa que a súa perda supón a perda da esencia mesma de Galicia" (Máiz, R. *Alfredo Brañas.* Galaxia, Vigo, 1983, pp. 46 e 48).

como a única condición para que un goberno considere o que é xusto ou inxusto. Ademais diso necesítase o contrapeso do "Espírito", dun certo sentido da ética, indispensable para conseguir situacións de equilibrio na práctica do poder:

> No ha fracasado la Razón, ordenadora del mundo, sino su orgullo: la Razón, que no contenta con comprender el mundo, aspiró a subvertirlo y a reemplazarlo por otro que fuera exclusiva creación de ella. Este es el fenómeno *racionalista*, que implica la tendencia a construir un mundo abstracto y a sustituir la vida por la Geometría.
>
> De este intento artificioso derivan muchas consecuencias deplorables. La más paradójica de todas es la que se analizará más adelante: la época que ha querido someter a la Razón geométrica las relaciones psíquicas de los hombres y de los pueblos, ha desatado las Revoluciones más pavorosas de la Historia, ha coincidido estrictamente con el apogeo del espíritu revolucionario. Con normas de Arquitectura ha organizado la destrucción[40].

A pesar do rexeitamento que demostraban os grupos católicos por este sistema, o único certo era que o que necesitaban era integrarse dentro deste para poder intervir na política do Estado. Ruíz del Castillo daba esta definición das asociacións políticas:

> Los partidos son formaciones espontáneas que surgen alrededor de ciertas ideas o de ciertos caudillos, aspirando a realizar un programa mediante la participación en la vida pública y en el Poder político[41].

O emprego de termos como *espontáneas* ou *caudillos* é comprensible tras observar a evolución ideolóxica da URD. A política convertíase nun perfecto instrumento no que unificar as distintas orientacións que existían entre as elites conservadoras. O núcleo central do pensamento da CEDA é a busca de solucións contra a "desorde" en todos os seus planos, ben na sociedade ou no propio aparello da organización política.

A nova realidade obrigaba a mellorar a imaxe desta dereita galega, dotar ó partido dun contido ideolóxico nidio e claro, utilizando incluso medios só practicados ata este intre por partidos republicanos e obreiros. Había que adaptar o discurso ós tempos. Teoricamente non

40. Ruíz del Castillo, C. *En el confín de dos épocas (La repercusión de la crísis moderna del espíritu en la idea del Estado)*. Op. cit., p. 6. Segundo J. G. Beramendi, o feito de que todos os problemas teñan unha última orixe moral atópase como consecuencia deste idealismo católico trascendente; en Beramendi, J. G. "El Partido Galeguista y poco más. Organización e ideologías del nacionalismo gallego", Beramendi, J. G. e Máiz, R. (comps.), *Los nacionalismos en la España de la II República*, Siglo XXI, Madrid, 1991, p. 140.

41. Esta concepción procede de Hauriou, profesor da Universidade de Toulouse, Facultade de Dereito na que Ruíz del Castillo estivo pensionado durante a etapa da Dictadura de Primo de Rivera. *En el confín de dos épocas*. Op. cit., p. 119.

se podía volver caer no erro de dar corpo a formacións políticas sen ideas, que funcionaran exclusivamente como plataforma electoral dun determinado candidato. A estructura de partido non podía ser observada como unha finalidade en si mesma, sen ter en conta o tipo de mensaxe que se pretendía amosar á súa base social[42].

Nestes anos a vontade popular como motor da política segue sen ser unha cuestión aceptada de xeito total. Para a inmensa maioría dos sectores da dereita de finais da década dos vinte a victoria nas urnas reflectía o apoio das masas cara a unha determinada postura, pero non se pode converter nun cheque en branco para todas as súas accións de goberno. O carácter "común" da masa e a grande multiplicidade de tendencias dentro dela imposibilitaba unha coincidencia absoluta de intereses entre o partido vencedor e os seus votantes. Unicamente a continua convocatoria de referendos perante cada lei aprobada no Parlamento solucionaría este problema de lexitimidade[43].

Ante este novo sistema non desexado, a dereita galega da II República apelaba na procura deste voto a contidos sentimentais: nos comentarios que se facían respecto ás agresións que as institucións republicanas facían contra a Igrexa[44]; no pretendido aire de anovación política a carón da presencia dos partidos de base obreira[45]. Fomentaríase tamén a disciplina de partido a través da coordinación dos órganos da propia organización, potenciando o espírito de compañerismo e unha fe absoluta nos seus superiores xerárquicos[46].

Outra das causas do rexeitamento cara ó sistema de goberno era a identificación de república con marxismo. Existía o fondo convencemento nas filas da dereita de que o concepto marxista da producción planificada representaba un salto cara a atrás, un retorno á sociedade primitiva[47]. A

42. Aínda despois de acadadas certas cotas de poder a tendencia tradicional á "burocratización" do partido debía ser substituída pola renovación e o contacto diario coa poboación á que querían representar. Esta crítica de Ruíz del Castillo ós partidos políticos tradicionais encóntrase no seu artigo *De la vida política...* Op. cit., p. 6.

43. *De la vida política...* Op. cit., p. 10 e *En el confín de dos épocas...* Op. cit., p. 46.

44. "Pero, además, el mundo del espíritu supera al vital. La inteligencia y el sentimiento son más propensos que el organismo fisiológico a la reacción y al cambio, y el bien capta a las almas con acción irresistible y, muchas veces, rápida. No hay empresa política que deje de apelar a la propaganda, y, aún los tiranos de todos los tiempos, se han visto precisados, ya que no a convencer, a halagar las pasiones de las multitudes, enervando al pueblo con los placeres para que no hiciera imposible la pacífica posesión del Poder" (en "Integración de la democracia...". *Op. cit.*, p. 73).

45. "Esta adaptación del tradicionalismo a las nuevas realidades persigue justamente hacerlo más eficaz para la consecución de su objetivo principal de siempre: condicionar las transformaciones en curso de modo que estas dejasen en pie lo más posible de todo aquello que, en su opinión, debía conservarse. Para ello había que reconducir el cambio hacia la permanencia, presentar la tradición como la mejor forma de progreso" (en Beramendi, J. G. "El Partido Galeguista y poco más..." *Op. cit.*, pp. 144-45).

46. *El Socialismo como sistema...* Op. cit., pp. 33, 35 e 36.

47. Ruíz del Castillo, C. *El conflicto entre el comunismo y la reforma social.* Op. cit., pp. 54-55.

aceptación da teoría marxista implicaba tamén unha submisión total dos militantes das organizacións de esquerdas ós dirixentes do partido, cun férreo control interno. O valor individual de toda persoa ficaba substituído pola busca do número baixo o anonimato da masa[48]. A posibilidade de intercambiar posicións entre ambos polos absolutos —corporativo e marxista— era sumamente difícil, cando non irrealizable[49].

Unha argumentación posta de manifesto en numerosas ocasións pola dereita española era a conexión entre marxismo e violencia, abarcable non só nas relacións de tipo laboral senón na propia acción política revolucionaria. Refugaban a pegada da "Komintern" nos movementos revolucionarios do mundo. A propia concepción internacionalista dos partidos socialistas e comunistas europeos era tamén obxecto de crítica, xa que para os representantes da CEDA era precisamente a insolidariedade o punto que mellor definía a estas organizacións[50]. A visión catastrofista do comunismo como insurrección e exemplo de inestabilidade social era en gran parte producto do xeito en que os bolcheviques toman o poder en Rusia en outubro de 1917. Segundo esta teoría a desorde social apodérase nesas datas da sociedade rusa, e a anarquía conduce ó asasinato dos membros dunha familia real europea[51].

As conclusións dos grupos conservadores españois levan a argumentar, tras a refutación de gran parte dos argumentos da teoría e a práctica socialista, que o único propósito da dictadura do proletariado, da institucionalización do pensamento comunista, era construír un instrumento de vinganza. Os homes encargados de dirixir as organizacións marxistas non podían estar capacitados para iso, e só podían transmitir a súa autoridade unicamente a través da dominación[52]. A ética e os bos sentimentos cara á sociedade víanse substituídos pola xenreira contra da orde establecida.

Outra das constantes do pensamento conservador destes anos é a práctica ausencia de autocrítica respecto ás posibilidades de establecer relacións coas organizacións de esquerdas. Isto levou a unha profunda radicalización dos discursos das distintas forzas políticas, tanto nun bando como noutro, o que inevitablemente conlevaría a procura de

48. Ruíz del Castillo, C. *El sentido de la cultura a través de la Edad Media, del Renacimiento y del Socialismo contemporáneo.* Lección pronunciada na Cátedra de Dereito Político da Universidade de Santiago o 28 de abril de 1928, op. cit., p. 19.

49. *El conflicto entre el comunismo...* Op. cit., pp. 9-10.

50. *El socialismo como sistema...* Op. cit., p. 10.

51. "Repudiando por igual el marxismo militante la actitud del espectador y la misión del reformista, resume todo su credo en un artículo: la destrucción. Una destrucción implacable en la que no fulgura ningún destello de justificación, porque al marxista le está impedido mentar la justicia. No lucha en nombre de la justicia, sino de una necesidad desprovista de todo principio racional" (*El conflicto entre el comunismo...* Op. cit., pp. 30-32).

52. *El conflicto entre el comunismo...* Op. cit., p. 86.

solucións drásticas e totalizadoras. Ruíz del Castillo, nun curso que deu sobre o socialismo organizado polo Grupo da Democracia Cristiana no mes de xaneiro de 1927, aportaba a súa impresión sobre o presente e o futuro do socialismo español:

> Hoy por hoy, el socialismo español, considerado en bloque, con sus criterios estrechamente sectarios y anticlericales, con sus maneras toscas y sus voces destempladas, no ofrece un programa de reformas gubernamentales, ni muestra internos afanes constructivos que trasciendan de la organización de sociedades de resistencia, ni da pruebas de poseer un sentido de la vida que oriente la transformación económica.
>
> Ocurrirá una de estas dos posibilidades: o que nuestros socialistas continúen encerrados en su visión estrechamente partidista, con el ánimo en acecho de ocasiones de revuelta política, o que evolucionen en la trayectoria de un ideal constructivo, amplio y generoso, al que estimule una aguda percepción de las realidades sociales en el mundo, y de las nuestras especialmente. Este segundo camino es el de las reformas, pero es también el de la libertad de que se blasona[53].

Intencionadamente confundíanse os termos de comunismo e socialismo diante un auditorio moi influenciable ante a subversión da orde tradicional. As actitudes nos primeiros anos da II República desde o Goberno alertaron ós sectores conservadores. A capacidade do Goberno xa mencionada de proceder á socialización da propiedade polo artigo 44 da Constitución republicana, era, segundo Ruíz del Castillo, unha lei que deixaba abertas as portas para realizar a revolución desde ó propio aparello de goberno, co apoio da maioría do Parlamento, sen ter necesidade de chegar a unha insurrección armada[54].

Sen embargo, no caso concreto da URD a realidade política dos primeiros anos da República non podía causar tanta alarma como noutros lugares do Estado. En Galicia existía unha situación de feito asumida institucionalmente por grupos republicanos —ORGA ou Partido Radical—, que chegaran ó poder aplicando a teoría do número, pero tamén utilizando unha tupida rede de clientelas políticas locais. Os partidos de centro-esquerda ocuparon entre abril e xuño de 1931 boa parte do espacio deixado baleiro pola dereita. Os conservadores, para retornar ó vello equilibrio de poder, tiñan que acomodarse á nova situación, desde unha profunda reorganización política, nun dobre xogo entre a negativa das súas bases a asumir o sistema republicano

53. *El socialismo como sistema...* Op. cit., p. 34.

54. Ruíz del Castillo considera falta de lóxica a plasmación deste artigo 44 ó comparalo co carácter ríxido da Constitución de 1931; "Democracia y Constitución rígida", op. cit., p. 12.

como seu, como propio da *nación española*, e ó mesmo tempo participando dentro das institucións como única alternativa de acadar cotas de poder a medio prazo.

O estado corporativo

Unha das aportacións de Ruíz del Castillo ó pensamento conservador da época son os seus estudios sobre a estructura formal do Estado, sobre todo nos seus niveis inferiores de organización social: os concellos. Para a dereita católica, o Estado republicano tiña unha concepción errónea: a idea de que o "progreso" inenterrompido constituía o motor da sociedade, nun plano superior ás iniciativas e capacidades de cada individuo. Este non tiña por qué constituírse como un destino inexorable que gravitaba por riba das vontades de cada persoa. O Estado formábase deste xeito a través de asociacións participativas, non como consecuencia natural da vontade dos cidadáns, senón como *sólo un expediente*[55]. Particularmente críticos resultan os argumentos de Ruíz del Castillo respecto á aspiración marxista da desaparición final do Estado. Cada nación tiña a estructura estatal que lle conviña, polas súas características políticas e tamén xeográficas[56].

Para o catedrático compostelán o Estado tiña que artellarse como se fose unha grande empresa. Unha boa capacidade de xestión podería acadarse desde unha preparación específica dos cadros da administración pública. O absolutismo do número xamais podería substituír ás capacidades individuais, e a "cantidade" non se situaría nun grao superior á "calidade"[57]. Nos niveis inferiores da administración, nos concellos, ato-

55. *El derecho de asociación*. Op. cit., p.7.

56. "No sólo los sistemas de Estados, sino la organización interior de cada Estado depende, en gran parte, de la Geografía. El federalismo o el unitarismo están calcados, con frecuencia, en los relieves del suelo. A una Geografía unificada, como la de Francia, corresponde una Constitución unitaria; a Suiza, en cambio, interiormente dividida por montañas ingentes, corresponde una Constitución federal" (en Ruíz del Castillo, Carlos. *Manual de Derecho Político*. Op. cit., p. 31. Segundo Óscar Alzaga nesta obra realizábase unha "sugestiva exposición de la doctrina de la Iglesia católica sobre el orígen divino del poder"; en *La primera democracia cristiana*... Op. cit., p. 30).

57. En 1925 o Catedrático de Dereito Político expresou a súa idea do Estado, o comparalo coas regras do mercado capitalista:

"En resumen: la soberanía en la democracia se fracciona entre gobernantes y gobernados; unos y otros colaboran en la empresa, pero de manera distinta: los primeros, con su competencia, concibiendo y ejecutando; los segundos, vigilando. El Estado es una gran sociedad anónima en la cual la Junta de accionistas la componen todos los ciudadanos, interesados en la obra social de la empresa-Estado; el Consejo de administración, responsable ante la Junta general, lo constituyen los gobernantes; de entre éstos, se destaca un órgano esencialmente activo, que posee la verdadera competencia técnica y que ejercita las funciones que dan continuidad al negocio del gobierno, y hace de éste una profesión, un medio de vida, una fuente de ingresos: es la Gerencia" (en Ruíz del Castillo, Carlos. "Integración de la democracia en una doctrina corporativa del Estado. *Op. cit.*, pp. 62-63).

pábase o espírito ético da "res publica", no tratamento día a día coas preocupacións dos seus gobernados. Tiña lugar así unha identificación importante entre administración local e Estado, destacando a capacidade persoal dos que exercían de xeito práctico a profesión política[58].

Esta preocupación polos niveis inferiores da sociedade procedía dunha crítica máis ou menos velada ós graos de profesionalidade e efectividade destes corpos administrativos, censura que estaba a ser realizada con intensidade a partir do movemento maurista. Os secretarios municipais das primeiras décadas do século, caracterizados por unha extremada dependencia cara ó seu vencello clientelar, eran froito non da "Política" con maiúsculas, senón das pequenas estratexias "políticas" articuladas dentro dunha estructura de poder local. Consecuencia desta concepción, nos escritos de Ruíz del Castillo flotaría certa utopía de rexeneración da administración local[59]. Disteraba entre a rutina da burocracia e a práctica da función pública. Achegando esta última ó cidadán dotaríase dunha maior eficacia ás diferentes escalas administrativas. A conducta individual convertíase, sobre calquera vencello asociativo, na imaxe da administración do Estado ante a sociedade, co que debería ser coidada en extremo[60].

Aínda que a idea dun Estado forte se atopa xa nos anos anteriores á II República, a realidade europea daqueles intres, e a presencia dun líder conservador estatal de consolidado prestixio que apostaba sen reparos por esa vía coma o tudense Calvo Sotelo, motivou un crecente apoio ás propostas políticas deste carácter.

Desde este argumentación, a civilización occidental configúrase como unha síntese de contrastes, superadora de todas as tendencias ideolóxicas, con base na relixión cristiá. Segundo a opinión de Ruíz del Castillo, na Idade Media prodúcese unha conxunción perfecta entre práctica e teoría política, termos unidos cun ideal común aportado polas teorías escolásticas. É o intre en que a sociedade se articula de

58. O problema da boa administración non radicaba tanto no apartado teórico como no axeitado cumprimento dos fins. Dentro desta entraba en xogo a conducta persoal dos administradores do poder, moi visible e transparente na administración local. Ruíz del Castillo foi encargado desde a súa fundación en 1940 da dirección do Instituto de Estudios de Administración Local ata 1966.

59. "Pocos adivinaron estas tres cosas esenciales: 1º que el espíritu vale más que la materia, y que son las fuerzas morales las que gobiernan el mundo y permiten el benéfico desarrollo de las fuerzas materiales; 2º que el secreto de los éxitos de la riqueza está en la coordinación de los esfuerzos en vistas de un plan de conjunto, que se trunca cuando se considera aisladamente el interés local; 3º que la política localista, encauzada por un espíritu familiar y de la que se mantuviera apartado el espíritu público, no podía lograr, sino en medida limitadísima, el fomento de los peculiares intereses de un pueblo" (Ruíz del Castillo, Carlos. *De la vida política.* Op. cit., p.16).

60. Díez González, F. A. "Aspectos de la vida local en la obra de Ruíz del Castillo", en VV. AA. *Homenaje a Ruíz del Castillo.* Instituto de Estudios de Administración Local, Madrid, 1985, pp. 88, 94 e 101.

xeito corporativo nos Gremios, asociacións de carácter espontáneo onde se mesturaban os sectores do traballo e do capital, e das que xurdían os cadros directivos da sociedade.

A decadencia da Idade Media foi provocada pola excesiva tendencia a asumir a análise racionalista: o Renacemento "*desmonta el orden medieval pieza a pieza*". A partir desta época a idea de "progreso" toma a iniciativa, e é o número o que organiza a explotación do home sen ter en conta os ideais da Idade Media. O home constitúese como centro da sociedade occidental, rompendo o equilibrio social que existía antes entre espiritualidade e razón. No aspecto puramente político, o Estado verá incrementado o seu poder chegando a converterse case en absoluto, desbotando as vías de organización corporativa.

Nos anos trinta deste século, a aposta polo sistema corporativo era unha das solucións propostas para os problemas da economía española, nun anceio de integrar ás forzas productivas —obreiros e patronos— que ata o momento se amosaran opostas e ata antagónicas. A idea da unión como reflexo da posibilidade de orde e paz social é outro dos temas recorrentes no discurso desta dereita. Pero, ¿como poder compaxinar as diferentes tendencias políticas nunha realidade única e que ademais tenta ser harmónica? Considérase que o Estado se constitúe do mesmo xeito có corpo dunha persoa, onde existen diferentes partes, pero no seu conxunto conforman un todo do que non se pode separar ninguna delas, xa que se non esta totalidade perdería unha parte do seu propio ser[61]. Partindo deste concepto resulta sumamente difícil asumir a existencia de Estatutos de Autonomía no Estado, xa que sempre serían considerados como a amputación dun membro[62].

A teoría corporativa representa tamén o proxecto teórico do discurso conservador respecto á organización do Estado para facer fronte ó parlamentarismo e á democracia liberal. Desde unha concepción orgánica o *Estado* ten que ser intervencionista, levar unha *Economía* ordenada e dirixida, ademais dun *Dereito* que asuma os elementos

61. "Todo Estado es totalidad. O no es Estado...
El Estado es área de vida, pero es, además, vida propia. Extrae continuamente módulos de vida común, no limitándose a ser coordinador de fuerzas, como creyó la mentalidad liberal. Cuando se maneja fuerzas vivas, la coordinación entre ellas produce nueva fuerza. No se puede por eso hacer del Estado un mero nexo de fuerzas dispersas que oponer a que esas fuerzas existan, porque no es posible ni deseable destruir la diversidad. Pero el Estado no se apoya en lo que divide a los hombres, sino en los que los une, y así es como representa un designio colectivo, una empresa asimiladora, un Poder cualitativo diferenciado de la fuerza material que en tan gran proporción acapara" (Ruíz del Castillo, C. *En el confín de dos épocas...* Op. cit., p. 55).

62. Todos estes argumentos son típicos do pensamento orgánico-conservador, e non hai moita orixinalidade neste eido na obra de Ruíz del Castillo. Por exemplo, as comparacións entre o territorio nacional desde o punto de vista do organismo humano eran normais entre a sociedade conservadora do momento; en Ruíz del Castillo, Carlos; *Manual de Derecho Político.* Op. cit., p. 30.

específicos da súa sociedade dentro dun todo[63]. Máis explicita é a definición que fai Ruíz del Castillo nunha Conferencia da Semana Social Católica do ano 1932 sobre os fins das corporacións, xustificando a súa representatividade social:

> Son conductos de paz social, obtenida por la eliminación de toda injusticia y por la cesación de toda venganza privada; pero éste es un reflejo del fin primordial: son trabazones vivas de intereses de producción, de consumo y de trabajo, reguladoras, bajo la autoridad coordinadora del Estado y mediante la representación de éste, de toda la vida económica de un país. La constitución de cada una de estas Corporaciones y la coordinación de todas ellas hace imposible el ejercicio de una actividad económica que no se adapta a una función viva y que no reparte equitativamente las cargas y los beneficios[64].

No plano teórico a dereita buscaba un novo estilo, moi caracterizado pola defensa dos valores éticos na política, e con certo grao de humanización das relacións de traballo e da mesma sociedade no seu conxunto[65]. A base do bon funcionamento do sistema sería a ausencia daquelas cuestións que puideran dividir a sociedade, ben de orixe económica ou política.

Consonte se incrementaba a conflictividade social da República, vanse esluíndo as primeiras dúbidas de Ruíz del Castillo acerca da aplicación do corporativismo, conformándose xa non como proxectos, senón como posibilidades tan reais como outras. Nos últimos anos chegará a defender solucións achegadas ó fascismo, moi influenciado pola figura dun Calvo Sotelo, líder do Bloque Nacional, que tiña aspiracións de converterse no "caudillo" que reclamaba toda a dereita española. O catedrático compostelán publica en 1935 un artigo nunha revista italiana co título de "Democracia y Constitución rígida", no que criticaba de maneira frontal o escaso grao de flexibilidade da Constitución de 1931, ó mesmo tempo que defendía expresamente a aplicación do modelo corporativo no Estado español[66]. Detrás destas liñas adiviñábase a intención de facer un Estado forte e sólido.

63. *El derecho de asociación... Op. cit.*, p. 22.

64. *Ibidem*, p. 25.

65. "Que no sea patrono únicamente quien disponga de dinero, sino que, como recuerda Max Turmann que ocurría en la época gremial, sea preciso acreditar competencia en el trabajo y culminar en una jerarquía que parte del aprendizaje, es un interés económico, pero significa también una espiritualización de la autoridad en el taller y un concepto moral de la relación económica. Que no se produzca por producir, sino que el proceso productivo se ordene hacia fines económicos que consideren las posibilidades del mercado y las exigencias de una distribución justa, no es cosa ajena a la solidaridad de las almas y a la elevación de la vida espiritual" *(El derecho de asociación...* Op. cit., p. 26).

66. Partíase do argumento de que o *Pobo* era unha unidade e que era posible a superación do xogo dos partidos políticos:

Un dos puntos importantes da súa proposta era a despreocupación polas eleccións que se acadaría nun hipotético Estado artellado de xeito corporativo, xa que as democracias liberais encóntranse maniatadas pola posibilidade de deixar o poder en cada proceso electoral, feito que entorpecía o labor de goberno. Se ben antes da marcha no 1934 de Ruíz del Castillo a Madrid xa se atopaban nos seus escritos mostras da súa predisposición, ou cando menos unha aceptación implícita dun Estado corporativo, este non se defende claramente ata a súa chegada á capital do Estado.

Esta decisión de Ruíz del Castillo, como a de moitos homes daquela, débese a dúas circunstancias: a radicalización política nacional —cos feitos de outubro de 1934— e internacional —coa chegada ó poder de Hitler en Alemaña—, xunto o conseguinte descrédito do goberno da dereita na aplicación dun sistema parlamentario en España —no fracaso do Partido Radicial de acadar a estabilidade necesaria no seu labor gobernamental—. Non hai que esquecer que Ruíz del Castillo colaboraba desde 1932 na revista *Acción Española*, núcleo do que xurdiron boa parte dos futuros dirixentes do Bloque Nacional na primavera de 1934. A relación que mantiña con estes grupos fíxolle considerar a alternativa real que representaba a defensa dunha opción corporativa, chegando mesmo a asinar o manifesto fundacional do Bloque Nacional en decembro de 1934[67]. Era evidente que certos cadros dirixentes da CEDA, mesmo os que en principio se amosaban máis moderados, radicalizaban as súas propostas a medida que se incrementaba a sensación de desorde na sociedade.

Nos primeiros anos do franquismo, Ruíz del Castillo, desde o seu posto de Rector da Universidade de Santiago, pronunciou o discurso de apertura do Curso Académico 1939-1940. Neste relacionaba a defensa da teoría corporativa coa súa práctica no novo Estado do Movemento[68].

Aunque el partidismo sea capaz de suscitar corrientes de armonía, llegándose así a la unidad al través de la diversidad, es indudable que las mismas discrepancias —respetables y, en gran medida, fecundas— implican el concepto previo de una concordia fundamental. Los diversos programas que contienen soluciones para la vida de un Pueblo han de mostrarse unánimes en la afirmación de que el Pueblo existe como unidad de vida y de destino. Y esta unidad ha de exteriorizarse como esencia y substancia en los momentos culminantes y en las decisiones fundamentales" (en Ruíz del Castillo, Carlos "Democracia y Constitución rígida". Op. cit., pp. 26-27).

67. Tamén se daba a circunstancia de que contados membros da CEDA apoiaron coa súa firma este manifesto, ó contrario do que fixeron dirixentes de formacións políticas situadas á dereita das entidades cedistas, como RE, PNE, Partido Agrario, etc; no E.I.G. do 7 de decembro de1934. Mencionado ademais en Gil Pecharromán, Julio. *Conservadores subversivos. La derecha autoritaria alfonsina (1913-1936)*. Eudema, Madrid, 1994, p. 207.

68. "La desaparición de los partidos reintegra la discusión a su centro natural: deja de ser fin para convertirse en medio; cesa su carácter de fundamento del Estado y se subordina a las necesidades del Estado, cuya base no está en lo que se discute sino en lo que necesita permanecer indiscutido. Porque lo indiscutido es lo que sirve de vínculo a la comunidad, o más brevemente, es la comunidad misma.

É agora, a partir das primeiras actitudes do goberno de Franco, cando comeza a decatarse de que unha cousa era a elaboración teórica duns principios éticos na Administración, e outra moi distinta a aplicación real deses presupostos, que conlevaban grandes doses de utopía. Boa proba delo encóntrase nos seus conflictos coas xerarquías falanxistas de Santiago. O que si é certo é que a partir da considerada "derrota electoral" da CEDA en febreiro de 1936 boa parte da sociedade conservadora galega desprazouse ideoloxicamente cara a posicións máis radicais, entre as que se atopaban propostas de formar un Estado corporativo, superador da "farsa" da política liberal. Outra cousa moi distinta foi a aplicación que se lle deu tras a Guerra Civil a un modelo corporativo practicamente asumido por todos os sectores da dereita días antes do alzamento dos cuarteis.

REXIONALISMO E ESTADO

Carlos Ruíz del Castillo sempre tentou integrar o sentimento rexionalista nos seus escritos, entroncando cos principios do PSP. Os membros da URD foron quen de debuxar o concepto de rexionalismo da CEDA, captando boa parte do espacio conservador galego[69]. A presencia dun aparello doutrinal rexionalista e conservador a finais do século XIX, representado polo legado do tamén profesor compostelán de Dereito Alfredo Brañas, foi determinante para poder enlazar teoricamente ambos os dous termos[70].

As teses de Brañas amosaron a visión católica do rexionalismo galego. Oposto desde unha liña tradicionalista ó rexionalismo liberal de Murguía, defendía a monarquía, certas posturas corporativas de orde social e privilexios para a Igrexa: é dicir, o antecedente das propostas de descentralización rexional de Ruíz del Castillo[71]. O seu pensamento é resultado do achegamento, ó esgotarse a vía insurreccional carlista, de grupos tradicio-

El Estado totalitario lo es en cuanto afirma estas esencias comunes y procura que prevalezcan, las fomenta en vez de desvanecerlas, las expresa de modo directo y no las extrae por procedimientos de discusión o por recuento de individualidades aisladas" *(En el confín de dos épocas...* Op. cit., pp. 57-58).

69. As pretensións de tipo rexionalista foron asumidas por certos sectores sociais que propoñían certa reestructuración do Estado español. Núñez Seixas, X. M. "Region-building in Spain during the 19th and 20th centuries", en Brunn, G. (ed.). *Region und Regionsbildung in Europa: Konzeptionen der Forschung und empirische Befunde.* Baden-Baden, Nomos, 1996, p. 185.

70. Estas concepcións tiñan unhas claras orixes no carlismo, xa que o propio Brañas procedía destes grupos. Segundo demostra Barreiro Fernández o carlismo ten unha considerable raigame na Galicia do século XIX, realizando en boa parte a transición cara ó XX a partir das teses de Brañas. Barreiro Fernández, X. R. *El Carlismo Gallego.* Pico Sacro, Santiago, 1976, pp. 310-12.

71. Brañas non tivo ningún tipo de obstáculo no seu discurso para relacionar o rexionalismo galego con posturas corporativas:

nalistas cara ós particularismos rexionais. Este proceso ten lugar en Galicia, País Basco, Cataluña, Valencia, e en todas elas é común a intención de procura de novos instrumentos ideolóxicos co obxectivo de defender a vella orde. De feito, as propostas de descentralización rexional de Brañas son en boa parte producto do seu antiliberalismo[72].

Na Galicia de finais da Restauración e ante a crise do sistema canovista, grupos de orientacións moi diversas —republicanos, rexionalistas, carlistas e neocatólicos— converxen na defensa de medidas descentralizadoras[73]. Paralelamente, no resto do Estado as propostas rexionalistas acadaban certa aceptación nos últimos anos da primeira década do século, continuadores da rexeneración política. Deste xeito Francesc Cambó percorreu durante estes anos varias capitais de provincia co propósito de ofrecer mitins nos que "vendía" os beneficios do rexionalismo; a Asemblea de Parlamentarios de 1917 plasmaba no seu proxecto de reforma constitucional o recoñecemento das autonomías rexionais. Todas estas reclamacións e propostas respondían a un feito concreto que era a insuficiente nacionalización do territorio español durante o Estado liberal do século XIX[74].

Para os sectores conservadores a Rexión era un dos niveis máis determinantes dentro da súa concepción territorial do Estado. Vimos nas liñas anteriores como o corporativismo fora paseniñamente asumido polo catolicismo social como medio de rexenerar o país, e o mesmo tempo utilizado como forma de calmar as reivindicacións nacionalistas de certos territorios do Estado[75]. En concreto, Ruíz del

"Soberanía equivale... á mera autonomía lexislativa, dun xeito reductivo e con carácter de soberanía rexional. Isto é, detentada polos individuos máis non atomísticamente senón a través da súa organización corporativa nas institucións que se entende constitúen a esencia da organización social 'natural' galega: gremios e corpos intermedios" (Máiz, R., Alfredo Brañas, Galaxia, Vigo, 1983, pax. 78).

72. Na súa obra *El Regionalismo* articula unha representación política de abaixo a arriba, desde os concellos ás provincias, rexións e a nación española; Beramendi e Núñez Seixas, op.cit., pax. 54.

73. Este proceso obsérvase no artigo de Beramendi, J. G. "Incidencia ideológica del Neocarlismo y el socialcatolicismo en el regionalismo gallego terminal (1907-1916)", en *Jubilatio. Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los Profesores D. Manuel Lucas y D. Angel Rodriguez.* Universidade de Santiago, 1987, Tomo I.

74. Segundo Borja de Riquer, o escaso grao de nacionalización acadado polo Estado liberal do século XIX foi determinante para o apoio social ós distintos nacionalismos periféricos do Estado:

"L'Estat estructurat per aquests sectors dominants fou principalment un aparell burocràtic centralitzat interessat molt més en la legitimació i la defensa dels interessos específics dels sectors hegemònics que no pas en la promoció d'un desenvolupament industrialista. La classe políticament dominant, la nova oligarquia, era eminentment conservadora i estava lligada als interessos agraris; difícilment podia crear una ideologia 'nacional española' que homogeneïteés al seu voltant tots els diferents pobles de l'Estat" (Borja de Riquer, Lliga Regionalista: la burgesia catalana i el nacionalisme (1898-1904). Edicions 62, Barcelona, 1977, p. 26).

75. Ademais de que esta idea fora xa incluída no articulado do programa do PSP, manifestacións anteriores a esta data como as realizadas por Salvador Minguijón en Santiago en 1917, amósannos as interrelacións entre catolicismo e rexionalismo:

Castillo non vía con desagrado os resultados do sistema federal nos Estados Unidos, na Alemaña de Weimar, Suíza e mesmo na URSS[76]. Os problemas non se orixinaban polo nome do sistema, senón polo uso concreto que se lle dera ó termo "federal".

Especialmente sensibilizados nestes anos contra calquera tipo de *separatismo*, despois da polémica suscitada coas presións recibidas para a aprobación do Estatuto catalán, a chegada dun novo termo xurídico á Constitución de 1931 poñía en garda todo o dispositivo ideolóxico da dereita[77]. O Estado "Integral", adxectivo co que se definiu a estructuración territorial na Constitución, tivo un desenvolvemento bastante desafortunado, xa que nunca se chegou a aclarar o seu significado real. Isto foi así precisamente porque desde a súa orixe foi concibido como unha actitude de compromiso, como unha palabra de consenso carente dun significado real, producto das presións a que se viron sometidos os redactores da Carta Magna republicana.

As críticas de Ruíz del Castillo neste ámbito non se dirixen ó aparello teórico dun Estado Federal, senón á práctica concreta dese Estado en España. Censuraba da Constitución do 31 a súa indefinición en aspectos como a inexistencia dun Senado capaz de conectar ós núcleos autónomos e o Goberno central, ou a existencia dun Presidente da "rexión autónoma" nun espacio teórico onde cohabitan as representacións públicas do Estado e das rexións, as cales non tiñan por qué ter necesariamente intereses comúns que defender. Mesmo a existencia dunha xurisdicción regulada exclusivamente a través do Tribunal de Garantías Constitucionais era unha proba evidente de que "la vida común sólo es percibida por la Constitución a través del traumatismo de los conflictos que se producen entre el Estado y las Regiones, y no en la normalidad de la colaboración de uno y otras"[78].

A principal virtude dunha estructura federal era a colaboración entre rexións. Tornaríase como indispensable unha ética común de actuación, reclamación constante no seu pensamento, que sería máis firme

"La vida regional es intrínsecamente favorable a la vida religiosa (Salvador Minguijón en "Abordando un problema. Los católicos y el regionalismo", en *Diario de Galicia* do 22 de agosto de 1917, citado por Beramendi, J., "Incidencia ideológica del Neocarlismo y el socialcatolicismo en el regionalismo gallego terminal (1907-1916)", *op. cit.*, p. 432)".

76. O catedrático compostelán chega a dicir que a concepción federal do Estado na práctica constitúe un sistema de equilibrio "bastante satisfactorio", articulando sin confundir; en *Manual de Derecho Político*. Op. cit., p. 53.

77. Resulta curiosa a definición que fai José María Pemán no tempo da Dictadura de Primo de Rivera en relación á diversidade de lenguas:

"En lo que tienen los idiomas... de sustancial, en lo que puede utilizarse como dato para juzgar del espíritu de los pueblos que los usan, en las raices, no hay más que unión: unión de ramas de un mismo tronco. No hay más excepción con respecto a esto que el 'euskaro'... es sólo un vestigio, que por su imperfección esencial, exige la convivencia con otro idioma moderno (en Pemán, J. Mª, *El hecho y la idea de la Unión Patriótica*. Op. cit., pp. 239-40).

78. *Manual de Derecho Político*. Op. cit., p. 56.

que unha estructura administrativa unitaria. Os vencellos de unión, como a política, debían establecerse sobre *sentimientos colectivos* e non sobre números ou palabras escasamente dotadas de contido[79].

O dirixente cedista efectuaba estas consideracións desde un miradoiro especialmente indicado para as súas argumentacións, xa que tiña o referente de Galicia. Os conservadores galegos fachendeaban de ser a *región española* que máis colaboraba con Madrid. Ruíz del Castillo criticaba o problema da fuxida cara a Madrid de boa parte dos políticos galegos, o que segundo a súa opinión era froito do escaso desenvolvemento político de Galicia[80].

Boa parte dos conservadores galegos que posteriormente chegaron a pertencer á CEDA —sobre todo na organización local compostelana, como Portal Fradejas, Gil Casares, etc.— participaran nos momentos finais da Restauración naqueles proxectos comúns descentralizadores, e polo tanto non era un fenómeno que lles puidera resultar estraño[81]. Ruíz del Castillo, coñecedor das particularidades da política galega, pensa na vía rexionalista como o xeito de relacionar o pequeno campesiñado galego cos dirixentes cedistas, nun discurso anovado, cando menos nas súas verbas. O feito de que un dos mellores especialistas en Dereito Político da época estivera en Santiago e tomara ó seu cargo a reconstrucción da URD, sinalábao como o mellor candidato estatal, capaz de dotar dunha estructura "federal" ó partido cedista.

As teses de Ruíz del Castillo tiveron o seu mellor expoñente no apartado referido a "Rexionalismo" do Congreso constitutivo da Confederación Española de Derechas Autónomas (CEDA), asemblea celebrada entre febreiro e marzo de 1933. Das catro partes nas que se divide o apartado, só unha delas, a que fai referencia ó mantemento da

79. "Integración...". e Op. cit., pp. 97-98.

80. "Ha tenido Cataluña una "política catalana", con muy pocos políticos caracterizados. El ideal hubiera sido que la plétora de políticos, algunos muy ilustres, que ha producido Galicia, suscitase una "política gallega". Pero la estrecha visión localista malogró las aspiraciones de muchos".

Una política regional acaba siempre por engranar en la vida nacional, porque es una energía latente y tiende a difundirse. Una política familiar y localista es incapaz de evolucionar; la atrofia es su destino (en *De la vida política*.... Op. cit., p. 19.

81. O propio Portal Fradejas, xunto outros membros da URD compostelana, como Asorey Andaluz ou Balboa López, crearon en 1932 un Grupo Galleguista de Derechas dentro da propia organización. A pesar do grande eco que se lle deu na prensa conservadora o certo é que non chegaron a ser nin unha corrente de opinión dentro do partido, e serviu unicamente para ofrecer certa imaxe de renovación política. O seu discurso era totalmente contradictorio coa postura oficial do partido:

"Manuel Balboa López, durante una conferencia se declaraba 'hombre de derechas'; pero al mismo tiempo definía a Galicia como nacionalidad, condenaba el centralismo y reclamaba la autonomía integral, puesto que a su entender: 'no cabe eso que muchos llaman descentralización administrativa' (en Castro, X. "Las bases sociales del nacionalismo gallego", Beramendi, J. G. e Máiz, R. (comps.). *Los nacionalismos en la España de la II República*. Op. cit., p. 266)".

orde pública por parte do goberno, non está directamente relacionada co exposto nos escritos do profesor compostelano. Pero polo que respecta ós outros tres capítulos percíbese claramente a man do profesor compostelán. No terceiro deles, referente ó volume e calidade das competencias que debían asumir as rexións, expresa unha visión contraria á división administrativa, sobre todo tras o exemplo do Estatuto catalán, xa con esto o único que se facía era dar unha base legal a "lo que divide a la región, no lo que une"[82].

Nos dous primeiros puntos do articulado Ruíz del Castillo deixa patente a súa pegada:

> 1º La C.E.D.A. expone su criterio regionalista, opuesto a todo nacionalismo y favorable al desenvolvimiento de un espíritu propio de la región en la esfera de las realidades patentes; pero proclama, al mismo tiempo, que el Estado ha de favorecer el desenvolvimiento de los intereses comunes, acentuándolos mediante una política que vele, en un ambiente de cordialidad nacional y de respeto a las manifestaciones sentimentales de las regiones, por el prevalecimiento del idioma castellano como instrumento de cultura general...
>
> 2º Implantado ya un Estatuto regional, y siendo, acaso, inevitable la implantación de otros que responden a criterios que no son los defendidos por la C.E.D.A., se impone una política de observación, más atenta a *principios* —que tienen un valor de inspiración permanente— que a *doctrinas* —que no son sino consecuencia de esos principios y que tienen en política un valor circunstancial—. En la propaganda convendrá sostener el concepto de que la región vive por su espíritu, siendo cosa distinta de los partidos que se disputan el mando y de las instituciones políticas creadas a imagen y semejanza de las del Estado centralizado. Convendrá, asimismo, insistir en que la región posee una constitución interna mal expresada en el artefacto de Estatutos que no contienen la vida, sino fórmulas inertes y que pueden ser instrumento de opresión de las mismas características regionales[83].

E, realmente, esta foi a base teórica empregada na conformación das asociacións da URD ata as eleccións de novembro de 1933. No obxectivo

82. *Confederación Española de Derechas Autónomas. Programa aprobado en el Congreso de Acción Popular y entidades adheridas y afines convocado para constituir la CEDA. Febrero-Marzo 1933*. Biblioteca Nacional, Madrid, p. 6.

83. *Confederación Española de Derechas Autónomas. Programa aprobado*... Op. cit., pp. 6-7. Incluso cando a CEDA asumiu certas cotas de poder do Estado, a súa concepción rexionalista era moi contradictorio:

"Acción Popular afirma la necesidad de para resolver de una vez el llamado problema regional, de llegar, no a una mera descentralización administrativa, sinó a la concesión de una verdadera autonomía tan amplia y rica de contenido como lo permita la capacidad política de la región; su voluntad, suficientemente acreditada, de regir por si misma su propios servicios e intereses y el respeto a la unidad y sentimiento nacionales" (en Boissel, S. J. *Un jefe: Gil Robles*. Op. cit., p. 135).

de dotar dunha nova estructura de partido ó conservadorismo xogaba un papel fundamental asumir certas diferencias dalgunhas rexións do Estado. Ademais había que aproveitar que o pensamento conservador tiña antecedentes ideolóxicos, sobre todo do carlismo, que podían dar corpo e continuidade a idea da descentralización.

Antes de chegar á Asemblea Constituínte da CEDA, o catedrático compostelán presentou en febreiro dese mesmo ano unha ponencia á Asemblea Rexional de Santiago da URD, texto que foi base do que presentou días despois na Asemblea madrileña. Era necesario un discurso que permitira a formación dunha fronte común da dereita o máis ampla posible. Só existía un obxectivo: recuperar a representación política perdida entre abril e xuño de 1931:

> Todas las campañas de Unión Regional de Derechas y de los núcleos coordinados con ella en Galicia, se han desenvuelto alrededor de principios que son común patrimonio de toda la Derecha. Se ha evitado cuidadosamente proferir expresiones que, hiriendo alguna susceptibilidad, fueran factor de discordia o, por lo menos, de una discrepancia que, aún no exteriorizándose, produciría la debilitación de colaboraciones que son precisas. De esta suerte, se ha prescindido de toda catequesis sobre las fuerzas afiliadas; se les ha exhortado vivamente al cumplimiento de sus deberes sociales y políticos, pero no se les ha insinuado la necesidad de propugnar una solución determinada en los problemas que, por quedar al margen de la Organización, continúan entregados a las preferencias individuales[84].

Como se pode observar, calquera pretensión de dotar de certo contido "nacionalista" á URD, a pesar da súa denominación, é irreal. É máis, o carácter "rexionalista" ficaba unicamente no nivel semántico: o que realmente interesaba eran as orientacións concretas que se tomasen dentro da organización con relación ós problemas do Estado. Na práctica política diaria da CEDA en ningún momento se pensou en identificar unha pretendida orixe rexional da Confederación cun amplo proceso de descentralización do Estado[85].

É curioso destacar como, ó ir acadando os partidos integrados na CEDA certas expectativas de voto, Acción Popular e as súas entidades afíns participan nun plano de unificación de criterios, asistindo a un proceso de progresiva centralización das decisións importantes do partido.

84. En "Confederación o fórmula de inteligencia para federar las derechas españolas...". *Op. cit.*

85. De feito, o pretendido proceso de unificación dos distintos partidos rexionais conservadores na CEDA non pasou máis alá dun aspecto propagandístico. No caso concreto da organización galega, aínda que teña o nome de URD, articúlase a partir das consignas emitidas polo comité central de AN, e unicamente a DRV valenciana existía antes da proclamación da II República.

Se ben é certo que a espontaneidade na formación dos partidos adheridos á CEDA é un labor de imaxe que responde a un plano perfectamente estructurado desde AN/AP de Madrid, tamén é certo que os anos 1934, 1935 e 1936 é o momento no que o Comité Central cedista amosa unha maior autoridade —e unha menor sensibilidade rexionalista— na resolución dos problemas das organizacións rexionais ou provinciais. A CEDA converteuse en 1936 no partido de dereitas máis dependente no plano político do seu Comité Central, o que conlevaba tamén un moi reducido grao de autonomía das organizacións rexionais ou locais.

A medida que decorrían os curtos pero intensos cinco anos da II República, as posturas políticas radicalizáronse. Das intencións dos primeiros anos de AP/CEDA de amosar un partido anovado que asumira certo proceso de descentralización, pasouse en poucos meses a atender ó sentir máis común das bases das dereitas. Nos últimos anos, pásase de ter unha liña oficial "rexionalista" a criticar con dureza o proceso de desmembración de España. Pasado o tempo, a análise de Ruíz del Castillo facía máximos responsables da aprobación dos Estatutos ás directivas dos diversos partidos, que por egoísmo persoal e anseios de poder garantían novas lexislacións e multiplicaban os postos de designación política[86]. Desde esta perspectiva o problema do separatismo fora provocado intencionadamente polo propio mantemento e cobiza das agrupacións[87].

Nos meses posteriores ás eleccións de febreiro de 1936 prodúcese o desprazamento xa comentado da militancia cedista cara a alternativas máis radicais. Vendo perdido todo tipo de solución, os sectores mais

86. Cuanto ha tocado el espíritu de partido ha quedado estéril o ha sido empozoñado. La breve y funesta historia de los Estatutos regionales en España demuestra la virulencia con que el partidismo se ha aplicado a corroer, no sólo las esencias unitarias de la vida nacional, sino los mismos caracteres diferenciales, pero compactos en su particularismo, de las Regiones a que se aplicaron...

Generalizó, por el contrario, la solución —solución disolvente, si se permite un juego de palabras— que consistía en trasladar a las Regiones los equipos de una vida pública en crisis: en crear Estados chicos, con los mismos organismos, la misma burocracia —todo servido por el instrumental de los partidos—, que el Estado grande, y con la consiguiente proliferación legislativa y reglamentaria. La vida regional se complicaba y encarecía, además de empozoñarse con la división y el descontento *(En el confín de dos épocas...* Op. cit., pp. 43-44).

87. "Estos últimos son los que envenenaron la vida nacional, los que rompieron nuestra interna unidad, los que hicieron almoneda de nuestros valores históricos, los que provocaron la reacción, preferible, costase lo que costase... al ludibrio de la mansa aceptación del porvenir que nos preparaban...

En la corriente de estas ideas nos encontraremos otra vez los españoles, rendidos a la evidencia de que era preciso rehacer nuestra unidad y dispuestos a servirla para que, recreada en nuestro espíritu, España, Madre de todos, sea también empresa cordial de nuestra común esperanza" *(En el confín de dos épocas...* Op. cit., p. 14).

A Ruíz del Castillo, pola contra, agradáballe o carácter "ríxido" para o Estatuto de Cataluña de septembro de 1932, xa que establecía un procedemento especial de reforma moito máis rigoroso co que se esixía para a propia reforma da Constitución. O feito de que as competencias do Estado seguiran estando nun nivel superior ó Estatuto tranquilizou nun primeiro momento ás dereitas; en "Democracia y Constitución rígida", *op. cit.*, p. 15.

xoves das JURD, uniranse ós partidarios da acción directa, na forza de choque do conservadorismo: a Falange. Os grupos dirixentes da URD permanecerán desde o fracaso electoral á marxe da política diaria, pero en contacto cos violentos. A alternativa da CEDA, e polo tanto os homes que apostaron por esta opción política, víronse totalmente sobrepasados polos acontecementos.

A través da figura dun "caudillo", idea subxacente no espírito da CEDA na figura de Gil Robles, o pensamento católico social recomponse en certa maneira para dar forma teórica ó réxime de Franco. Relacionando o líder coa masa verifícase unha "unión sagrada" cunha soa preocupación: o traballo común a prol do interese da comunidade[88].

A dereita, despois das eleccións que lle deron o triunfo á Frente Popular, necesitaba tomar medidas urxentes para frear o "impulso marxista" que eles consideraban xa sen volta atrás, e que conlevaba a proclamación dunha "república soviética" en España. Despois de tres anos de conflicto bélico e dun acrecentamento das accións de represión nun e noutro bando, había que adaptarse a unha nova realidade política. Ruíz del Castillo chega neste clima de irracionalidade mesmo a propor solucións no Código Penal achegadas ás medidas presuntamente terapeúticas do partido nazi alemán, só que no caso concreto do Estado español a non existencia de xudeus provocaba a súa substitución pola consideración dos republicanos como "inimigos internos"[89].

O discurso dos antigos membros da URD sufriu nestes anos unha evolución importante, froito dunhas difíciles circunstancias, das que hoxe en día resulta moi complicado decatarnos. Sen embargo, podemos comprobar como certos argumentos eran igualmente válidos para a defensa ideolóxica dos seus intereses dentro dun sistema democrático como para dotar de bases ideolóxicas a un sistema totalitario como foi o franquista.

A chegada ó poder dos sectores republicanos e de esquerda provocou unha sacudida nos argumentos do conservadorismo galego e

88. "La trayectoria del Héroe es pareja a la del asceta, y su consigna se encuentra en el Evangelio: renunciarlo todo para seguir a Cristo y encontrarlo todo en Cristo. La personalidad del cristiano no puede morir entonces: se inmortaliza en el seno de Dios y encuentra eterna recompensa. La personalidad del Héroe se perpetúa en la comunidad y logra el privilegio de reencarnarse en la tradición *(En el confín de dos épocas...* Op. cit., p. 4)".

89. "Como al criminal moderno, lo mismo que al vicioso, se le ha dicho que era un enfermo, no se ha suscitado en su alma el estímulo de contrición necesario para curarse de las lacras morales. Todo se ha disculpado, y no escasea la literatura que considera la criminalidad lindante con el genio, o que presenta las aberraciones sexuales como una desviación de caracteres que, por ser comunes, no convienen a seres excepcionales... Se mima al anormal y se termina por exaltarlo. Toda la organización social parece encaminada a proteger la excepción sacrificando la regla. Con ello, crecen las excepciones y se difunde la anormalidad hasta adquirir volumen que obstruye la percepción de lo sano y de lo enfermo *(En el confín de dos épocas...* Op. cit., p. 20".

español. O cambio do concepto de representatividade, ó pasar do simple personalismo á intervención das masas na política diaria, converteuse nun feito demasiado radical na maioría dos sectores conservadores como para asumilo de xeito inmediato. O debate ideolóxico levouse a cabo neste intre en dous termos contrapostos: Democracia Liberal *versus* Corporativismo, representativos das dúas opcións maioritarias do pensamento político da Europa de entreguerras. O discurso rexionalista era outro máis dos puntos nos que uns vellos esquemas políticos se tentaban adaptar a unha nova realidade. Pero nunca pasou de aí, dunha mera tentativa teórica.

Ruíz del Castillo pode ser considerado como un dos puntos de enlace do rexionalismo católico español entre os anos finais da Restauración e a chegada da II República. Toda a súa construcción teórica encamíñase no senso de buscar a relación máis axeitada posible entre individuo e Estado mediante o concepto de "rexión", concepción que era perfectamente acollida por aqueles grupos máis tradicionais. Coa aportación do catedrático compostelán o discurso católico modernizábase cara ó electorado, ó mesmo tempo que tamén acollía os seus sectores máis inmobilistas.

De todos os xeitos unha cousa era a linguaxe empregada desde a oposición, e outra moi distinta a práctica na súa chegada ás institucións. A pretendida imaxe da formación da URD/CEDA a partir dos grupos católicos de cada localidade esluíase cando a organización comezaba a tocar poder. Os seus intereses reais encontrábanse agora ben definidos. A andamiaxe ideolóxica que lle facilitaba amosar un discurso anovado derrúmbase polo seu propio peso cando o discurso teórico xa non se consideraba tan necesario. Esta incapacidade de adaptación da dereita católica ós novos tempos foi un dos elementos determinantes de que, pasando os anos, tras a derrota dos grupos conservadores en febreiro de 1936, estes sectores non poidan ver outra solución máis alá das opcións de forza.

E. G. S.

ENTREVISTA

As nacións e os nacionalismos. Conversa en Compostela con Miroslav Hroch

Xosé M. Núñez Seixas
Daniel Blanch

Co gallo da súa participación como relator no congreso internacional A Universidade na Torre de Babel, *celebrado en Santiago de Compostela a finais de xuño de 1996, estivo uns días en Santiago de Compostela o profesor de Historia da Universidade Carolina de Praga Miroslav Hroch, quen xa estivera na capital de Galicia no ano 1993, como participante no congreso* Os nacionalismos en Europa: pasado e presente. *Asonado especialista de prestixio mundial na pescuda dos nacionalismos e moi especialmente dos movementos nacionalistas, Miroslav Hroch ten publicado sobre esta temática, amais de numerosos artigos, un libro fundamental, que apareceu na súa versión alemana no 1968 na Universidade Carolina e na súa versión inglesa e ampliada no ano 1985 en Cambridge University Press* (Social preconditions for national revival in Europe), *e no que a través do estudio comparado de varios movementos nacionalistas de pequenas "nacións sen Estado" da Europa Central e Oriental, amais dun caso occidental (Flandres) desenvolveu unha tipoloxía e un modelo evolutivo para a análise dos movementos nacionalistas de ampla difusión posterior. Na actualidade, o profesor Hroch exerce o seu labor no Instituto Universitario Europeo de Florencia, e continúa a pescudar sobre o tema do nacionalismo, no que ten elaborado unha nova monografía aparecida en checo e aínda non traducida, así como varios artigos nos que revisa conceptualmente algúns aspectos do seu modelo, base do que haberá ser unha nova obra.*

—(NS) *A primeira cuestión, profesor Hroch, sería: ¿por que e como chegou vostede ó tema da análise comparativa de movementos naciona-*

listas durante a súa carreira académica, cando comezou a pescudar nos anos 60?

—Diría que cheguei a isto xa durante os meus estudios. O comezo real penso que foi durante os anos cincuenta, no decurso de discusións e debates na Universidade. Imperaba entón un modelo soviético moi ortodoxo de avaliación histórica dos movementos nacionais, segundo o cal todos os movementos nacionalistas foran movementos burgueses e tendencialmente reaccionarios, o que se reflectía na súa aplicación ó caso checo. Había moitas discusións, pero sempre desde este punto de vista. E quizais eu empecei xa alí a interesarme pola cuestión das bases sociais do nacionalismo durante os meus primeiros estudios. Nun seminario co meu profesor escribín o meu primeiro ensaio sobre o tema, tentando determinar quén eran os nacionalistas, se os nacionalistas eran burgueses ou non. Na miña opinión, non se trataba da burguesía. Daquela era tamén difícil continuar pescudando nesa liña, e só retornei ó tema durante os anos sesenta, xa que entón si que era posible, ó abeiro da maior liberalización que había en Checoslovaquia. Daquela, concentreime en todas as cuestións do apoio social ós movementos nacionalistas. O outro aspecto, é dicir, a dimensión comparativa, chegou a través da profundización sucesiva dos meus coñecementos e pensei que a única posibilidade de continuar avanzando era comparar. Pódese estudiar a pequena nación de cadaquén sempre do mesmo xeito, pero os historiadores durante unha, dúas ou tres xeracións repiten sempre o mesmo: "eramos bos, os nosos devanceiros eran moi bos, así como a nación que construímos..." Pero non se sabe o suficiente sobre a propia nación se non se sabe tampouco sobre outras nacións. Este foi o meu segundo paso, e entón tiven a oportunidade de ir a Alemaña, recibindo unha bolsa de investigación, e así xurdiu aquel estudio publicado en alemán no ano 1968.

—(NS) *¿Existía na antiga Checoslovaquia unha forte tradición de historiografía nacionalista naquel tempo?*

—Por suposto, o que había era unha interpretación altamente positiva do movemento nacionalista checo e do espertar nacional do século dezanove no seu conxunto, no que se mesturaban moitos mitos. Isto continuou tamén logo de 1948, dando lugar a unha estraña mestura que emerxeu dunha combinación de doutrina estaliniana e do cadro orixinal dunha historia nacional, de patriotismo á vella usanza (os nosos avós eran antifeudais, loitaron contra da nobreza, tiñan unha orientación progresista e polo tanto eran moi bos), pero ó mesmo tempo existía un enfoque marxista moi dogmático. Como resultado, afirmábase que o xurdimento da nación checa fora pouco menos que unha necesidade. Dalgunha maneira, o que eu escribín situábase nunha oposición consciente a ese enfoque. De aí a recepción: o meu primeiro

MIROSLAV HROCH

libro só foi publicado orixinariamente en alemán, e xamais foi recensionado en revistas checas.

—(NS) *Esa era precisamente a miña segunda pregunta. Semella que o seu traballo sobre movementos nacionalistas comparados tivo unha forte influencia académica en Alemaña, ou na comunidade académica xermanófona, pero moito menor na Europa oriental...*

—Si, así foi. Agás nalgúns países: en Polonia si tiven unha moi favorable recensión. Pero non na Checoslovaquia daquel tempo, e tampouco na Unión Soviética, por suposto... porque os conceptos que eu manexaba eran totalmente diferentes. Só en Lituania un historiador escribiu unha longa recensión, foi o único, pero dun xeito moi neutral, puramente descritiva, sen dicir nada positivo ou negativo, xa que o nacionalismo lituano incluíase dentro dese libro. En Finlandia o libro gozou tamén dunha boa recepción.

—(B) *Desexaría formularlle algunhas cuestións máis específicas que se refiren a algunha das súas teorías. Unha delas ten directa relación coa cuestión da súa tipoloxía. As fases que vostede establece no desenvolvemento dun movemento nacionalista (A: descuberta intelectual; B: axitación política; C: movemento de masas) gozan dunha ampla aceptación como unha boa base para a discusión da evolución dos movementos nacionais. Pero se ollamos a fase B como unha fase que abrangue todo o proceso que media entre a "descuberta" intelectual inicial da nación por un grupo de eruditos e o movemento de masas situado ó final, paréceme que é unha fase tan ampla que nela se pode incluír practicamente todo, agás a inicial creación de algo que precede á política. ¿Non cre vostede que quizais a fase B podería ser dividida en máis fases ou subfases para facela máis operativa cientificamente?*

—Si, vostede non é o primeiro en formular esta cuestión. Tamén ma formulou o profesor alemán Michael Müller nun congreso en Bielefeld no ano 1991. É certo, e no meu estudio posterior que foi publicado en checo, dividín esa fase B en dúas subfases: unha subfase abrangue o intre no que a axitación política comeza, pero é pequena e non ten eco social, existen grupos organizados de patriotas que escriben e fan propaganda, etc., pero non obteñen resposta social. E entón, nalgúns intres ou poida que logo dalgúns anos, conseguen gañar máis influencia e recepción social, mesmo sen chegaren ó estadio de movemento de masas. Acepto esa crítica, e xa a incorporei nas miñas últimas pescudas.

—(B) *O caso galego paréceme claro a ese respecto: a mudanza de non ter eco social a ter algún eco social é moi significativa. Tivo xa lugar en boa medida en Galicia e penso que os nacionalistas estiman que se fixo un notable progreso, no canto de crer que soamente se atopaban no contexto dunha fase de "teren acadado algo".*

—En efecto, así é.

—(NS) *Porén, eu coido que un problema do modelo do profesor Hroch é que se trata dunha tipoloxía complexa, que moitos historiadores teñen adoptado de maneira simplificada como unha sorte de esquema pecho para clasificar a evolución de movementos nacionalistas case teleoloxicamente en tres fases, sen considerar a cuestión real, que é o problema do cambio e da transición entre unha fase e outra. Lembro que discutimos moito sobre iso no congreso de Bielefeld no ano 1991. É dicir, por qué, cándo, ónde, e quén son os protagonistas dese espertar nacional, e por qué os movementos culturais deveñen movementos políticos nalgúns casos, ou noutros non...*

—Si, sobre iso tamén se emitiron en Bielefeld moitas críticas. Acepteinas e o que fixen nese primeiro libro foi abordar unha cuestión que era central para min: ¿por que a axitación política chegou a ter éxito? Iso implica a transición da fase B á C. Pero eludín ou despreciei a cuestión de por qué comezou. Publiquei algúns artigos novos sobre ese tema, e agora mesmo estamos varios pescudadores nun proxecto de dous anos dirixido polo profesor da Universidade de Colonia Otto Dann sobre esa fase temperá, o comezo mesmo da fase B. ¿Por que decidiu aquela xente inaugurar unha fase de axitación política nacionalista? A resposta xeral penso que é observable empiricamente: é unha situación de crise: de crise de vellas identidades, de vellas identidades estatais, da lexitimidade eclesiástica, etc. Nesta situación, ás veces acompañada de revolucións —penso que en España é claro logo das revolucións liberais do século dezanove—, aparece a crise de identidades. O caso dos bascos é moi claro, case coma un manual: perderon a súa vella identidade e tencionaron atopar unha nova.

—(NS) *Non embargante, o caso dos bascos, coma outros, é bastante excepcional, porque eles perderan case a súa lingua propria e cando se iniciou a axitación política, e mesmo intelectual, nacionalista, a cultura ocupou un lugar moi secundario...*

—Si, pero eu non diría que un idioma constitúe sempre e en todos os os casos o único definidor de identidades. Pódese ter unha identidade rexional que está unida á lingua, pero tamén pode non terse. Aprendín algo novo no proxecto no que participei no Foro Europeo do Instituto Universitario Europeo de Florencia (1993-94): a disterar o concepto de identidade colectiva, e polo tanto a existencia de identidades dobres ou en conflicto. Nos anos 60 e 70 ninguén discutía arredor desta cuestión, nin formulaba interrogantes nesa vía. Pero penso que é moi importante. Mesmo sen ter idioma nacional —caso na práctica dos irlandeses, por exemplo—, pode existir e desenvolverse unha identidade nacional.

—(B) *Si, mais no caso dos bascos eu estaría interesado en propoñer algo. Vostede tense referido á cuestión da industrialización como unha*

parte importante do proceso de crecemento dos movementos nacionalistas, pero non tan significativa como cabería supor. O País de Gales é un exemplo no que a industrialización non produciu o efecto que era agardado, así como comunicación social e mobilidade... En moitos sensos, iso é así porque a industrialización non dá lugar a unha crise económica, senón que, pola contra, produce unha bonanza económica por un tempo. Pero máis tarde a crise ou decadencia industrial producirá tanto unha crise cultural como una crise económica, e aquí estaría o caso basco, onde a crise industrial levou ó nacemento de ETA nos anos 60 e produciu un novo revulsivo para a mobilización...

—Por suposto, é certo. Mais neste caso a crise xoga o seu papel nas condicións dunha fase B que xa comezou, que está quizais nesa segunda subfase de influencia crecente entre a poboación basca. Así, trátase dunha influencia diferente. Pero, xa que vostede menciona o fenómeno da industrialización, trátase dunha cuestión moi complicada na que, na miña opinión, Ernest Gellner trabúcase no seu libro *Nacións e nacionalismo* ó afirmar que antes da industrialización o nacionalismo non emerxe, e polo tanto non ten éxito. Falei con el varias veces e entendín máis tarde que ese malentendido entre o seu modelo e mais o meu era que Gellner entendía o concepto de industrialización non como os historiadores, é dicir, máis como industria, factorías e fábricas, maquinización, etc., senón como o que nós os historiadores chamariamos protoindustrialización: primeiros pasos do mercado, disolución de regulamentacións feudais, e todos eses procesos.

—(NS) *¿Ou sexa, modernización...?*

—Exacto: o proceso de modernización. Na medida en que é posible aceptar ese modelo. Naturalmente, todas as nacións son específicas e únicas, e todos e cada un dos movementos nacionais posúen trazos específicos. Pero o que para min é moi interesante no caso dos bascos é o argumento que expuxen anteriormente: non se precisa unha lingua necesariamente, pero en certas situacións funciona. Unha persoa apareceu, un home inventou practicamente a lingua, a ideoloxía, e funciona. Se vostede compara iso co concepto de "Checoslovaquismo", no que todo o aparello do Estado durante vinte anos tentou impoñelo e non funcionou... Ten que haber algúns factores obxectivos independentemente da vontade. Sabino Arana foi neste senso un xenio, na medida en que o inventou, entendeuno, quizais de maneira non consciente: comprendeu o que se precisaba naquel intre na súa sociedade.

—(NS) *Porén, el recolleu elementos que estaban presentes: tradicións ideolóxicas, un sentimento compartillado de identidade, os Fueros, etc.*

—Por suposto, a Igrexa e todo iso.

—(NS) *Iso lévanos a outro eido de discusión, que eu quererría abrir. Na súa opinión, e para o expor de maneira resumida: ¿as nacións son realidades inventadas, reconstruídas, ou que son?*

—Vostede sabe moi ben cal é a miña opinión. Eu non son da crenza de que as nacións se inventen. En absoluto. E... non no meu libro de 1985, senón no que publiquei en checo —que cando sexa publicado en inglés, poderá ser accesible ó gran público internacional—, formulei a cuestión nunha clave diferente e máis sofisticada do que ata o de agora vin facendo. Vostede xa sabe que eu xa publiquei algúns artigos sobre a cuestión. Eu considero dous estadios no proceso de formación das nacións. Para min, trátase dun proceso longo, moi longo, que pode comezar no século X ou XI. Este primeiro estadio do proceso de formación das nacións sitúase na época anterior á contemporánea, e durante ela créanse moitos elementos: ás veces o idioma (non sempre), literatura, territorio, en ocasións tamén elos económicos, e así sucesivamente. O que non siginfica que eses ingredientes estivesen pensados ou destinados teleoloxicamente a crearen unha nación. Pero eses elementos, simplemente, desenvolvéronse, incluíndo algunhas identidades colectivas, sentimentos compartillados de lealdade a instancias de poder, etc. Este é o primeiro estadio dese proceso evolutivo. O segundo estadio sería o que propriamente podemos denominar formación da nación: e non se poden inventar nacións na medida en que non se toman en consideración todos eses procesos previos. E, despois, chegar e afirmar "Agora, establecemos a nación checoslovaca, ou establecemos a nación iliria, ou a concepción paneslava..." Isto non tiña senso e todos eses proxectos remataron por fracasaren, porque esta interpretación rexeitaba os procesos previos de construcción de identidade. Sabémolo, porque os historiadores sempre somos máis perspicaces. Pero este intento de inventar unha nación de maneira independente dos desenvolvementos previos fracasou, e só triunfaron os intentos que fixeron uso, consciente ou inconscientemente, daqueles vellos elementos que foran creados durante a Idade Media. Así, con todo, eu non ousaría dicir que as nacións existen desde a Idade Media. Mais si que afirmo que algúns elementos eran moi importantes para crearen relacións entre os individuos, identidades que eran determinantes para a formación das nacións.

—(NS) *Velaí o caso da comunicación social...*

—Si, tamén a comunicación social. Pero a comunicación social é un elemento máis complicado, porque moitas veces contribuíu a destruír moitos daqueles elos máis antigos, coma no caso do País de Gales: os galeses meridionais foron vencellados ó proceso de industrialización, aculturáronse, etc.

—(NS) *Pero ese é o típico modelo francés, é dicir, un proceso de construcción nacional fomentado e desenvolvido uniformizadoramente polo Estado.*

—Por suposto, no caso francés iso ten lugar de maneira nidia. Pero ninguén, digo eu, agás algúns sociólogos ou historiadores modernistas moi radicais, afirmaría que a nación francesa xamais existira antes da Revolución Francesa... ¿Vostede coñece a alguén que afirme iso?

—(NS) *Eugen Weber, no seu famoso libro* Peasants into Frenchmen, *sostén precisamente algo semellante. Mantén que os labregos franceses non se sentiron cidadáns integrantes dunha nación francesa denantes de finais do século XIX. Porén, se as nacións teñen precedentes nalgúns elementos de identidade colectiva presentes xa na Idade Media, ¿que é o realmente novo nas nacións?, ¿cal é a diferencia, poñamos por caso, entre o Gran Ducado da Moravia do século X e a primeira República Checoslovaca do período de entreguerras?*

—Ben, eu aínda considero a nación como un grupo social. E os individuos integrantes dese grupo poden estar vencellados conxuntamente por moi diferentes elos, que á súa vez poden ser reemprazados e seren móbiles. Mais o que non pode ser substituído é que eles se comunican preferentemente dentro dese grupo de referencia antes que con calquera outro situado fóra del. O idioma pode xogar un papel, pero non só o idioma. O feito é que eles teñen algún tipo de memoria colectiva común, algunha imaxe dun pasado compartillado en común. E o terceiro feito é que non habemos esquecer que as nacións, os movementos nacionais e todo o proceso de formación das nacións está sempre vencellado a elos sociais, e que a diferencia entre a nación moderna e as formas de identidade colectiva existentes con anterioridade, chamémoslles "nacións" pero con comiñas, é que a primeira é unha comunidade de cidadáns iguais, quizais sen plenos dereitos democráticos, pero son considerados como iguais.

—(NS) *Cando as antigas instancias de lexitimidade que sustentan o sistema social e político se derruban definitivamente... É dicir, só cando os antigos vencellos do Antigo Réxime que sostiñan o sistema político se esfarelan, xorden verdadeiramente as nacións...*

—Así é. E nesta situación, o que se produce é incerteza, inestabilidade. E esa incerteza que atinxe á maioría da poboación levouna a tentar procurar unha nova identidade. Eu diría... isto, naturalmente, é problemático de publicar, que nesas situacións, algunhas veces (non sempre e en todas partes, mais ás veces si) precisaron unha nova identidade, no canto da vella lexitimidade relixiosa e estamental, etc. O feito de que se denominou a esta nova identidade "nación" foi un mero accidente, porque non posuían outro termo, pero o feito é que a verba pasou a designar unha forma de nova comunidade. E, daquela, o termo nación xa tiña unha existencia previa, pero fora inventado ou usado dentro dunha sociedade de natureza diferente (feudal e estamental). Eu penso que este é un dos puntos, pero... e este é un dos resultados ós

que estamos a chegar no proxecto antes mentado dirixido polo profesor Otto Dann: que neste tempo de crise das vellas identidades, a identidade nacional non era a única alternativa posible. Tamén se tiña a mán a opción de identidades múltiples máis antigas, pero sobrevivintes, así como identidades étnicas prepolíticas. E eu penso que no caso dos galegos sería moi interesante diferenciar estes termos: identidade étnica no senso de que a xente soubo que posuía un idioma diferente do doutras partes, que se tiñan diferentes costumes, etc. Pero non necesariamente esta identidade étnica ha ser identificada con identidade nacional: pode ser diferente, e reservada a variantes dialectais, comunidades illadas xeograficamente, na montaña, etc. Pero esta é unha forma de identidade que subsiste desde tempos anteriores. Entón, tense a nova identidade —agora estou a falar desde o punto de vista da Europa Central— que xorde coa Ilustración. Eu denominaríaa identidade rexional, o que implica que os intelectuais se senten responsables da rexión na que moran, pode ser unha terra, pode ser un Estado (pero non necesariamente). Séntense responsables, e non só son conscientes de estaren vivindo alí, senón que tamén amaban a rexión, gustaban da súa xente, etc. Pero isto non é aínda identidade nacional no senso de que eles non aceptaban a idea de que esa xente había ter igualdade de dereitos. Soamente se preocupaban da xente, amábana, eran homes educados, etc. É bastante típico da fase A, diría, pero non dun movemento nacional. Eu diferenciaría esta identidade rexional do *Landespatriotismus*, porque este derradeiro é tamén unha identidade territorial, pero característica da vella clase dirixente que unicamente defendía os seus antigos privilexos.

—(NS) *O famoso caso dos baróns alemáns no Báltico, por exemplo.*

—Exactamente. Estes elementos poden ser importantes para un movemento nacional, pero só en Hungría, na medida en que eu coñezo —por suposto, sempre hai peculiaridades en cada caso— estes antigos terratenentes ou o patriotismo estamental das vellas Dietas incluíu de maneira orgánica a identidade étnica e transformou o antigo programa político nun novo programa nacional baseado no artellamento dunha sociedade civil durante a primeira metade do século XIX. Este é o único caso no que acontece desta maneira. Estou falando de pequenas nacións, non de Francia, etc., porque en Francia hai unha evolución moi específica. Pero polo xeral non é o caso, o antigo patriotismo estamental e a nova identidade nacional entraron en competencia. E no balbordo desta concorrencia entre identidades rexionais, patriotismo estamental e identidades étnicas, algúns patriotas apareceron e defenderon que "Somos unha nación", facendo uso dalgúns dos coñecementos adquiridos durante a fase A para definir algunhas desas nacións.

—(NS) *Volvendo a centrarnos na Europa centrooriental, gustaríame preguntarlle o seguinte: desde a súa propia experiencia, ¿como percibe e como podería resumir as diferencias existentes entre os movementos nacionais do Leste e do Oeste?*

—Esta pregunta ten dúas partes, digamos: unha histórica e outra actual. Sobre a parte histórica, xa intentei explicala anteriormente coa tipoloxía que elaborei. E a especificidade dos movementos nacionais da Europa occidental é que todos eles comezaron a súa fase B baixo as condicións do constitucionalismo, baixo as condicións dunha sociedade liberal, cun sistema de partidos, mentres os movementos nacionais da Europa oriental pasaron á fase B baixo as condicións precapitalistas, desenvolvéndose nun sistema político premoderno, do absolutismo ilustrado ou serodio, opresivo, etc. A situación occidental, tanto no caso flamengo coma no galés e polo menos tamén nos hispanos, é máis complexa. Agora hei expicar algo antes de continuar: para mín, o factor sobranceiro dos movementos nacionais exitosos e polo tanto para a formación plena dunha nación, reside na existencia do que eu denomino conflictos de intereses nacionalmente relevantes. É dicir, que eses individuos que falan diferentes linguas ou pertencen a grupos étnicos diferentes ou posúen diferentes identidades teñan, polo menos parte deles, intereses conflictivos ou diferenciais. Se eses conflictos nacionalmente relevantes teñen lugar e se desenvolven nas condicións dunha sociedade preliberal e preconstitucional, daquela a forma mellor, máis sinxela e máis efectiva para conferir expresión política a eses conflictos é consideralos en termos nacionais, de conflicto de nacións. É moi simple, é moi comprensible para todo o mundo, ten grande eficacia mobilizadora. Mentres baixo as condicións dun sistema constitucional pódense traducir estes conflictos de interese en programas políticos, opcións diferentes (clericais, liberais, máis tarde socialistas, etc.), e xa que logo é moito máis complicado para os movementos nacionais o acadaren axiña un apoio de masas. Non coñezo ben o caso galego, mais coido que aquí tamén foi este o problema. Mais coñezo ben o caso flamengo, onde os nacionalistas flamengos sempre acadaban un 10-15% dos votos, e non podían rebordar esa porcentaxe debido a que a división sobranceira dentro dos intereses sociais e políticos tiña lugar entre católicos e liberais. Podíase ser un patriota flamengo e ser moi católico, e podíase ser un patriota flamengo e ser liberal, mais non existía esa forza unificadora sobre diferencias políticas nun comezo. Esta é, así penso eu, a sobranceira diferencia existente entre os movementos nacionais da Europa occiental e da Europa oriental.

—(NS) *Non embargante, nos movementos nacionais da Europa do Leste tamén tiveron lugar importantes divisións políticas. Pénsese en Pilsudski e Dmowski no caso dos poloneses, por exemplo...*

—Si, mais isto aconteceu baixo as condicións dun movemento de masas. Velaí a diferencia. A diferenciación política tivo lugar xustamente despois de ter acadado o éxito definitivo. Esta é, ó meu xuízo, a explicación.

—(NS) *Iso marca unha gran diferencia respecto dos casos españois, onde o movemento obreiro naceu e se desenvolveu antes de os nacionalismos periféricos acadaren a fase de movementos de masas.*

—Esa é unha diferencia adicional. Mais neste caso, o do comezo temperán do movemento obreiro, eu diría que non se trata dunha diferencia tan específica da Europa occidental. O caso checo é un exemplo moi bo neste senso, xa que adoito existían traballadores que ante todo eran checos, e o movemento socialdemócrata xurdiu logo dunha situación na que o movemento nacional existía, e foron incluídos dentro da sociedade nacional, de maneira que a socialdemocracia austríaca non tiña outra opción que rexeitar o internacionalismo e recoñecer: "De acordo, sodes checos, tedes a vosa propia organización socialdemócrata", e despois tamén a tiveron os croatas, porque a situación xa era tamén así. Pola contra, dentro do imperio tsarista o caso letón é moi semellante ó dos cataláns, xa que a industrialización en Riga xurdiu antes de que o movemento nacional se convertese nun movemento de masas, e alí, malia todo, os obreiros non foron internacionalistas. Mais no caso catalán os anarquistas e os internacionalistas amosaron unha oposición moito maior ó movemento nacional.

—(NS) *Con todo, enxergando a historia dos movementos nacionalistas no século XIX e primeira metade do século XX, vostede tamén fala dunha sorte de interacción entre divisións étnicas e sociais. Ou sexa, que en Eslovaquia os terratenentes eran maxiares e os labregos eran eslovacos, etc., o que favorecía a vehiculización de conflictos sociais a través de oposicións étnicas. Mais, ¿que acontece nos casos, polo menos na Europa occidental, nos que esas divisións non son tan nidias, ou non existen? En Galicia, na Cataluña, no País Basco, ou na Bretaña e no País Basco-francés, os proprietarios agrarios eran tan "de alí", tan étnicos se se quere en moitos casos coma os labregos.*

—Se existe esa dicotomía e á vez complementariedade étnica e social, velaí un dos casos posibles no que existían o que eu acabo de denominar conflictos de intereses nacionalmente relevantes. Pero na Bretaña foi o contrario, ese movemento xurdiu como un movemento apoiado pola nobreza, e mesmo por esa razón os labregos non se adheriron a el. Mais hai un factor a engadir a isto. Vostede mentou o caso eslovaco, o dos labregos eslovacos. Ata que eses campesiños non son informados, non saben, non toman consciencia de que esa é unha situación de diferencia étnica e nacional, non reaccionarán, e polo tanto esa interacción étnico-social non funcionará. Na Eslovaquia sería

de agardar que os labregos eslovacos fosen moi patriotas xa na altura de 1840 ou de 1860, mais non o eran: a razón radicaba no baixo nivel de comunicación, e a educación tamén constitúe unha parte desa comunicación. Velaí a razón pola que foron incapaces de traducir esa dicotomía social en termos de conflicto nacional.

—(NS) *¿Mesmo en casos nas que a etnicidade era un factor case evidente, a diferencia étnica moi clara?*

—Si, eles sabían desa diferencia étnica, mais non a traduciron nunha diferencia nacional, *Nós* os eslovacos contra *eles,* os maxiares. Isto xurdiu máis tarde. No caso checo rexístrase no 1775 un erguemento antifeudal moi importante, os labregos erguéronse contra dos terratenentes, mais no decurso desa revolución non atopamos nin unha soa verba que denote a existencia dun interese nacional checo contra dos baróns xermanos. Pola contra, labregos xermanofalantes e checofalantes loitaron xuntos. Pero trinta anos despois, ou quizais dúas xeracións máis tarde, iso mudou. Só precisaron, simplemente, seren informados e convencidos, esa é a función dun proceso de nacionalización, entre outras.

—(NS) *Mirado desde a Europa occidental, o mosaico étnico europeo-oriental é descito de maneira usual como unha sorte de paradiso de identidades étnicas claramente discernibles. Para máis dun xornalista, é moi claro que un ucraíno é un ucraíno, ou que un lituano é moi diferente dun polonés, ou que eslovacos e checos falan diferentes idiomas, argumentos que moitas veces se queren manipular contra dos nacionalistas periféricos entre nós: hai quen afirma que a diferencia entre checos e eslovacos é moi grande, mentres a diferencia entre galegos e españois non é en absoluto tan grande. Porén, eu diría que a situación muda moito cando se enfoca dentro do proceso histórico de identidades mesturadas, a través de casamentos mixtos, etc., que tamén caracteriza á Europa centrooriental. Non habería máis que lembrar a parte moi rusificada da Ucraína, ou os amplos sectores da poboación lituana que foron polonizados...*

—Si, estimo que ten razón. O que vén vostede tamén a implicar é que é moi claro que hoxe é doado dicir quen é lituano. No caso dos ucraínos é máis complicado, mais polo menos case todos eles son conscientes de que son ucraínos, o que non quere dicir que poidamos extrapolar ó pasado. Este é o problema. No século dezanove, non estaba para nada claro que era ser ucraíno. Algúns intelectuais tiñan o concepto dunha nación ucraína, mais tratábase dunha minoría e era moi difícil, mesmo nesta sociedade e mesmo entre os seus propios integrantes ó defender esta posición. E de xeito semellante acontece no caso dos eslovacos. Na Eslovaquia oriental, o sentimento de identidade non foi claro por un longo tempo, e polo menos en 1832-33 dous homes escribiron unha gramática morava, argumentando que o moravo era un idioma

específico e que existía unha nación morava. Mais non funcionou, e unha vez máis trátase dun bo exemplo de que non se pode crear unha nación, ou construír unha nación, se se prefire. Mais naquela altura non estaba moi claro quen pertencía a onde. E o caso máis tráxico, no mesmo tempo, era o dos croatas, onde a superposición de identidades era enormemente complexa, e, para o observador, tan fantástica. Mais esta complexidade era menos rechamante onde unha boa fase A funcionou, por así o dicir, onde eses axitadores patriotas puideron fornecer unha descrición cientificamente neutral de que era esa nación, e entón puideron desenvolvela e usala, e así sucesivamente. Era o caso dos finlandeses, era o caso dos checos, por suposto dos maxiares, onde xa antes de que xurdise o movemento nacional estaba ben descrito, e gozaba dalgún consenso, onde estaba esa nación, que era, e quen pertencía a ela. Mais nalgúns casos os movementos nacionais comezan a súa fase B antes de que a súa fase A de descuberta intelectual concluíse, ou comezan case ó mesmo tempo. E neste caso a descrición científica de que é unha nación non é independente, senón que está influída polos intereses dos movemento nacional en cuestión. Isto é típico do caso serbo-croata. Especialmente, no caso serbio a penas existe fase A, senón que eles comezan a súa axitación patriótica na loita contra dos turcos. E máis tarde, no decurso desta loita, comezaron a discutir quén somos nós, serbios, quén son os serbios. E daquela obtéñense eses resultados, sen un consenso sobre a definición da nación.

—(NS) *Tamén, nese caso, a presencia do "outro" contribuíu a crear o "nós".*

—Si, e un caso semellante tense na Ucraína, onde existe unha moi ben elaborada descrición de que é un ruteno (ucraíno subcarpático) no Imperio austríaco, pero máis cara ó Leste a versión oficial rusa era que estes ucraínos eran unicamente rusos, e o seu idioma un conxunto de dialectos meridionais do ruso, ó igual que na Bielorrusia. Por certo, é moi interesante o paralelo existente entre este caso e o de Galicia. Nas sesións do Congreso ó que estou asistindo aquí oín por primeira vez que en España, ou en Galicia polo menos, a Igrexa era principalmente castelán-falante, os cregos falaban castelán. E exactamente o mesmo aconteceu no Imperio ruso. A Igrexa Ortodoxa era rusa, e os sacerdotes ortodoxos en Ucraína e en Bielorrusia eran rusos e tiñan que falar ruso, así era tamén aceptado pola poboación. O que é moi importante para o desenvolvemento dunha identidade, xa que os cregos eran os únicos "intelectuais" cos que a maioría da xente, sobre todo no rural, podía ter contacto.

—(NS) *Eu penso que iso é tamén un asunto puramente práctico, é dicir, a Igrexa concibíao en termos prácticos. Se os labregos entendían ós cregos, malia estes non falaren o mesmo idioma, os eclesiásticos podían manter o idioma da liturxia e da prédica como o idioma de cul-*

tura, o que confería prestixio na escala social e polo tanto enfortecía o poder e prestixio dos cregos rurais. Pola contra, en Bretaña o problema era diferente: se os cregos falaban francés, non eran entendidos pola poboación, o que atentaba contra do interese catequizador da Igrexa.

—Non coñezo a situación na Bretaña, nin tampouco como foi resolto ese problema.

—(NS) *Na miña opinión, podería ser un bo punto de comparanza. Por exemplo, en Francia, no momento da moi mionoritaria fase A os movementos nacionais bascos ou bretón ou mesmo occitano no século dezanove comezaron a reivindicar o uso dos idiomas vernáculos, pero eran sobre todo proprietarios agrarios rurais ou en boa parte cregos rurais. Os cregos estaban a prol da introducción do basco ou do bretón nas escolas rurais, porque considerábase que era un freo contra do liberalismo do Estado francés, que se expresaba en francés.*

—Por certo, falando da Igrexa. A Igrexa en Austria era consciente de que os cregos habían seren comprendidos, e era case evidente que os seminarios en Bohemia no derradeiro ano da formación académica, o cuarto, habían impartir unha clase diaria para os checos en checo, para os alemáns en alemán, sobre todo de Teoloxía pastoral, para así aprenderen a predicar. Noutras verbas, os cregos aprenderon obrigatoriamente a lingua literaria checa, para usala en contacto cos labregos. E isto acontecía en Praga, mais non sempre nas zonas rurais, e existía unha discusión moi interesante arredor deste punto. É moi importante, e tal vez aínda non temos prestado a suficiente atención a este factor: cómo foron educados eses labregos das pequenas nacións. Penso que o caso galego é moi interesante: o feito de que podían entender, e a través desa decisión da xerarquía católica, para os labregos galegos o castelán converteuse na "lingua literaria".

—(NS) *A liturxia oficial era en español, cando non en latín. Mais sabemos que tamén predicaban en galego nos sermóns, etc. Non temos datos empíricos e suficientes. Si sabemos que os cregos non eran educados en galego nos seminarios, onde o galego era totalmente prohibido mesmo en conversas privadas. Era moi típico, e aínda o é, que no adro da igrexa os párrocos falasen en galego, mentres dentro da igrexa só utilicen o español. O seu espacio é o seu espacio, e nel só impera o idioma "culto".*

—En Moravia existiu unha situación moi semellante: nesa rexión fálanse dialectos diferentes do checo, polo menos moi diferentes do checo de Bohemia. Sabemos o mesmo, que os cregos falaban coa xente da vila en dialecto, mais que na igrexa só utilizaron o checo literario. En Galicia, a poboación foi educada na convicción de que o castelán era a lingua literaria: iso é importante.

—(B) *Mesmo agora, moita xente que fala galego ten grandes dificultades para o escribir, e prefiren escribir español.*

—Isto tamén era típico dos primeiros patriotas checos cara ós anos 40 do século XIX: eles preferían mesmo escriber en alemán, porque non coñecían a ortografía do checo. Falaban entre eles en checo, mais escribiron en alemán, debido a que non sabían como escribir a súa lingua.

—(NS) *Cambiando de tema, profesor Hroch. Tendo en conta as estratexias perseguidas polos movementos nacionais na Eurpa oriental antes da I Guerra Mundial, semella que case ningún deles, mesmo os ucraínos, eran independentistas. Na súa maioría estaban a prol dalgún tipo de solución consociacional, de imperios multinacionais. Realmente, a reivindicación maximalista só apareceu na conxuntura de inestabilidade e cambio que supuxo a Grande Guerra.*

—Eu exceptuaría os poloneses, sobre todo Pilsudski, porque no caso do movemento nacional polonés a independencia incluíase no seu programa desde un comezo, se ben durante un tempo esqueceron esa reivindicación por razóns tácticas. Mais no caso checo a I Guerra Mundial foi o comezo desa reivindicación. Ata entón, practicamente todos os movementos nacionais, incluíndo Ucraína e todos os países bálticos, se orientaron unicamente cara á consecución dalgunha forma de autonomía, algún grao de autogoberno ou de administración propia, mais non un estado propio, en absoluto. Mesmo no caso finlandés tiñan algún tipo de autonomía, que era máis ben para eles dabondo, de xeito que non sentiron grandes devezos de independencia. Isto é algo no que Gellner se trabuca, xa que el afirma que o nacionalismo sempre está asociado con loitas decididas e fortes pola independencia. Mais isto último só ten lugar excepcionalmente, non é a norma.

—(NS) *Lendo un libro dun viaxeiro alemán que a comezos dos anos vinte percorreu a Europa do Leste, encóntrase un con que moita xente na rexión ucraíno-carpática, ó seren preguntados verbo da súa nacionalidade, simplemente respondían: "sómoslle de aquí, somos súbditos do emperador". E un libro recente sobre os romenos da Transilvania tamén pon de manifesto que logo de 1918 volveren ó vello reino da Romanía* (Regateni), *aqueles descubriron que desenvolveran a súa propria identidade colectiva, que non era tan semellante como crían á vella identidade romena da Valaquia e Oltenia: tiñan señardade da eficacia da administración maxiar, e suscitaron mesmo un problema de rexionalismo dentro do novo Estado romeno. Algúns feitos recentes na Europa oriental tamén reflicten que mesmo dentro desas "nacións étnicas", tal e como son consideradas desde o estereotipo occidental, tamén existen notables diferencias rexionais internas canalizables politicamente...*

—Si, por suposto. A identidade rexional fica aí, non foi eliminada pola identidade nacional. Esta derradeira sobrepúxose a ela, mais non a exterminou.

—(NS) *¿Pensa vostede que no futuro, por exemplo, podería desenvolverse un sentimento máis forte de, digamos, identidade morava dentro de Chequia, por exemplo?*

—Ben, no caso da identidade morava, atopámonos cun moi bo exemplo deste fenómeno, xa que despois de 1989-90, cando a situación se caracterizaba pola incerteza, logo dunha crise revolucionaria, este rexionalismo moravo —en ningún caso arredismo—, conxuntado tamén coa idea dunha nación checa, era máis ou menos forte, chegou a ter un 5-8% nas eleccións, mais despois de catro ou cinco anos baixaron moito os apoios: nas últimas eleccións obtiveron un total fracaso, a penas un 0,4% ou así. Ninguén fala arestora del. Por suposto, o rexionalismo moravo é respectado e posúe a súa propia especificidade, intereses propios, mais nada máis. Non embargante, nunha situación na que todo era fluctuante e estaba "no aire", dábanse as condicións para que aparecese xente que dixese "somos moravos". E algunha xente lles prestou apoio. Mais estou certo de que se vostedes tivesen pasado por unha experiencia de crise semellante en España, daquela terían hoxe cinco repúblicas.

—(B) *Neste senso, sería interesante unha pequena especulación pola súa parte sobre o futuro. A crise do Estado do benestar, a crise de lexitimidade na Europa occidental, a crise das elites e a intensificación do efecto demostración que espalla o "contaxio" dunhas áreas xeográficas a outras, debido a que a comunicación de masas é moito máis áxil a través da televisión e outros medios... ¿Pensa vostede que existe unha posibilidade dun novo "espertar étnico" na Europa occidental, se este sería o intre axeitado para posteriores desenvolvementos nesa dirección?*

—Eu non usaría o termo "intre axeitado", mais penso que a avantaxe da Europa occidental nos últimos cincuenta anos foi que pasou por unha longa etapa de prosperidade, e mentres existiu foi posible manter un nivel máis baixo do que antes chamei "conflictos nacionalmente relevantes". Hoxe recibín unha moi boa suxerencia dos lingüistas: que todos os contactos lingüísticos entre idiomas diferentes implican un conflicto virtual, ou unha posibilidade de conflicto. Eu engadiría a isto que este conflicto virtual faise moito máis posible alí onde existe unha situación de declive, de crise económica, etc. Onde existe prosperidade, isto non funciona tanto. Temos o moi bo exemplo de Escocia, onde os nacionalistas escoceses experimentaron un forte crecemento na época da crise económica dos anos 70.

—(NS) *Poñamos o caso de Suíza, un típico exemplo de harmonía étnica que todos aducen. Non embargante, se se mira dentro da realidade helvética, pódese apreciar que existen conflictos lingüísticos localizados ou sectoriais, que existen problemas no exército entre soldados francofalantes e xermanofalantes, etc. Mais isto nunca levou ó conflicto*

étnico porque, por dicilo de maneira simple, a tarta daba para todos. ¿Que acontecería en Suíza, se os bancos pechasen e se producise un colapso económico e do Estado do benestar...?

—Si, iso é o problema. Xa que logo, tamén o derrubamento da Unión Soviética deu lugar a conflictos nacionalistas tan fortes, ó igual que aconteceu en Iugoslavia. É moi comprensible e mesmo unha reacción individual ata moi humana fronte a unha situación onde o barco está a afundirse e todo o mundo se guinda á procura dos salvavidas, e non hai salvavidas para todos, polo que uns grupos tentarán reservalos para eles.

—(NS) *Si, mais tamén existe aí certa ambivalencia. Xa que, mesmo entón, cando outro grupo posúe unha parte "máis grande" da tarta, probablemente ese grupo étnico remata por se cansar de dividir a tarta con outros. O caso esloveno en Iugoslavia foi bastante claro, ó igual que ata certo punto o catalán en España. Neste senso, eu sei que estou a pedir de vostede unha xeneralización excesiva, mais ¿como interpretaría o recente xurdimento de demandas independentistas en Italia setentrional, con fenómenos como a Liga Norte, etc. —á parte da compoñente pouco menos que circense que teñen?*

—En parte é o que vostede di, eles teñen a impresión de que han loitar por outra Italia, polos preguiceiros italianos meridionais, etc. Mais non estou dabondo informado sobre ese tema: ¿afirman eles que son unha nación?, ¿afirman que existe unha nación veneciana, etc.? Non o creo. É máis, a Liga Norte asinou o compromiso de goberno con Berlusconi sobre a base da *Italia una e indivisibile.*

—(B) *Denomínanse a si mesmos "Padania", mais isto non ten base histórica...*

—(NS) *Por suposto. Mais ese movemento era a comezos dos anos 80 un movemento nacionalita lombardo moi minoritario, ó igual que existía un no Véneto. A comezos desa década o movemento lombardo sufriu unha escisión, encabezada por Bossi e outros, que entenderon que ese movemento había converterse nun movemento de protesta social contra do Estado, e non definirse en principio como un nacionalismo étnico: deixaron así de banda as reivindicacións para reavivecer o idioma lombardo e unha etnicidade diferencial, etc., e fundaron o que despois sería a Liga Norte. E agora, despois de varios anos de teren outorgado a prioridade a unha mensaxe que primaba cuestións como a economía e mais a rexeneración social de Italia a través do federalismo, amais dalgúns elementos xenófobos, semella que volveron a un discurso baseado na etnidcidade e na Historia, na construcción dunha nova nación. Mais paréceme unha saída táctica. É dicir, trátase da necesidade de forxar unha nova identidade para o movemento social e político da Liga. Mais podería acontecer que estes "tolos" de hoxe, no futuro,*

non sexan considerados coma tolos, senón como descubridores, se as condicións sociais e económicas permiten que ese proxecto vaia adiante. Tamén Sabino Arana era considerado un tolo na Biscaia de finais do século XIX...

—Neste caso, os historiadores habemos ser neutrais e constatar: "Ollemos, se gañan, daquela podemos analizar os factores do seu éxito". Existen algúns factores que poden favorecer o éxito, incluíndo esa diferenciación económica moi clara entre Norte e Sur, mais non podo imaxinar que triunfen, xa que Italia setentrional é tan diferente... O Piemonte, a Lombardía, o Véneto, ¿como se pode achar unha identidade común a todos eles? Falan diferentes dialectos, etc. Podería imaxinar por exemplo que o Véneto crease a súa identidade, é dicir "posuímos un pasado común, e compartillamos todos unha vella tradición veneciana", ou o Piemonte, co precedente do antigo reino. Mais todos xuntos, seméllame moi difícil o poder crear algo a partir diso.

—(NS) *Cambiando outra vez de tema. ¿Cal sería a súa opinión sobre o caso español, é dicir, sobre a actual situación de nacionalismos en concorrencia dentro do territorio español?*

—Eu non os chamaría nacionalismos ata o de agora, senón movementos nacionais, que teñen naturalmente o nacionalismo como un fenómeno que os acompaña. Comprázome observándoos, non porque estou aquí, senón simplemente porque penso que se trata dun movemento moi lóxico e moi orgánico. Mais vostedes teñen unha oportunidade: sería moi conveniente para España mudar o nome do idioma de español a castelán, xa que así se tería unha identidade do Estado español, e ademais as identidades nacionais dos cataláns, bascos, casteláns e galegos. Daquela, o perigo de secesión sería moito menor, porque se chegaría a un estado diferente que está por riba desas identidades, e catro ou cinco nacións que poden convivir no mesmo estado a través dunha federación, ou formas de goberno semellante. Mais se a situación, non é esa, senón que se segue a manter que España é o Estado e á vez unha soa nación, daquela seguirán a producirse conflictos.

—(NS) *En realidade, esa é a proposta historicamente defendida pola maioría do nacionalismo catalán e galego: que España se convirta nun Estado multinacional gobernado por unha Monarquía ou República e un parlamento, unha república federal ou confederal.*

—Estou máis ben certo, por suposto, de que existen tamén outros factores, mais se en Checoslovaquia se tivese optado por un nome máis neutral, chamémoslle agora, por exemplo, Danubia do Norte ou algo así, entón os eslovacos non apoiarían a opción independentista coa mesma intensidade coa que o fixeron, xa que dentro do nome Checo-Eslovaquia eles figuraron simbolicamente e psicoloxicamente todo este

tempo nun segundo lugar, estando sempre os checos no primeiro. O que producía fricciónS, aversiónS psicolóxicas, sempre os segundos. En España, se se compara con Austria, penso que a cuestión está evolucionando nesa dirección de secesión ou non secesión, xa que en Austria a nación dominante, de maneira paralela ós casteláns, tiña unha identidade xermánica, non unha identidade austríaca. Non entendo por qué isto non se mentaba nas discusións sobre a caída da monarquía austríaca, non se ten enfatizado dabondo que a nación dominante dentro dun Estado tiña ó mesmo tempo unha identidade máis estreita con outro Estado-nación. O que non podía funcionar por sempre. Se os austríacos tiveran afirmado "somos austríacos, non alemáns", daquela podería ter funcionado en certa maneira.

—(B) *Sempre é chocante a comparación dos símbolos nacionais españois cos doutros países. Cando vou ós EE UU vexo as bandeiras americanas en todas partes, o himno nacional, o xuramento de fidelidade, etc. Mais en España a bandeira española non ondea en ningures, agás nos edificios gobernamentais. Só proliferan as bandeiras locais, non existe un senso de nacionalismo español...*

—(NS) *Unha última pregunta, profesor Hroch. ¿Comparte vostede tamén a señardade polos tempos do Imperio austro-húngaro que senten outros analistas, é dicir, daquel imperio como modelo dun estado multinacional pseudo-federal?*

—Non, en absoluto. Podería entenderse nas condicións dos anos cincuenta, digamos, ou aínda nos anos 70, cando existían fronteiras pechas, entón tiña senso o recordo da vella monarquía, cando se podía ir de Praga a Trieste sen trabas de ningún tipo. Mais hoxe en día, cando tamén é posible facelo, ¿que outras vantaxes poderían obterse dunha monarquía supranacional? Non tería senso.

—(NS) *Quizais un modelo de futuro podería ser unha Unión Europea multiétnica na que os Estados terían moito menos poder...*

—Si, mais esa opción conta agora cun apoio, cunha historia e unha experiencia política. A señardade do Imperio só é usada ou desbotada a comenencia sobre todo polas tendencias políticas de extrema dereita. Esa nostalxia da vella monarquía supranacional foi sobre todo sentida por boa parte dos austríacos antes de eles entraren a formar parte da Unión Europea, para así salvagardaren a súa identidade do influxo alemán. Mais arestora tamén os austríacos forman parte da Unión Europea e os seus temores anteriores desapareceron.

X. M. N. S.
D. B.

Literatura e nación

Thomas S. Harrington

A pesar das miñas arelas por elucidar todos os misterios existentes na relación entre literatura e nación ó longo dos séculos, non o vou facer, entre outras cousas por non contar co espacio abondo para tal fin. Contentareime con tratar sobre un aspecto das miñas recentes pescudas neste eido, sobre a elaboración literaria dos conceptos da identidade nacional na Península Ibérica durante a Restauración Borbónica, salientando o papel pedagóxico dos ensaios *La nacionalitat catalana* (1906) de Enric Prat de la Riba, *Arte de ser português* (1915) de Teixeira de Pascoaes, *Teoría do nacionalismo galego* (1920) de Vicente Risco e *España invertebrada* (1921) de José Ortega y Gasset.

Nun artigo publicado non hai moito tempo, o escritor e flamante académico Mario Vargas Llosa disertou sobre o tema que hoxe nos interesa: a literatura e a nación. O autor peruano sostivo que os que intentan compaxinar a vocación de escritor coa tarefa de impulsar unha noción afirmativa de identidade nacional, convértense, case automaticamente, en pensadores de segunda fila porque o nacionalismo é, e cito:

> un producto intelectual inferior, de ideas rudimentarias, que non se propón fundamentar racionalmente unha verdade senón revestir coa aparencia dunha doutrina o que non é máis que unha paixón, un instinto e un acto de fe. Non é casual que non haxa grandes pensadores nacionalistas [...] e que o máis presentable que a ideoloxía nacionalista pode exhibir, entre os seus clásicos, sexa o simpático anacronismo dun Johann Gottfried Herder opoñendo a súa visión dun mundo-arquipélago de pintorescos illotes culturais —*das Volk*— ás pretensións universalistas da Revolución Francesa... O nacionalismo non foi quen de enriquecer o coñecemento da realidade

> social, dos mecanismos do devir histórico e da condición humana porque se sustenta en simples prexuízos e medos atávicos que non resisten a análise racional[1].

As fulminacións de Vargas Llosa traen á mente outro comentario recente, este do intelectual francés Pierre Bordieu, sobre a necesidade de incluír unha forte dose do que el chama "reflexividade crítica" ó falar das relacións entre literatura e os movementos dedicados a recalcar ou recuperar a identidade colectiva das chamadas etnias históricas. Para Bordieu, reflexividade crítica significa o costume de re-avaliar con frecuencia os esquemas de análises, xa establecidas, dos fenómenos sociais e literarios. Cre que a condición *sine qua non* de tal reflexividade crítica é a conciencia histórica, sen a cal, existe unha forte tendencia de caer no que el chama a "miseria da ahistoridade", que conduce, pola súa parte, á "lóxica da denuncia":

> A denuncia, con todos os beneficios simbólicos e prácticos que procura, supón a deshistorización e a ignorancia das condicións históricas da posibilidade da diferencia ou, máis sinxelo, a negativa a *comprender* relacionando as conductas coas condicións sociais que as fai posibles e ás veces inevitables[2].

Dito doutro xeito, a lóxica da denuncia é para Bordieu unha especie de atallo mental que utilizamos para evitar o reto difícil de delinear os procesos de causalidade inherentes nos fenómenos culturais, como a construcción e divulgación de sistemas de identidade nacional, que parecen ter unha potencia enorme para socavar os alicerces da sociedade existente. No canto de estudiar tales fenómenos culturais nos seus propios termos, á luz dos seus antecedentes históricos, o intelectual empregando a lóxica denuncia, limítase a descartar os elementos do seu obxecto de estudio que non entren dentro dos parámetros do *seu propio aparato crítico contemporáneo*. Un dos "beneficios simbólicos" desta formulación, segundo Bordieu, é quedar libre da acusación de ter promocionado unha causa que poida ter o efecto de danar os intereses dun ou doutro. Pero este beneficio págase caro dado que a este intelectual tamén se lle priva da oportunidade de impulsar a comprensión do mesmo fenómeno.

Queda patente que, no caso de Vargas Llosa, as paixóns humanas e o impulso relixioso, non teñen lugar lexítimo dentro da súa visión crítica. Así, supón que os esquemas de identidade nacional, que parecen nutrirse con frecuencia destas forzas e desexos, carecen de valor intrín-

1. Vargas Llosa, Mario. "Cuestión de fondo", en *El País*, 8-VIII-1993, p. 9.
2. Bordieu, Pierre. "Los muros mentales", en *Temas de nuestra época. Año VII* (278). *El País*, 17-VI-1993, p. 7.

seco. Tal formulación podería ser "útil" se Vargas Llosa, e os que como el pensan, fosen quen de abolir o que ven como "o problema" dos escritores de tinte nacionalista cunhas palabras de censura. Pero como indiquei con máis detalle noutras ocasións, nin as palabras de censura nin a supresión esforzada e bastante xeneralizada dos temas nacionalistas e círculos críticos durante as primeiras catro décadas despois da II Guerra Mundial lograron parar a producción de textos que tiñan por propósito, implícito ou explícito, avogar polas identidades colectivas e históricas dun grupo nacional ou outro. Á luz disto, parece claro que unha actitude de "reflexividade crítica" esixe que vaiamos alén da lóxica da denuncia ou do que Edward Said[3] deu en chamar en 1983 "a crítica da oposición", para intentar comprender as relacións *dinámicas* entre a literatura e a construcción e o mantemento das identidades nacionais.

De feito, as cousas cambiaron moito a este respecto durante a última década. Hoxe en día, é bastante común no meu país ler artigos de críticos literarios que, rexeitando a noción do texto soberano e illado, intentan amosar cómo a obra dun autor pode dar testemuña da súa pertenza a unha colectividade histórica particular. Unha suposición subxacente neste tipo de estudio é a noción de que os membros dunha nación, ou mellor dito dunha nacionalidade, posúen o que se podería chamar un "conxunto de trazos representativos" que se poden discernir a través da lectura detida do *corpus* literario identificado con tal grupo.

Sen embargo, parece que algúns dos estudiosos que se dedican a buscar probas literarias do chamado "conxunto de trazos representativos" ignoran que os conceptos de nación e de nacionalidade poden, cómo outros esquemas analíticos, acabar perdendo o seu carácter dinámico co uso habitual. Quere isto dicir que no seu afán de recuperar o discurso sobre a literatura e a nación esquecen con frecuencia que o "conxunto de trazos representativos" é tamén un texto de elaboración humana, subproducto da búsqueda da transcendencia temporal e espacial dos seres individuais. Ó non se decatar disto e seguir tratando os conceptos de nacionalidade como se fosen unha lista de carácter estático caen, paradoxalmente, na mesma trapela *ahistoricista* na que caeu Vargas Llosa ó cuestionar a lexitimidade dos nacionalismos a base do seu racionalismo de corte estreito. Desde o meu punto de vista, a receita indicada aquí, como no caso do escritor peruano antes citado, parece ser outra forte dose de *reflexividade crítica*, que terá o efecto de nos facer pescudar sobre os procesos culturais que conducen, ou conduciron, á producción dos esquemas de identidade nacional no pasado.

3. Said, Edward. "Reflections on American 'Left' Literary Cristicism", en *The World, the Text, and the Critic*. Harvard University Press, Cambridge, 1983.

Unha consideración da dinámica destes procesos culturais está xa en marcha. Benedict Anderson, no seu traballo *Imagined Communities*[4], salienta o papel fundamental das elites cultas ou o que el dá en chamar "os misioneiros do nacionalismo", no proceso da construcción das identidades nacionais en Europa durante a segunda metade do século XIX. Tamén Bordieu mantén que a historia literaria, disciplina inventada polos escritores e estudiosos da mesma época, "é un dos fundamentos do culto nacional e nacionalista e da imposición da crenza na *identidade nacional*"[5]. Itamar Even-Zohar, figura central no desenvolvemento do moi importante corpus de traballos sobre a teoría polisémica, sostén, nun artigo moi difundido aquí en Galicia, que os textos literarios son parte da *indispensibilia* da formación das entidades nacionais e que no século XIX europeo "axentes socio-semioticos", popularmente coñecidos baixo o apelativo de "escritores", "poetas", "pensadores", "críticos", "filósofos" e similares, produciron un enorme corpus de textos cos que pretendían xustificar, sancionar e sustentar a existencia ou o desexable dela, o valor e a pertinencia dunha entidade creada á que se aspira, é dicir, da nación alemana, a nación búlgara, a italiana, etc.[6]

Considero que este concepto do "axente socio-semiótico" artellado máis ou menos en conxunto por Anderson, Bordieu e Even-Zohar está moi ben fundamentado. A través del adquirimos unha idea de quen eran estes constructores da idea da nación en termos socio-culturais. E claro, percibimos que o resultado do seu labor era a difusión da idea da nación. Menos evidentes, sen embargo, son os detalles do proceso a través do cal estas elites cultas elaboraron os seus conceptos da nacionalidade e os métodos utilizados para difundir estes mesmos conceptos entre a poboación en xeral.

Desde o meu punto de vista, non é casual que Bordieu e Anderson recorresen a termos vencellados tradicionalmente á relixión (*misioneiros, culto*, no sentido de grupo relixioso) ó falaren da formación dos conceptos da identidade nacional no século pasado. Como antes suxerín, e como explico con máis detalle xalundes, hai, por razóns históricas relacionadas coa desconstrucción das ideas relixiosas tradicionais durante o século XVIII, unha actitude relixiosa subxacente nunha gran parte dos conceptos de identidade nacional artellados ó final do século XIX e principios do século XX. Por esta razón, creo que o proceso da elaboración de doutrina nas organizacións relixiosas tradicionais pódenos servir de

4. Anderson, Benedict. *Imagined Communities: Reflections on the Origin and Spread of Nationalism*. Verso New Left Books, Londres, 1983.

5. Bordieu, Pierre. *Op. cit.*, p. 8.

6. Even-Zohar, Itamar. "A función da literatura na creación das nacións de Europa", en *Grial* 120, tomo XXI, 1993, pp. 441-58.

guía no noso intento de comprendermos os procesos a través dos cales se elaboran os conceptos da identidade nacional.

En todas ou case todas as relixións organizadas do Occidente hai unha reducida clase dirixente, cunha condición especial dentro da organización consistente nun resultado directo da súa capacidade de comprender e manipular os textos que, supostamente, atesouran o sistema de crenzas da comunidade. O manexo destes textos consiste en dúas operacións distintas que están, asemade, entrelazadas, por seguir sempre unha á outra na secuencia temporal. Na primeira fase, a actividade principal do líder relixioso é a de seleccionar, a base dos seus propios criterios, as apoloxías máis atractivas e coherentes dos seus antecesores na fe. Unha vez que é quen de manexar estas ideas sométese ó enfrontamento dialéctico cos seus colegas no sacerdocio. No transcurso destas disputas "na casa" descobre con frecuencia que as súas propias formulacións xa non responden ben ós retos contemporáneos da súa comunidade. Ó ocorrer isto o líder relixioso ten basicamente dúas opcións se quere manter viva a vida espiritual da comunidade: ou *remedar* ideas atractivas xa artelladas noutras tradicións ou *inventar* novos artigos de fe. Logo de re-escribir o seu discurso a base destas ideas novas e alleas, someteo novamente á disputa e, tarde ou cedo, sae ratificada unha nova apoloxía das crenzas claves do seu culto.

Unha vez que recibe a aprobación dos seus colegas, dedícase, na segunda fase da operación, a preparar o novo conxunto de verdades para o consumo do público xeral da secta. O cambio da primeira fase á segunda fase da operación é algo máis dramático do que a primeira vista pode parecer. Dentro da comunidade dos sacerdotes, a sacralidade da tradición é un feito dado. Así, existe unha marxe relativamente grande para as discrepancias ideolóxicas. Pero, na segunda fase, cando o grao de devoción de moitos na audiencia é aínda unha cuestión aberta, hai unha necesidade de establecer, polo menos, a aparencia de *coherencia* no novo discurso teolóxico. Ó novo "conxunto de verdades" pode faltarlle a sofisticación da disputa escolástica. E, de feito, normalmente é así. Mesmo pode faltarlle unha lóxica discursiva desde o punto de vista da retórica clásica. O que non lle pode faltar, sen embargo, é unha relación directa cunha identidade comunitaria que "transcende, ou supón transcender, os límites temporais da vida cotiá dos individuos da mesma comunidade".

Pódese dicir, doutro xeito, que na primeira fase do seu tratamento dos textos sagrados as accións do líder relixioso poden describirse como *canónicas* no sentido de que teñen como propósito principal o intento de reconciliar as varias correntes de pensamento do culto relixioso nun compendio único. As accións do líder relixioso na segunda fase da xestión textual poden describirse como *pedagóxicas* porque

son un intento de efectuar cambios de actitude nas masas a través do manexo do que o teórico da educación, Jacques Barzun[7], dá en chamar, os "elementos rudimentarios", as partes primarias e máis atractivas do sistema total de crenzas.

Como no caso dos grupos relixiosos, a organización de campañas de catequese e pedagoxía nos grupos nacionalistas aparecen en función das circunstancias históricas. Parece que tenden a xurdir durante períodos de transtorno social cando as estructuras fundamentais da sociedade se poñen en cuestión. Na Península Ibérica, a primeira metade da Restauración Borbónica foi, malia os esforzos dos arquitectos do Turno Pacífico para mostrar o contrario, un período así. Logo do Sexenio Revolucionario de 1868 a 1874, diminúe seriamente a vixencia e eficacia do modelo bipartito das nacións da Península. Os planos infructuosos para a unión dinástica de España e Portugal, o breve experimento federalista de Pi i Margall, o ultimatum dos británicos ós portugueses en África e o desastre do 98, entre outras moitas cousas, tiveron o efecto, por unha banda, de amosar o esgotamento das antigas misións nacionais de España e Portugal e, por outra banda, de facer xurdir novos intentos de *re-imaxinar* as relacións entre o que, en termos herderianos, se dan en chamar as *kulturnationen* ou nacións culturais da Península. Foi como resposta ás oportunidades presentadas polo deterioro do vello sistema que os "axentes socio-semióticos" en todas as rexións da Península aumentaron a producción de textos que tiñan como propósito implícito ou explícito o de xustificar a existencia de novas entidades xurídicas chamadas "rexións", "nacións", e en termos deliberadamente vagos, "nacionalidades". Coa proliferación destes novos textos xurdiu tamén un novo oficio: o de "xestor do discurso nacional" ou "pedagogo da nacionalidade".

Á fin do século XIX, Enric Prat de la Riba percibiu unha crecente tensión dentro do movemento catalanista e encargouse do traballo de ordenar o seu discurso e presentar unha síntese do mesmo para servir como o novo criterio da identidade catalana. O resultado do seu esforzo é o ensaio *La nacionalitat catalana*[8]. Sen dúbida, a maior parte da "lección" de Prat deriva do catalanismo conservador de Mané i Flaquer e Tomás i Rages. Coma eles, fai fincapé no poder divino da terra, a atemporalidade do espírito nacional, a pervivencia da lingua catalana e o sistema catalán de dereito, a necesidade de organizar a cultura catalana a base de pactos entre a familia e os gremios, ambos os dous de estructuras esencialmente xerárquicas. Sen embargo, a dife-

7. Barzun, Jacques. *Begin Here*. University of Chicago Press, Chicago, 1991.

8. Prat de la Riba, Enric. *La nacionalitat catalana i Compendi de la doctrina catalanista*. Edición a cargo de Jordi Casassas e Ymbert en "Biblioteca dels Clàssics del Nacionalisme Català" nº 30, La Magrana, Barcelona, 1993 [1906].

rencia da outra póla importante do movemento que tiña como fundamento as ideas do finado Valentí Almirall, amplía, en termos teóricos, a función tradicional da *pagesia* rural para incluír a súa actuación como clase directiva no ámbito urbano. E, se cadra máis importante, fala, como os seguidores de Almirall, sobre a necesidade catalana de desenvolver unha política hexemónica dentro de España. Ós Federalistas atráeos a súa causa coa promesa de construír unha federación de nacións ibéricas, sen aflixirse coa evidente contradicción desta meta e a da hexemonía ibérica antes citada. E, por fin, apaga os conflictos entre os catalanistas de orientación confesional e os de orientación secular coa súa afirmación de que a fe nacional se erixe como forza transcendente e, xa que logo, integradora de todos os outros movementos espirituais. A través da súa selección hábil do que o teórico do discurso literario nacionalista Bhabha[9] chama os "trozos" do anterior discurso rexionalista e nacionalista catalán, Prat logrou crear un documento que, a pesar do que seguen pensando moitos, non é un simple panfleto de tipo político, senón un documento cultural que aumentou dunha forma impresionante a palpabilidade de (en termos andersonianos) "a comunidade imaxinada" catalana neste século. De aí que J. M. Castellet[10] sosteña que Prat, xunto con D'Ors e Pompeu Fabra, vén sendo un dos principais arquitectos da identidade cultural catalana contemporánea e a razón pola cal o poeta Maragall, se cadra o escritor catalán máis respectado de principios de século, dixo de *La nacionalitat catalana* que "por ela (*La nacionalitat catalana*), toda unha xeración aprendeu a ser conscientemente catalanista"[11]. Máis tarde, Rovira i Virgili diría do seu frecuente adversario político: "Prat foi o que definiu a personalidade nacional de Cataluña e o que ordenou a primeira recuperación oficial desta personalidade"[12].

En Portugal, a declaración da República en outubro de 1910 conferiu unha nova urxencia á causa de re-imaxinar a nación, movemento que comezara con Antero de Quental e a Geração de '70. O novo foco deste esforzo intelectual e cultural foi o grupo de Renascença Portuguesa. Nas páxinas do seu órgano oficial *A Aguia* había nos anos 1911 e 1915, unha rica proliferación de achegamentos ó problema de (citando dun dos documentos fundacionais do grupo) "crear un novo Portugal, ou mellor resucitar a Patria Portuguesa, arrincala do túmulo onde a sepultaran algúns séculos de escuridade física e moral, en que

9. Bhabha, Homi K. *Nation and Narration*. Routledge, Nova York, 1990, p. 297.

10. Castellet, J. M. *Per un debat sobre la cultura a Catalunya*. Edicions 62, Barcelona, 1983.

11. Citado en Benet, Josep. *Maragall: la Setmana Trágica*. Institut d'Estudis Catalans, Barcelona, 1963, p. 272.

12. Rovira i Virgili, Antoni. *Prat de la Riba*. Prólogo e selección de Isidre Molas, Edicions 62, Barcelona, 1968, p. 132.

os corpos murcharan e as almas esvaeceran"[13]. Entre os moitos participantes destacados deste movemento heterodoxo atópanse António Sérgio, Raul Proença, Jaime Cortesão e Leonardo Coimbra.

Pero foi o poeta Teixeira de Pacoaes, xa moi practicado na arte de crear un espacio mítico persoal, quen máis se dedicou a crear unha nova identidade cultural para Portugal. Pascoaes argumenta repetidamente que son os poetas os seres humanos máis dotados tanto para sentir como para pensar e, daquela, servirán como os sacerdotes da "igrexa lusitana" que será a encarnación corporativista da nova identidade nacional portuguesa. "É por medio dos poetas que o xenio popular se vai fixando en figura viva, cada vez máis perfecta. O poeta é o escultor espiritual dunha Patria, o revelador-creador do seu carácter en mármore eterno de harmonía"[14]. O seu principal texto catequístico é *Arte de ser português*[15], sobre o cal dixo o propio Pascoaes:

> Este libro, non polo seu valor literario, senón polas verdades que encerra, debería ser lido, estudiado e comentado nos cursos de Literatura e Historia Patria, sendo certo que podería constituír un curso independente e o último dos Centros de Ensino Secundario [...] o profesor desenvolvería mesmo as proporcións necesarias para constituír un curso, no cal, recapitulando as ciencias xa estudiadas, se organizarían moitos dos seus principios en doutrina confirmativa da *verdade* portuguesa[16].

O eixe argumental do texto é o concepto mítico-filosófico da saudade que, en moi resumidas contas, é un intento de negar, ou superar, dependendo do punto de vista de un, os postulados inherentemente dualistas da modernidade. Así, facilita unha visión de cohesión social con raiceiras transcendentalistas que, como xa sabemos, pervive aínda e que segue tendo grande eco en case todos os ámbitos da producción cultural portuguesa.

No número de *A Nosa Terra* do día 10 de xaneiro de 1920 atopamos a seguinte mensaxe na sección titulada "Novas da causa":

> Vicente Risco xa rematou d'escribir un libriño que ha de ser o noso ideario. Cantos conçecenno, din qu'é obra nobre. Noméase "Teoría do nazonalismo galego". Como cousa do noso grande e orixinal pensadore, é agardada con toda espeitación e agarimo por todo-los irmáns na causa.

13. Pacoaes, Teixeira de. *A saudade e o saudosismo.* Obras de Teixeira de Pacoaes 7, compilación e fixación do texto de Pinharanda Gomes, Assirio e Alvim, Lisboa, 1988, p. 35.
14. *Ibidem*, p. 67.
15. Pacoaes, Teixeira de. *Arte de ser português.* Obras de Teixeira de Pacoaes 10, Assirio e Alvim, Lisboa, 1991 [1915].
16. *Ibidem*, pp. 5-6. As cursivas son do autor.

O día 10 de abril do mesmo ano apareceu na mesma revista un anuncio dedicado ó ensaio de Risco que di:

> Libriño no prelo, que vai sair axiña â venda, e que deben lêr todo-los galegos.

Cando, por fin, o libro saíu á venda en xuño de 1920, outorgóuselle rapidamente a condición de documento transcendente:

> Pra falar con coñecemento da causa do nacionalismo galego, ê perciso ter lido enantes o libriño de Risco [...] Como biblia ou o evanxelio do galeguismo consideramos nós a obra recén saida do querido irmán Vicente Risco[17].

E pouco despois, Arturo Noguerol escribiu:

> E así meu vello leutor, que se ll'interesa saber o que pensan os galegos d'o século XX debe pedire a un libreiro calquera a *Teoría d'o Nazonalismo Galego por Vicente Risco* que lle descobrirá novos puntos de vista pra enxerga-los problemas d'a nosa Terra[18].

Está claro que *Teoría do nacionalismo galego*[19] de Risco foi imbuído, por unha parte, dun forte ton de relixiosidade e pola outra, foi deseñado para xogar un importante papel pedagóxico tanto dentro como fóra do movemento galeguista. Unha lectura detida das páxinas de *A Nosa Terra* e a revista *Nós* dos primeiros cinco anos da chamada época nacionalista amosará que era algo bastante común recorrer ó léxico relixioso para describir os personaxes e acontecementos vencellados ás Irmandades da Fala. Así mesmo, a forte vocación pedagóxica de Risco aparece aínda máis clara cando pensamos nos seus esforzos posteriores para reavivar a herdanza de Murguía e outros pensadores motores do movemento moderno.

Como case todos os grandes pedagogos nacionalistas, Vicente Risco era, simultaneamente, unha figura de cambio e continuidade en relación ó seu propio movemento de identidade nacional. Como Murguía e Brañas, o seu concepto de nación tiña fortes raíces románticas herderianas. Pero mentres os dous pensadores decimonónicos se contentaron, en gran medida, co uso do castelán nos seus discursos de identidade nacional, Risco, xunto ós seus colaboradores da Xeración Nós, intentou crear unha nova prosa galega escrita que fose adecuada para

17. *A Nosa Terra*, 15-VI-1920.
18. *Ibidem*, 25-IX-1920.
19. Risco, Vicente. "Teoría do nacionalismo galego", en *Teoría nacionalista*. Achegamento biográfico e bibliografía por Fernado Salgado, edición e limiar de Teoría Nacionalista de Francisco Bobillo. Vol. I das *Obras completas*. Akal Editor, Madrid, 1981 [1920].

encher o papel destacado que ten o idioma autóctono dentro do xa mencionado esquema romántico da nacionalidade. Sen embargo, ó intentar establecer unha nova lingua vernácula escrita galega e un novo conxunto de trazos comúns nacionais para servirlle de acompañante na viaxe cara a un recoñecemento máis pleno do *enxebre*, Risco caeu, o mesmo que Murguía e Brañas, na necesidade de se apropiar con frecuencia dos modelos culturais doutras tradicións, sobre todo da cultura catalana e da cultura portuguesa. Quere isto dicir que case na mesma medida que é un compendio dalgúns conceptos dos seus antecesores galeguistas, *Teoría do nacionalismo galego* é unha recompilación das ideas de pensadores como o catalán Eugeni D'Ors, moi vinculado a Prat no seu labor cultural catalanista na primeira década do século, e dos portugueses Teixeira de Pascoaes e Leonardo Coimbra. Sen embargo, o feito de que moitos elementos deste primeiro ideario risquiano sexan inxertos ó tronco galego non empeceu que o ensaio siga tendo gran vixencia en importantes sectores da cultura galega actual.

En Castela a situación foi distinta ás das outras tres *kulturnationen* xa discutidas aquí. Os discursos de Prat e Risco amosaron o desenfado do líder que vén sendo tamén o fundador, ou mellor dito, o alquimista fundacional dunha coherente identidade nacional moderna. Dado que as súas evocacións da identidade nacional eran as máis comprensivas e ambiciosas artelladas ata daquela en Cataluña e Galicia e, xa que logo, precipitaban o desenvolvemento dun discurso crítico acompañante, abondaba para lograr unha aceptación mínima que lles presentaran ós seus compatriotas unha montaxe chamativa de ideas e imaxes nos seus ensaios pedagóxicos. Aínda que en Portugal houbese un pasado ben documentado en termos culturais, a forte tradición dun nacionalismo mesiánico condicionado pola existencia dunha Castela supostamente ameazante conducira a que as clases dirixentes portuguesas aceptaran, nun proceso no que o gran pensador portugués Eduardo Lourenço[20] definiu como "emigración mental", esquemas de identidade nacional, como a de Pascoaes, que distaban bastante de seren inmediatamente aplicables á realidade circundante.

En contraste, os catrocentos anos de primacía cultural e política dentro da Península proporcionáranlle a Castela unha reserva considerable de imaxes e ideas nacionalistas. Sen embargo, era tamén evidente durante as primeiras décadas deste século que estes mesmos artefactos culturais xa non posuían o poder pedagóxico que tiveran en épocas pasadas. Dada esta realidade, os intelectuais que se preocupaban coa misión cultural castelá durante a Restauración, tiveron esencialemnte

20. Lourenço, Eduardo. *O labirinto da saudade: psicanálise mítica do destino português*. Publicações Dom Quixote, Lisboa, 1982.

dúas opcións: ou deseñar unha nova pedagoxía social que concibira, a nación en termos do *facer* ou sacar de novo á luz os vellos símbolos da nación coa esperanza de que lle devolveran ó pobo, como *ser* atemporal, a clave de reencontrar a gloria do pasado. En liñas xerais, pódese dicir que a primeira opción foi seguida polos krausistas do Instituo Libre de Ensinanza e os chamados rexeneracionistas como Costa e Altamira, entre outros moitos, e a segunda foi seguida por Ganivet, o segundo Maeztu, e en termos máis ambiguos, Unamuno despois da súa famosa crise de 1987.

Bo sabedor dos detalles deste enfrontamento cultural entre os "primordialistas" e os "instrumentalistas", pero cunha media xeración de distancia dos seus protagonistas en termos de idade, José Ortega y Gasset estaba ben situado para asumir o papel do xestor do discurso nacional castelán. Nas primeiras dúas décadas deste século dedicouse a producir un gran número de textos sobre o problema da pedagoxía social en España, os cales se poden dividir en dúas categorías xerais. Nos textos de tipo teórico, é dicir, onde intenta describir cómo se debe facer a boa pedagoxía social, Ortega móstrase partidario acérrimo da visión instrumentalista de identidade nacional, efectuando unha crítica dura dos modos do pasado, avogando polo desmantelamento das ideoloxías gastadas, e a articulación dun novo proxecto nacional que atraerá a boa vontade das masas. Sen embargo, na súa pedagoxía aplicada, é dicir, onde el mesmo se dirixe a ensinar ós seus compatriotas, da cal *España invertebrada*[21] é o exemplo máis destacado, distánciase dos seus propios consellos, servíndose con frecuencia de conceptos esencialistas da nación e escurecendo as liñas da causalidade histórica ó falar do desenvolvemento da identidade nacional. O que resulta difícil saber é se a mestura, ás veces moi torpe, da retórica instrumentalista e a retórica primordialista, se debe ó descoido intelectual, ou a un intento por parte de Ortega, no seu papel de "pedagogo", de efectuar unha síntese aparente entre os dous principais discursos da identidade nacional daquel momento na tradición castelá.

¿Que conclusións se poden tirar do estudio destes ensaios pedagóxicos? Tal vez a máis evidente sexa a forte vinculación de, polo menos tres dos textos, á reacción romántica e decimonónica contra o concepto moderno de progreso. Ós ollos dos teóricos románticos de Francia e Alemaña de mediados do século XIX, que contribuíron cos seus traballos na conformación da base das teorías nacionalistas de Prat, Risco e Pascoaes, a Revolución Francesa e o bonapartismo combináranse para desatar unha forte onda lóxica "universalista" que, de non freala,

21. Ortega y Gasset, José. *España invertebrada*, en *Obras completas* III, Revista de Occidente, Madrid, 1947 [1921], pp. 35-128.

lograría abolir a relixión e as manifestacións da cultura local. Sentiron que foi o racionalismo cartesiano coa súa énfase no tratamento lineal do espacio e o tempo o que, en termos intelectuais esenciais, faría posible o desenvolvemento desta lóxica universalista. Os teóricos románticos dos séculos XVIII e XIX máis favorecidos polos xa citados pedagogos ibéricos viron tamén con desconfianza o desenvolvemento da democracia parlamentaria, que na súa opinión conduciría inevitablemente á destrucción das xerarquías sociais necesarias e á non desexada primacía do individuo sobre o grupo.

O contraproxecto desenvolvido por pensadores románticos como Michelet, Savigny, De Maistre e Le Play, e máis tarde polos pedagogos periféricos que desenvolveron un labor xa discutido con antelación, foi un intento de refutar punto por punto o credo da modernidade. Como reacción contra os presupostos universalistas e racionalistas da modernidade, construíron unha cosmovisión enmarcada por unha exaltación dos costumes locais e o desexo "irracional" (desde o punto de vista dos modernos) de conectar o individuo cunha continuidade temporal, a do grupo, que sobrepasa con moito os límites normais da súa propia duración vital. Dado que ambos son fenómenos de orixe indefinida en termos temporais e que son por antonomasia productos de orixe local, *a terra e mais a lingua vernácula* convertéronse nos símbolos máis versátiles dos novos movementos de identidade nacional. E como a concepción lineal do espacio e mais do tempo foi recoñecida como unha clave da revolución racionalista, os activistas nacionalistas de xinea romántica reemprazárona cunha visión circular do espacio, na cal todo emanaba en círculos concéntricos dun punto de máxima vitalidade, e do tempo, a cal se construía a base do retorno eterno dos ciclos históricos. Coa abolición da razón lineal moderna foron tamén invalidadas as distincións dualistas entre a tradición e o progreso, o local e o universal, o espírito e a materia. Fronte á noción de igualdade implícita nas doutrinas universalistas de orixe francesa, os tres pedagogos das nacións periféricas da Península afirmaron o papel das elites na sociedade. Prat cre que a elite catalana debe derivarse da súa propia clase social, a *pagesia*. Nos casos de Pascoaes e Risco, estes avogaron pola primacía dos poetas, a clase social coa cal ambos os dous se identificaron. Coa posible excepción de Pascoaes, os tres sospeitaron da utilidade da democracia representativa. Pero en vez de opoñerse frontalmente ás novas institucións estatais modernas, intentaron, polo menos nas súas formulacións teóricas, minar a súa eficacia a través do fortalecemento das institucións asociativas tradicionais como a familia, a igrexa, e o gremio que favorecen os dereitos do grupo sobre os do individuo. Finalmente, os tres pedagogos periféricos, analizados xa aquí polo seu traballo, falaron da necesidade de establecer proxectos de tipo

imperialista, polo menos en termos culturais, que terían o efecto paradoxal de universalizar as súas propias culturas autóctonas. Prat falou da necesidade dunha "grande España" dirixida por Cataluña, Pascoaes da necesidade de desenvolver unha relixión portuguesa que se estendería a todos os lugares da terra, e Risco da necesidade de "galeguizar o mundo". Sen embargo, ningún dos tres se atreveu a explicar o proceso a través do cal a súa cultura local particular se ía converter en polo de atracción de todo o mundo.

En contrapartida, o concepto de identidade nacional artellado por Ortega baséase, en gran medida, nunha aceptación da modernidade e o progreso, a concepción lineal do espacio e mais do tempo e a conveniencia xeral da democracia. Sen embargo, a diferencia de moitos dos devotos do progresisimo da súa época, non tiña Ortega unha confianza absoluta na promesa da modernidade, debido á súa crenza no peso determinante da historia. Así, apoiaba a necesidade, como os pedagogos de Cataluña, Portugal e Galicia, de ter unha reducida clase directiva que tería por función, entre outras, a de construír mitos de corte transcendentalista para axudar a manter o poder atractivo da idea nacional. E Ortega cría tamén, como os outros pedagogos, que era importante manter vivo un proxecto imperialista dentro da tradición castelá. Na medida en que el incluíu estes conceptos no seu ideario, el tamén formaba parte da reacción en contra dos imperativos da modernidade.

Creo que se pode extraer outra conclusión provisional do estudio da pedagoxía nacional: aínda que as construccións da identidade nacional moitas veces se dirixen ós impulsos máis emocionais do consumidor cultural, non se pode dicir en absoluto que o seu proceso de elaboración sexa irracional. O proceso de crear identidades nacionais, e de feito identidades culturais de todo tipo, é, no fondo, un proceso de canalizar o poder social latente cara a unha visión atractiva de solidariedade. Este proceso non se basea como suxiren algúns partidarios da lóxica da denuncia, no capricho e na doutrina colectiva, senón na evocación por parte duns poucos do que o sociólogo Shills chama a "zona central", ou área sagrada, da sociedade, os desexos máis profundos e, normalmente, transcendentes, que ten unha parte importante da poboación. E é razoable supoñer que se poden descubrir as leis que rexen este complexo cultural.

Parece evidente que a producción literaria, e a conseguinte ordenación do discurso levado a cabo polos pedagogos da identidade nacional contribuíron dunha maneira considerable a este proceso na Península Ibérica nas últimas décadas do século XIX e as primeiras décadas do século XX. Sen embargo, aínda queda moito traballo por facer sobre cómo a producción literaria dá forma ós discursos nacionalistas e cómo, pola súa parte, os discursos nacionalistas dan forma á

literatura. ¿Ata que punto son exclusivos un do outro os conceptos da identidade nacional? ¿Pódese falar dunha identidade ibérica? Se existe, ¿cales son os seus textos emblemáticos e como foron elaborados? ¿Cal é, ou cal foi, o papel da traducción e a transferencia de modelos culturais na formación dos esquemas da identidade nacional? ¿Existe unha razón pola cal, nalgunhas tradicións, os constructores da identidade nacional dependen moito deses transvasamentos culturais mentres que noutras se utilizan relativamente pouco? ¿Cal é a importancia dos contactos persoais entre as clases directivas dos diversos movementos culturais? ¿Pódese falar de fracaso e éxito cando analizamos os diversos movementos dedicados á formación das identidades culturais? Se a resposta é afirmativa, ¿que criterios deben utilizarse? ¿Cales son os tropos do discurso pedagóxico da identidade que resoan con máis frecuencia e máis eficacia na posterior creación literaria? ¿Que relación hai entre a colocación destes tropos á cuestión do xénero literario? ¿Cal é a frecuencia da revisión canónica nos discursos de identidade nacional?

Hai uns anos, Francis Fukuyama escribiu un famoso ensaio[22] no cal sostivo que a fin das competicións da guerra fría preconizaba "a fin da historia". Hai anos xa que unha suposición análoga corre entre algúns estudiosos da literatura e a cultura. Tomando como artigo de fe o feito de que existe un golfo imposible de cruzar entre o texto e mais o mundo, e o autor e mais o texto, creron que, alén das demostracións da chamada "intertextualidade" ou a "influencia" dun escritor sobre outro, non se pode falar, dun xeito rigoroso, do comercio de ideas e modelos literarios que inflúen na producción cultural do presente. Durante o mesmo período, sen embargo, as formulacións da identidade nacional seguiron proliferando e consolidáronse gracias, en boa medida, ó labor dos escritores. E aínda máis, non resulta nada estraño observar o caso do crítico que, a pesar de crer en termos xerais teóricos na división esencial entre o mundo e o texto, utiliza, se lle convén, construccións de identidade que proceden do mundo ó facer a súa análise textual. Ó meu modo de ver, tales contradicción e outras deben ser examinadas á luz duna ampla e rigorosa teoría da cultura que, cunha metodoloxía esencialmente descritiva, vaia alén da división artificial entre o mundo e o texto e que permita unha análise máis nítida da relación interactiva entre a producción literaria e a formación e mantemento das identidades nacionais.

T. S. H.

22. Fukuyama, Francis. "The End of History", en *The National Interest*, verán de 1989.

Ánxel Fole e o relato fantástico

Armando Requeixo

Ánxel Fole (Lugo, 1903-1986) foi un autor polixenérico e bilingüe. Cultivou igual a narrativa curta que a poesía, o mesmo o ensaio xornalístico que o teatro e, dependendo xustamente do xénero concreto de creación, desenvolveu a súa escrita ben en galego ben en castelán.

Neste sentido, habería que falar na obra de Fole dun *bilingüismo xenérico*, en razón do cal o escritor tería empregado preferentemente o castelán na súa producción periodística e lírica, namentres que o galego sería a lingua elixida polo autor para as súas creacións narrativas e teatrais. Máis aínda, as cifras parecen evidenciar o deliberado da escolla idiomática foleana á hora de elaborar a súa obra nos diferentes xéneros, pois mentres que no que ó xornalismo se refire de preto de 3.000 artigos soamente algo máis de medio centenar aparecen escritos en galego e no eido da poesía unicamente dúas composicións de máis dunha vintena coñecidas son galegas, pola contra a súa única incursión no universo teatral está escrita na nosa lingua e no que di da narrativa curta todos os seus libros publicados e moitos dos relatos non compilados foron redactados tamén en galego, atopándose só unha mínima parte destes en castelán[1].

1. Toda a producción literaria escrita na nosa lingua polo lucense pode agora consultarse en Ánxel Fole, *Obra galega completa*, 2 vols., Claudio Rodríguez Fer (ed.), Galaxia, Vigo, 1997.

Polo que respecta á obra en castelán de Fole, esta apareceu publicada, amén de no libro *Cartafolio de Lugo* (Círculo das Artes, Lugo, 1981), en volumes colectivos, revistas e na prensa diaria. Terían acollido textos en castelán do autor os xornais *El Progreso*, *La Provincia*, *El Pueblo Gallego*, *La Hoja del Lunes de Lugo*, *La Noche*, *La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo*. Igualmente, tamén foron publicadas colaboracións castelás de Fole nas revistas e semanarios *Ahora*, *Guión*, *Yunque*, *Ser*, *Horizontes*, *Numen*, *Cartel*, *Mensajes de Poesía*,

Ora ben, semella fóra de toda dúbida e constitúe xa un lugar común, tanto entre a crítica especializada coma entre o lectorado xeral, o salientar a producción contística foleana como a máis lograda formal, estilística e tematicamente de entre todas as múltiples e poliédricas creacións do autor. Precisamente esta focalización crítica da obra narrativa de Fole explica tamén o feito de ser a problemática cuestión do *fantástico* a que máis bibliografía especializada leva xerado nestes últimos anos. Nesta mesma liña, o presente artigo pretende ser unha revisión dos conceptos de *fantasía* e *realidade* na tetraloxía contística do lugués (*Á lus do candil*, *Terra brava*, *Contos da néboa* e *Historias que ninguén cre*)[2], toda vez que parece haber unha total unanimidade á hora de considerar os relatos de Fole como singulares e inimitables dentro da nosa historia literaria xustamente pola súa capacidade de recreación do mistérico, do ultrarreal, do pertencente ó mundo outro ou ó Alén, como gustaba de dicir o propio escritor.

Xa que logo, a seguir debruzarémonos nun sinóptico repaso á narrativa fantástica galega anterior a Fole, que nos permitirá situar correctamente ó autor na cadea histórica que este xénero creou na nosa literatura, amais de axudarnos a entender a particular concepción do fantástico rastrexable nos diferentes relatos do lucense. Nestes últimos, trataremos de sinalar o que de *sobre-* ou *extranatural* encerran, co fin de descubrir, na medida do posible, os mecanismos estructurais e narratolóxicos nos que asenta o discurso contístico foleano, por veces perfectamente *real* e outras sorprendentemente *fantástico*.

A SINGULARIDADE DE FOLE NO *CONTINUUM* FANTÁSTICO-LITERARIO GALEGO[3]

O fantástico narrativo foleano recibiu a influencia dos cultivadores deste xénero entre os autores da denominada Xeración Nós e outros escritores de preguerra. Sen embargo, este tipo de relato viña publicándose en Galicia xa desde finais do século pasado. A autores como Xosé Tresguerras e Melo, Manuel Martínez González, Constantino Fernández ou Antonio de la Iglesia González, que deron ó prelo contos de natureza fantástica entre 1879-1889, sumáronse na década seguinte as creacións

Alba, *Galicia Emigrante*, *Galicia. Revista del Centro Gallego de Buenos Aires*, *Vida Gallega*, *Ínsula*, *Lucus*, *Chan*, *Alborada. Órgano del Centro Gallego de Barcelona* e *Ronsel*.

2. Fole, Ánxel. *Á lus do candil*. Galaxia, Vigo, 1953; *Terra brava*. Galaxia, Vigo, 1955; *Contos da néboa*. Castrelos, Vigo, 1973; e *Historias que ninguén cre*. Xerais, Vigo, 1981.

3. Para unha visión de conxunto sobre esta problemática poden consultarse os traballos de Antón Risco, *Antoloxía da literatura fantástica en lingua galega*, Galaxia, Vigo, 1993, pp. 42-58; Ramiro Fonte, "Notas sobre la literatura fantástica gallega", en *Anthropos*, 154-55, marzo-abril, 1994, pp. 133-35; Silvia Gaspar, *Antoloxía do conto galego de medo*, Galaxia, Vigo, 1995, pp. 37-49; Gonzalo Navaza, *O relato fantástico. De Poe a Lovecraft*, Ir indo, Vigo, 1995, pp. 24-26; e Luís Alonso Girgado e Armando Requeixo, *Ánxel Fole e Á lus do candil*, Nigra, Vigo, 1997, pp. 55-58.

dos relativamente máis coñecidos Heraclio Pérez Placer, Francisco Álvarez de Nóvoa, Hipólita Muíño, Uxío Carré Aldao e Luís Otero Pimentel. A obra destes autores aparecía aínda moi achegada ó conto oral, por veces costumista, incorporando á súa diéxese narrativa numerosos elementos fantásticos tomados do imaxinario supersticioso popular.

Noutra dirección moi diferente camiñarían as historias humorísticas de ultratumba escritas polos homes de "Nós" e os relatos de Rafael Dieste e Alfredo Canalejo Martínez. Da narrativa destes autores parte, en maior medida, a contística fantástica foleana. Historias como *Do caso que lle aconteceu ó doutor Alveiros* (1919) ou *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán* (1925), de Vicente Risco; *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* (1922), de Castelao; *O purgatorio de don Ramiro* (1926), de Otero Pedrayo; *Dos arquivos do trasno* (1926), de Dieste ou os *Contos*, de Canalejo Martínez constitúen o referente fantástico máis próximo no momento en que Fole, mergullado no proceso de recuperación literaria e cultural galega de posguerra, escribe os relatos de *Á lus do candil* (1953) e *Terra brava* (1955) primeiro e, máis tarde e xa noutra coordenada histórica, de *Contos da néboa* (1973) e *Historias que ninguén cre* (1981). Estas creacións, sen abandonar totalmente a liña transreal-popular practicada por aqueloutros autores finiseculares, avantan xa por un mar narrativo-fantástico de evidente cuño anglófono, no que o bostoniano Edgar Allan Poe se erixe como o modelo ou prototipo literario a seguir[4].

Precisamente desta confluencia do imaxinario fantástico popular galego (en maior medida reflectido polos escritores do último cuarto do século pasado) e do filtro intertextual da tradición literario-fantástica occidental (presente, principalmente, nos autores de "Nós", Dieste e Canalejo) nacen os relatos foleanos.

Por conseguinte, cómpre agora revisar con maior detemento a particular modalidade do fantástico adoptada por Fole na súa tetraloxía narrativa e ver en qué medida toda esta producción pivota entre dous extremos nidiamente delineados: o pertencente ós relatos *fantásticos* e o correspondente ós contos *realistas*.

4. A influencia de Poe tanto nestes autores prebélicos como en Ánxel Fole foi posta de relevo por distintos estudiosos: Dolores Vilavedra no seu *Manual e escolma do relato galego* (Sotelo Blanco, Santiago, 1995, pp. 24-25) salientou a presencia da narrativa do bostoniano en *Do caso que lle aconteceu ó doutor Alveiros*, de Vicente Risco; Ricardo Carballo Calero sinalou tamén a cercanía dos *Contos* (1927) de Alfredo Canalejo e a obra de Poe e Hoffmann na súa magna *Historia da literatura galega contemporánea* (Galaxia, Vigo, 1981[3], p. 624); finalmente, da influencia de Poe en Dieste e Fole tense ocupado Mª Fe González Fernández en senllos traballos ("Poe e Dieste: Universo de influencias posibles", *Actas do I Congreso Internacional "Adquisición e Aprendizaxe das Linguas Segundas e as súas Literaturas"*, organizado pola Universidade de Santiago e celebrado na Facultade de Humanidades de Lugo en setembro de 1995, en prensa; e "Ecos da literatura en lingua inglesa", en AA. VV., *Ánxel Fole. Á luz da fala* (Especial *A Nosa Terra*), 17 abril, 1997, pp. 38-39).

O *FANTÁSTICO VISIONARIO* NA TETRALOXÍA NARRATIVA DE FOLE

Nunha primeira aproximación os relatos foleanos poderían ser clasificados en dous grandes grupos tematolóxicos: contos *realistas* / contos *non realistas* ou, se se quer, narracións *realistas* / narracións *fantásticas*, ben entendido que ó falarmos aquí de realismo o facemos no sentido dun realismo *xenético* ou *de correspondencia*, onde os referentes textuais son sempre empiricamente contrastables ou, alomenos, potencialmente existentes. Outro problema diferente sería o de considerar as historias de Fole como pertencentes a un realismo *formal* ou *inmanente* ou mesmo a un realismo *intencional*, modalidades temático-estructurais baixo as cales estes relatos poderían ser tamén explicados[5].

Pola súa banda, ó empregar o adxectivo *fantástico* referido á narrativa do escritor lugués entendemos que nos seus contos se introduce un elemento (ou máis) non explicable polas leis naturais que rexen o universo empírico coñecido, sendo precisamente esa integración no discurso literario dun suceso non reductible á lóxica dos feitos cotiáns a que produce no lector un "estado de incertidume", unha "dúbida" ou "vacilación" fronte a tal realidade inexplicable[6]. A irrupción dese elemento *non natural* nun contexto natural produce unha "ruptura da coherencia universal"[7], creando no lector un "estado de ambigüidade", de indecisión, de "half persuading"[8], que perfila á narrativa fantástica como "unha loita entre a tentación do sobrenatural e a vontade do cotián"[9], para acabar desembocando na "violación da orde terrea, natural ou lóxica"[10].

Así pois, aquí entenderemos o termo *fantástico* como un tipo narrativo diferenciado do conto *marabilloso*, tal como establece Antón Risco[11], quen considera como factor definitorio da literatura fantástica fronte á marabillosa a sorpresa, perturbación ou escándalo que se produce no choque de mundos resultante da inserción dun elemento extranatural nun contexto natural. Pola contra, no caso da literatura marabillosa (ben afastada do relato foleano) esa estrañeza non acaece, xa que o extranatural é nese contexto perfectamente natural, pois o prodixioso do

5. Sobre a problemática definición do realismo literario e os seus diferentes tipos *vid.* Darío Villanueva, *Teorías del realismo literario*, Instituto de España/Espasa-Calpe, Madrid, 1992.

6. Todorov, Tzvetan. *Introduction à la littérature fantastique.* Seuil, París, 1970.

7. Caillois, Roger. *Las obras maestras de la literatura fantástica.* Taurus, Madrid, 1980.

8. Lovecraft, Howard Phillips. *Supernatural Horror in Literature.* Dover, Nova York, 1973.

9. Finné, Jacques. *La littérature fantastique. Essai sur l'organisation surnaturelle.* Universidade de Bruxelas, Bruxelas, 1980.

10. Barrenechea, Ana María. "Ensayo de una tipología de la literatura fantástica", en *Revista Iberoamericana*, XXXVIII, 80, xullo-setembro, 1972, pp. 391-403.

11. Risco, A. *Literatura fantástica de la lengua española. Teoría y aplicaciones.* Taurus, Madrid, 1987.

contexto físico ou experiencial proposto polos relatos marabillosos é decodificado como normal ou agardable polos seus lectores.

Ora ben, cómpre aclarar tamén que a oposición aquí establecida entre contos *realistas (xenéticos)* / relatos *fantásticos* na obra de Fole sería aínda susceptible de novas subclasificacións. Neste sentido, as narracións realistas ou non fantásticas do lucense adoptarían, á súa vez, as modalidades do relato de humor, do conto de aventuras ou policíaco-detectivesco e do relato anecdótico[12]. Por outro lado, no tocante ás historias foleanas de natureza non real hai que salientar que estas se materializarían nun ampla gamma de rexistros do fantástico, que incluirían tanto o relato de aparecidos, premonicións, alucinacións ou telepatías coma o conto supersticioso popular, pasando polas historias de elementos máxicos, demoníacos ou bruxeirís e as lendas míticas[13].

Sexa como for, das moi diversas e polivalentes formulacións posibles do fantástico na literatura occidental destes últimos dous séculos, no tocante ós relatos de Fole coinciden todos na esencialidade da *suxestión visual* como elemento determinante da diéxese narrativa, que contribúe a definir nidiamente o perfil *fantástico-visionario* de tales historias. Neste sentido, poderiamos trasladar as palabras de Italo Calvino sobre o relato fantástico do século XIX como definitorias do particular modelo narrativo adoptado por Fole nas súas creacións:

> [...] el verdadero tema del cuento fantástico del siglo XIX [e tamén dos relatos foleanos] es la realidad de lo que se ve: creer o no creer en apariciones fantasmagóricas, vislumbrar detrás de la apariencia cotidiana otro mundo encantado o infernal. Es como si el cuento fantástico, más que cualquier otro género, estuviera destinado a entrar por los ojos, a concretarse en una sucesión de imágenes, a confiar su fuerza de comunicación al poder dé crear "figuras". No es tanto la maestría en el tratamiento de la palabra o en perseguir el fulgor del pensamiento abstracto que se narra, como la evidencia de una escena compleja e insólita. El elemento "espectáculo" es esencial en la narración fantástica[14].

Noutras palabras, na maioría dos relatos fantásticos de Fole prodúcese unha "visión" (fantasmagórica, alucinatoria, transreal...) que constitúe a concreción particular do extranatural ou insólito desas historias.

12. *Vid.* a nosa monografía *Ánxel Fole. Aproximación temática á súa obra narrativa en galego*. Edicións do Cumio, Vigo, 1996, pp. 93-97, especialmente.

13. Unha relación exhaustiva de todos os elementos metapsíquicos ou parapsicolóxicos e pertencentes ós diferentes tipos de crenzas populares presentes na obra do lugués pode lerse en Tareixa Castro, *O trasmundo de Ánxel Fole*, Caixa de Aforros de Galicia/El Progreso, Sada-A Coruña, 1987. Un resumo reestructurado desta monografía aparece tamén en "O trasmundo galego de Ánxel Fole", en AA. VV., *Ánxel Fole. Día das Letras Galegas 1997*, Xunta de Galicia, Santiago, 1997, pp. 33-60.

14. Calvino, Italo. "Introducción", en *Cuentos fantásticos del XIX*. Siruela, Madrid, 1987, p. 14.

Ademais, tal visión encerra normalmente unha iconografía abondo sinxela e, fóra de contados casos[15], de natureza antropomórfica.

Consecuentemente co exposto, os contos do lucense afástanse do que Calvino denomina relato *fantástico mental, abstracto, psicolóxico, introspectivo* ou *cotián* —tan cultivado por outros autores galegos e foráneos— para enlazar coa gran tradición anglo-franca da primeira metade do século XIX, con autores tan importantes como Poe, Hawthorne, Irving, Bierce ou Villiers de l'Isle-Adam, entre outros.

Xa que logo, as narracións de Fole presentan diferentes *visións* fugaces que adoitan marcar o clímax dramático das historias e constitúense en epicentro ó redor do cal xira estructuralmente a acción. Poucas veces tales visións se fan recorrentes e, normalmente, suscitan tanto nos personaxes que as experimentan —simples víctimas destas, nunca causa delas— coma no lector unha sensación atafegante de medo.

NARRACIÓNS FANTÁSTICAS E OPERADORES REALISTAS

Como xa temos adiantado, a maioría porcentual dos relatos de Fole pertencen á categoría do non real. Detalladamente sinalariamos como contos fantásticos:

a) En *Á lus do candil*: "¡Viña do Alén!", "Arxemiro", "O espello", "Antón de Cidrán", "A cabana do carboeiro", "O traxe de meu tío", "As meigas atinan sempre" e —pola súa estratexia diexética aínda que non polo seu desenlace— "¡Aleluia!"

b) En *Terra brava*: "O arreguizo", "O morto entrara ca xistra", "A treboada", "O arroubo do viril", "As dúas cuartelas", "A caixa de habanos" e "A Estadea i o Urco".

c) En *Contos da néboa*: "¡Caronte!", "A néboa pare pantasmas", "A fotografía", "Un ladrón andaba pola casa" e "De cómo me atopei co Demo en Vigo".

d) E, finalmente, en *Historias que ninguén cre*: "A vengación", "¡Lobos te coman!", "A pinga de sangue", "Un caso prá Parapsicoloxía", "Tracatrá, tracatrá, tracatrá...", "O galo de Monforte" e "Medo e mais medo".

Traducido a cifras isto quere dicir que o relato fantástico en Fole supón un 40,9% do total da súa producción narrativa en libro. Se a isto sumamos que 8 dos 31 relatos non compilados en volume polo

15. Escaparían a esta regra só uns poucos relatos; entre eles "A Estadea i o Urco", de *Terra brava*, "De cómo me atopei co Demo en Vigo", de *Contos da néboa*, e "O galo de Monforte", de *Historias que ninguén cre*.

lugués[16] pertencerían tamén a este grupo —ou sexa, o 25,8%—, entenderemos ata qué punto este xénero foi decisivo nas preferencias narrativas de Fole.

Por outra banda, e como xa apuntabamos no anterior epígrafe, no conxunto das narracións fantásticas foleanas podemos aínda diferenciar diversos tipos de contos atendendo ó motivo tematolóxico que os anima. Neste sentido, e de xeito moi xeral, poderiamos dividir os relatos foleanos en tres macrogrupos:

1) *O formado polos contos fantásticos de experiencias metapsíquicas ou parapsicolóxicas*, onde habería aínda que diferenciar entre:

1. 1) Relatos de premonicións vehiculadas por aparicións ou visións:

a) Do pasado: "¡Viña do Alén!", de *Á lus do candil.*

b) Do presente: como a onírica de "A fotografía", de *Contos da néboa.*

c) E do futuro; moito máis numerosas e subdivisibles entre aquelas premonicións nas que se inclúen aparicións ou visións anunciadoras dunha morte próxima ("Arxemiro", "O espello", "Antón de Cidrán" e "O traxe de meu tío", de *Á lus do candil*; "O arreguizo", "O morto entrara ca xistra" e "A treboada", de *Terra brava*; e "Un ladrón andaba pola casa", de *Contos da néboa*), e aqueloutras premonicións de futuro nas que a visión ou aparición non é sinal dunha morte futura ("O arroubo do viril" ou "A caixa de habanos", de *Terra brava*).

1. 2) Relatos de aparicións puras, sen premonición ningunha: como a fantasmagórica de "A néboa pare pantasmas", de *Contos da néboa*; ou a do esqueleto de "A vengación" e a do animal extraordinario de "O galo de Monforte", ambas en *Historias que ninguén cre.*

1. 3) Relatos de alucinacións: como a obsesiva e patolóxica do protagonista de "A Estadea i o Urco", de *Á lus do candil.*

1. 4) E relatos de telepatías: tal como "As dúas cuartelas", de *Terra brava*, ou "Un caso prá parapsicoloxía", de *Historias que ninguén cre.*

2) *O grupo integrado polos contos fantásticos baseados en crenzas tradicionais*, subdivisible aínda en dous novos conxuntos:

2. 1) O dos relatos de meigas: "A cabana do carboeiro" e "As meigas atinan sempre", de *Á lus do candil.*

16. Os titulados "A cántiga perdida", *El Progreso*, 24-6, 30-6 e 4-7-1961; "Spelunca Speculorum", *El Progreso*, 13-3, 20-3, 27-3, 3-4, 17-4, 24-4 e 8-5-1966; "O segredo da lagoa de Fonmiñá, ou a mítica vida do poeta Narciso Leandro Agapito", *El Progreso*, 27-8, 3-9, 17-9, 24-9-1967; "¡Un difunto perguntaba por min!", *Hoja del Lunes de Lugo*, 2-11-1981; "¡A pita choca son eu!", *El Progreso*, 15-5-1983; "O peto", *El Progreso*, 2-10-1983; "¡O cabaleiro do retrato era Don Marcial!", *El Progreso*, 13-5-1984; e "Grato Oria del Collado", *El Progreso*, 31-7-1985.

2. 2) E o das historias supersticiosas ou de maldicións: "¡Lobos te coman!" e "Medo e máis medo", de *Historias que ninguén cre.*

3) *E, finalmente, un terceiro grupo conformado polos relatos fantásticos de elemento onírico*: "¡Aleluia!", de *Á lus do candil*; e "¡Caronte!" e mais "De cómo me atopei co Demo en Vigo", de *Contos da néboa.*

Pois ben, o principio narratolóxico ó redor do cal Fole tece sutil a súa arácnida rede de diéxese fantástica sobre todos estes diferentes subtipos de relatos é, sen dúbida, o da narración esteada polas diferentes clases de *estratexias* ou *operadores realistas.* A través destes o autor pretende crear un contorno empírico e experienciable totalmente verosímil, que arrastre ó lector á dúbida sobre a posibilidade de verificabilidade do incrible feito narrado. Poderiamos considerar como operadores realistas, coadxuvantes desa *epojé* ou suspensión do xuízo lóxico sobre a realidade dos sucesos extranaturais relatados, a especial escolla do tipo de narradores presentes nos contos, o recurso á autoridade de certas voces informantes das historias, a moi detallada ubicación espacial e cronolóxica destas, a pormenorizada descrición de personaxes e accións tan frecuente nas narracións foleanas ou a apertura á posibilidade dunha explicación *científica* dos extraordinarios feitos descritos nos textos do lugués, entre outros.

En canto á modalización nos relatos fantásticos de Fole hai que salientar que, consonte a esta disposición estratexicamente realista, a maioría dos contos de tal xénero posúen un narrador en primeira persoa, que pode adoptar o papel ben de protagonista ou co-protagonista, ben de testemuña directa dos feitos referidos. Esta voz narrativa confire maior credibilidade á historia pola súa cercanía ós feitos relatados e supón unha constante nos diferentes libros de relatos do escritor. Axustaríanse a este esquema contístico, por poñer só uns cantos exemplos, "¡Viña do Alén!" e "Arxemiro", de *Á lus do candil*; "O arroubo do viril" e "As dúas cuartelas", de *Terra brava*; "¡Caronte!" e "A fotografía", de *Contos da néboa*; e "Unha pinga de sangue" e mais "O galo de Monforte", de *Historias que ninguén cre.*

Por outro lado, aqueloutros relatos en que a modalización narrativa descobre un narrador en terceira persoa omnisciente selectivo —e que polo tanto narra os feitos desde unha única perspectiva, normalmente a el transmitida directamente—, ofrecen como especiais operadores realistas certas voces ou fontes discursivas que nos son presentadas como garante da veracidade dos sucesos descritos. Así ocorre, poño por caso, co Señor de Sabarei en "Antón de Cidrán", de *Á lus do candil.*

Espacializacións e temporalizacións referidas con precisión que funcionan a modo de decisivas estratexias realistas serían, por exemplo, as

indicadas en "Arxemiro", de *Á lus do candil* —onde sabemos que o clímax narrativo se produce na parroquia de Esperantes no mes de San Xoán de 1921—; en "A caixa de habanos", de *Terra brava* —cun argumento que sucede en tres lugares e espacios ben determinados: na parroquia de Rubián unha tarde-noite do Nadal de 1942; no traxecto Rubián-Lugo en maio de 1944; e no tren A Coruña-Lugo unha tarde de outono de 1945—; en "A néboa pare pantasmas", de *Contos da néboa* —onde todo ten lugar nunha rúa dos arrabaldes de Lugo a noite de San Silvestre de 1959—; ou en "Unha pinga de sangue" —ambientado en Ribadeo en setembro de 1960.

Tamén axudan á credibilidade argumental das historias foleanas as pormenorizadas descricións de personaxes e accións. Boa mostra disto témola, por exemplo, no luxo de detalles co que se nos describe a aparición de "¡Viña do Alén!", de *Á lus do candil*, ou no minucioso relato das circunstancias exactas nas que acontece o fenómeno telepático de "As dúas cuartelas", de *Terra brava*.

Finalmente, cómpre salientar tamén como efectivo recurso realista a posibilidade explicativa dentro duns parámetros naturais e científicos de moitos dos feitos extraordinarios e aparentemente extranaturais observables nos relatos fantásticos de Fole. Este operador realista revélase funcional naqueles contos nos que se suma a outras estratexias realistas como medida final de reforzo, que abre para o lector un expediente de credibilidade do insólito narrado ó longo de toda a historia. Deste xeito, a insinuación dunha potencial comprensión científica dos sorpredentes sucesos descritos nalgúns textos foleanos, extrema, aínda máis, esa actitude de *epojé* ou suspensión do descrimento entre os lectores, pois a nebulosa indecisión entre a naturalidade ou extranaturalidade dos eventos referidos nesas historias contribúe á súa aceptabilidade como probablemente reais, fácticos, empíricos en fin. Tal situación daríase en relatos como "O espello", de *Á lus do candil* ou "A caixa de habanos", de *Terra brava*, entre outros.

Máis aínda, esta posibilidade explicativa chega por veces a xustificar ou explicar o ser deses feitos aparentemente extraordinarios, anulando así a súa virtualidade fantástica. Tal ocorre, principalmente, naqueles contos de elemento onírico, nos que o pseudofantástico apuntado se explica como un soño: "¡Aleluia!", de *Á lus do candil*, ou "De cómo me atopei co Demo en Vigo", de *Contos da néboa*, por exemplo.

Todo ó contrario destes relatos fantásticos, naquelas historias de Fole que poderiamos catalogar como non fantásticas estes operadores ou estratexias realistas esvaécense. Unha vez que todo o descrito é perfectamente *crible* —é dicir, potencialmente verificable no universo empírico que nos rodea—, a narración foleana non necesita destes reforzos narratolóxicos. Isto explicaría que nos contos non fantásticos

do lugués a alternancia de voces narrativas sexa maior e que se observe neles unha menor concreción na ubicación espacial e localización cronolóxica das accións, dando así unha sensación de universalismo e atemporalidade maiores.

CONCLUSIÓNS

Logo do visto, semella evidente a importancia e singularidade da narrativa galega de Ánxel Fole no decurso histórico da nosa producción literaria. Non cabe dúbida de que o lugués cultivou con acerto outros xéneros, mesmo por veces noutra lingua (o castelán), mais entre toda esta obra sobrancea, por dereito propio, a súa extraordinaria contística escrita na nosa lingua.

Precisamente nesta última son os relatos fantásticos aqueles nos que o autor tería acadado un grao de perfección estilístico-estructural e temático-lingüística maior, perfilando un universo narrativo inimitable, emparentado co doutros grandes creadores fantásticos galegos deste século, como Álvaro Cunqueiro, por exemplo, pero perfectamente diferenciado deles, a pesar da probada existencia de abondosos puntos de converxencia entre ambos. Ninguén antes que Fole lograra tal mestría na integración do substrato fantástico popular e a vizosa tradición fantástico-literaria e só uns poucos alcanzarían a súa perfección no hábil manexo das estratexias discursivas fornecidas polos operadores realistas que salfiren as súas historias.

Xa que logo, do mesmo xeito que o autor de *Terra brava* gustaba de dicir que "a fala é o que se fala", tamén nós poderiamos asegurar —xogando co paralelismo— que "Fole é Fole", *tout court*. Un clásico das nosas letras para ler —a ser posible—, á luz do candil, en terra brava e neboenta e crendo as súas historias, ás que algúns, don Ánxel, si damos creto.

A. R.

Darwin, a euxénese e o darwinismo social

Daniel Soutullo

Desde que Darwin publicase en 1859 *A orixe das especies*, a relación do darwinismo cos asuntos humanos estivo sempre presente. Nun principio foi o rexeitamento da evolución por parte dos creacionistas, que consideraban que a selección natural contradicía os dogmas relixiosos. Despois a polémica estendeuse á relación do ser humano co resto das especies animais. No ano 1871 Darwin decidiuse a publicar *A orixe do home* onde fai extensiva a súa teoría á evolución humana. Nesta obra tamén expuxo as súas opinións acerca das razas humanas[1] e da doutrina euxenésica formulada polo seu curmán Francis Galton. Neste artigo ocuparémonos deste última cuestión así como das relacións e diferencias entre as ideas de Galton e o chamado darwinismo social.

DARWIN E A EUXÉNESE

As opinións de Darwin acerca da euxénese postulada por Galton son particularmente interesantes. No momento en que foron formuladas, Darwin gozaba xa dun gran prestixio dentro da comunidade científica e, se ben a súa teoría da selección natural tiña moitos detractores, a fe evolucionista estendérase considerablemente gracias a el. Que un pensador do seu peso fixese pública nos seus escritos unha opinión favorable á doutrina euxenésica non só supoñía un pulo notable para a mesma, senón que dá unha idea clara acerca de que as

1. Soutullo, Daniel. "Darwin e as razas humanas", en *Grial* 129, Editorial Galaxia, Vigo, 1996.

teorías de Galton non eran consideradas as ideas dun excéntrico, aínda que no terreo práctico non chegase a gozar de demasiados apoios para a súa posta en acción.

Darwin expresouse en termos moi laudatorios acerca das investigacións do seu curmán: "mercé ós admirables traballos de Galton sabemos hoxe que o xenio, o cal implica marabillosa e complexa combinación de altas facultades, tende a transmitirse por herdanza"[2].

No deixa de resultar algo sorprendente esta afirmación en Darwin, cando nos estudios de Galton non hai a máis mínima demostración do carácter hereditario nin do xenio nin de ningunha outra facultade intelectual ou moral. O propio Galton era consciente da extrema ignorancia que sobre a herdanza do talento existía na súa época. Así o recoñece cando afirma que:

> Ó estudiar a transmisión hereditaria do talento debemos ter sempre na mente a nosa ignorancia mesmo das leis que goberan a herdanza dos trazos físicos. Sabemos ata certo punto que esta última existe, aínda que non podemos comprender completamente a súa acción[3].

Realmente, el limitouse a establecer que fillos de personaxes ilustres acababan sendo, en boa medida, tamén ilustres.

Sexa como sexa, Darwin apreciaba as investigacións de Galton e consideraba que supoñían una demostración suficiente da herdabilidade do talento. Quizais isto fose debido non tanto ós méritos científicos de Galton senón a que Darwin compartía as mesmas ideas neste terreo, e noutros relacionados. Así, tamén cría que existía una estreita relación entre o tamaño do cerebro e o desenvolvemento das facultades intelectuais:

> A crenza de que existe no home algunha íntima relación entre o tamaño do cerebro e o desenvolvemento das súas facultades intelectuais, apóiase na comparación dos cranios dos salvaxes e os das razas civilizadas dos pobos antigos e modernos, e pola analoxía de toda a serie de vertebrados[4].

Esta idea non procedía unicamente da frenoloxía, de onde foi tomada por Galton. Pola mesma época, Paul Broca, o fundador da craniometría, levaba a cabo en París as súas medicións de tamaños craniais e pesos cerebrais. Broca creu demostrar con elas a inferioridade

2. Darwin, Charles. *El origen del hombre y la selección en relación al sexo.* EDAF Ediciones, Madrid, 1980, p. 35.

3. Galton, Francis. "Talento y carácter hereditarios", en *Asclepio*, (volume xxxvi, ano 1994), p. 192.

4. Darwin, Charles. *Op. cit.*, p. 59.

das mulleres, baseándose no seu menor tamaño cerebral, sen deterse no feito de que existe unha estreita correlación entre o tamaño cerebral e o tamaño e complexión corporal.

Darwin, pois, sustentaba estes puntos de vista, ó igual que moitos dos seus contemporáneos, e non é de estrañar que as conclusións de Galton fosen doadamente aceptadas, pois viñan a reforzar prexuízos que el mesmo compartía. O mesmo podería dicirse das facultades morais, que tamén consideraba, en gran medida, hereditarias[5].

Deteñámonos agora nas opinións de Darwin acerca das propostas euxenésicas, contidas no seu libro *A orixe do home*. Como veremos, en moitos aspectos, aínda que non en todos, concordan coas de Galton, cousa polo demais lóxica tendo en conta que a maior parte das observacións que realiza recoñece que as tomou directamente deste último, así como de Wallace e Grey.

Estima Darwin que a eliminación ou protección dos individuos débiles ou enfermos é algo que distingue ós salvaxes dos seres civilizados:

> A impedir no posible a eliminación, encamíñanse todos os esforzos das nacións civilizadas; a isto tenden a construcción de asilos para imbéciles, feridos e enfermos, as leis sobre a mendicidade e os desvelos e traballos que os nosos facultativos afrontan por prolongar a vida de cada un ata no último momento[6].

Sen embargo, con respecto ás calidades morais, ve como un signo de civilización, ou cando menos algo que practican as sociedades civilizadas, a adopción de medidas encamiñadas a impedir a proliferación das tendencias perversas, recluíndo ou eliminando os individuos portadores das mesmas:

> Con respecto ás calidades morais, aínda os pobos máis civilizados progresan sempre eliminando algunha das disposicións malévolas dos seus individuos. Vexamos, senón, como a transmisión libre das perversas calidades dos malfeitores se impide, ou executándoos ou reducíndoos ó cárcere por moito tempo[7].

E, como tamén lle gustaba facer a Galton, establece un paralelismo coas medidas que aplican os criadores, co fin de eliminaren características pouco desexables entre os animais domésticos:

> Na cría de animais domésticos é elemento moi importante de bos resultados a eliminación daqueles individuos que, aínda que sexan en curto número, presenten calidades inferiores. Isto resulta

5. *Ibidem*, p. 129.
6. *Ibidem*, p. 135.
7. *Ibidem*, p. 138.

> especialmente certo cos caracteres prexudiciais [...] e con algunhas perversas disposicións nos homes, que ocasionalmente e sen causa visible reaparecen nas familias[8].

Ó igual que Galton, Darwin pensa que a non eliminación dos individuos débiles, enfermos ou tarados ten consecuencias negativas e conduce á dexeneración da especie humana, baseándose de novo na analoxía coas especies animais:

> Os membros débiles das nacións civilizadas van propagando a súa natureza, con grave detrimento da especie humana, como doadamente comprenderán os que se dedican á cría de animais domésticos [...]. A excepción feita do home, ningún é tan ignorante que permita sacar crías ós seus peores animais[9].

Coincide tamén con Galton na apreciación de que os peores elementos tenden a deixar maior descendencia que os membros máis selectos da sociedade: "os lacazáns, os degradados e con frecuencia viciosos tenden a multiplicarse nunha proporción máis rápida que os próvidos e en xeral virtuosos"[10], o cal ten consecuencias sociais moi negativas, de non existiren obstáculos que o impidan:

> Se os distintos obstáculos que sinalamos [...] non impiden que os lacazáns, os viciosos e outros membros inferiores da sociedade aumenten en maior proporción que os homes de clase superior, a nación atrasará en vez de adiantar, como é doado probalo, por abondar os exemplos na historia do mundo[11].

Ante estas expectativas tan pouco prometedoras, Darwin verá con agrado as suxestións euxenésicas de Galton, pero as considerará utópicas e pouco realizables: "ambos sexos deberían absterse do matrimonio se fosen en grao marcado inferiores en corpo e alma; pero tales esperanzas son unha utopía, e non se realizarán nunca, nin sequera parcialmente, ata que as leis da herdanza sexan completamente coñecidas"[12]. Nunha carta dirixida a Galton en 1873 expresarase en termos semellantes acerca da viabilidade da empresa euxenésica:

> Aínda que vexo moitas dificultades, o proxecto parece unha gran cousa; e vostede sinalou o único, aínda que me parece utópico, plano factible para proceder para mellorar a raza humana. Eu estaría por confiar máis (isto é parte do seu plano), por difundir e insistir na importancia do absolutamente decisivo principio da herdanza[13].

8. *Ibidem*, p. 138.
9. *Ibidem*, p. 135.
10. *Ibidem*, p. 139.
11. *Ibidem*, p. 141.
12. *Ibidem*, p. 521.
13. Bowler, Peter J. *Charles Darwin. El hombre y su influencia.* Alianza Editorial, Madrid, 1985, p. 230.

A pesar das valoracións tan coincidentes acerca da determinación hereditaria das facultades intelectuais e morais, da tendencia dexenerativa da especie humana pola maior taxa reproductiva dos individuos peor dotados e da aceptación manifestada de non poucas das propostas euxenésicas de Galton, Darwin mantén algunhas opinións distintas e mesmo críticas. Se cadra influía a consideración que mantiña da euxénese como un proxecto utópico e difícilmente realizable, ou que os seus criterios morais non eran tan desapiadados como os de Galton, ou ben que tiña unha dose moito máis elevada de sentido común, pero o certo é que se distanciará das propostas máis duras da euxénese, aquelas máis inclinadas cara á represión, e considerará que tal proceder resultaría extremadamente prexudicial para a humanidade:

> Desprezar intencionadamente ós débiles e desamparados, acaso puidese resultar un ben continxente, pero os danos que resultarían son máis certos e moi considerables. Debemos, pois, aturar sen dúbida algunha os males que á sociedade resulten de que os débiles vivan e propaguen a súa raza[14].

Había unha razón aínda máis poderosa para o escepticismo de Darwin perante a euxénese. Esta era a consideración de que a selección natural non era a causa principal do desenvolvemento das facultades humanas. Así o fai ver cando afirma que:

> A pesar do importante que foi e aínda é a loita pola existencia, hai, sen embargo, en canto se refire á parte máis elevada da natureza humana outros axentes aínda máis importantes [...] As facultades morais perfecciónanse moito máis, ben directa ou indirectamente, mediante os efectos do hábito, das facultades razoadoras, a instrucción, a relixión, etc., que mediante a selección natural[15].

Esta opinión afasta a Darwin non só da euxénese senón tamén do "darwinismo social", co que, a pesar de todo, ten moitas afinidades.

Concluímos, xa que logo, que as opinións de Darwin, sexa sobre as razas humanas sexa sobre a euxénese, non son totalmente coincidentes coas de Galton, pero si teñen unha gran cantidade de puntos en común, implícitos uns e manifestos outros. Teremos oportunidade de afondar algo máis na presencia destas concepcións no seo da comunidade científica británica ó referírmonos ó darwinismo social de Spencer. O escaso éxito que colleitaron as suxestións euxenésicas en vida de Galton debeuse máis ó escepticismo acerca das medidas de

14. Darwin, Charles. *Op. cit.*, p. 135.
15. *Ibidem*, p. 522.

enxeñería social que propoñía que á discrepancia coas concepcións que as sustentaban.

EUXÉNESE E DARWINISMO SOCIAL

Ó termo darwinismo social téñenselle dado a miúdo usos distintos. Nun sentido amplo empregouse para referirse a calquera aplicación ás sociedades humanas dos conceptos evolutivos de Darwin. Neste sentido, a euxénese sería unha forma de darwinismo social, xa que Galton pretendía que a súa doutrina exercese sobre a especie humana un efecto semellante ó que realizaba a selección natural sobre a natureza. Convencido como estaba da dexeneración da raza debido ós efectos prexudiciais do contorno urbano e á atenuación da selección natural polo papel dos servicios sociais e da beneficencia, era preciso compensar esta falta de selección coa acción consciente e planificada da euxénese.

Sen embargo, o concepto de darwinismo social é utilizado tamén nun sentido máis restrinxido para aludir ás ideas de Herbert Spencer, sociólogo inglés contemporáneo de Darwin e Galton. Será neste último sentido no que o empregaremos aquí.

Spencer xa era evolucionista antes de que Darwin publicase *A orixe das especies* e a el débese a célebre frase da "supervivencia do máis apto", que Darwin fixo súa como sinónimo da selección natural. As súas ideas evolucionistas non se referían unicamente á natureza senón que tamén as facía extensibles á sociedade e cría que esta última progresaba gracias á acción das forzas evolutivas. Defendía, neste sentido, que calquera intervención estatal era contraproducente pois impedía que as leis evolutivas se despregasen para facer efectivo o desenvolvemento social. Como consecuencia, a lóxica do *laissez-faire* capitalista foi defendida por Spencer ata as súas últimas consecuencias e, como medio século antes fixese Malthus, opúxose á axuda estatal ós pobres porque "evitar a miseria actual supoñería unha miseria maior para as xeracións futuras"[16].

Na súa obra *Estática social*, Spencer defendeu que a evolución era unha lei da natureza e da sociedade e que gracias á mesma os individuos tendían á adaptárense as súas condicións de vida e, por conseguinte, a desenvolvérense e progresaren. O progreso era unha derivación inevitable da evolución ou, como diría Bury na súa historia da idea de progreso, para Spencer "o Progreso non é un accidente senón unha necesidade"[17].

16. Stromberg, Roland N. *Historia intelectual europea desde 1789*. Editorial Debate, Madrid, 1995, p. 199.

17. Bury, John. *La idea del progreso*. Alianza Editorial, Madrid, 1971, p. 303.

Darwin admiraba a Spencer e comentou en termos eloxiosos os seus escritos, aínda que consideraba que era excesivamente especulativo. Nunha carta remitida a Hooker en decembro de 1866 dirá: "asáltanme sentimentos mesquiños cando o leo: podería soportalo, e ata alegrarme de que fose dúas veces máis listo e intelixente ca min, pero cando me decato de que é unha ducia de veces superior a min, ata na arte mestra da finta, síntome abraiado. De adestrarse en observar máis, mesmo a expensas, pola lei das compensacións, dalgunha menor capacidade de pensar, resultaría un home marabilloso"[18].

A pesar de todo isto, Spencer non era propiamente un darwinista. Defendía a herdanza dos caracteres adquiridos, popularizada por Lamarck, como principal mecanismo evolutivo. Certo é que Darwin tamén aceptaba este mecanismo, e tendeu a concederlle unha importancia crecente cara ó final da súa vida, pero en calquera caso era un mecanismo secundario, subordinado á acción principal da selección natural.

O propio concepto de supervivencia do máis apto que Darwin tomou de Spencer, foi empregado de xeito bastante distinto polos dous pensadores. Para Darwin, a loita pola existencia levaba á desaparición das variantes peor adaptadas ós seus contornos locais e á selección das variantes favorables que, deste xeito, se propagarían entre os descendentes. Para Spencer, pola contra, a loita pola existencia non levaba aparellada a desaparición dos menos aptos senón que comportaba a súa transformación progresiva. Spencer cría que os individuos se irían transformando e adaptando mediante a competencia e o esforzo, e que esta transformación se transmitía ós descendentes. Era un lamarckiano convencido que pensaba que o mecanismo da herdanza dos caracteres adquiridos comportaba un progreso inevitable. Tiña, en consecuencia, unha visión optimista da evolución social. A súa doutrina no canto de darwinismo social debera chamarse con máis propiedade lamarckismo social. En realidade era un híbrido de lamarckismo e darwinismo no que a evolución social tiña lugar a través dun proceso de loita pola existencia que transformaba os individuos facendo que adquirisen novos caracteres que despois eran transmitidos ós seus fillos.

Defendeu a herdanza dos caracteres adquiridos durante toda a súa vida e, cando a comezos da década de 1890, darwinistas como Weismann se opuxeron abertamente á mesma, el afastouse do darwinismo para manterse fiel ós seus postulados lamarckianos.

Así como Spencer era un verdadeiro apóstolo do progreso, non se pode dicir o mesmo de Darwin. É verdade que como membro da sociedade victoriana compartía moitos dos valores da mesma, entre eles a

18. Bowler, Peter J. *Op. cit.*, pp. 195-96.

crenza dos pensadores liberais no progreso social. Sen embargo, non consideraba que este ocorrese como un proceso inevitable. Comentará que "o ceo preservoume do sensentido de Lamarck 'dunha tendencia ao progreso' 'adaptación desde o lento desexo dos animais'"[19]. Segundo Bowler, "se Darwin era un progresista, era un moi singular entre os normais da época victoriana. Onde moitos outros recoñecían a evolución como unha forza necesariamente progresiva, el mantivo que ó máximo o progreso soamente seguiría un curso completamente estatístico"[20].

O darwinismo social exerceu unha influencia nada desprezable durante unha boa parte do século XX, e mesmo pode ser recoñecido na sociobioloxía actual. Esta influencia foi paralela á do pensamento euxenésico, con puntos comúns derivados de compartir a mesma inspiración na obra de Darwin. Sen embargo, a euxénese de Galton e o darwinismo social de Spencer amosan diferencias notables que é interesante destacar.

Galton tamén era un defensor do progreso. Na súa obra sobre a historia da euxénese, D. Kevles dirá del: "Francis Galton, ignorando o futuro, equiparaba con confianza ciencia e progreso"[21]. Mais a diferencia de Spencer, o seu pensamento era marcadamente pesimista. Xa comentamos que estaba persuadido de que a especie humana estaba a dexenerar debido a que os mellores elementos se reproducían a unha taxa sensiblemente menor á das clases "inferiores". Era este pesimismo o que o levou a propoñer a doutrina euxenésica como a única forma para que a humanidade puidese avanzar pola vía do progreso. A euxénese aseguraría a evolución biolóxica e social da especie humana e con iso o progreso da mesma.

A diferencia do darwinismo social, que era defendido por liberais convencidos de que a inxerencia estatal distorsionaría o mecanismo de selección natural e dificultaría en consecuencia a evolución dos mellor adaptados, a euxénese de Galton esixía para a súa posta en práctica a acción do poder do Estado. Debían promulgarse leis que impedisen a reproducción dos peor dotados e impulsasen que as clases máis elevadas procreasen en maior medida.

Partindo de postulados biolóxicos moi semellantes, os euxenistas e os darwinistas sociais chegaban a propostas políticas moi diferentes. Aínda que Galton avogaba pola educación e a persuasión, cría que se estas non acadaban o seu obxectivo cumpriría a coacción social por parte de autoridades con capacidade e poder para impoñer as medidas

19. *Ibidem*, p. 116.
20. *Ibidem*, p. 107.
21. Kevles, Daniel J. *La eugenesia. ¿Ciencia o utopía?* Editorial Planeta, Barcelona, 1986, p. 11.

euxenésicas. A experiencia histórica encargouse de demostrar que aínda nas sociedades máis liberais e democráticas as prácticas euxenésicas se basearon sempre na represión e na violación dos dereitos das persoas que se viron condenadas a sufrilas. Como dixo Peter Medawar, "non se pode practicar un réxime de melloramento xenético no marco dunha sociedade que respecte os dereitos individuais"[22].

Desde o punto de vista biolóxico existía outra diferencia notable entre Spencer e Galton. Este último era absolutamente contrario á herdanza dos caracteres adquiridos. En colaboración con Darwin, realizou unha serie de experimentos de transfusións sanguíneas en coellos para probar a hipótese da panxénese darwiniana que obtiveron resultados negativos e que o reafirmaron na súa opinión contraria á herdanza dos caracteres adquiridos. O pesimismo do seu pensamento euxenésico ten unha estreita relación con esta crenza. Pola contra, para Spencer a mellora dos individuos podía realizarse mediante a competencia e a loita pola supervivencia, o que se traducía na adquisición de caracteres que se transmitían ós descendentes. Non era precisa unha intervención selectiva externa para garantir a mellora. Esta derivábase automaticamente do esforzo e a adaptación individual.

Tanto o darwinismo social como a euxénese gozaron de popularidade e manteñen defensores na actualidade. Sen embargo, desde o punto de vista de xustificar unha determinada liña de acción política foi a euxénese a que ó longo destes máis de cen anos mantivo unha maior vixencia. Aínda que desde un punto de vista biolóxico-social seguen existindo darwinistas sociais como os sociobiólogos, as políticas neoliberais que tan en boga están na actualidade non son defendidas desde un punto de vista darwiniano, senón desde postulados políticos ou económicos que non buscan lexitimación na acción da selección natural darwiniana. Neste sentido o pensamento orixinal de Spencer perdeu practicamente toda a súa vixencia, aínda que nos anos cincuenta John D. Rockefeller aínda argumentaba que o éxito na empresa era un problema de selección natural: "a ampliación dun negocio está unicamente rexida pola supervivencia do máis apto [...] por obra dunha lei natural e divina"[23].

Aínda que son numerosos os seguidores de Darwin que trataron de negar as súas simpatías cara ás ideas euxenésicas do seu curmán, sobre todo despois das nefastas aplicacións que das mesmas se levaron a cabo nos Estados Unidos e máis aínda na Alemaña nazi, o certo é que, como vimos, Darwin non era alleo a boa parte destas ideas.

22. Medawar, Peter. *La amenaza y la gloria.* Editorial Gedisa, Barcelona, 1993, p. 116.
23. Hofstadter, R. *Social Darwinism in American thought.* Beacon Press, Boston, 1955, p. 45.

Certo é que a doutrina darwiniana non implica necesariamente un pensamento euxenésico, nin moito menos. Á fin e ó cabo non deixa de ser unha teoría sobre o funcionamento da natureza e das súas pautas de evolución. As extensións da mesma para abranguer as sociedades humanas e as propostas normativas inspiradas nela non teñen unha lexitimidade especial, aínda que non fosen totalmente alleas ó propio Darwin. El mesmo era moi escéptico acerca da bondade das aplicacións prácticas da euxénese. Ademais, unha parte da oposición máis activa ó movemento euxenésico, se cadra a máis influente, proviña das filas do propio darwinismo.

Sen embargo, non cabe dúbida de que ideas euxenésicas ou moi próximas a ela seguen florecendo hoxe en día. A sociobioloxía, co seu pronunciado determinismo biolóxico, e algúns defensores da aplicación do desenvolvemento das biotecnoloxías á "saúde xenética" da humanidade dan boa proba disto.

D. S.

LIBROS

LITERATURA: **DOLORES VILAVEDRA.** HISTORIA: **XAVIER CASTRO.** CIENCIA: **MANUEL RODRÍGUEZ. GUSTAVO A. GARRIDO.** ECONOMÍA E POLÍTICA: **XOSÉ A. FERNÁNDEZ MORENO.** FILOSOFÍA: **CARLOS FERNÁNDEZ.** LINGÜÍSTICA: **HENRIQUE MONTEAGUDO.** CIENCIAS SOCIAIS: **XAN BOUZADA.**

Erros e Tánatos

● GONZALO NAVAZA. *Erros e Tánatos*. Edicións Xerais, Vigo, 1996.

Profesor, traductor —verteu ó galego a Georges Perec, Jack London ou Robert Graves—, autor de diccionarios, especialista en toponimia, poeta —con *Fábrica íntima* (1991) obtivo o Premio da Crítica Española; *A torre da derrota* (1992) está levado a cabo en versos palindrómicos—... Gonzalo Navaza (Lalín, 1957) resulta ser alguén que ten demostrada unha excelente e continuada capacidade creativa a través de diversos xéneros sempre, ademais, con acerto en todos eles. De aí entón que, para aqueles que coñecen —que coñecemos— o seu labor e mais o seu esforzo, non resulte soprendente —por máis, non obstante, que o libro si sorprenda de maneira ben grata ó longo de todas as narracións que o compoñen— velo agora nunha nova faceta: é tal a de narrador, manifestada nesta colección de dez relatos, publicados baixo o título de *Erros e Tánatos*, un volume que está a gozar, merecidamente, do éxito da crítica e, sobre todo, do aprecio e mais da estima do público galego.

Desde unha perspectiva temática, hai un pouco de todo no volume que estamos a comentar: misterio, maxia, medo, fantasías inconfesables, frustracións... elementos pertencentes a moi diferentes subxéneros que nos remiten xeira ó realismo máxico, xeira á novela detectivesca, ós relatos de iniciación xuvenil ou á narración de costumes. Na opinión de quen isto escribe é aí, precisamente, nesa capacidade por combinar, por peneirar harmonicamente semellantes referentes e influencias onde reside un dos méritos principais desta obra. A través das historias e mais dos personaxes que as poboan, Gonzalo Navaza é quen de captar, en imaxes precisas, impactantes —diriamos que case en instantáneas, ás veces— lóstregos, fulgores, lampexos de humanidade, pequenas crónicas de amor e desamor, de medo e de ansiedade, de vida e de morte. Levidade, rapidez, exactitude, visibilidade e multiplicidade constituían as seis propostas literarias de Ítalo Calvino para o próximo milenio; certamente *Erros e Tánatos* é unha entrega que pode responder doadamente a aqueles esquemas que procuraba o grande autor italiano. ¿Que somos cada un de nós, ó cabo, senón, en boa medida, unha combinación de experiencias, de informacións, de lecturas e

mais de soños? Se cada vida pode ser comprendida como unha pequena enciclopedia, Gonzalo Navaza reordena formas posibles, mostrarios, breves e intensos artigos daquela. A estas alturas semella que lle esteamos a pedir á arte biopsias desa realidade contradictoria e múltipla na que cabe, cóbado con cóbado, o ir e vir cotián á beira do imaxinario máis abraiante. Os nosos erros e tánatos xorden, pois, tanto como froito da memoria e dos seus xogos —e tamén das súas trampas— como das escenas entrevistas ou das propias e alleas cicatrices. Pero para levar adiante o proxecto, o autor precisaba tanto da intelixencia e mais da técnica como dunha capacidade emotiva singular. E é aí, daquela, onde, para nós, se amosa un segundo e fundamental acerto: porque *Erros e Tánatos* reúne nas súas páxinas tanto a evidencia dunha arte depurada —fiel reflexo das cualidades que enunciara Calvino— como unha visión limpa e sincera sobre aquilo que se nos conta. Así, ben lonxe de constituír un simple xogo literario, un pequeno divertimento —que si o constitúen, sen embargo—, os contos de Navaza son tamén unha viaxe ós propios e alleos degaros, teñen —non me cabe a menor dúbida— verdadeiro corazón. Perfectamente consciente do seu traballo, entón, o autor soubo atopar a fórmula precisa na que intelixencia e paixón, técnica e capacidade de síntese e análise dun mundo cambiante, por veces decididamente hostil, dean como resultado narracións que nos atrapan na súa axilidade, na capacidade de contención, nunha permanente tensión climática e, en fin, nunha linguaxe precisa e puntual que dea conta de cada historia nas súas xustas palabras, sen que nada sobre e sen que nada falte. Pero, na nosa estima, para que o resultado final fose o desexado cumpríanlle a estes contos outro elemento máis: o humor. E novamente Navaza comprace o desexo do lector facilitándolle a este os engados da ironía que se espalla, aquí e acolá, nos pequenos e grandes enganos, nas sínteses de inxenuidade e de impostura dos protagonistas das historias, no dicir e no calar destes... Desta maneira, *Erros e Tánatos* pode ser lido como un pequeno bestiario, como unha rápida enciclopedia —xa o sinalamos liñas arriba— que transmita comportamentos, reaccións... diante do imprevisto. Dosificando sempre os elementos da intriga e da fantasía, Gonzalo Navaza construíu, en fin, un conxunto de relatos que, sen dúbida, prenden ó lector desde a primeira ata a última liña. Inimiga e filla do azar a un tempo, a poesía, o lirismo ha de ser capaz de falar de si mesmo e mais dos outros, ó tempo. No libro que comentamos ese lirismo é sutil, cristalino, aspirando sempre a unha mestura ideal de lóxica e de fantasía, sen aristas. *Erros e Tánatos* permite, en consecuencia, que o abordemos desde calquera das dúas perspectivas: xogo e lucidez, batallas entre orde e desorde... ó cabo, todas as cicatrices do tempo —así remata, precisamente un dos contos do libro, "Viva a Revolución"— han de dar en liñas imperceptibles, pero perfectamente profundas para aqueles que saben comprender o pracer dunhas historias ben contadas. Por todo iso, parabéns.

XOSÉ RAMÓN PENA

Dos leóns e das baleas que forman o batallón

- ESTEVO CREUS. *Poemas da cidade oculta*. Xerais, Vigo, 1996.
- CELSO FERNÁNDEZ SANMARTÍN. *Propiamente son captivo*. A. C. Amaía, Compostela, 1997.
- MARÍA LADO. *A primeira visión*. A. C. Amaía, Compostela, 1997.
- ALEXANDRE NERIUM, MODESTO FRAGA MOURE, MÓNICA GÓÑEZ SILVA, XOÁN ALBERTE MOURE ÍNSUA E ROBERTO TRABA VELAY. *De mar e vento. Cinco poetas de Fisterra (escolma poética)*. Espiral Maior, A Coruña, 1997.

Fisterra, ese fervedoiro do mar, está a ser nos últimos anos terra abondosa en poetas. Alí o oficio pegou en mozas e mozos dispostos a levar as palabras ós foros públicos, como se traballasen con ferramentas de uso común, ou con armas, e por iso decidiron constituírse en Batallón Literario. É este un grupo de discusión, animación e "contaxio" poético no que atopamos ós incansables Miro e Rafa Villar, mariñeiros de vello nos mares de Fisterra, sempre prontos a alentar canta proposta editorial lle dea novos azos á poesía (Edicións do Dragón, Letras de Cal... e, no caso de Miro, tamén a colección Ablativo Absoluto).

Pero nas iniciativas dinamizadoras do Batallón participan ademais moitos outros poetas, algúns xa coñecidos, outros aínda tatexando nos versos, todos eles cheos de pulo, porque se algo ten este batallón son soldados. Alí agromaron os autores escolmados en *De mar e de vento* (agás Roberto X. Traba), de Espiral Maior. Cinco autores diferentes prologados (¿como non?) polo Rafa Villar. Na escolma atopamos textos tensados polo metro, textos nacidos da experiencia amorosa, da morte e da desaparición; en calquera caso, textos ben diferentes os uns dos outros. Entre todos eles destacan os de Mónica Góñez, unha moza de vinte anos que escribe poemas fermosos e sorprendentes, deses que poderiamos encadrar dentro da pornoprovocación que practican as nosas poetas máis novas (Lupe Gómez, Olga Novo ou Isolda Santiago). A Mónica acaba de saír á luz e xa promete versos gorentosos.

¿Que fas ó sol
tan teso e duro?

Colgado polas pernas,
dúas pinzas,
movido polo vento
e en silencio,
penso en ti.

No Batallón Literario, canda eles, atopamos ó Estevo Creus, constructor de viaxes e de cidades onde se agochan as baleas, os tigres e os mundos

imaxinados en calquera recanto da escaleira ou do ascensor. O Estevo vén de nos agasallar na colección Ablativo Absoluto un poemario extraordinario, orixinal e suxerente, *Poemas da cidade oculta*, construído con tento e xeito, como se fose a maqueta viva dunha arquitectura soñada.

Hoxe fumaremos opio na escaleira
e eu traereiche o sorriso dun león
para que non te sintas soa
e pararemos os ascensores
para que os homes morran un anaquiño de vida
e morreremos abrazados
en calquera cabina sen moedas [...]

Os do Batallón acubillaron unha voz semellante á do Estevo, o Celso Fernández Sanmartín, considerado como unha das grandes revelacións de 1995 cun poemario "sen título pero cun debuxo na portada", e que agora volve saír á luz en Letras de Cal cun libro no que recunca na construcción dun mundo inxel, recreando os detalles ínfimos dunha paisaxe simbólica habitada, como no caso do Estevo, polos animais e adobada cunhas boas pingas de intimismo cotiá, máis ruralista no caso do Celso.

> sendo unha rapaza ben pequena, vin como lle abrían a barriga a unha egua que había na casa, e lle sacaron dela o cabaliño que agora ten meu avó, a egua esvarou e foise polo terraplén da rigueira abaixo, eu vin como lle sacaban o cabaliño e maila egua non morreu, saíulle tamén da tripa un abesouro que alumeou na corte máis có quinqué de carburo e foise á luz do día pola porta para fóra

Tamén acubillaron á xovencísima María Lado, que naceu ó público por cousa das iniciativas do Batallón e agora está á nosa man en *A primeira visión*, primeira entrega de Letras de Cal, un libro sorprendente sobre o amor, o mito e a morte que se constrúe coma unha peza teatral e que fai pensar nun futuro prometedor para esta moza de dezaoito anos.

(Eva ve a rexión das serpes polo punto de luz)
E esvara...
pola fría
branca
suave pel
(Eva amárrase á costela do novo ser)
Entra no ramallo da árbore salobre,
quece sobre os peitos o froito,
renace da escuma das augas albinas,
e descansa sobre un enorme pene de herba,
xurdido do incrible océano.

Nas súas follas poéticas, *Feros corvos*, que van agora polo número 2, os membros deste Batallón fisterrán recollen moitas outras voces inéditas que aparecen por vez primeira neste foro aberto a todos os que principian

andaina no verso e precisan un currunchiño de seu. Mesmo rescataron a María Xosé Canitrot, que publicara o seu primeiro cartafol en Noia, nunha colección breve ideada por Antón Avilés de Taramancos, *Verba que comenza* (precedente magnífico a todas estas iniciativas que agora reseñamos, e nacido tamén na mesma costa).

Mais o Batallón non é a única experiencia de poesía mancomunada que está a agromar nos últimos tempos. De feito, é bastante habitual que os máis novos se estreen deste xeito, pero nos anos noventa este tipo de grupos medraron con especial vizo. Quen precisar unha panorámica pormenorizada deste fenómeno nos últimos anos, pode tentar atopar un dos poucos e afortunados elixidos por *O Pote*, o boletín mensual do Grupo Anónimo de Barcelona, a única revista galega de balde e que escolle os seus lectores, porque no seu número 5, un monográfico moi particular dedicado á poesía galega recente, aparece unha páxina enteira a esta cuestión, feita por un "enviado especial á zona de conflicto", que lle pode dar moitas pistas ós interesados no tema:

> A nosa hipótese de traballo bebe directamente dos feitos obxectivos. O primeiro deles é a "colectivización", entendida como a maneira de andaren os poetas na procura do público, lonxe das aulas e nos escenarios máis diversos. Esta acción directa, con precedentes noutras épocas da nosa literatura e ultimamente demodé, supuxo a aparición dun cambio de perspectiva, e non falaremos nunca de ruptura, na poesía galega dos máis novos, e tamén na orientación dalgúns poetas da chamada "xeración dos oitenta", que a crítica nunca recolleu na súa pluralidade, menosprezando voces singulares. *O Pote* 5 (maio de 1997).

Semella que nos últimos tempos os poetas máis novos teñen tendencia a fuxir da soidade, traballan arreo na creación de plataformas coma esta e amosan unha especial teima no achegamento ós oíntes, é dicir, na recuperación da oralidade como canle comunicativa privilexiada entre o poeta e o lector (agora oínte). A teima vén de vello e compártena —compartírona— outros poetas. Así, por exemplo, neste mes de maio, os que vivimos en Barcelona tivemos unha mostra mellorada no XIII Festival Internacional de Poesía (unha semana antes da celebración de *Poética* en Madrid), no que participaron, entre outros, Enric Casassas, Bernad Heidsieck, Zoé Valdés... e por parte galega, Manolo Rivas. Todos eles demostraron que a poesía ten outra vida alén dos libros e que cómpre recuperar a dimensión dramática do xénero. Moito se vén falando nos últimos tempos de que é precisamente a volta á oralidade, non só como estratexia discursiva (que o poema escrito pareza dito, que manteña a naturalidade da conversa), senón tamén como interacción co público. Este achegamento á realidade, este fuxir das alturas e do cripticismo van, este interese por ter en conta ó público só lle fai ben ó xénero.

Destas dúas teimas, mancomunidade e oralidade, nacen estes libros dos que damos conta, co arrecendo de Fisterra, co mar, co vento, coa teimosa caza da gran balea branca. Poesía dita para a pel e mais o estómago. Para facer a dixestión axúdense logo da lectura demorada dos libros.

HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

Lírica profana galego-portuguesa

● *Lírica profana galego-portuguesa*. 2 Vols., Xunta de Galicia/Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, Santiago de Compostela, 1996.

Segundo se di da presentación do traballo que nos ocupa, no Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias da Xunta de Galicia estase a desenvolver un vasto proxecto de investigación denominado "Arquivo de Galicia Medieval", do que forma parte un subproxecto "Lírica Galego-portuguesa" no cal laboran dous equipos en senllas liñas complementarias: un deles, dirixido polo profesor Vicente Beltrán, traballa na dixitalización e transcrición das fontes manuscritas; o outro, dirixido pola profesora Mercedes Brea, ten como obxectivo agrupar en soporte electrónico todos os textos conservados, e presentalos na edición que se considera máis fiable para cada cantiga. O segundo equipo é o responsable do traballo que nos ocupa.

Comezaremos polos méritos do labor. É dificilmente discutible que, mesmo por razóns de comodidade, os estudiantes e estudiosos da poesía *trobadoresca* (mellor ca *profana*, como se denomina no título) galego-portuguesa había tempo que precisaban dispor dunha obra que axuntase o conxunto dos textos poéticos cancioneirís. Por exemplo, para consultar as composicións dun poeta que non dispoña de edición individual, adoito é obrigado recorrer simultaneamente a tantos e tan pouco manexables volumes como os do *Cancioneiro da Ajuda* de C. Michäelis, os das *Cantigas de Amigo* e de *Amor* de J. J. Nunes, e o das *Cantigas de Escárnio e Maldizer* de M. R. Lapa. Así que, aínda que só sexa por ofrecernos unha edición manexable e completa da nosa tradición lírica trobadoresca, todos os interesados temos que agradecer a aparición desta obra. Por parte, a súa disposición e feitura material é excelente, aínda que é mágoa que non se empregasen cabeceiras que identificasen as páxinas correspondentes a cada trobador, o que facilitaría considerablemente as buscas ó longo de cada volume.

Vexamos agora os aspectos máis discutibles do producto. Se realmente no CILL se está a traballar na transcrición das fontes manuscritas, sería máis lóxico que a edición dos textos se abordara despois, e non antes, de que o equipo rematara ese labor. Deste xeito, disporiamos dunha lectura realizada a partir dos orixinais, e levada a cabo con criterios propios e homoxéneos. De certo, a alternativa pola que se optou, que consiste en ofrecer unha edición "provisoria" a partir de lecturas alleas, non é totalmente inxustificada, especialmente se se espera que o froito final do proxecto tarde un certo tempo en aparecer. Pero daquela, o que temos entre mans é unha edición divulgativa (a cal en por si non é menos meritoria ca unha académica), e que polo tanto debe ser medida co raseiro correspondente. Efectivamente, só considerándoa unha edición divulgativa se xustifica que na obra se prescindise do aparato crítico que ofrecen os diferentes editores.

Pero se se trata dunha edición divulgativa, non ten sentido presentala como un grande avance científico, arroupando o producto con xergas informáticas e lerias sobre proxectos en marcha. Fáiselle abondo servicio ó país realizando unha boa edición divulgativa, tirando moitos exemplares e vendéndoos a un prezo asequible.

Entendemos que o obxectivo principal dunha edición divulgativa é o de ofrecer un instrumento que facilite o acceso ós textos ata un nivel óptimo, isto é, achegándoa o máis que se poida, sen traizoar o orixinal, ó público procurado, que neste caso (coidamos) o formarían os estudiantes e os lectores esixentes pero non necesariamente expertos. Endebén, se o que se trataba era de facer unha edición divulgativa, debeuse de facela con todas as consecuencias. Consecuencias que atinguen sobre todo ó crucial problema dos criterios de edición: é sabido que nas edicións académicas cada editor adoita aplicar decisións propias que alteran en maior ou menor medida a fasquía gráfica do orixinal. Nunha edición divulgativa en que se compilan textos editados segundo criterios heteroxéneos, o lóxico sería uniformalos aplicando convencións editoriais simplificadoras, convenientemente explicadas e explicitadas, polo menos con aspectos menos problemáticos, como o uso de *u/v, i/j, -n/-m/ til, nh/nn/n/ñ, lh/ll/l,* e o emprego de trazo de unión, apóstrofo e til. Outramente, córrese o perigo de despistar os lectores non especialistas, ó presentarlles unha variedade desconcertante de opcións gráficas que, aínda por riba, só nunha pequena (e incontrolable) parte responde ás opcións gráficas dos orixinais. Unha variedade confusa que, á derradeira, para unha recepción non filolóxica dos textos é asemade moi molesta e completamente irrelevante. O problema acentúase por causa de que moitos poetas carecen de edicións individuais, de xeito que nestes casos os compiladores dependen exclusivamente de unha das tres grandes colectáneas de textos trobadorescos (as xa citadas de C. Michäelis, J. J. Nunes e M. R. Lapa), que, estas si, optaron por aplicar criterios homoxeneizadores, criterios que non sempre coinciden, excepto pola tendencia xeral a adaptar os textos ás convencións gráficas do portugués contemporáneo. En fin, peor aínda é que se alteren, sen previa advertencia, e sen coherencia, os criterios da edición que se afirma seguir: por exemplo, no caso de Paio Gomez Chariño, decidiuse distinguir (contra o criterio do editor-fonte) entre *u* vocal e *u* consoante (*ui* > *vi*), pero non se fixo o mesmo con *i* vocal e *i* consoante (*ueian* > *veian* no canto de *vejan*). ¿Non sería máis lóxico e sensato advertir das alteracións que se efectuaron e modificar as dúas grafías?

En fin, no que atingue a este aspecto, coidamos que lamentablemente, deixouse pasar unha oportunidade para ofrecer unha lectura dos textos poéticos trobadorescos concibidos desde o galego e para os galegos. E conste que isto vai dito sen ningún afán exclusivista: unha lectura *desde o galego* é o contributo a que estamos obrigados para arrequentar as perspectivas sobre a lingua dos cancioneiros, unha lectura *para os galegos* é a que facilitaría unha mellor accesibilidade e probablemente unha maior difusión dos textos no noso país. Nin máis nin menos ca o que se leva feito en Portugal. Naturalmente, na nosa opinión, os esgrevios problemas lingüísticos que pre-

sentan os textos cancioneirís (e que en realidade constitúen a soleira que necesariamente hai que traspasar antes de acceder ós planos de lectura histórico-literaria e estética) só poden ser resoltos mediante á conxunción de esforzos procedentes de aquén e alén Miño, de aquén e alén o Atlántico: neste senso, os galegos temos de percorrer moito camiño ata equipararmos a nosa achega coa dos colegas portugueses e brasileiros. (Non esquecemos os estudiosos procedentes doutros ámbitos, pero loxicamente estes levan contribuído e contribuirán moito máis nas frontes histórico-literaria e estética do que na lingüística). En todo caso, a xulgar polo visto, ese camiño non é o que leva o equipo que elaborou *A lírica profana galego-portuguesa.*

Polo que atingue a outros aspectos da obra que estamos a comentar, podemos sinalar que, recoñecendo a súa utilidade, nos semella pouco meditada a ampla bibliografía que se ofrece ó primeiro, na que se inclúen, a título de exemplo infeliz, títulos como *As cantigas galego-portuguesas,* A Coruña, 1991, que presenta (¡a estas alturas!) unha simple reproducción de lecturas decimonónicas hoxe inservibles, coma as de T. Braga. Por outra banda, a disposición de autores e textos seguindo o *Repertorio* de Tavani (isto é, por orde alfabética) é cómoda, pero quizais pouco axeitada para favorecer unha lectura dos texto en clave histórico-literaria e poética: máis problemático, pero seguramente máis lóxico, sería tentar unha ordenación cronolóxica dos autores datables, mesmo agrupándoos por ámbitos de producción, e unha clasificación dos textos de cada autor por xéneros.

A xeito de balance, non podemos menos que folgarnos pola aparición desta obra e felicitar o CILL polo senso de oportunidade que preside a súa publicación, pero ó mesmo tempo non podemos deixar de preguntarnos se o equipo que a realizou, que conta cunha inmellorable dotación material e económica e ó que se lle supón cualificación académica, non estaba obrigado a proporse obxectivos máis ambiciosos, ou, polo menos, a ofrecer un producto matinado con máis vagar e elaborado cun pouco máis de tento.

HENRIQUE MONTEAGUDO

A obra literaria de Ánxel Fole

● ARMANDO REQUEIXO. *Ánxel Fole. Aproximación temática á súa obra narrativa en galego.* Edicións do Cumio, Vilaboa, Pontevedra, 1996.

Ánxel Fole. Aproximación temática á súa obra narrativa en galego é unha nova e ben documentada achega ó panorama dos estudios literarios galegos sobre Fole. Toma como base a tese de licenciatura inédita *A narrativa galega de Ánxel Fole: estudio lingüístico e temático* presentada polo mesmo na Universidade de Santiago de Compostela en setembro de 1996.

Conta cun prólogo de Claudio Rodríguez Fer, quen sinala como o máis sobranceiro da obra, en relación coa temática, "a útil e ponderada clasificación que aborda, primeira sistemática e completa sobre a narrativa foleana coñecida". A seguir temos unha breve introducción do autor onde xa se anuncia que o corpus textual obxecto de análise estará composto fundamentalmente polos relatos recollidos en volume. Esta aproximación, malia estar referida primordialmente ós temas, non desdeña tratar outros aspectos da vida e obra do autor lugués, que serven así como marco contextualizador. O obxectivo central será descubrir novos motivos na obra foleana, rachando cos tópicos que a crítica foi fixando ó longo da historia. A tal efecto, revisa estes distintos aspectos en diferentes apartados.

No primeiro, "Apuntamentos para un perfil bibliográfico de Ánxel Fole", faise un percorrido polos feitos históricos da época, os momentos importantes da súa vida, as súas relacións persoais, a publicación dos seus escritos o recoñecemento público... "Problemática xeracional", a segunda sección, é unha revisión da adscrición xeracional de Fole. Requeixo critica as clasificacións anteriores baseadas ben en datas de nacemento, ben no momento de eclosión literaria ou ben en feitos históricos significativos. Considera que hai tres problemas para un encadramento axeitado do noso autor: que se formou cos escritores da xeración posterior (que Ferrín chama "de 1936"; que é un escritor polixenérico e bilingüe; e que a súa obra é profundamente individual e comezou a ser publicada tras a guerra.

Tras unha fonda análise, desbota a idea da imposibilidade da adscrición xeracional, bastante estendida, e conclúe que a etiqueta que mellor lle acae é a que X. L. Méndez Ferrín chama "Xeración do 36", integrable na etiqueta supraxeracional "Época Nós" proposta por Anxo Tarrío Varela.

Na terceira parte, "O estado da cuestión nos estudios foleanos", faise un percorrido pola literatura crítica á que Fole deu lugar, caracterizada pola falta de sistematicidade ata os anos oitenta. Eses traballos contribuíron a formar unha serie de tópicos entre os que se poden sinalar: os biográficos (dábanse como verídicos datos que eran inventados por Fole), os lingüísticos (o seu galego considerouse estrictamente dialectal, ben do Courel, do Incio ou de Quiroga, segundo a obra que se estudiase) e os temáticos (practicamente só se atendía ó humor e ó trasmundo). Requeixo entende que isto produciu unha imaxe "ruralizante" e "folclórica" da obra do lucense.

O cuarto apartado, "A narrativa galega de Ánxel Fole. Caracterización xeral", achéganos información sobre a historia das edicións dos seus libros, dando conta dos cambios sufridos tanto no plano textual (manipulacións lingüísticas) coma no paratextual (deseño de cuberta, por exemplo). Tamén nos ofrece unha orixinal tipoloxía temática da obra narrativa non publicada en libro, que se viña ignorando reiteradamente e que constitúe a cuarta parte da producción contística do autor. Dividirá, xa que logo, estes relatos en "autobiográficos", "de suceso anecdótico", "de elemento extranatural", "de aventura" e "estampas descritivas".

"Universos temáticos na tetraloxía contística de Ánxel Fole", a quinta parte, representa o núcleo de análise emprendida nesta obra. Requeixo

innova e supera os estudios pretéritos ó deixar de lado o trasmundo, que considera xa suficientemente tratado, centrándose nas outras fontes argumentais. Nota a predominancia do elemento fantástico nos primeiros libros e un maior equilibrio temático nos últimos. Tamén advirte o esquecemento do que foron obxecto as temáticas transversais, isto é, que adoitan aparecer en moitos relatos de xeito subsidiario... En canto a este último elemento, o investigador mindoniense cre ver influencias das máis variadas literaturas, como a hispánica, a anglófona, a francesa, a rusa, a galega... Isto pon en dúbida outro dos lugares comúns da crítica foleana: a inspiración "netamente popular" como única fonte dos seus libros.

En conclusión, o estudio de Armando Requeixo Cuba é interesante e orixinal por distintas razóns: a exhaustividade con que estudia toda a vida, obra e bibliografía do autor lugués; a ruptura coas imaxes tópicas e tradicionais sobre Fole; o estudio de novas temáticas (tanto principais como secundarias) e a proposta para a súa clasificación; e, sobre todo, na nosa opinión, por ser un primeiro achegamento á obra narrativa non incluída nos seus volumes contísticos, campo ata-o de agora virxe. É, en definitiva, un estudio rigoroso que vai profundando na obra foleana dunha maneira gradual e sistemática, polo que non dubidamos que recibirá a acollida merecida.

MOISÉS BARREIRO COMEDEIRO
IOLANDA OGANDO GONZÁLEZ

Ensaio. Un novo espacio para a comunicación teatral na vella Gallaecia

Acaba de ver a luz esta primavera o número 1 de *Ensaio*, subtitulada "Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal", dirixida por Manuel F. Vieites e editada por José Martíns. O Consello de redacción está integrado por Carlos L. Bernárdez, Xosé Francisco da Lama, María Xosé Mariño, Jorge Castro Guedes, Jorge Campos, Júlio Cardoso, João de Melo Alvim e Rui Madeira e está editada baixo a responsabilidade do Instituto Galego de Estudios e Investigacións Teatrais e mais o Teatro do Noroeste/Centro Dramático de Viana.

O primeiro que chama a atención desta publicación é a pluralidade (profesional, ideolóxica, teórica, etc.) dos membros do Consello editorial, entre os que están representantes das universidades de Santiago, A Coruña, Boloña, Autónoma de Lisboa, Minho e Trás-os-Montes, doutras institucións académicas portuguesas (a Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo, a Academia Contemporánea do Espectáculo e o Instituto Politécnico de Viana do Castelo) e de publicacións teatrais e xerais

(*Cadernos de Teatro, Revista Galega de Teatro* e *Revista Teatro do Noroeste*), así como do *Jornal de Notícias*.

A revista pretende ser unha canle de comunicación entre o acontecer dramático nos dous lados da raia pero partindo dunha visión realista que lle fai ter como obxectivo inicial a procura dun coñecemento mutuo que ata agora é practicamente nulo, o intercambio de experiencias e a elaboración de proxectos conxuntos que xa tiveron os seus primeiros reflexos coa posta en escena de *Terra de Lobos* (Teatro do Noroeste —Viana— e Teatro de Ningures) e a celebración do Teatragal 96 (que xa ten uns temas fixados para os próximos catro anos).

O groso da publicación está integrado polos textos das comunicacións e debates que tiveron lugar na celebración do Teatragal 96 (Cangas, do 6 ó 8 de setembro, Viana, do 12 ó 14 de outubro). Nestes encontros entre as xentes do teatro das dúas bandas do Miño (actores, directores, críticos, responsables de institucións...) falouse de temas tan importantes como a información e a crítica teatral, a creación dramática, a producción e a distribución, as institucións e o teatro, a formación teatral, o binomio teatro-sociedade, ou o futuro da relación entre Galicia e Portugal. Entre os relatores estiveron: Damián Villalaín, Carlos Porto, Fernando Midoes, Antón Lamapereira, Jorge Campos, João de Melo Alvim, Euloxio R. Ruibal, António Torrado, Cándido Pazó, Jaime Salazar Sampaio, Roberto Vidal Bolaño, Eduardo Alonso, Jorge Castro Guedes, Xosé Manuel Pazos, José Martíns, Manuel F. Vieites, Manuel Guede, Xulio Lago, Anxeles Cuña Bóveda, Júlio Cardoso ou Gustavo Pernas.

A continuación, *Ensaio* ofrécenos a edición dun texto emblemático para o teatro galego e portugués: o *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño*, a cargo de Ramón Mariño Paz, precedido dun artigo a modo de introducción de Dolores Vilavedra ("*O Entremés famoso*... ¿Elo ou illó?").

Tras dunha sección dedicada a recensións de publicacións, a revista finaliza cunha sorte de guía de teatro de Galicia e do norte de Portugal na que se nos dá unha información sobre festivais, mostras, grupos e espectáculos.

Como valoración global da publicación cómpre dicir que gabamos a vocación aberta e integradora de *Ensaio* e consideramos moi importante o esforzo pola difusión, e polo tanto ampliación no número de receptores, do Teatragal. Ademais de para os lectores actuais, todas estas reflexións e debates serán de grande interese e utilidade para os que se queiran achegar ó desenvolvemento teatral daquela (esta) época.

Animamos, pois, desde estas poucas páxinas a todos aqueles relacionados co mundo do teatro, pero sobre todo ós espectadores a que apoien este novo foro de debate e información Galicia-Norte de Portugal, que, sen dúbida, irá medrando número a número.

NOEMÍ PAZÓ

Memorias dun comunista cabal

● SANTIAGO ÁLVAREZ. *Memorias*. 5 Volumes, Edicións do Castro, Sada, A Coruña, 1985-1994.

> Nacín o once de febreiro de 1913, nunha familia campesiña da Galicia interior, provincia de Ourense.
>
> [...] A xente traballaba no campo longas xornadas. Durante o bo tempo —desde abril ata finais de outubro— traballábase desde o mencer ata que saían as estrelas. En xeral, non se pasaba do "comido por servido", como se adoitaba dicir. Non había máis que iso que se chama en Economía Política "acumulación simple", e non sempre.

Santiago Álvarez foi un importante dirixente de esquerdas que tivo unha relevante proxección pública na historia do movemento obreiro organizado, tanto en Galicia como no conxunto do Estado Español, ó longo do século actual. Como recoñecemento ó seu labor, unha exposición celebrada recentemente no Palacio de Fonseca de Santiago de Compostela, serviu para divulgar a súa actuación política de conxunto. Por outra banda, a editorial Edicións do Castro veu publicando as súas memorias en varios volumes.

Ambos acontecementos corren o risco de ver circunscrita a súa repercusión soamente ó ámbito local, ó *peuple de gauche*, ou a determinados círculos especializados, polo que me parece oportuno chamar a atención sobre o interese que revisten moitos dos feitos vividos e relatados por Santiago Álvarez xa que probablemente resultarán proveitosos para os lectores interesados na historia política do noso tempo.

Referireime en primeiro lugar ó campo da historia que veu desenvolvendo a editorial que promove as memorias de Santiago Álvarez.

Coa aparición, no ano 1963, dun cartafol de gravados do artista galego Luís Seoane, unha nova editorial iniciaba a súa andaina: Edicións do Castro, promovida por un home particularmente activo e polifacético: o intelectual e empresario Isaac Díaz Pardo, reputado promotor da última etapa da cerámica de Sargadelos e coñecido tamén pola súa condición de artista e home moi versado en temas de cultura. Por fortuna para os historiadores, Díaz Pardo tivo sempre un especial interese pola historia contemporánea e en particular pola que a el lle tocou vivir. Froito desta devoción foi a sucesiva creación na antedita editorial de senllas coleccións orientadas cara á historia. Unha delas, a serie denominada "Historia", deu a coñecer un relevante conxunto de teses doutorais, centradas en especial na época da Ilustración e nos séculos XIX e XX, ben sexa obras de erudición, como as realizadas por Antonio Meijide Pardo, ou ben encamiñadas cara á divulgación, como as debidas á autoría de Emilio González López e Carlos Sixirei, entre outros. Paralelamente, desde 1981, iniciouse a xa voluminosa serie: "Documentos para a Historia Contemporánea de Galicia", que conta con máis de cen títulos, orientada a dar a coñecer testemuñas sobre a historia recente de Galicia, en especial dos anos situados en torno á Guerra

Civil, que contribuíu a enriquecer notablemente a publicística de documentación histórica: crónicas, memorias, edicións facsimilares de libros e revistas (como *Galicia Nova*). Nesta mesma colección viron a luz tamén estudios históricos rigorosos sobre diversos aspectos da Historia de Galicia nas últimas décadas. Moitas destas obras son moi extensas e non especialmente interesantes para o público lector en xeral, polo que sería bastante improbable que outras editoriais comerciais acollesen a edición das mesmas, nin sequera contando coas subvencións que ten previstas para estes casos a Consellería de Cultura do goberno autónomo. Edicións do Castro puido sacar do prelo estas publicacións gracias ó mecenado da empresa promotora que a sustenta, dedicando unha porcentaxe dos seus beneficios a sufragar o custo destas edicións.

Entre os anos 1985 e 1994, Santiago Álvarez foi publicando as súas memorias na serie "Documentos", empregando a tal fin cinco volumes ós que se lles podería engadir dous máis: *Castelao y nosotros los comunistas* e *Las milicias populares gallegas y Osorio Tafall. Su personalidad, su aportación a la historia*, xa que tanto polo seu estilo como polo seu carácter testemuñal pode considerarse que forman un mesmo conxunto con aquelas.

Esta voluminosa obra está redactada con austeridade e sen ningunha clase de pretensións de facer literatura, o que é moi de agradecer, pois as máis das veces tales tentativas de persoas pouco avezadas no cultivo da prosa non fan máis que engadir un factor máis de retraemento que tenta ó lector a non proseguir o seu avance na lectura. Existe neste caso unha correlación entre a maneira sobria de vivir unha vida e a adusta forma de contala.

O corpus da narración autobiográfica aparece mesturado de toda clase de documentos. En primeiro lugar, testemuños —de notable extensión algúns— tales como cartas, relatos de sucesos, informes, realizados por persoas que tiveron relación con el, por medio dos cales, nalgunhas ocasións, se examina un mesmo feito desde diferentes perspectivas (como sucede por exemplo en relación coa morte do dirixente Benigno Álvarez) o que presenta un evidente interese para o historiador, aínda que para a paciencia, habitualmente non excesiva, do lector corrente poida representar unha ardua proba. En segundo lugar, Santiago Álvarez reproduce numerosos recortes de prensa, que chegan a constituír un auténtico informe cando se trata dunha cuestión absolutamente vital para el, como foi, por exemplo, a campaña que tivo lugar con motivo do seu procesamento a raíz da súa detención, en unión do tamén dirixente comunista Sebastián Zapiraín, no ano 1945. Ofrece ademais unha importante colección de fotografías e documentos diversos cun propósito certamente exhaustivo, que o leva a publicar mesmo a factura dun determinado servicio médico.

O autor optou por prescindir dun criterio de selección, como podía ser o moi elemental de remitirse ós sucesos primordiais da súa traxectoria vital. En lugar disto, conta practicamente calquera cousa, as máis das veces de xeito moi prolixo. Ofrécenos, así, unha autobiografía cargada de detalles, na que renuncia a calquera propósito de síntese, vertebrada por unha liña

cronolóxica mantida con bastante disciplina e entrecortada pola documentación que prefire interpolar nos distintos capítulos en lugar de remitila ó apéndice final.

Polo demais, tamén contribúen a incrementar o volume destas memorias as numerosas páxinas consagradas a nos ofrecer un amplo marco do contexto político no que se desenvolveu a súa dilatada actividade, sen renunciar tampouco a expoñer as súas análises e reflexións sobre as diferentes conxunturas, coa declarada pretensión didáctica de "tirar ensinanzas", como non podía ser doutro xeito coñecendo a paixón que pola historia (materialista) adoitan ter os comunistas da vella escola. Tales consideracións se cadra revisten certo interese para o lector curioso que se achegue a esta obra pero desde logo téñeno sensiblemente menor para o historiador que as pode atopar repetidas noutras moitas fontes, en especial na prensa e na documentación oficial do Partido Comunista de España.

A obra é desigual. Ás veces resulta un tanto tediosa por relatar sucesos sobradamente coñecidos, pero de cando en vez se anima, destilando certa vitalidade, como cando fai lembranza de determinados feitos ou fala de persoas das que garda un recordo entrañable, ou mesmo cando se adentra no xénero de aventuras e intriga, como así o fai ó relatar a "heroica" fuxida dalgún camarada (a de Eladio Rodríguez, por exemplo). Pero desde logo reviste un importante interese como documento histórico e non só porque permite coñecer mellor a traxectoria dun determinado partido político. A súa lectura resulta tamén moi proveitosa pola valiosa información que contén sobre a realidade social da Galicia dos anos vinte, na que transcorreu a súa infancia e adolescencia no seo dunha familia de modestos campesiños residentes nunha vila da provincia de Ourense, á que dedica unhas cantas páxinas de grande interese. E, por suposto, tamén para o mellor coñecemento da sociedade española, sobre a que ofrece algúns apuntes suxerentes, en especial sobre a vida nos seus cárceres. Aporta, en fin, moitos datos e enfoques que se engaden ó nobelo de testemuñas doutros moitos exiliados —que por algo son, despois de todo, "xente de pluma"— sobre o conglomerado da Fronte Popular, o comportamento dos diferentes dirixentes e forzas políticas nas distintas fases da Guerra Civil e no exilio, etc. Pero aínda posúe a obra outro aliciente: a serie de anécdotas que refire sobre importantes figuras do mundo intelectual, artístico e da política, pertencentes case todas elas á esquerda, coas que tivo relación: Diego Rivera, Pau Casals, Pablo Neruda, entre outras moitas.

Para coñecer o espírito que anima a autobiografía de Santiago Álvarez cómpre termos en conta o contexto no que se realizou. A obra comezouse a redactar no ano 1976, estando o autor na prisión de Carabanchel. Os tres volume seguintes foron escritos entre os anos 1986 e 1989. O quinto finalizouno en 1993. A súa publicación foise producindo pouco tempo despois da súa finalización: a aparición do primeiro deles produciuse en 1985, a do segundo en 1986, o terceiro viu a luz en 1988, o cuarto en 1990 e o quinto publicouse en 1994. É dicir, a maior parte desta obra foi redactada nun momento histórico crucial en que tanto os réximes comunistas como os par-

tidos de igual signo, dentro e fóra da Europa do Leste, estaban en plena decadencia, entre o ano 1985, por poñer unha data, en que Mikhail Gorvachev foi elixido Secretario Xeral do PCUS e o 1991 en que cesa como líder e se prepara a autodisolución do partido tras setenta anos de supremacía. ¿Afectou todo isto ás convicciónS políticas do veterano dirixente comunista que suscribe estas memorias? Francamente non. A confianza na súa opción comunista de toda a vida permanece inalterable e escribe coa fe dun carboeiro. Amosa nisto gran candidez e aínda que non é en xeral ruín nas súas valoracións das persoas que coñeceu, as súas sólidas convicciónS permítenlle en ocasións menosprezar con certo aire dogmático e sectario os membros doutras ideoloxías e forzas políticas.

Realmente a peripecia existencial do veterano dirixente comunista atópase tan fundida coa historia do PCE que non pode evitar facer ambas as dúas biografías asemade. A obra constitúe en certo sentido un retrato de familia que, como o ofrecido recentemente polo seu camarada Santiago Carrillo, segue escrupulosamente a máxima de que a roupa sucia é preferible lavala na casa. Ofrécesenos, daquela, unha imaxe idealizada do Partido Comunista, do que lle preocupa en gran maneira o seu "honor", e tribútaselle un panexírico de loas a todos os membros destacados, ou que simplemente tiveron algún contacto co autor. Moi poucos merecen algún reproche (a Carrilo menciónao, por certo, con bastante frialdade). O heroísmo, a entrega e a coraxe son, así, cualidades que con moita frecuencia confesa dos seus compañeiros de partido, en especial nas épocas difíciles, que o foron case todas.

Polo que á súa propia biografía se refire, as súas memorias dannos conta da peripecia detallada da súa experiencia política como dirixente comunista que militou moitos anos no seu Comité Central. Comeza o seu relato coas primeiras loitas na súa comarca natal da provincia de Ourense durante os anos da dictadura primorriveirista e da Segunda República. Prosegue como Comisario Político en diversas unidades durante a etapa da Guerra Civil, sendo o organizador das Milicias Galegas. Logo trasládase a París, onde colabora activamente na organización da axuda dos refuxiados, e a Cuba máis tarde, sen deixar nunca a súa actividade política revolucionaria en consonancia coa súa concepción do internacionalismo proletario. En 1944 regresa novamente a España, onde é detido e vese así obrigado a pasar dez penosos anos en distintos cárceres. Logo dunha viaxe por distintos países de América e unha visita á URSS, á que critica con moita ponderación, volve novamente á súa patria en 1976.

Como é habitual no xénero das autobiografías, a obra posúe un certo aire haxiográfico, coidando o autor de ofrecer a mellor imaxe posible de si mesmo e isto practicamente sen concesións: amósasenos primeiro como un estudiante aplicado e un fillo xuizoso e responsable; logo, como un dirixente monoliticamente firme nas súas convicciónS, moi activo e eficiente na propagación dos seus ideais, organizador capaz e entregado, valeroso no enfrontamento coa reacción, pero tan sensato e prudente á hora de levar á práctica a política "xusta" do PCE, como contundente cando se trata

de desenmascarar ante as masas as provocacións ultraesquerdistas. Aparece como moi preocupado pola súa formación, que foi adquirindo como autodidacta, e como orador eficaz, con certa complicidade co pobo por mor da súa procedencia campesiña, que lle permite conectar coas masas, logrando así prevalecer sobre oradores de prestixio carismático, como o nacionalista Alexandre Bóveda ("o seu ton xeralmente elevado", non sempre era captado) ou Basilio Álvarez, a quen critica o seu ton grandilocuente e a súa suposta conexión co caciquismo. Nisto Santiago Álvarez peca de certa inxenuidade, pero a súa vaidade non chega a ser tan excesiva que resulte cargante. E resulta ademais contrarrestada por un ton humano, de bo campesiño xeneroso, que confesa ademais os seus sentimentos de pesar, en relación non só con sucesos de índole política e que ofrece detalles absolutamente entrañables que axudan a volcar o noso ánimo no seu favor.

Hai que precisar que o que nos conta é a súa vida pública, posto que sobre a súa existencia privada a penas esboza unhas lixeiras pinceladas superficiais, relativas sobre todo ás súas relacións con xentes, en consonancia coa tradición memorialista hispánica que contrasta tan flagrantemente nisto coa francesa ou, sobre todo, coa anglosaxona. Este pudor tan español á hora de se referir á vida persoal e familiar afectou tamén a todos aqueles que posúen unha ideoloxía comunista. Deste xeito, pasa moi superficialmente sobre feitos tan determinantes na vida de calquera persoa, como pode ser o feito de que o seu pai non estivese co resto da familia (¿abandono?), cousa que dá a entender moi de pasada e nin sequera o fai de maneira explícita. Claro que ó final, logo de ter lido tantos feitos sobre o seu partido, que constitúe tamén unha interrelación de vidas e de vínculos moi sólidos de camaradería, amizade e afecto, caemos na conta de que en realidade non deixou de nos falar nin un só instante. Probablemente, ese pai co que se atopa en unión hipostática, non é outro que o seu partido.

XAVIER CASTRO

Territorio e democracia

● ÁLVARO X. LÓPEZ MIRA. *Territorio e democracia*. Edicións do Castro, Sada, A Coruña, 1996.

A reducción do territorio a extensión medible en votos é unha condición da democracia, tanto da directa como da representativa. En boa democracia (e isto sabémolo desde Solón, isto é, desde o nacemento da democracia como sistema político) un voto debe valer o mesmo para todos, con total independencia da orixe xeográfica do votante que o emite. De aí o carácter funcional e convencional (que non neutral) da circuns-

crición electoral: divídese por razóns políticas ou administrativas, aínda que a enxeñería electoral deseñe distritos que favorecen a determinadas opcións electorais e non a outras.

A descualificación do territorio funciona tanto mellor, é tanto máis operativa e garante unha maior representatividade, canto máis societario e deslocalizado sexa o corpo electoral. A *sociedade*, se seguimos a Tönnies (grupo humano unido pola vontade e polo pacto), implica a disolución dos vínculos comunitarios, normalmente unidos a un determinado territorio no sentido de lugar e non de *pura* extensión. Correspondentemente, e dado que a comunidade tende, por definición, a confundir o mundo cos propios límites, canto máis comunitario (premoderno, se se quere) sexa un grupo humano, máis particular, concreta e interesada será a súa tendencia de voto, o que equivale a dicir: menos ideolóxico será o que o mova a votar. Tal é o caso da Galicia rural e rururbana, sociedade con forte presencia de estructuras (aldea, parroquia, barrio) que Tönnies chamaría comunitarias de segundo grao. A pervivencia desas identidades socioterritorais conforma unha dobre dificultade: por unha banda o seu particularismo e, consecuentemente, o seu difícil encaixe en sistemas de participación política deseñados para sociedades de grande escala.

Pero nin todo particularismo é intrinsecamente malo (non hai acción sen interese) nin a sociedade (no sentido de Tönnies) se porta sempre de acordo co seu concepto (co concepto de Tönnies) buscando abstractamente o universal. Aínda que a ideoloxía é un fenómeno moderno, nacido da deslocalización e o desarraigo, resulta difícil manter que exista un voto puramente ideolóxico, sen pegada algunha de interese. O sindicalista vota ó seu sindicato por ideoloxía, mais tamén buscando a conversación do seu poder adquisitivo, ou para evitar unha reconversión industrial que poña en perigo o seu posto de traballo. É posible que un empresario vote á dereita por simpatía ideolóxica cunha chamada "internacional popular" (ou algo así), pero case seguro que tamén o fai para que lle baixen os impostos ou buscando unha reforma laboral que lle conveña.

Se o interese (individual, sectorial, pero particular, claro) latexa no voto máis ideolóxico, quizais por detrás de toda sociedade bula unha certa nostalxia de pequena escala; quizais toda sociedade, por moi abstracta, anómica e impersoal que sexa, ten tendencia a restaurar unidades de vida comunitarias ou, cando menos, sente nostalxia da pequena escala social e territorial que os procesos cegos de modernización deixaron atrás. A proliferación de asociacións de veciños, festas de barrio e parroquiais, centros culturais (galego, ourensán, español, irlandés) fala a prol da necesidade de identificarse cun territorio concreto, alén a abstracción desubicada da sociedade, concepto ideal-típico que en Galicia aparece empiricamente como dualidade de polos (rural-urbano) mutuamente influídos e contaminados.

O discurso dos partidos políticos maioritarios é, ó respecto, sospeitosamente unánime e pódese resumir nunha frase-eslogan: *a Galicia das cidades*. Dado que a dispersión xeográfica favorece o voto á dereita (tópico que se acepta sen discusión) concentrémolo primando as cidades

(postura do PSOE) ou, máis aínda, fagamos de Galicia enteira unha única cidade (postura da antiga CG). Así xurdirá unha conciencia verdadeiramente cidadá que se enfronte ó clientelismo da dereita e constrúa un poderoso núcleo reivindicativo fronte ó goberno central.

A análise do partido gobernante é a mesma, pero as súas conclusións son distintas. Dado que controlamos os mecanismos de mediación que nos proporcionan votos e influencia social (cacicato, neocacicato, deputacións), melloremos Galicia (é de supoñer que pensa a dereita), mais deixándoa como está, bloqueada no desequilibrio e na dualidade. Deixar Galicia como está pasa por non modificar a lei electoral no sentido dunha meirande proporcionalidade e por non recoñecer xuridicamente a parroquia, pois facelo sería tirar pedras contra o propio tellado. O primeiro por favorecer a partidos de menor implatación xeográfica; o segundo por conceder á parroquia unha capacidade de autodeterminación que faría innecesario o reparto clientelista de prebendas.

A reflexión que nos ofrece Álvaro López Mira no seu *Territorio e democracia*, inscríbese na mellor das tradicións galeguistas sobre o tema, aínda que cunha importante novidade que a fai distinta a case todo o ata agora publicado en Galicia: o punto de vista adoitado non é nin de etnógrafo (Risco), nin de xeógrafo-historiador (Otero) nin de economista (Beiras), senón de xurista coñecedor dos recunchos xurídicos máis inaccesibles para o non especialista, circunstancia que en si mesma fai do libro lectura recomendable para todo aquel cidadán que queira orientarse no tema. Pero se a perspectiva é inusual, tamén o é o obxectivo: explorar temática e sistematicamente as posibilidades de elaborar un modelo lexislativo electoral galego, na súa dobre vertente parlamentaria e de réxime electoral local. O obxectivo queda dabondo conseguido neste interesante libro escrito desde unha perspectiva moderada e de rexeneración democrática: lei electoral proporcional distinta da lei de Hont, listas abertas, reforzamento xurídico da lei que regula a iniciativa lexislativa popular, distrito único/circunscricións electorais coincidentes coas comarcas, aumento da cifra dos deputados vía Lei electoral, referendo lexislativo, voto aberto, pleno recoñecemento xurídico e político da parroquia, son algunhas das cuestións que, con dominio do tema, posibilismo, rigor, e un estilo un chisco farragoso, formula López Mira. (Aviso ó lector: bótase de menos un tratamento teórico dos termos "rural" e "urbano", profusamente utilizados ó longo do libro. Explícanse nunha primeira parte, á que o autor fai continuas referencias, que aínda espera publicación. Esperamos que sexa pronto).

CARLOS X. FERNÁNDEZ

Libros de periodistas fronte a libros de xornalismo

Cada vez son máis. Abundan nas librerías e quioscos coma se de cogomelos no outono se tratara. Percorreron distintos escenarios profesionais ata que acadaron a fama. Hoxe, amais de bos profesionais, brillan como estrelas mediáticas. Escriben libros, as máis das veces sobre o que fan, sobre os temas que seguen ou, en contadas ocacións, sobre cuestións de actualidade no mundo xornalístico. Están de moda como xornalistas-escritores/escritores-xornalistas da fin do milenio. Triunfan con productos que pouco teñen que ver cos traballos de investigación xornalística, cos manuais ou cos ensaios arredor da profesión á que pertencen.

Non podía ser doutro xeito. Hai que aproveitar o éxito na televisión para escribir un libro. Iso din e fan a maioría dos "periodistas de moda" no Estado. Un dos últimos foi o xornalista Paco Lobatón, coñecido sobre todo polo seu programa *Quién sabe donde*. Publicou un sinxelo traballo no que analiza o periodista diante do personaxe. Colleu forma nun texto de traxectoria biográfica, das súas anécdotas en cen situacións distintas, co título de *A corazón abierto*, de edicións Temas de Hoy.

No volume que saíu en maio hai algo máis, porque o autor tamén recolleu reflexións arredor da ética periodística fronte á dolor ou á solidariedade. Relatou Lobatón historias da "tele", historias da vida, que arroupa con apuntes relacionados co seu traballo profesional nos últimos tempos. Sen dúbida, porque así reforza a súa mensaxe, que resulta moi similar á de ducias de periodistas que, en distintas editoriais, optan por solucións moi parecidas.

Fronte a estes libros de coñecidos periodistas, destinados ó gran público, atopamos outra liña de publicacións en auxe: a dos libros resultado de investigacións científicas, manuais de autores ou traballos de reflexión mediática, ben escritos, en linguaxe sinxela e sen abandonar o rigor. Destes traballos citaremos, entre outros, o de Ana Azurmendi, *Derecho a la información*, en Eunsa, e o de Teodoro León Gross, *El artículo de opinión*, publicado en Ariel, que analiza este xénero periodístico que conta en España con gran tradición e recoñecidos autores.

Pero non só no periodismo español. Tamén no galego, onde á longa lista de libros sobre o xornalista e escritor Ánxel Fole se sumou a de interesantes traballos sobre Víctor Casas, da man de *A Nosa Terra*, ou a novela-reportaxe de Carlos G. Reigosa, *A guerra do tabaco*, en Xerais. Non menos interese atopamos no libro *Comunicación na periferia atlántica*, da Universidade de Santiago, con edición de Margarita Ledo, que recolle os relatorios presentados no certame celebrado na capital galega co mesmo nome.

Do mesmo xeito, do mercado galego tamén cómpre mención, cando menos, ó traballo sobre *A prensa de mulleres en Galicia 1841-1994*, de Xosé Vicenzo Freire Lestón, de Edições Universitárias Lusófonas.

Sen dúbida, en Galicia rexístrase unha menor oferta de libros propios de coñecidos periodistas sobre temas de actualidade —exceptuemos o de Carlos García Reigosa—, ó tempo que aumentan os libros nacidos de investigacións ou reflexións analíticas.

¿Bo síntoma? Nin bo nin malo. Só unha mostra da tendencia que rexistra un mercado de poucas estrelas mediáticas. Esas preparan libros, case sempre, da man do castelán.

XOSÉ LÓPEZ

TEATRO

Unha peregrinaxe un tanto errática

¿Que sente un dramaturgo dos que cren que "nun texto pode habita-la verdade radical, suxeridora e mesmo abisal do teatro" ante a posta en escena —afortunada contixencia— dunha obra da súa autoría? ¿Que sente cando o director comete a impudicia de presentar en público o resultado da súa lectura, cando se materializa ese esforzo comunicativo que é preciso para transformar en signos de natureza empírica aquilo que é máis intrinsecamente subxectivo e intransferible: a semántica da percepción estética? Estas e outras cuestións bulían no meu maxín na estrea de *O peregrino errante que cansou ó demo* vendo o seu autor, Xavier Lama, sentado entre o público. A miña inquedanza non era meramente retórica, senón que xurdía da percepción nidia de que Andrés Pazos, o director, abordara a posta en escena dun dos textos que máis posibles lecturas ofrecen na recente historia do teatro galego. E, asemade, de que Pazos optara por unha lectura persoal e arriscada que intentarei glosar nestas liñas.

Unha análise apresurada falaría de Brecht e de distanciamento, e non erraría. Algo diso hai, sobre todo na escolla de desenvolver o que no orixinal é unha escena, a do cego, mais dese retábulo que se vai configurando conforme se desenvolve a obra e convertela nunha estructura-marco que irá enfiando outras escenas, relativamente independentes. Tamén quere ser brechtiana a negación da identificación mimética do espectador con determinados obxectos: queixos que se converten en zapatos, árbores de quita e pon (coma certo camiño cunqueiriano...), bonecas que serven de escapularios (¿ou era ó revés?). Pero todo isto, se cadra, non pasa de ser anécdota; quizais o protagonismo do cego é só unha estratexia encamiñada a facilitar a comprensión por parte do espectador dunha historia que, na miña opinión, está o suficientemente ben construída como para que non sexa preciso facer demasiadas concesións a ese nivel, pero... Ó espectador pola épica, de acordo. Por outra banda, non hai dúbida de que deste xeito se simplifica o aparato formal dunha montaxe de seu complexa, polo elevado número de personaxes que unha compañía estable como coa que arestora conta o Centro Dramático Gaelgo non podía enfrontar sen imaxinación, esforzo e unha certa picaresca profesional. E coido que ninguén vai pór en cuestión o insostible dunha lectura de inspiración naturalista, nin sequera desviada polos carreiros dun esperpento

que ás veces parece querer asomar a orella. A posibilidade dun canto ó sobrenatural, dunha celebración das forzas telúricas e dos seus poderes curativos, pola vía do ecolóxico-étnico, era outra das posibilidades que o director refugou, coido que con bo criterio: o risco da sobredose espreitaba, taimado, tras un esteticismo simbólico que sen dúbida sería do agrado dun determinado público que coidaría (¡por fin!) estar a ver teatro galego "comme il faut" pero que sen dúbida sabería reseso e aferrollaría a público e obra na gaiola da univocidade semántica. Á parodia polo distanciamenteo, xa que logo. Imos rir un pouco de todo: do que somos, do que fomos e do que nos queren facer ser. Desacralicemos o Camiño... pola vía do Auto Sacramental.

Sempre son perigosos os camiños da subversión, e Pazos adentrouse neles sabendo que o erro estaba á espreita en cada recanto do camiño (se cadra, do Camiño). Mágoa que non fose máis radical: a posta en escena, que pretende ser fiel á riqueza da obra de Lama, é á fin víctima desta. Hai demasiadas concesións, quérese dar gusto a moitos para convencer a moi poucos: a saída triunfal dun San Roque exercendo de mariscal de campo, a éxtase da curación do prior, ou a escena da conversa no cemiterio entre río e sobriño reencontrados, distorsionan a unidade do conxunto, dislocan a coherencia semántica da proposta —paródica, distanciadora e distanciada— que Pazos parecía querer ofrecernos e, en definitiva, afástannos do camiño principal polas corredoiras do doado. ¿Por que, de súpeto, tamén Pazos semella un converso? ¿Foi el unha nova víctima dos poderes salvíficos do peregrino? Cónstame que non, cónstame que pretendeu fuxir dos camiños rozados: a farsa, a celebración colectiva do milagre, o realismo pseudo-costumista... Todo iso era ben dado de amañar, o texto de Lama dá para iso e moito máis. Pecou o director de ambicioso, e no pecado levou a penitencia. Pois, á derradeira, impúxose o que eu coido coherencia implícita co actual proxecto artístico do CDG: seducir os espectadores, gañalos para a causa do teatro, achaiándolles os camiños que afastan o patio de butacas da escena. Se cadra, Pazos receou de que fosen poucos os chamados a entender e compartir a súa proposta, e quixo repartir xogo para todos: que ninguén ficase á marxe da gran festa do teatro. E por ese carreiro, fanou un proxecto persoal e arriscado, que peca de pouco radical.

Por suposto, na escolla de Pazos ficaban atrás moitos elementos: o protagonismo que lle concede ó peregrino (malia a anonimia que parece querer lograr co feito de que non se lle vexa a cara e que, se cadra, non fai máis que subliñar a aureola que o rodea) vai en detrimento, por exemplo, dun certo carácter coral que o tratamento dos personaxes parece suxerir, e quizais o que de anecdótico-milagreiro ten réstalle valor simbólico, impídelle funcionar como emblema dun camiño que simboliza sen máis o común existir, a eterna condena que padece todo ser humano. Mais isto non son pexas, senón opcións inevitables: é tal a fartura da peza que necesariamente hai que escoller o menú que se vai ofrecer, se director e espectadores non queren sucumbir ó empacho.

Polo demais, semella que o equipo actoral non entendeu por un igual os obxectivos do director, e os contrastes son rechamantes: salienta o nivel

medio das interpretacións femininas, eficazmente versátiles (o grao de transformismo de Laura Ponte é exemplar) e nas que actrices como María Barcala pulsan cordas insólitas nelas, sorprendendo agradablemente ó espectador. Pola contra, non está conseguido o personaxe do demo, que na escena dos pecados capitais semella un domador de feras... devorado polas súas propias alimarias.

En todo caso, coido que a montaxe de *O peregrino errante que cansou ó demo* dá boa proba da utilidade das montaxes de textos de autores contemporáneos como dinamizadores do panorama cultural e como mecanismos estimuladores da reflexión e o debate artísticos, o cal non é un mérito desprezable, afeitos como estabamos ás estreas de rutina, que se esgotaban no seu propio cerimonial. O camiño polo que o CDG parece querer adentrarse está aberto, só nos queda percorrelo.

DOLORES VILAVEDRA

Título: *O peregrino errante que cansou o demo*
Autor: *Xavier Lama*
Dirección: *Andrés Pazos*
Dramaturxia: *Andrés Pazos*
Estudio crítico: *Manuel S. Quintáns*
Escenografía e vestiario: *Carlos Alonso*
Colaborador de escenografía e vestiario: *Santos Carrera*
Perrucas dos Frades: *Marta Ottón*
Deseño de iluminación: *Juan Carlos Moretti*
Composición e dirección musical: *Paco M. Barreiro*
Auxiliar de dirección: *Belén Arnejo*
Asistencia de dirección: *Juan Carlos Moretti*
Xefe de producción: *Frascisco Oti Río*

ACTORES

Xosé Manuel Oliveira "Pico"	O afiador, O gaitas, O abade, O tratante, Esquelete do petrucio.
Xan Casas	O home dos santos, Don Trinitario, O penitencias, Fr. Papuzo, O Congrade maior.
Luísa Martínez	A rosquilleira, Sra. Miñocas, A avaricia.
María Barcala	A dos lacóns, A Chafarisa, A ira, Muller 2.
Laura Ponte	A queixeira, Isolina da Mourenza, A envexa.
Rebeca Montero	A dos ovos, A Sandiosa, A meiguiña, A luxuria.
Salvador del Río	Frei Luminoso, O Tolleito Parlamal, O Vaiacondeus.

Xavier Estévez	Frei Morcego, O xenro da Marica, O Cumpridiño.
Patricia Vázquez	Marica Papomanteiga, A soberbia.
Xosefa Barreiro	Filla da Marica, A gula Esquelete da monxa.
Lino Braxe	O bébedo, A figura do San Roque, Frei Bieito, Dr. Ulises Chepadura, Esquelete do cura.
Marcos Viéitez	O Cego Leboreiro, O Virochas, O Tizón, O Demo, Esquelete do soldado.
Susana Dans	Unha da feira, Sra. Natalia, A Saborosa, A Preguiza, Muller 1.
Andrés Pazos	O Cego, O Peregrino.
Rosa Álvarez	A Dezlumes, Fr. Elías "O visionario", Esquelete anónimo.

ÍNDICE DE COLABORADORES

DANIEL BLANCH. Doutor en Ciencia Política pola Universidade de Denver, Colorado (EE UU), cunha tese sobre nacionalismo basco e galego en comparanza tipolóxica. Actualmente reside en Santiago de Compostela, colabora en actividades docentes e cursos de doutoramento do Departamento de Ciencia Política da Universidade de Santiago e prepara varios artigos, amais de desenvolver un activo labor como traductor científico.

EMILIO GRANDÍO SEOANE. Doutor en Historia Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela (1995). As súas investigacións abordan o estudio da estructura política galega durante a II República e o primeiro franquismo, centrándose nos aspectos electorais e organizativos dos partidos conservadores. Ten publicados varios libros sobre a historia da cidade da Coruña na época contemporánea, e proximamente publicará dous estudios sobre a CEDA galega e a pervivencia do aparato caciquil nas eleccións da II República.

THOMAS S. HARRINGTON. Doutor en Estudios Hispánicos da Universidade de Brown (EE UU). Foi lector de inglés na Universidade de Santiago de Compostela de 1992 a 1994. Desde entón dedicouse á ensinanza da cultura e da literatura peninsular contemporánea no Lafayette College en Pensilvania e, posteriormente no Trinity College no estado de Connecticut. Ademais dos seus traballos sobre a construcción dos discursos de identidade nas nacións ibéricas no primeiro cuarto deste século, publicou estudios sobre as interrelaccións entre os sistemas culturais de Cataluña, Galicia e Portugal, a Xeración do 98 nun contexto ibérico, a aplicación dun modelo de estudios culturais ó hispanismo, o cine catalán e as revistas culturais de Ortega.

XAVIER R. MADRIÑÁN. Catedrático de Xeografía e Historia no Instituto de Bacharelato Rosalía de Castro de Santiago de Compostela. Redactor-xefe da revista *Encrucillada*, colabora en *O Correo Galego* con artigos de análise da actualidade internacional.

CAMILO NOGUEIRA. Enxeñeiro industrial e economista. Especialista en problemas de desenvolvemento industrial e dirixente do nacionalismo político, no que tivo un sobranceiro papel ó longo de máis de vinte anos. É autor de numerosos traballos, entre eles, *Población y desarrollo económico en Galicia* e "Evolución histórica e estructura sectorial da economía industrial", este último publicado no volume colectivo *O poder industrial en Galicia.*

XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS. Doutor en Historia Contemporánea polo Instituto Universitario Europeo de Florencia (1992), cunha tese sobre o Congreso de Nacionalidades Europeas (1925-1938), e na actualidade profesor titular de Historia Contemporánea na Universidade de Santiago de Compostela. Amais de numerosos artigos, é autor dos libros *O galeguismo en América, 1870-1936* (1992); *Historiographical Approaches to Nationalism in Spain* (1993); [con J. G. Beramendi] *O nacionalismo galego* (1995); así como coeditor do volume colectivo *Nationalism in Europe. Past and Present* (2 vols., 1994). Ten no prelo os libros *Emigrantes, caciques e indianos* e *Entre Ginebra y Berlín. La cuestión de las minorías nacionales y la política internacional en Europa, 1914-1939.*

ARMANDO REQUEIXO. Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa. Crítico e investigador literario, colabora habitualmente como articulista en diferentes xornais e revistas do país. Responsable de diversas edicións de autores galegos, publicou recentemente *Ánxel Fole. Aproximación temática á súa obra narrativa en galego* (1996) e, en colaboración con Luís Alonso Girgado, *Ánxel Fole e Á lus do candil* (1997).

DANIEL SOUTULLO. Licenciado en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Profesor de Bioloxía e Xeoloxía no Instituto de Ensinanza Secundaria e Profesional do Grove. Colaborador, con artigos de divulgación sobre as implicacións sociais da Bioloxía, de *A Nosa Terra* e *Página Abierta.* Publicou os libros *La explosión demográfica mundial, De Darwin ao ADN* e *La Eugenesia. Desde Galton a hoy.* Actualmente prepara a edición do libro *Os xenes e o futuro humano.*

A cultura pasa por aquí

A&V
Abaco
Academia
ADE-Teatro
Afers Internacionals
Africa América Latina
Ajoblanco
Album
Alfoz
Anthropos
Archipiélago
Arquitectura Viva
L'Avenç
La Balsa de la Medusa
Bitzoc
La Caña
CD Compact
El Ciervo
Cinevídeo 20
Claridad
Claves de Razón Práctica
CLIJ
Creación
El Croquis
Cuadernos de Jazz
Cuadernos del Lazarillo
Debats
Delibros
Dirigido
Documentos A
Ecología Política
ER
El Europeo
Fotovídeo
Gaia
GRIAL
Guadalimar
El Guía
Historia y Fuente Oral
Hora de Poesía
Insula
Jakin
Lápiz
Leer
Letra Internacional
Leviatán
Lletra de Canvi
Ni hablar
Nuestra Bandera
Nueva Revista
La Página
El Paseante
Por la Danza
Primer Acto
Quaderns d'Arquitectura
Quimera
Raíces
Reseña
Revista de Occidente
RevistAtlántica
Scherzo
Síntesis
Sistema
Suplementos Anthropos
Temas para el Debate
A Trabe de Ouro
Turia
El Urogallo
El Viejo Topo
Viridiana
Zona Abierta

A R C E

Asociación de Revistas Culturales de España

Exposición, información, venta e suscricións:

Hortaleza, 75
28004 Madrid
Teléf.: (91) 308 60 66
Fax: (91) 319 92 67

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cursos de Verán 97

Campus de Compostela

SAÚDE PÚBLICA E AVELLENTAMENTO
do 23 de xuño ó 11 de xullo

A HISTORIA DA ALIMENTACIÓN
do 14 ó 16 de xullo

O DESENVOLVEMENTO DAS CAPACIDADES FÍSICAS NA IDADE ESCOLAR. ADESTRAMENTO A LONGO PRAZO
do 14 ó 17 de xullo

CAMBIOS DEMOGRÁFICOS E CONSECUENCIAS SOCIOECONÓMICAS
do 14 ó 17 de xullo

A COMUNICACIÓN INTERCULTURAL NA EUROPA MEDIEVAL: LINGUAS EN CONTACTO E IDENTIDADE SOCIAL
do 14 ó 17 de xullo

ACTUALIDADE EN PATOLOXÍA DE PEIXES E MOLUSCOS
do 14 ó 18 de xullo

BIOLOXÍA DOS TUMORES DO SISTEMA NERVIOSO
Marcadores tumorais de proliferación
e implantes celulares no SN
do 14 ó 18 de xullo

XÉNEROS LITERARIOS POÉTICOS GREGOS E LATINOS
do 14 ó 18 de xullo

APLICACIÓNS DA LINGÜÍSTICA
do 14 ó 18 de xullo

INTERNET: ¿QUE NOS OFRECE?
do 14 ó 18 de xullo

MÚSICA E LITURXIA NA IDADE DE OURO DAS CATEDRAIS ESPAÑOLAS
do 14 ó 20 de xullo

PERIODISMO AUDIOVISUAL NA ERA DIXITAL
do 15 ó 18 de xullo

O CAMIÑO DE SANTIAGO: O ACONTECER DA CONFRATERNIDADE E OS SEUS AVATARES TEÓRICOS E HISTÓRICOS
do 15 ó 18 de xullo

FINANCIAMENTO AUTONÓMICO
do 16 ó 18 de xullo

SIMULACIÓN NUMÉRICA NA ENXEÑERÍA CON ELEMENTOS FINITOS
do 28 ó 31 de xullo

Campus de Lugo

MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO RURAL
do 14 ó 18 de xullo

ASPECTOS ACTUAIS EN DERMATOLOXÍA VETERINARIA
do 14 ó 18 de xullo

ALIMENTACIÓN E SAÚDE: PERSPECTIVAS ACTUAIS
do 14 ó 18 de xullo

A TELEDETECCIÓN: UNHA TÉCNICA IMPRESCINDIBLE PARA ESTUDIOS AGROFORESTAIS E MEDIOAMBIENTAIS
do 21 ó 24 de xullo

GPS E SIX, TOPOGRAFÍA INTELIXENTE PARA O SÉCULO XXI
do 21 ó 24 de xullo

I N F O R M A C I Ó N

VICERRECTORADO DE EXTENSIÓN CULTURAL E SERVICIOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA
Casa da Balconada / Rúa Nova 6
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: (981) 57 25 00 extensión 11312
Fax: (981) 57 75 30

VICERRECTORADO DE COORDINACIÓN DO CAMPUS DE LUGO
Facultade de Veterinaria / Fingoi sn / 27002 LUGO
Teléfono (982) 25 23 03 extensión 22449
Fax (982) 22 37 55

Tamén podes consulta-la información completa en Internet: http://www.xestion.usc.es/webactcul/veran97.htm

CONSELLERÍA DE CULTURA E COMUNICACIÓN SOCIAL
DEPUTACIÓN DA CORUÑA
DEPUTACIÓN DE LUGO

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FUNDACIÓN CAIXAGALICIA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PUBLICACIÓNS EN GALEGO

Cultura, relixión e supersticións na Galicia Sueva. Martiño de Braga. *De correctione rusticorum. Xosé Eduardo López-Pereira*

A antiga Maestranza de Artillería. Rectorado da Universidade da Coruña. *J. R. Soraluce, J. N. Freire e G. Díaz*

O antigo Hospital de Esteiro. Campus Universitario de Ferrol. *José Ramón Soraluce Blond*

Aulas no camiño. O Camiño Francés. *José Leira López*

Información: Servicio de Publicacións. Universidade da Coruña. R/ Maestranza s/n 15001. A Coruña. Tfno. 981 167000.
(1050) E-mail: publicaciones @ ares.six.udc.es.
Internet: http://ares.six.udc.es

CURSOS DE VERÁN 1997

A TELEVISIÓN REXIONAL DA EUROPA DO SÉCULO XXI "" FOTOXORNALISMO: IMAXE E INFORMACIÓN"" ESCLEROSE MÚLTIPLE"" PROGRAMACIÓN E VALORACIÓN DE DIETAS"" A UNIÓN EUROPEA NOS ALBORES DO SÉCULO XXI"" O DIÑEIRO EFECTIVO NUNHA ECONOMÍA MODERNA"" A REFORMA DO ESTADO"" A ECONOMÍA ESPAÑOLA A EXAME"" A COMUNICACIÓN E O ESTRÉS COMO MODIFICADORES DA SAÚDE"" A GOBERNABILIDADE NUN MUNDO DE CAMBIO"" RECURSOS XEOGRÁFICOS E DESENVOLVEMENTO LOCAL"" SISTEMA INTEGRAL DE INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS EN EDIFICIOS DE VIVENDAS E APLICACIÓNS DA DOMÁTICA"" SAÚDE NATURAL"" FUNCIÓNS BÁSICAS NA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS"" APLICACIÓNS INDUSTRIAIS DO LÁSER"" IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE XESTIÓN MEDIOAMBIENTAL"" METODOLOXÍAS PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDIOS DE IMPACTO AMBIENTAL

Información: Oficina de Cursos e Congresos. Fax 981 167075

MASTERS

ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA E TRIBUTARIA"" ALTO RENDIMENTO DEPORTIVO"" CIENCIA E TECNOLOXÍA AMBIENTAL"" DEREITO DE EMPRESA""
DIRECCIÓN E ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS"" XESTIÓN SANITARIA"" MEDINA DE URXENCIAS"" MEDIOS DE COMUNICACIÓN"" RESTAURACIÓN ARQUITECTÓNICA"" TELEMÁTICA"" ENFERMERÍA COMUNITARIA"" PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Información sobre Masters e outros Cursos de Posgrao
Unidade de Estudios de Posgrao (UEP) Tfno: 981-167000 (1041) Fax 981-167011

GRIAL

BOLETÍN DE SUSCRICIÓN

Apelidos _____

Nome _____

Enderezo _____

N.I.F. _____ C.P. _____ Teléfono _____ Data _____

Sinatura

FORMA DE PAGO

A factura da suscrición emitirase a primeiros de ano polos catro números:

☐ Contrarreembolso ☐ Domiciliación bancaria

TARIFA (En pesetas)

	Suscrición (4 números)
España	4.320
Estranxeiro	5.000

00134
9 770017 418006